ANUARIO BRIGANTINO

Fundado por D. Francisco Vales Villamarín

Comité Científico
Ángel Arcay Barral (director)
Xosé M.ª Veiga Ferreira (subdirector)
Alberto López Fernández (secretario)

Martín Almagro Gorbea
Fernando Alonso Romero
Manuel Ares Faraldo
Manuel Ma de Artaza Montero
Pablo Cancelo López
Marta Colón Alonso
Concepción Delgado Corral
Alfredo Erias Martínez
M.ª Jesús Lorenzo Modia
Carmen Manso Porto
Xosé Luís Mosquera Camba
Manuel Núñez Rodríguez
James Duran/Séamas Ó Direáim
Carlos Pereira Martínez
Antonio Raúl de Toro
Daniel Lucas Teijeiro Mosquera
Xesús Torres Regueiro
José Manuel Vázquez Mosquera

Sempre no recordo (†):
José Antonio Fernández de Rota
Antonio Meijide Pardo
José Antonio Miguez Rodríguez
Xulio Cuns Lousa
José García Oro
Luis Monteagudo García
Xosé Ramón Barreiro Fernández

Colaboradores técnicos:
Yosune Duo Suárez
Martín Fernández Maceiras
Silvia Muíño Naveira
José Luis Pariente
Ermita Rodríguez Pérez

EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

2021 n.º 44

Dos traballos asinados responden os seus autores; dos demais, a dirección do ANUARIO BRIGANTINO

Data límite de admisión de orixinais:
31 de MARZO

REDACCIÓN E INTERCAMBIO

Concello de Betanzos
Arquivo e Biblioteca Municipais

Rúa Emilio Romay, 1
15300 Betanzos, A Coruña

Tlf. 981 77 36 93
anuariobrigantino@betanzos.net

O ***Anuario Brigantino*** é unha revista de investigación, editada polo Concello de Betanzos. A presentación e a aceptación de traballos implica a cesión automática de dereitos de publicación por parte do autor, tanto en formato papel como en Internet.

Está considera na categoría "C-Normal" segundo a valoración do Ministerio de Cultura e clasificada así mesmo pola UNESCO (080000, Multidisciplinares. Humanidades). Aparece tamén integrada nas seguintes bases de datos: RISO e ISOC, esta realizada polo *Centro de Información y Documentación Científica* (C.I.N.D.O.C.) do C.S.I.C; DICE (*Difusión y Calidad Editorial de las Revistas Españolas de Humanidades y Ciencias Sociales y Jurídicas*); DIALNET (*Portal de Difusión de la Producción Científica Hispana*); RILM *Abstracts of Music Literature* (*Repertoire International de Litterature Musicale*); MIAR (*Matriu d'Informació per a l'Avaluació de Revistes*); LATINDEX (*Difusión y Calidad Editorial de las Revistas Españolas de Humanidades y Ciencias Sociales y Jurídicas*); *Ulrich's Periodicals Directory;* REBIUN (*Red de Bibliotecas Universitarias Españolas*); CARHUS Plus + 2018; RESH (*Revistas Españolas de Ciencias Sociales y Humanidades*).

Cuberta:
Debuxo dun fragmento da fonte da Diana Cazadora de Betanzos deseñada por Pedro Villar.

Contracuberta:
Debuxo a partir fotografía de Ferrer "Vendedoras na rúa da Porta da Vila".

Deseño da cuberta, composición e maqueta: Yosune Duo Suárez.

Depósito legal: C-680/96
ISSN: 1130-7625
Imprime: LUGAMI





María Barral Varela
Alcaldesa do Excelentísimo Concello de Betanzos

Botando a vista atrás para repasar o que supuxo o ano 2021 na cidade de Betanzos non podo deixar de sentir certa esperanza polos pequenos avances que foron sucedendo. Malia comezar con problemas derivados aínda da crise sanitaria da COVID parece que, pouco a pouco, imos deixando atrás a epidemia que paralizou a todo o planeta no ano anterior. O poder contrarrestar á enfermidade supuxo tamén a reapertura de moitas das actividades que formaban parte da vida diaria da veciñanza. E este despegue non está ligado unicamente ao traballo institucional, onde dende o propio Concello de Betanzos puidemos organizar de novo actividades para todas as idades, dende os *Sábados miúdos* ata as *Conferencias do Anuario Brigantino* que, precisamente no ano anterior, foran interrompidas pola COVID no transcurso da súa programación; senón que para a vida diaria da nosa cidade é moi importante que as asociacións e colectivos fosen retomando tamén as súas actividades habituais.

Falaba ao comezo de esperanza porque o 2021 trouxo consigo varios proxectos que reafirman o futuro da cidade, especialmente do seu patrimonio, xa que se trata dun período de tempo no que se avanzou na restauración do templo de San Francisco; comezaron os traballos do Plan Director do noso Parque do Pasatempo ao tempo que se iniciaba a restauración do Estanque do Retiro; ou se creaba a fundación Globo de San Roque, o que permitirá seguir potenciando as nosas tradicións máis senlleiras.

Todo isto conta con dous broches de ouro que, grazas a dous dos nosos veciños, permitiron levar a imaxe de Betanzos fóra das nosas fronteiras. Un deles é Carlos Arévalo, medallista olímpico e campión do mundo na súa especialidade, froito do esforzo que tiña iniciado tempo atrás surcando o Mandeo co seu clube, o Ría de Betanzos; e a outra figura é Xesús Fraga, escritor que xa recollera en moitas das súas obras imaxes brigantinas e que agora, a través do relato de vida da súa avoa Virtudes, acadou o Premio Nacional de Narrativa. Sen dúbida, dúas distincións que celebramos e que dan a coñecer Betanzos en dous campos no que temos aínda moito que dicir: o deporte e a cultura.

Toda esta esperanza compleméntase ca publicación deste Anuario Brigantino onde se inician novos tempos tras a xubilación do seu antigo director e ca incorporación de novas e novos investigadores locais que auguran un gran futuro para a revista.

ÍNDICE

* Gravados rupestres no concello de Paderne,
polo GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DETRASANCOS.....11

* Dous machados de tope inéditos do Museo das Mariñas e o «Grupo 29»
de Luis Monteagudo, por JOSÉ SUÁREZ OTERO.....23

* Un pequeño puñal de espigo inédito del Museo das Mariñas:
sobre armas, imagen y "representación" en los inicios de la
Edad del Bronce, por JOSÉ SUÁREZ OTERO.....33

* Nuevos elementos arqueológicos en Coirós (A Coruña),
por DAVID FERNÁNDEZ ABELLA.....41

* Ara romana de Perbes *Conventus Lucensis*, provincia Hispania Citerior,
por FELIPE ARIAS VILAS e M.ª DOLORES DOPICO CAÍNZOS.....55

* Revisiones y actualizaciones del *corpus* de inscripciones romanas de Galicia
(Hispania citerior), por JUAN MANUEL ABASCAL.....59

* La Virgen de la Leche de Santa María de Conxo,
por CARMEN MANSO PORTO.....101

* Benfactores de la provincia de A Coruña: Los legados a los Establecimientos
de Beneficencia Provincial (II), por MANUEL FIAÑO SÁNCHEZ.....150

* Los Verederos de Betanzos 1789-1831,
por ANDRÉS MOSQUERA GALÁN.....177

* Crónica del Somatén Armado en el Partido de Betanzos (1920-1932),
por JOSÉ LUIS CRESPO GARRIDO.....185

* 10 anos do Memorial Carlos López García-Picos:
a homenaxe de Betanzos ao seu músico máis internacional,
por JAVIER ARES ESPIÑO.....233

* La restauración del retrato de Carmen Echeverría-Olaverri
pintado, por Víctor Morelli, por CREA Restauración S.L.....243

* A Porta da Vila de Betanzos: a súa demolición e ensanche,
por DANIEL LUCAS TEIJEIRO MOSQUERA.....267

* Os deportados galegos nos campos de concentración da Alemaña nazi (1940-1945). O caso da comarca de Betanzos, por ALBA GARRIDO FERNÁNDEZ e CARLOS LOZANO GONZÁLEZ.....307

* "*En las orillas del Sarela*". Exclaustración, xardín e literatura no pazo de San Lourenzo, por RICARDO VARELA.....319

* A representación da tecnoloxía no parque do Pasatempo de Betanzos. Análise do mergullador e do dirixible, por YOSUNE DUO SUÁREZ.....337

* Luis Cortiñas (1900-1987). Nacionalismo, republicanismo, condena e exilio, por XESÚS TORRES REGUEIRO.....355

* As obras particulares no Arquivo municipal de Betanzos (1931-1962), por ÁNGEL ARCAY BARRAL.....451

* Actualizando a tradición: uns Xogos Florais do século XXI, polo grupo PESQUEDELLAS.....477

* ACONTECEMENTOS DO ANO.....485

* ENTIDADES CULTURAIS.....517

* Presentación do Anuario Brigantino 2020, por ANTOLÍN SÁNCHEZ PRESEDO.....535

* Presentación do anuario brigantino 2020: palabras de despedida do seu director (15 de outubro de 2021), por ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ.....549

* Homenaxe a Alfredo Erias, pola REDACCIÓN DO ANUARIO BRIGANTINO.....557

Gravados rupestres no concello de Paderne

GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS*

Sumario

Presentamos un estudo dos gravados rupestres no concello de Paderne (A Coruña), que axuda a ir completando o inventario de gravados que ven realizando a nosa Asociación na provincia da Coruña.

Abstract

We present a study of rock engravings in the municipality of Paderne (A Coruña), which helps to complete the inventory of engravings that our Association in the province of A Coruña has been carrying out.

I-INTRODUCIÓN

Este estudo é continuación dos traballos realizados pola nosa Asociación, sobre a arte rupestre nas comarcas de Ferrol, Eume e As Mariñas dende 1996. Neste caso os traballos centrámolos no concello de Paderne (A Coruña), no que xa fora localizado en 1994 unha estación rupestre no lugar das Travesas, parroquia de Vigo[1].

Os gravados localizados ata a data centráronse na parroquia de San Xulián de Vigo que é a única parroquia deste concello na que se asenta nunha vea granítica que dende o concello de Narón atravesa a provincia de N-S ata o concello de Sobrado. Esta vea, denominada Macizo Espenuca, está formada por granitos pouco ou moi pouco deformados e na que xa localizamos gravados nos concellos de Narón, Fene, Cabanas[2], Pontedeume[3], Vilarmaior[4] , Monfero[5] e Irixoa[6] ó N do concello de Paderne e nos de Aranga, Coirós[7] e Oza-Cesuras ao S.

II-SITUACIÓN XEOGRÁFICA

Paderne é un concello duns 39,8 km² situado na área xeográfica da comarca das Mariñas orientais. Linda ó N cos concellos de Miño, Vilarmaior e Irixoa, ó L con Irixoa, ó S con Coirós e Betanzos e ó O con Bergondo. Na actualidade está dividido en nove parroquias: San Pantaleón de Viñas, Santa María de Souto, San Salvador de Vilouzás, Santo André de Obre, San Xoán de Paderne, Santiago de Adragonte, Santo Estevo de Quintás, San Xoán de Vilamourel e San Xulián de Vigo.

O clima sitúase baixo o dominio climático oceánico-húmido, propio da costa setentrional galega, caracterizado por precipitacións abundantes e unha suavidade térmica. No aspecto litolóxico está composto maioritariamente por rochas de xistos e como indicamos tan só por granitos pouco deformados, na parte oriental do concello.

---

*A **Asociación Cultural «Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos»** constituíuse en Ferrol en 1991, tendo por fins a investigación, inventariado, divulgación e preservación do patrimonio histórico-arqueolóxico.

III-DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA DOS GRAVADOS

O traballo desenrolado tan so permitiu localizar gravados na parroquia de San Xulián de Vigo (fig. 1), que é a parroquia de maior extensión do concello e encóntrase situada na zona L-SL do mesmo. Para unha mellor comprensión do texto describiremos os gravados pola súa situación xeográfica de N-S e O-L.

1) **Cal do Pico** (Coordenadas UTM 572114 – 4793634, altitude 399 m). Afloramento a rasdo chan de 4 m N-S x 2 L-O. Na parte superior amosa un circuliño simple de 16 cm de Ø.

2) **O Carballal** (Coordenadas UTM 569857 – 4793065, altitude 268 m). Pequena pedra situada a carón do camiño da Lavandeira, cunhas dimensións de 1,55 m N-S x 2,30 L-O e 1 m de altura. Nela podemos ollar dúas cruces latinas de 34 x 28 cm e 28 x 24 cm respectivamente; na parte superior, unha cazoleta ovalada de 18 x 10 cm; once cazoletas de entre 4 e 9 cm de Ø, dúas delas unidas por unha canle e outra de 8 cm de Ø cun suco de saída de 20 cm de longo.

3) **Xesteira-1** (Coordenadas UTM 570360 – 4792893, altitude 288 m). É un afloramento moi fragmentado e con claros síntomas de ser utilizado como canteira. A pedra máis ó N, deste afloramento, ten unhas dimensións de 2,10 m N-S x 3,70 L-O e unha altura que oscila entre os 1,50 m polo S e os 3,40 polo L. Nel localizamos tres cazoletas de 7,5 a 6,5 cm de Ø, dunha delas sae un suco de 15 cm de longo.

4) **Xesteira-2** (Coordenadas UTM 570368 – 4792817, altitude 293 m). Gran afloramento, en forma de esporón, cortado polo L-S-O e inclinado ó O de 5,30 m N-S x 10,80 L-O e unha altura de máis de 5 m polo S. A pesares das súas dimensións non localizamos máis que catro cazoletas de 9 a 6,5 cm de Ø, bordeando dúas pías naturais de 38 e 53 cm de Ø.

5) **A Portela** (Coordenadas UTM 570895 – 4792774, altitude 303 m). Afloramento fragmentado de tres pedras, a máis grande de 2,70 m N-S x 4,60 L-O e 1,70 m de alto, na parte alta do mesmo hai 15 cazoletas de 4 a 15 cm de Ø e outra cazoleta de 14 cm con suco de saída. Na pedra de inferior hai tres cazoletas de 5 a 7 cm de Ø e nunha pedra separada 5 m ó O, tamén outras dúas cazoletas.

6) **O Penedo** (Coordenadas UTM 570854 – 4792475, altitude 334 m). Son dous grandes afloramentos no alto do monte de Penedo, no que se encontran os depósitos de auga para os lugares de Vión, Portela, etc. A pedra na que se apoia o depósito ten unhas dimensións de 1,98 m N-S x 5,50 L-O e unha altura de 1,40 m, na parte L, hai dúas cazoletas 4 e 6 cm de Ø. Na outra pedra, de 4,30 m N-S x 3,30 L-O e unha altura de 3,20 m polo L, podemos ollar catro cazoletas de 4 a 12 cm de Ø.

7) **A Revolta** (Coordenadas UTM 570920 – 4791909, altitude 228 m). Afloramento fragmentado de 3 m N-S x 5,80 L-O e unha altura que oscila entre 0,60 m polo N ata 1,80 polo S. Na parte superior hai cinco cazoletas de entre 4,5 a 10 cm de Ø; un pequeno círculo de 12 cm de Ø con cazoleta central de 6 cm e unha cruz de 15 x 10 cm, nun plano inferior cara ó O, outra cazoleta de 9 cm de Ø.



Fig. 1. Mapa de situación dos paneis con gravados na parroquia de San Xulián de Vigo (Paderne, A Coruña).



Foto 1. Panel fragmentado de A Perdiz - 1 (San Xulián de Vigo, Paderne).

8) **As Travesas**[8] (Coordenadas UTM 569794 – 4791035, altitude 173 m). Segundo os autores o afloramento ten unhas dimensións de 6,10 m N-S x 6,35 L-O, nel identificaron nove combinacións de dous a catro círculos concéntricos de entre 18 cm a 32 cm de Ø, un deles con suco de saída; e doce cazoletas, dúas delas unidas por un suco. Na actualidade non é posible comprobar estes datos, posto que o afloramento encóntrase dentro da finca «Corax Fauna», máis concretamente no espazo onde descansa un tigre de bengala, polo que é posible que sexa un dos gravados mellor gardados do mundo.

9) **A Perdiz - 1** (Coordenadas UTM 571344 – 4791242, altitude 233 m). É un gran afloramento moi fragmentado en pequenas pedras. Na parte superior que é onde atopamos cazoletas, ten unha dimensións totais de 11 m NO-SL x 3,50 m de ancho. En total localizamos nove cazoletas en catro pedras, cunhas dimensións de entre 7 a 14 cm de Ø (foto 1).

10) **A Perdiz - 2** (Coordenadas UTM 571389 – 4791131, altitude 230 m). Afloramento de varias pedras, cunhas medidas totais de 7,40 m N-S x 5 de L-O. No momento de fotografalo podemos ollar vinte e dúas cazoletas e un figura con forma de «cogomelo», do que non temos precedentes na nosa zona. Non podemos aportar medidas de todos estes gravados, xa que na actualidade, enriba deles hai unhas abelleiras.

11) **Monte da Pena** (Coordenadas UTM 571485 – 4789727, altitude 245 m). Trátase dun afloramento que serve de linde fincas, conservando un valo de pedras polo L e pola cabeceira do N. Ten unhas dimensións de 5,80 m N-S x 4,20 L-O e unha altura de 1,50 m polo L.



Fig. 2. Debuxo do gravado de Monte da Pena (San Xulián de Vigo, Paderne).



Foto 2. Panel de gravados de Monte da Pena (San Xulián de Vigo, Paderne).

O afloramento conserva gravados na parte superior da pedra e na parte vertical da cara L. As formas representadas son de difícil interpretación (figura 2 e foto 2), xa que forman un conxunto con multitude de trazos rectilíneos, cruciformes, cadrados, rectángulos, que se entrelazan entre si; tamén hai nove cazoletas e o resto do que podería ser un semicírculo con cazoleta central. Na nosa opinión, a maioría dos gravados representados terían unha cronoloxía máis moderna.

12) **O Cal - 1** (Coordenadas UTM 571708 – 4789720, altitude 256 m). Afloramento cortado polo O por unha pista sen asfaltar. Ten unhas dimensións de 5,30 m N-S x 2 L-O e 1,80 m de alto polo O. Na parte superior, onde hai unha pía natural, podemos ollar sete cazoletas de entre 3 a 7 cm de Ø e unha cruz latina de 15 x 14 cm.

13) **O Cal - 2** (Coordenadas UTM 571738 – 4789715, altitude 258 m). Afloramento cunhas dimensións de 4,30 m N-S x 2,60 L-O e unha altura máxima de 0,80 m polo S. E un afloramento inzado de cazoletas, nel podemos ollar cincuenta e unha cazoletas de entre 3 e 15 cm, tres delas unidas por unha canle e outra que posiblemente tería un aro que a rodea; tamén ollamos un cazoleta ovalada 16 x 8 cm que conserva un aro que a rodea, en un extremo da pedra o resto dun círculo simple de 18 cm de Ø (fig.3). Recentemente estes gravados, aínda sen inventariar, sufriron unha agresión ó facer a limpeza da finca que borrou parte do grupo de cazoletas que estaban unidas por unha canle (fotos 3 e 4).

IV-CONCLUSIÓNS

Durante este traballo, foron localizados trece estacións con gravados rupestres. Un resultado pobre si o comparamos cos concellos limítrofes, cara ó N, e sobre todo si o comparamos coa variedade de motivos representados, que no caso de Paderne son

maioritariamente cazoletas. Tamén a diferencia dos seus concellos limítrofes, no que predominan as estacións rupestres con combinacións circulares, figuras que en Paderne, so están representadas na estación das Travesas e con un so motivo nas estacións de Cal de O Pico, A Revolta e O Cal-2.



Foto 3 e 4. Panel de O Cal - 2, antes e despois da agresión sofrida en 2021 (San Xulián de Vigo (Paderne).



Fig. 3.Debuxo do panel O Cal - 2 (San Xulián de Vigo, Paderne).

Tamén hai que dicir que o territorio prospectado e moi inferior ao realizado en outros concellos, xa que como indicamos, o granito tan so está presente na parroquia de San Xulián de Vigo, unha das nove parroquias deste concello, o cal limita bastante a cantidade de estacións localizadas. A maiores ó S desta parroquia está formada por unha ladeira agreste e con forte inclinación cara ó río Mandeo, zona de difícil prospección e con grandes afloramentos moi erosionados.

A localización destes trece novos paneis ven completando o amplo catálogo de estacións rupestres no NO da provincia da Coruña, catálogo que temos previsto aumentar nos próximos anos nos concellos limítrofes cara ó S (Aranga, Coirós e Oza-Cesuras).

Esta simplicidade aparente na representación dos gravados puidera ter relación cunha zona marxinal da vea granítica, que nos seus extremos presenta unha maior deformación do granito, con grao máis groso, pero os resultados que xa temos dos concellos de Aranga e Coirós, permitenos aseverar, que si ben non hai unha gran cantidade de combinacións circulares, está é moi superior a do concello de Paderne.

V-AS CAZOLETAS A DEBATE

Dende o punta de vista artístico, as cazoletas son as representacións máis simples, trátase de gravar un so punto sobre un soporte. Con total seguridade esa cazoleta, evolucionaría cun círculo arredor e partires de aquí a formas máis complexas. Partindo desta premisa, é posible que por tanto as cazoletas sexan as representacións rupestres máis antigas. Ademais, algúns autores[9] sosteñen que existe unha vinculación das cazoletas con os espazos visuais e liñas de tránsito no que se sitúan os enterramentos megalíticos, o cal en certo modo nos viría a confirmar a antigüidade destas representacións que nos

retrotraerían da Idade do Bronce, que é onde se engloban os petróglifos galegos, ao megalitismo.

Pero tamén somos conscientes de que como representación máis simple, as cazoletas, cronoloxicamente se empregaron dende a prehistoria ata épocas modernas, sobre todo, asociadas e como lindes de termos.

Baixo está hipótese radica a importancia que teñen estes novos paneis localizados no concello de Paderne, que si ben puideran ser dunha cronoloxía moderna, tamén poderían pertencer as representacións máis antigas, representacións que se conservan tanto en granito, como esquisto e lousa, algo moi importante, se temos en conta que unha parte importante de Galicia non conta con soporte granítico e polo tanto o territorio quedaría ermo de representacións rupestres.

Sen embargo, dende fai pouco tempo, a Administración autonómica mudou a súa política á hora de inventariar estes gravados que ata o de agora considerábanse como xacementos (GA), e como tales tiñan a súas normas de protección como calquera outro xacemento, para pasar a ser referencia (RE) cun nulo ámbito de protección. Vaia por diante que na nosa opinión parecenos desmesurado inventariar unha pedra con unha ou dúas cazoletas, como se viña facendo ata o de agora, poñendo un ámbito de protección como a calquera outro petróglifo, coas conseguintes restricións que creaba e crea nos PXOM dos concellos. Pero ese mal xa foi feito dende hai tempo e agora e difícil de arranxar administrativamente ó estar plasmados nos plans urbanísticos.

Non parece a mellor solución retirarlle a protección como xacemento a todas as pedras con cazoletas, xa non pola cantidade de gravados, senón porque estas como dixemos anteriormente poden ser as representación máis antigas que conservamos, ou poden estar relacionados con monumentos megalíticos, ou poden estar asociadas a outros paneis con gravados dos que de momento non acabamos de encontrar a relación.

Quizais sería máis propio que Administración fixara unhas normas para incluílas ou non como xacementos e que os criterios foran en función da paisaxe arqueolóxica da zona ou en función dos elementos que rodean estes gravados. Algo que os arqueólogos nas súas prospeccións deberían interpretar sobre estas representacións rupestres.

Durante a nosa longa traxectoria localizamos varios paneis con gravados de cazoletas que foron catalogados como referencia (RE) nos PXOM. Nunha revisión posterior, con condicións de luz óptimas e mesmo nocturnas, puidose ver que teñen círculos concéntricos, coas conseguintes alteracións e danos sufridos ao non ter a protección axeitada (foto 5)[10]. A tarefa non é doada, posto que de seguro que está suxeita a moitos tipos de interpretacións, e de algún xeito a Administración debería fixar unha norma xenérica, en base un criterio. Por iso creemos que é sensato levar as CAZOLETAS A DEBATE.



Foto 5. Panel de Chousa do Conde, no que apreciase as agresións sofridas na limpeza do monte (Santa María de Doroña, Vilarmaior).

NOTAS

[1] Erias Martínez, A. e Pena Graña, A., 1994 «Una estación rupestre nas Mariñas de Betanzos: As Travesas (Vigo, Paderne, A Coruña)», Anuario Brigantino, 17, páxs. 27-32.
[2] Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos (G.A.T.T.), 2006 «Gravados rupestres no Couto dos Golpes (Santa Cruz do Salto, concello de Cabanas», Anuario Brigantino, 29, páxs. 11-22.
[3] G.A.T.T, 2019 «Gravados rupestres no concello de Pontedeume», Anuario Brigantino, 42, páxs. 11-20.
[4] G.A.T.T, 1999 «Gravados rupestres en San Xurxo de Torres (Vilarmaior, A Coruña)», Anuario Brigantino, 22, páxs. 21-34; idem, 2003, «Gravados rupestres na comarca do Baixo Eume», Anuario Brigantino, 26, páxs. 51-76; idem, 2008, «O Monte da Calvela: unha estación rupestre singular no concello de Vilarmaior», Anuario Brigantino, 31, páxs. 11-32; idem, 2009, «Novos gravados rupestres nas parroquias de Torres e Vilamateo-Concello de Vilarmaior- (I)», Anuario Brigantino, 32, páxs. 11-30; idem, 2011, «Novos gravados rupestres nas parroquias de Vilarmaior, Torres e Vilamateo - Concello de Vilarmaior(II)», Anuario Brigantino, 34, páxs. 27-46; idem, 2020 «Novos gravados rupestres no concello de Vilarmaior: primeiras representacións de armas e animais», Anuario Brigantino, 43, páxs. 11-28.
[5] G.A.T.T., 2003, «Gravados rupestres na comarca do Baixo Eume», Anuario Brigantino, 26, páxs. 51-76; idem, 2016 «Gravados rupestres Concello de Monfero (A Coruña)», Anuario Brigantino, 39, páxs. 11-26.
[6] G.A.T.T, 2012 «Gravados rupestres Concello de Irixoa (A Coruña)», Anuario Brigantino, 35, páxs. 11-24.
[7] G.A.T.T, 1998 «Gravados rupestres na parroquia de Sta Mª de Ois (Coirós, A Coruña)», Anuario Brigantino, 21, páxs. 29-34; idem, 2001 «Novas estacións rupestres na parroquia de Sta mª de Ois (Coirós, A Coruña)», Anuario Brigantino, 24, páxs. 33-38.
[8] Erias Martínez, A. e Pena Graña, A., 1994 «Una estación rupestre nas Mariñas de Betanzos: As Travesas (Vigo, Paderne, A Coruña)», Anuario Brigantino, 17, páxs. 27-32.
[9] Entre outros, Villoch Vázquez, V. «Monumentos y petroglifos: la construcción del espacio en las sociedades constructoras de túmulos del noroeste penínsular› Trabajos de prehistoria, 52, no 1, 1995, páxs. 39-55; López Plaza, S., «Asociación de grabados de «cazoletas» con el megalitismo salmantino», Zephyrus, no LII, 2009.
[10] Véxase como exemplo os gravado de Chousa do Conde, que fora catalogado como (RE15069002), no concello de Pontedeume, e que sufriu agresións durante unha limpeza forestal, na zona dos cruciformes, G.A.T.T, 2019 «Gravados rupestres no concello de Pontedeume», Anuario Brigantino, 42, páxs. 11-20.

Dous machados de tope inéditos do Museo das Mariñas e o «Grupo 29» de Luis Monteagudo

JOSÉ SUÁREZ OTERO*

Sumario

A incorporación ós fondos do Museo das Mariñas de dous novos machados de bronce de tope e dous aneis do Bronce Final galego, permítennos reivindicar a aportación de LuisMonteagudo ó estudo da metalurxia da Idade do Bronce. Neste caso cun repaso ó seu grupo 29 e a problemática específica dos machados que aínda manteñen a mazarota de fundición.

Abstract

The incorporation into the collections of the Museo das Mariñas of two new bronze palstaves from the galician Late Bronze Age, allow us to vindicate the contribution of Luis Monteagudo to the study of the metallurgy of the Bronze Age. In this case with a review of its group 29 and the specific problem of the axes that preserve the casting jets.

Nun proceso de recuperación e reivindicación do que foi sen dúbida ó cume da obra do noso mestre e amigo LuisMonteagudo, aquela que ten e terá máis pegada tanto dentro coma fora de Galicia na evolución do coñecemento arqueolóxico, o *DieBeileinderIberischenHalbinsel*, (Suárez Otero, 2018-2019), aproveitamos, como xa fixéramos nun anterior artigo (Idem, 2016), a incorporación de novos materiais ós fondos do Museo das Mariñas para incidir nesa recuperación, ó tempo que estudo, do método tipolóxico que LuisMonteagudo nos legou. E, sobre todo, na posibilidade de empregar ese legado na lectura e interpretación dos novos achados, algo no que nos insistía a quen tivemos a sorte de aprender del, na necesidade de constatar a súa eficiencia e de avantar na súa construción.

I. O GRUPO 29 DE L. MONTEAGUDO

1. Introdución

O grupo 29 de Monteagudo é máis que a clasificación xenérica ó uso dos machados con mazarota de fundición. Na medida que a tipoloxía de LuisMonteagudo atende a tódolos atributos das distintas pezas, tanto os intrínsecos – a forma en toda a súa variabilidade e na súa interrelación coa función, coma o extrínsecos -o contexto e a localización xeográfica, non queda atrapada pola aparencia, nin polos atributos que pola súa visibilidade e constancia aparenta ser os definitorios dun tipo ou grupo morfolóxico determinados. Así a meirande parte dos machados de talón e mazarota de fundición quedan englobados no seu grupo 29, pero del tamén forman parte outros que non presentan ese trazo diferencial, e a súa vez hai machados que si o presentan, pero non están integrados nesa tipoloxía. En verbas do propio autor, os machados do grupo 29:

* **José Suárez Otero**, Investigador Distinguido «María Zambrano», do Grupo de Investigación de Análise territorial (ANTE) e do Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela. *josesuarez.otero@usc.es*

Son produtos brutos de fundición de machados de tope con talón groso e mazarota de fundición cónica; o tope é recto o de lixeiramente curvo a semicircular ena relación cos aneisa súa posición é a miúdo mais baixa ou cara a metade delas. Afollaé lisa ou provista de nervaduras ou estreitas acanaladuras; un groso y romo fío discorre recto ou case recto.A esta subfamilia está asignado tamén o tipo 29H, porque agás a ausencia de mazarota ten tódalas características do tipo 29G. En conxunto esta subfamilia cosseus numerosos machados configura un único grupo, pero subdivídese en moitos tipos e variantes. Os tipos 29A, 29B y 29B1 foran presentados por nos no 1951 como «tipo Miñoto»[cit. Monteagudo 1951]. (Monteagudo, 1977: 165).

En definitiva, a importancia cuantitativa no contexto dos machados de tope do NO, así coma a súa complexidade formal, fai que os machados non constitúan un tipo en si mesmas, senón una subfamilia de aqueles, ó que na tipoloxía de LuisMonteagudo é un grupo, conformado a súa vez por una serie de tipos afíns, e aínda estes coas súas propias variantes. Esta tipoloxía analítica moi desenvolvida en conxunción coa variable xeográfica é a base da proposta de LuisMonteagudo e, contra dos seus críticos, é o que a fai máis útil a hora de entender e interpretar o obxecto arqueolóxico. Así o propio LuisMonteagudo entende a partires do estudo morfolóxico que esta subfamilia non resposta nin funcional, nin cronolóxicamente, de maneira homoxénea en tódalas súas expresións, aínda que responda a una fenomenoloxía tardía e de funcionalidade específica e diferenciada, como sosteñen os máis dos investigadores. Así en canto do funcional LuisMonteagudo di dos machados do grupo 29: «Entre as dúas posibilidades: lingotes con función monetaria ou exvotos nos temos à primeira como mais probable, dado que este tipo de machados non aparecen nin en santuarios nin en necrópoles (cf. Grupo 39, p. 228).»(Monteagudo, 1977:165).

Incidindo na prevalencia do machado-lingote, mesmo con función paramonetal, anda que deixa, sen embargo, o marxe do tipo 29H para un posible uso instrumental dunha parte deses machados. Mentres no cronolóxico, que pormenoriza en cada un dos tipos e variantes e afronta o problema da falta de contextualización da maioría das pezas, sostén una adscrición xenérica o Bronce Final, cunha matización para algún dos tipos cara ó final dese período e mesmo máis alá do mesmo, pero tamén dunha maior antigüidade no caso doutros. Así a tipificación analítica de Monteagudo apunta a una certa diversidade dentro dun conxunto que aparenta homoxéneo e valora as consecuencias da mesma.

2. Un marco tipolóxico complexo

O certo é que LuisMonteagudo crea as bases dunha comprensión máis detallada e precisa dunha fenomenoloxía especifica do Bronce Final do Noroeste e determinante a hora de entender a produción metalúrxica nun intre de especial relevancia e máxima proxección exterior, tanto no factual coma no hermenéutico, dunha produción do bronce que ó mesmo tempo acada a súa maior riqueza, e tamén paradoxalmente, vólvese máis especificamente autóctona. Unha situación que estudo tipolóxico de Monteagudo axuda, máis que a confundir como pensan algúns investigadores, a definir e a entender.

Así Monteagudo diferencia dentro dese amplo grupo de machados oito tipos distintos segundo, fundamentalmente, o tipo de folla que presenten. Nunha relectura dos mesmos podemos facer unha clasificación intermedia en subgrupos que axuden a entender a

clasificación e permitan desenrolar o seu significado. Así, nos tipos E, G e H, a folla aparece nervada, lembrando os machados típicos de toda a serie de machados de tope e dous aneis ibéricos, co que neste caso a folla si presenta un reforzo estrutural e non so decorativo e que en certa medida contradí a funcionalidade non instrumental que se lle atribúe a estas pezasMonteagudo, 1977, 176-181).

Nos tipos C a F, a folla xa non é lisa, senón que presenta uns engadidos ou alteracións de carácter fundamentalmente ornamental, dado que carecen de entidade estrutural (Monteagudo, 1977, 172-173 e 177-178). A través deles semella expresarse unha transformación, que non ten porque ser necesariamente cronolóxica, das nervaduras dos anteriores tipos, nos que aínda lembran o seu carácter estrutural, en imitacións que perden ese carácter para situarse xa no ámbito do ornamental: sucos que imitan os espazos internervales ou delgados filetes que imitan ós propios nervios, para finalmente desaparecer a tripla nervadura e eses estreitos filetes converterse nun ribeteadoperimetral da folla ou ser mesmo substituídos por sucos, invertendo así totalmente o sentido básico da nervaduras, dado que eses sucos debilitarían a folla; un proceso que semella ir parello a unha estilización do machado Finalmente, o 29 A ten folla lisa de sección cadrada ou hexagonal, o B a folla segue a ser lisa, pero a sección complícase, volvéndose octogonal e nalgúns casos mesmo multifacetada, a variante B1 (Monteagudo, 1977, 165-172), co que se perden as referencias as follas nervadas típicas de boa parte dos machados de tope galaico-minhotos.

3. A clave xeográfica

A dispersión xeográfica incide na relevancia desa diferenciación, pois os tipos máis simples, teñen unha dispersión máis ampla, aínda que todos eles insisten na actual departamento de Minho no Norte de Portugal como área de máxima concentración do grupo no seu conxunto (Fig. A). A idea dese «kerngebiet» en termos de LuisMonteagudo afianzase pois, non só cuantitativamente, por acoller un maior número de exemplares ou ós maiores depósitos, senón cualitativamente, por acoller a toda las variantes morfolóxicas e mesmo porque algunhas de esas so aparezan aí. Despois de Monteagudo, os novos achados, como os depósitos de Saians (Vigo, Rodríguez - Hidalgo), Cabeiras (Arbo, Rey – Carballo, 2014) ou Alcabre (Vigo, Suárez Otero, 2004), matizan esa xeografía ampliándoa o suroeste galego e situando o «Kerngebiet» ó redor do curso baixo do río Miño. Máis alá dese núcleo de máxima concentración temos unha expansión cara a outras áreas do norte de Portugal, destacando a proxección cara o sur, que remata na desembocadura do Douro e cunha importante concentración ó redor da cunca do río Ave,e outro núcleo secundario no alto Támega, acadando Tras os Montes polo leste. Aínda que se teñen feito revisións dos vellos depósito, en canto osnovos achados dados a coñecer a penas inciden nese último núcleo con algunha peza dos tipos lisos.

Outra concentración secundaria afástanos do «Kerngebiet» para situarse no occidente de Asturias e Este da actual provincia de Lugo, cunha proxección cara a metade norte desta última. Vai a estar caracterizada por conxuntos de reducidas dimensións, como os de Santaia de Ríoaveso ou Fologoso do Caurel; ou aqueles outros nos que, como Neiro, destaca a ampla presenza de fragmentos de pezas do tipo 29, así como de outros obxectos, ademais de restos de fundición, sinalando outra das características deste núcleo: a frecuencia de fragmentos de pezas amortizadas ou de restos de fundición, diversificando os contidos duns depósitos que no tipolóxico, sen embargo, volven a ser homoxéneos.

Despois do 1977 temos que sinalar referencias a algún achado no norte de Lugo (Ares-Basanta-Pombo, 1994), pero máis aínda no occidente de Asturias (Blas, 1991-92; Villa, 2009), que abundan no esposto por Monteagudo, ainda que engaden certas novidades no que a súa contextualización en relación cos castros se refire.

Fora desas tres áreas e en aparente estreita, senón directa, relación coa última, temos a presencia do grupo no norte da actual provincia da Coruña, no que poderíamos chamar arco Ártabro. Sempre pezas dentro de conxuntos nos que predominan outros tipos, e cunha morfoloxía dominada polas follas lisas, con presencia esporádica dos outros tipos. Máis alá deses territorios unha escasos exemplos illados dispersos polo Noroeste ou nas áreas veciñas, e aínda outros esporádicos, cando non dubidosos, en áreas máis afastadas dese territorio.

II. AS PEZAS DO MUSEO DAS MARIÑAS

Coa incorporación da colección Rafael Seoane ós fondos do Museo das Mariñas, a máis do enriquecemento dos mesmos no eido arqueolóxico, tivo lugar a recuperación dunha serie de machados da Idade do Bronce, algúns xa coñecidos de vello, pero por anos desaparecidos, e outros, coma os que imos presentar, que aparentemente resultan inéditos na nosa bibliografía arqueolóxica. Trátase de dous machados de talón e dous aneis que, ademais presentan a particularidade común de conservar aínda a mazarota de fundición. Esa condición de pertenza a unha mesma maneira de entender e construír un machado, pero tamén o carácter de estreita semellanza entre ámbalas dúas pezas é a razón de que lle dediquemos un estudo conxunto. Nada sabemos da súa orixe, polo que, aínda que provintes dunha mesma colección, non podemos afirmar, nin tampouco descartar, que esa fose a mesma ou diferente. A ligazón desa colección ó mercado de antigüidades empeora esa limitación. E que esa colección estivese tanto en relación con Galicia, pero tamén co Norte de Portugal, fai tamén máis difusa unha procedencia que, en todo caso, si parece claro estaría no Noroeste da Península Ibérica.

1. Machado de talón de dous aneis e mazarota de fundición (Fig.B).

A. Dimensións

Lonx. Máxima Total: 244 mm Lonx. Do Machado: 202 mm.
AnchMáx. (Fío): 47 mm Anch. Tope: 21 mm

B. Descrición

A primeira das pezas presenta un excelente estado de conservación. Preséntase como un machado con dous aneis e mazarota de fundición, de corpo rectangular, prismático debido a unha sección transversal cuadrangular, pero moi ensanchado no seu extremo distal, o que diferencia nitidamente as dúas partes nas que se compón o machado. O talón é rectangular, con rebordes non moi acusados que tenden a pechar na súa parte superior, incurvándose antes de rematar na mazarota de fundición, mentres na inferior conflúen expandíndose para definir un tope saínte e levemente curvo, circunstancias ámbalas dúas que atenúan o carácter rectilíneo do talón. Pola contra, a folla ten os lados curvilíneos, por discorrer excurvándose cara ó fío, o que, pola súa parte, é apenas lixeiramente curvo e na actualidade emboutado. Os aneis de forma semicircular, bastante regular, e sección circular, atópanse no talón, inmediatamente por riba do tope. A mazarota, coa mesma boa



A

Fig. A. Distribución dos machados dos tipos Monteagudo, 29 A e B (Monteagudo, 1977, Taf. 137B).



B

Fig. B. Machado 1 do Museo das Mariñas (Fot. Alfredo Erias).

conservación ca o resto da peza, é proporcionalmente grande e ten forma troncocónica inversa e sección circular, cunhas superficies algo convexas e o remate plano.

O aspecto ven definido por unhas superficies pulidas e ben conservadas, agás erosións moi superficiais e pequenos esconchados que se acentúan no talón e, especialmente, na mazarota. A pátina é marrón escura, con manchas grixáseas ou gris-verdoso. O estado da peza leva a pernsar, ademáis da posible boa calidade da liga, extrano por outra parte neste tipo de pezas, de ter sido sometida a unha limpeza forte en tempos recentes, sen descartar tampouco unhas condicións de conservación previas o seu achado tamén boas.

C. Tipoloxía

Trátase dunha peza do tipo 29A, o máis abundante dentro do grupo 29 e caracterizado segundo Monteagudo: por unha folla lisa de sección hexagonal; os rebordes do talón e o tope debuxan un rectángulo, de vez en cando as traveseiras dos topes están lixeira ou acusadamente curvados e centrados ou baixos con respecto dos aneis (sic). Dátaas

xenericamente no Bronce Final, insinuando dúbidas que so cabe interpretar na súa perdurazón na transición a Idade do Ferro. En canto a súa distribución resulta un tipo frecuente, tendo a súa área nuclear no Noroeste da provincia portuguesa de Minho, principalmente no val do río Coura nas proximidades á minas de estaño. Un pequeno grupo de pezas provén das provincias de Tras-os-Montes e Ourense - en realidade o redor do curso alto do río Támega, perto das minas de cobre de Montealegre e no territorio rico en estaño da contorna de Verín Támega. Fora desas áreas aparecen exemplos dispersos pola xeografía do Noroeste e mesmo tamén no centro e sur de Portugal.

Unha presencia a ter en conta é a que acontece no este da provincia de Lugo, por ser nela onde atopamos uns bos paralelos para o exemplar do Museo das Mariñas, que por outra parte resposta as características propias do que é o tipo máis sinxelo dentro desta familia de machados. Referímonos unha peza do depósito de Neiro (Monteagudo1977, nº 1015) e outra da provincia de Lugo (Idem, nº 1021), con mazarotas grandes e ben conservadas que se afastan da idea da non eliminación do cono de fundición, para sinalar cara unha elaboración intencional do que se convirte nunha parte máis do produto final buscado. E, tamén, cun biselado dos lados menores pouco marcado ou practicamente inexistente que leva a sección a unha forma case que rectangular. Esa perda da hexagonalidade abunda nas pezas de orixe galego, caso de Verín, Domaio ou Tui, pero tamén se constata nalgunhas do norte de Portugal, v.gr. Insalde, o que relaxa a posible interpretación xeográfica e apunta unha maior simplificación dos moldes, achegándose a unha simples barra metálica prismática, so ensanchada no gume e adquirindo algo de complexidade no talón co aditamento de tope, asas e mazarota. Tamén a boa calidade da peza apuntaría á presenza de ligas con baixo porcentaxe en chumbo que se constatan nesa mesma área lucense.

2. Machado de tope de dous aneis e mazarota de fundición (Fig.C)

A. Dimensións

Lonx. Máxima Total: 267 mm Lonx. Do Machado: 222 mm.
AnchMáx. (Fío): ca. 60 mm (conserva 52 mm)
Anch. Tope: 21 mm

B. Descrición

A segunda peza e de novo un machado de tope de dous aneis con mazarota de fundición, aínda que agora no tan ben conservado coma o anterior, da que a diferencian tamén algúns atributos formais. Agora é un peza máis estilizada ca anterior, con forma rectangular alongada e estreita, o que se engade uns perfís curvos - levemente convexos no talón e marcadamente cóncavos na folla, e na que a sección é trapezoidal, con un acusado biselado nos lados menores. Conserva tan só os arrinques de dúas asas que, con forma semicircular e sección tendente a trapezoidal, dispúñanse enriba do tope, aínda que remataban por debaixo deste. De novo presenta mazarota de fundición troncocónica inversa e sección circular, pero neste caso é proporcionalmente pequena con respecto da peza.

O talón coma na anterior tende a rectangular, a pesares do alombamento sinalado, cos rebordes máis altos e tamén levemente converxentes cara o remate superior, pero agora, no inferior, definen un tope tamén saínte, pero curvo nunha das caras, e recto na outra, que, ademais, proxectase cara a folla. Esa parte é de aspecto semellante a peza anterior,



C



D

Fig. C. Machado 2 do Museo das Mariñas (Fot. Alfredo Erias).

Fig. D. Machados do grupo Monteagudo 29, de corpo estreito e perfil sinuoso (1-2 e 4, Monteagudo, 1977; 3, Rodríguez - Hidalgo, 1987).

no inferior, definen un tope tamén saínte, pero curvo nunha das caras, e recto na outra, pois ensancha cara o fío, pero tamén o fai, en menor medida, cara o tope, o que lle outorga o carácter cóncavo ós bordes. Ademais, os lados maiores son levemente convexos e os menores presentan unha marcada disposición en bisel, o que unida a escasa diferencia na anchura de todos eles, fai que a sección sexa sinaladamente trapezoidal, coa característica de que as arestas, ademais, están achaflanadas. O fío, aínda que perdeu un dos seus extremos, que coma na anterior están romos, aparece como máis curvo, con máis profundidade pero, ó mesmo tempo, menos expandido.

O estado de conservación é moito peor ca anterior. Trátase, de partida, dun machado que non foi rematada, pois o que na primeira eran as costuras do moldeado bivalvo, agora son unhas amplas rebabas que contornan toda a peza, moi marcadas no talón e menos na folla, na que acaban desaparecendo conforme nos achegamos o fío. As superficies aparecen agora rugosas, produto das deficiencias da colada, o que se engade abundantes erosións, boa parte de aparencia recente, pero tamén en relación con deficiencias previas na elaboración da peza. Pero, sen dúbida, onde máis afecta o deterioro e nas asas, das que so se conservan os arranques, e no fío coa perda dun dos seus extremos. A pátina orixinal parece castaño clara, pero atópase perdida en boa parte das superficies, onde aflora un material de cor gris ou gris-verdoso en forma de grandes manchas ou pequenos esconchados.

C. Tipoloxía

Agora estamos diante dunha peza de novo do grupo 29, pero no seu tipo B. Seguindo a LuisMonteagudo: «este tipo sería formalmente moi próximo ó anterior, pero ten sección decagonal, obtida mediante o biselado das arestas; a folla e grosa e o biselado das arestas ancho, o que orixina una sección uniformemente decagonal; noutros casos esta pode derivar en case rectangular, e excepcionalmente tamén octogonal ampla. O tope é na maioría dos casos sinaladamente curvo, frecuentemente baixo ou centrado con respecto os aneis» (Monteagudo 1977). Polo que respecta a distribución, trátase de novo dun tipo abóndante que ten a súa area de maior concentración nos vales dos ríos Ave e Coura, en relación á minería do estaño, cunha proxección cara o río Miño e a costa. Un núcleo secundario e algo afastado situaríase no tramo alto do val do Támega. Xa de xeito máis illado, constatase tamén a súa presencia no occidente de Asturias e no centro-norte da actual provincia da Coruña, e mesmo na Beira Alta portuguesa. Polo que respecta a cronoloxía Monteagudositúao xenericamente no Bronce Final e aduce como argumento a súa asociación o tipo 39 no depósito de Areosa, no Norte de Portugal.

Neste caso as características correspóndense sen case que matices salientables. Quizais que o biselado das arestas é moi estreito o que atenúa o carácter facetado da folla, pero, sobre todo a forma espatulada do extremo distal.Trazo singular dentro dos machados de talón e que no grupo 29 aparece só nalgúns que coma este inscríbense no tipo 29B, particularmente nun de Santa Trega, e máis atenuada nalgún do Norte de Portugal. Un número de casos aínda insuficiente para outorgarlle entidade de atributo significativo a ese trazo formal.

Namentres, o carácter de peza alongada, estreita e de perfil sinuoso, na que os rebordos do talón tenden a converxer, achega este machado, aínda dentro do tipo B, a algunha outra peza e especialmente as da variante B1, que aparece escasa e moi dispersa o norte do río Miño; e fóra desa variante, ó tipo D, tamén escaso e centrado na beira sur dese mesmo río. Na realidade, xa o propio Monteagudo (1977, 165) tíñase decatado da existencia deste particularismo formal no caso do tipo A, o que definía: «Nas pezas nº 972, 1003, 1005, 1008, 1011 y 1024 os rebordes do talón acadan case o extremo deste, o tope e semicircular e a sección da folla é sempre hexagonal». Pregúntase pola posibilidade de que esas pezas puidesen con formar unha variante propia, pero descártao pola heteroxénea difusión xeográfica, sinalando ó tempo a súa posible vinculación coas do B1 ou 29D, das que as considera imitacións pobres. Mesmo lembra algunha deses machados conservan aínda uns leves rebordes na folla que lembran ós propios do tipo 29D.

III. O GRUPO 29, ENTRE A SIMPLIFICACIÓN E A ESTILIZACIÓN

Como corolario desta sucinta presentación de dúas pezas inéditas do Grupo 29, temos os dous camiños que ambas expresan na evolución deste grupo de machados e as implicacións que eses teñen na definición e interpretación duns machados que na súa singularidade tanta controversia veñen creando na investigación da metalurxia da Idade do Bronce. Pois malia a súa semellanza en canto formulas lisas dun repertorio que inclúe distintos tipos nervados ou decorados, os matices que as diferencian expresan a procura nun caso da simplificación dunhas pezas que aínda teñen un sentido instrumental, sexa como útil ou como lingote, noutro a estilización doutras que apuntan a un significado no que a forma ten un valor en si mesmo, semellando afastar ó machado do exclusivamente instrumental.

O primeiro dos machados aquí estudados é unha boa expresión do primeiro proceso. Aquel que leva a simplificación do machado, manifestado na folla que elude todos os elementos de carácter decorativo ou mesmo estruturais, como as nervaduras, ó tempo que leva a sección a unha forma tamén simple, coma o cadrado fronte do trapecio no tipo A, ou o círculo ou o ovoide, fronte do facetado, no tipo B. A primeira atopámola ben representada neste exemplo, a segunda, aparece ben representada no depósito de Cabeiras, o que mesmo dificulta a clasificación das pezas e insinúa certa despreocupación pola forma. Un camiño para o que unha heurística centrada no uso como lingote parece convir, pois a simplicidade da folla achégaa a da barra metálica, e a despreocupación pola forma podería estar substituída polo peso como motivación principal, pero tampouco é descartable que facilite o uso destas pezas como útiles.

Tratamiento del marco: tratamiento	Se realizó una limpieza con una disolución de C-2000 y White Spirit y se retiró la suciedad que cubría la superficie. Se fijaron las escamas de estuco con adhesivo vinílico en disolución acuosa y se hizo una reintegración matérica con resina epoxídica Axson utilizando moldes para reproducir los motivos vegetales faltantes. Sobre la resina se aplicó estuco hasta nivelar la superficie con la original. Tras esta capa se barnizó con gomalaca la superficie y se reintegró utilizando la técnica del puntillismo para integrarse mejor con el original empleando pigmentos al barniz y mica dorada. Por último se barnizó con el mismo tipo de barniz que en el lienzo.
Tratamiento del marco: localización del tratamiento	Toda la superficie
Tratamiento del marco: materiales empleados	Barniz de retoques Lefranc y Bourgeur, brochas y barniz brillante Talens

Recomendaciones

4. Recomendaciones	
Limpieza	A fin de prevenir posibles alteraciones recomendamos no emplear ningún tipo de trapo ni bayeta sobre la superficie del cuadro y nunca un producto de limpieza comercial, sólo un plumero.

Luz	Aunque el barniz aplicado sobre el cuadro tiene filtro UV es recomendable no situarlo frente a fuentes de luz directa, como ventadas o focos, especialmente si son de luz incandescente.
Mantenimiento del cuadro	Si se siguen las recomendaciones anteriores no debería haber problemas de conservación. Eso sí, con el tiempo la tela puede destensarse. Para recuperar la tensión se deberá insertar un poco más cada una de las cuñas, con la ayuda de un martillito hasta notar que la tela está tensa de nuevo. Esta operación tiene que hacerse con mucho cuidado.

















































A Porta da Vila de Betanzos:
a súa demolición e ensanche

DANIEL LUCAS TEIJEIRO MOSQUERA *

Sumario

A Porta da Vila foi a entrada principal da cidade amurallada de Betanzos ata 1872, ano no que se comeza a demoler. A súa destrución tiña a finalidade de desobstruír este paso que era moi frecuentado por viandantes, carros e animais. Ata 1913, este novo espazo urbano transformouse coas destrucións das casas que a flanqueaban, dous proxectos de ensanche –un de Juan de Ciórraga e outro de Juan Álvarez de Mendoza–, obras de lousado para a nova vía e outras de embelecemento urbano coas farolas de Julio Galán Carvajal e a fundición Wonemburger. Con todo, para o presente artigo recupéranse novos datos que non foron tratados nas publicacións preexistentes a este tema, os cales permiten definir máis a historia destrutiva da Porta da Vila e a súa transformación.

Abstract

The Puerta de la Villa was the main entrance to the walled city of Betanzos until 1872, the year in which it began to be demolished. Its destruction had the purpose of unblocking this passage that was very frequented by pedestrians, floats and animals. Until 1913, this new urban space was transformed with the destruction of the houses that flanked it, two expansion projects –one by Juan de Ciórraga and another by Juan Álvarez de Mendoza–, tiling works for the new road and other urban beautification with the streetlights by Julio Galán Carvajal and the Wonemburger foundry. For this article, new data are recovered that were not treated in the pre-existing publications, which allow us to further define the destructive history of the Puerta de la Villa and its transformation.

El caserío de Betanzos –á pesar de la plaga reinante de las mejoras y ensanches y de la fatilidad de las reconstrucciones, que hacen estragos, sobre todo en las calles principales– conserva aún muchas más paredes, puertas y ventanas de los siglos XIII, XIV y XV que del actual. En Betanzos debiera practicarse lo de Nuremberg: edificar lo nuevo al modo antiguo, respetando nimiamente la rica originalidad, la variedad fresquísima de las moradas viejas.

Dª. Emilia Pardo Bazán, El Imparcial, «De Mi Tierra. El "mediado" en Betanzos», nº 31, 24 de xullo de 1893, p. 3.

---

* **Daniel Lucas Teijeiro Mosquera** (Betanzos, 1996) é Docente-Investigador Predoutoral FPU do Ministerio de Universidades no Grupo de Investigación Historia da Arte, da Arquitectura e do Urbanismo da Universidade de Santiago de Compostela (GI-1510-HAAYDU-USC), co que tamén traballa no proxecto de I+ D+ i *Memoria del Patrimonio Arquitectónico Desaparecido en Galicia. El Siglo XX* financiado pola Agencia Estatal de Investigación (PID2019-105009GB-I00). Así mesmo, é graduado en Historia da Arte, mestrado en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte e técnico do PlanDirector do Parque do Pasatempo da Xunta de Galicia.

A demolición da Porta da Vila e o seu posterior ensanche foi un dos principais procesos de transformación urbana en Betanzos durante a segunda metade do século XIX e principios do XX. O seu derribo implicou a perda dun dos elementos do patrimonio arquitectónico máis singulares que tería a cidade a día de hoxe, pero tamén derivou na definición do espazo público contemporáneo (fig. 1). A destrución da Porta da Vila é un dos capítulos da desaparición do antigo cerco defensivo brigantino, ao igual que sucedeu nese mesmo contexto noutras cidades e vilas españolas por quedaren obsoletas as súas murallas ante a inexistencia dos sucesivos ataques de guerra que se sucedían séculos atrás.



Fig. 1. A Porta da Vila na actualidade, sen os arcos que daban entrada. Foto do autor, 2022.

Só existen dúas publicacións específicas que documenten a demolición da Porta da Vila: a primeira foi o artigo «Un temible enemigo de Betanzos», escrito por Francisco Vales Villamarín para o *Boletín de la Real Academia Galega* número 352 (1970); e a segunda o libro *Betanzos de los Caballeros: La muralla, la Puerta Real y la calle de la Plaza Mayor*, de José Raimundo Núñez-Varela Lendoiro (1994). Non en balde, outras contribucións destes dous autores e cronistas da cidade complementan en boa medida este tema. Así mesmo, existen varios traballos que se centran na construción e fisionomía da Porta da Vila desde o século XV ata a súa demolición producida no XIX, destacando a *Historia de la Ciudad de Betanzos* de Manuel Martínez Santiso (1892), «Bosquejo histórico de Betanzos de los Caballeros» escrito por Francisco Vales Villamarín para a edición *Especial centenario* do diario Faro de Vigo (1953) e «Betanzos y su provincia en la época de Carlos V» por Alfredo Erias Martínez e Xosé María Veiga Ferreira para o *Anuario Brigantino* número 25 (2002).

Xunto coa bibliografía, nas seguintes liñas achéganse datos inéditos a partir da consulta de fontes documentais públicas do Arquivo Municipal de Betanzos e do Arquivo Histórico de Protocolos do Ilustre Colexio Notarial de Galicia. A finalidade deste artigo é afondar nun maior coñecemento sobre a historia destrutiva da Porta da Vila e a súa consecuente aliñación urbana pola que camiñamos no presente.

1. A Evolución da Porta da Vila ata o século XIX

Agora apenas existen restos da Porta da Vila no seu contorno orixinal; soamente os escudos da Cidade de Betanzos, do Reino de Galicia e da Coroa de Castela que decoraban a súa fachada vista extramuros, pero desde principios do século XX están desprazados cara o muro dunha das casas colindantes no seu lado occidental. Este lugar é un tramo da rúa do Castro, vía que comunica o antigo Camiño Real a Castela e a Praza do Campo coa Praza da Constitución, que son os puntos céntricos de Betanzos. Así pois, a antiga porta era a entrada principal á cidade e servía de delimitación para a muralla defensiva cara o campo da feira. O proceso construtivo da Porta da Vila xa foi grande e boamente abordado nas anteditas publicacións, pero cómpre referenciar os seus antecedentes básicos para intuír con que fisionomía arquitectónica chegou ao momento da súa destrución.



O Castro de Untia era a unidade habitacional castrexa desde a que se desenvolvería o núcleo do actual Betanzos, cuxa poboación se traslada en 1219 desde Betanzos o Vello tras a aprobación do rey Alfonso VIII de Galicia e León. A primeira muralla constrúese contra a croa e posteriormente segundo se avance no terraplén do outeiro do castro, conservándose o trazado do plano radiocéntrico. Unha vila da significación de Betanzos requiría dun bo cerco defensivo, con torres de vixía e as súas cinco portas, sendo a máis importante a coñecida como a «da Vila», «Principal», «Real» e mesmo nalgunha ocasión como «Alcántara» ou «San Roque» (Núñez-Varela, 2015: 18 e 310). Este aspecto era semellante ao das murallas doutras vilas próximas, como Mondoñedo, Viveiro ou Ribadeo, así como do resto de Europa.

Fig. 2. Escudos da Coroa de Castela (arriba), da Cidade de Betanzos (centro) e do Reino de Galicia (abaixo) que estaban na Porta da Vila en orixe; hoxe, no muro lateral da casa número 3 da rúa Nova, mirando ao antigo emprazamento da Porta da Vila. Foto do autor, 2022.

En 1465 o rei Enrique IV de Castela outorga o título de cidade a Betanzos, unha relevancia que a xa cidade de realengo incrementou cando en 1467 lle concede o privilexio de celebrar unha feira franca anual. Entre eses anos e antes da conquista de Granada polos Reis Católicos, se colocaron os tres escudos que se conservan, xa que a súa heráldica (Vales Villamarín, 1953). Por este motivo, en diversos documentos posteriores esta entrada ao interior da cidade aparece denominada como «Puerta Real» (Núñez-Varela, 1994: 18) (fig. 2).

A Historia de la Ciudad Betanzos de Manuel Martínez Santiso tamén sinala que «se reedificaron las murallas de la ciudad, con sus almenas y torreones» cando os reis Isabel e Fernando visitaron Betanzos en 1487, concretando que «en nuestros dias [fins do século XIX] solo quedan algunos fragmentos ocultos entre las casas» (1892: 295-296). Finalmente, a porta reconstrúese entre 1550 e 1551 baixo a dirección do mestre canteiro Juan de Bergantiños (Erias e Veiga, 2002: 198-202).

Con posterioridade tivo outras modificacións puntuais, aínda que moitas delas se descoñecen con exactitude. Sobre isto é interesante recuperar a cita Raimundo Núñez-Varela y Lendoiro na súa guía *Betanzos de los Caballeros y sus Mariñas*, pola que nun documento do seu arquivo persoal, pertencente a 1681, adxunta a seguinte descrición:

> *Contaba con dos torreones almenados, uno a cada lado del macizo donde se abría el arco ojival de entrada, sobre el que se encontraban los tres blasones protegidos por el friso del pasadizo que los unía, desde la Rúa Nueva y Rúa Traviesa un "tripadizo" [sic], particular a cada uno de ellos, daba acceso a las viviendas que allí habían sido habilitadas* (Núñez-Varela,1984: 26).

Para aproximarse a un coñecemento gráfico da Porta da Vila, cómpre ter en consideración os planos xerais de Betanzos nos que se representa a muralla, como o de 1550 custodiado no Archivo General de Simancas (Núñez-Varela, 1994: 13) ou o mapa pintado por Antonio Vázquez en 1616 para o rei Felipe III (Barreiro Mallón e Rey Castelao, 2010) (fig. 3). Precisamente, neste último represéntase un arco que semella ser de medio punto, que está flanqueado por dous torreóns ameados e con casas pegadas aos lados sen chegar a taponar toda a altura da muralla.



Fig. 3. Mapa de Betanzos realizado por Antonio Vázquez en 1616. Archivo Histórico Nacional, leg. 43581.



Os torreóns debían ser semellantes a outros que aínda se poden albiscar en Betanzos, como a torre albarrana na beira da rúa do Valdoncel ou a que se atopou durante derrubamento da Casa de Aguiar da Fonte de Unta en 1994 (fig. 4)[1]. Non obstante, a evolución do caserío axuntouse contra a muralla, o que implicou a súa perda visual extramuros.

Fig. 4. A torre atopada tras o derrubamento da Casa de Aguiar da Fonte de Unta, 1994. Cortesía de Carlos M. Fernández e do catedrático Jesús Ángel Sánchez García.

Un dos brigantinos que presenciaron a demolición da Porta da Vila en vida foi Manuel García Faílde (Betanzos, 1840 – *Ibídem*, 1913). A finais do século XIX, este debuxante realizou para Francisco Javier Martínez Santiso (Betanzos, 1868 – *Ibídem*, 1934) unha representación hipotética de como tivera que ser a porta noutrora, pero o seu aspecto semella ser bastante distinto do que tivo que coñecer en vida[2]. A partir desa imaxe, o propio Martínez Santiso tamén realizou a súa propia interpretación, trazando unha aparencia arquitectónica practicamente idéntica á versión de García Faílde (fig. 5). Aínda que non se pode corroborar, o aspecto de ambas as dúas representacións semellan ser bastante románticas e subxectivas sobre o pasado que non viviron, xa que nin sequera representan os torreóns nin o caserío que xa existía amontoado ao arco no século XIX.



Fig. 5. Francisco Javier Martínez Santiso: Representación hipotética da Porta da Vila. AMB, ca. 1900.

No século XIX a Porta da Vila tería un aspecto similar ao que reproduciu José Veiga Roel (Betanzos, 1894 – *Ibídem*, 1976) (fig. 6), pois para a súa hipotética representación (García González-Ledo, 1981: 29) pediu consello a Francisco Vales Villamarín e mesmo a varios veciños que lembraban as descricións da mesma que lles deran os seus devanceiros. Veiga Roel amosa por primeira vez un dobre arco apuntado, en detrimento dun de medio punto; e tamén representa unha terraza cun emparrado de vide, que, segundo a documentación recompilada para este traballo, si existía.



Fig. 6. José Veiga Roel: *Representación hipotética da Porta da Vila,* 1965
(Vales Villamarín, 1970: 310).
Este debuxo tamén foi impreso na portada do libro das festas de Betanzos de 1976.

Esta hipotética restitución de Veiga Roel posiblemente fose bastante acertada, pois a Porta da Vila debía posuír unha forma semellante á que aínda mantén o arco da Ponte Nova (fig. 7), así como o doutras cidades, como, por exemplo, o arco de Mazarelos en Santiago de Compostela. A pesar da ausencia de perspectiva para simular a subida da rúa do Castro, tamén mostra os soportais que había nesa rúa, destruídos tamén no século XIX.



Fig. 7. A porta da Ponte Nova; véxase a forma dos antigos torreóns que a flanquearían nas dúas casas colindantes. Foto do autor, 2022.

Fose como for, co paso do tempo a Porta da Vila foi adquirindo un aspecto máis abandonado. Ao respecto, Vales Villamarín gardou un documento nun sobre no que se especifica que se reparan as murallas a mediados do século XVIII, polo que a Porta da Vila seguramente tamén puido ter algunha modificación por esas datas[3], se ben é certo que a muralla se tivo que ir modificando puntualmente ao longo dos séculos.

Que toda a xente quixese a súa destrución debeuse ao impedimento físico que causaba para o libre tránsito de persoas, carros e animais, especialmente os días de feira. A mediados do século XIX o concello intensificou modificacións no contorno da Porta da Vila co obxecto de reconverter o Campo da Feira en praza, o que implicou que esta se coñecese como Praza do Campo, se ben ao longo da segunda metade do século XIX tamén se chamou Praza de Cassola e Praza de Arines, ata designarse definitivamente Praza García Irmáns (Erias Martínez, 1985: 53). Este novo espazo grande e diáfano respondía ao concepto de praza maior española, que xa eloxiaba Pascual Madoz en 1846:

> *La plaza o campo de feria ha recibido notable reforma, pues en ella se ha construido un paseo que aunque pequeño, ofrece un punto de reunión y desahogo del que antes carecía, y de día en día va mejorando, como sucede con el enlosado que circunda este recinto* (Madoz, 1846: 301).

Polo tanto, o afán moderno de remodelación urbana implicaba que na Porta da Vila se desobstruíse o tránsito. A porta, que tiña 3 metros de ancho, non cabía nos postulados contemporáneos do progreso urbanístico con base no ensanche do espazo público, o que se esclareceu no rexeitamento da poboación e na súa desaparición.

2. As primeiras postulacións para a demolición

Descoñécese con exactitude que fisionomía arquitectónica tiña a Porta da Vila, xa que aínda non se atopou ningún plano. Por este motivo, cabe facer fincapé nas testemuñas escritas que si se conservan. A primeira é de 19 de xuño de 1865, na que o goberno municipal de José María García Verea manifesta a primeira pretensión de demolela:

> *Existiendo todavía a las entradas de esta población las puertas o arcos antiguos de la muralla que la rodeaba y cercaba, la que desapareció enteramente con los edificios que la sustituyeron y ofreciendo aquellos muy mal aspecto, haciendo difícil la entrada en la población en días de afluencia de gente, cree que para que esta reciba todas las mejoras de que es suceptible, sería conveniente [...] conseguir que dichos arcos desaparezcan*[4].

De acordo con isto, hai que concibir a desaparición desta parte da muralla como unha das varias intervencións urbanísticas deste alcalde. En boa parte, o seu anhelo por dignificar o espazo público modificou o carácter monumental de Betanzos con obras como a instalación da fonte de Diana Cazadora en 1867 (Torres Regueiro, 1995) ou o proxecto de cambio de nome de rúas e lugares –no que se plantexaba denominar Praza do Progreso á do Campo– a partir da Gloriosa de 1868.

Non obstante, o pensamento de ensanchar a Porta da Vila impulsouse no ano 1867, cando en 21 de outubro García Verea presentou ao resto da corporación municipal unha moción propoñendo o derribo de todos os arcos que daban entrada á poboación. Aceptada esta proposición, a demolición presupostouse en 18.306,50 pesetas. Este expediente orzamentario remitiuse axiña á superioridade de Facenda, quen o devolveu en 13 de abril de 1868 para que os donos das fincas afectadas manifestasen a súa conformidade co xustiprezo. Pola contra, a desconformidade dos veciños afectados debeu motivar a suspensión do expediente, sen atoparse máis información ao respecto no Arquivo Municipal de Betanzos; boa parte deste expediente desapareceu da secretaría municipal anos despois da súa redacción, tras solicitalo o escribán Juan Arines Montenegro por mor dun pleito promovido por Josefa Núñez Rilo no Xulgado de Primeira Instancia do partido de Betanzos en 3 de marzo de 1873 a causa da expropiación da súa casa para executar as obras de demolición da porta[5].

En definitiva, nestes anos finais da década de 1860 Betanzos albisca un cambio importante no seu espazo urbano. No caso da Porta da Vila, aínda habería que agardar ata 1872 para materializar as obras de demolición.

3. Aproximación á definición arquitectónica das casas da Porta da Vila en 1872 antes da súa demolición

A demolición da Porta da Vila tivo serias repercusións na estabilidade estrutural das casas que se asentaron ao seu carón seguindo a muralla. Ademais, parte das casas do seu lado oeste tivéronse que expropiar forzosamente para proceder a demolición dalgunhas das súas partes que non permitían un ensanche amplo para a nova vía urbana.

Polo tanto, para poder documentar a historia destrutiva da Porta da Vila, cabe ter en conta esas casas afectadas. Ademais, cunha aproximación á súa definición arquitectónica tamén se pode concretar de mellor maneira como era a Porta da Vila, xa que parte delas empregaban zonas do recinto amurallado e da propia porta.

Grazas a un orzamento redactado pola comisión de obras para a demolición do arco da Porta da Vila, con data de 10 de xullo de 1872, sábese que «el Arco que da frente a la plaza del Campo será Norado y no demolido en la parte colindante con las casas de Dn. José Ylario Nabeira y Dª. Josefa Nuñez Rilo, de manera que no perjudique a esta ni ofenda al hornato publico». Así pois, as casas directamente afectadas foron: no lado leste, a do matrimonio establecido entre José Hilario Naveira Lodeiro e Manuela de la Riva Espiñeira; no lado oeste e mirando cara a Praza do Campo, a de Josefa Núñez Rilo e a súa sobriña Carmen Somoza Rilo; e tamén no lado oeste, pero mirando cara a antiga plazuela do Forno, intramuros, a de Antonio López Noguerol e Joaquina Ramos Quiroga.

3.1. A casa nº1 da Plazuela de Villar, de José Hilario Naveira Llodeiro (lado leste da porta da vila)

Probablemente, a casa de Hilario Naveira formou parte dun dos torreóns que flanqueaban a Porta da Vila. Asentada sobre ou na muralla, daba fronte á antiga plazuela de Villar ou da Botica (Núñez-Varela, 2015: 309-313), que aproximadamente hoxe vén sendo a praza Domingo Etcheverría Naveira e inicio da rúa dos Ferradores.

Hilario Naveira, quen chegara a ser alcalde en 1838 (Núñez-Varela, 2013: 313-314), era propietario da casa número 6 da Praza do Campo. Nalgún momento entre 1872 e 1873 a casa pasou a ser propiedade de Eugenio Naveira de la Riva, fillo de Hilario e Manuela, con quen se executa a demolición do arco da Porta da Vila.

Apenas existen datos nos que se especifiquen como era esta casa. O que si se sabe é que alí é onde residiría coa súa muller Rita Pato Espiñeira, cuxo matrimonio reformou a casa contra 1880 (Núñez-Varela, 1994: 33 e 47), obtendo como resultado o aspecto que actualmente posúe (fig. 8). Do matrimonio de Eugenio e Rita nacería Josefa Naveira Pato en 27 de maio de 1859, quen casou con Marcelino Etcheverría Vila, saíndo desta unión o seu fillo Domingo Etcheverría Naveira en 19 de abril de 1889, quen acabaría convertendo o antigo Banco Echeverría en sociedade anónima (Vilar Rodríguez e Lindoso Tato, 2008: 133) e a quen a día de hoxe se lle dedica o nome da antiga plazuela de Villar.



Fig. 8. Casa que reformaron Eugenio Naveira de la Riva e Rita Pato Espiñeira contra 1880. Foto autor, 2022.

3.2. A casa nº40 da Praza do Campo, pertencente a Josefa Núñez Rilo e Carmen Somoza Rilo (lado oeste da porta da vila)

En 1872, no lado oeste da Porta da Vila a casa que daba fronte á Praza do Campo, actualmente ao cantón Claudino Pita, tiña un fundo e dous pisos: o propio fundo e o primeiro piso pertencía a Josefa Núñez Rilo[6], quen estaba solteira, tiña 73 anos e vivía con Manuel Rodríguez Rilo, avogado natural de Portomarín nado en 1827 que chegara a Betanzos en 1839, tendo como serventa a María Suárez y Suárez, natural de Carral que veu para Betanzos en 1857; no segundo piso, debía residir a súa sobriña Carmen Somoza Rilo, natural do concello lugués do Páramo.

En definitiva, esta casa tívose que edificar a carón ou sobre o espazo no que se localizaba o outro torreón da Porta da Vila. A día de hoxe, non se pode albiscar practicamente ningún indicio desta casa, xa que co ensanche desapareceu, pero hai parte do seu soar que si se conserva, que se corresponde coa casa esquineira que hai entre o cantón Claudino Pita número 5 e rúa Porta da Vila número 2 (fig. 9).



Fig. 9. Parte da casa de Josefa Núñez que sobreviviu a demolición, vista na actualidade coas reformas posteriores. Foto do autor, 2022

No baixo desa casa existía unha tenda, da que se descoñece cando comezou a funcionar, porque nas matrículas de contribución industrial dos anos da demolición non consta ningunha actividade comercial sobre o inmoble. En todo caso, sábese que servía de ultramarinos e que estivo activa, cando menos, ata o ano1883[7].

En 6 de maio de 1872 Manuel Rodríguez Rilo, como apoderado da súa prima Carmen Somoza e por encargo dela, presenta unha instancia no concello solicitando que se lle dea a oportuna autorización para substituír os balcóns que posuía a casa número 40 da Praza do Campo por unha galería. Os encargados de construír a nova galería serían os mestres de obra Vicente Castro Couceiro e José Seco Uría[8].

Exactamente, pídese que a galería corra todo o *frontis* da súa casa cara o Cantón (fig. 10); é dicir, iniciando un extremo na proximidade da casa número 19 da Praza do Campo, propiedade do matrimonio entre o madrileño Agustín Valderrama Iglesias e a brigantina

Teresa Arias Sande –pai do notario Victor Valderrama Arias–, e rematando outro «hasta tocar con la cornisa del arco titulado Puerta de la Villa». Cabe salientar que tamén concibe «rasgar las dos luces de medio punto estremas», o que pode indicar que estes vans podían formar parte da antiga muralla, mais descoñécese calquera exactitude maior sobre esta fachada desaparecida.



Fig. 10. Galería proxectada por Vicente Castro Couceiro e José Seco Uría para a casa de Manuel Rodríguez Rilo e Carmen Somoza. AMB, c-597, 1872.

Tres días despois, a «comisión de obras y hornato publico», encabezada por Faustino San Martín, autoriza a obra, pero sempre e cando a galería non chegase ao estribo do arco da Porta da Vila, por ser este elemento arquitecto propiedade municipal. Concedida a licenza en 14 de maio, a galería comezouse a construír, pero axiña tívose que paralizar. Tras diversos trámites na secretaría municipal, a corporación municipal en sesión ordinaria de 4 de xuño ordenou que Carmen Somoza Rilo renunciase a todo dereito de indemnización da galería que estaba tentando construír, porque parte dela sería susceptible dunha futurible expropiación forzosa para levar a efecto a demolición e ensanche da Porta da Vila. Así se acordou, o que xa indicaba a pretensión do concello para demoler a principal entrada da cidade.

3.3. A casa nº1 da plazuela do Forno, pertencente a Antonio López Noguerol e Joaquina Ramos Quiroga (lado oeste da Porta da Vila)

No mesmo lado oeste da Porta da Vila e detrás da casa de Josefa Núñez, pasaba un fragmento de muralla; tras esta, había outra casa que servía como prolongación do interior da Porta da Vila e desembocadura da mesma intramuros. Correspondíase co número 1 da Plazuela do Forno, unha pequena praza desaparecida onde confluía a rúa do Castro e o inicio da rúa Nova (fig. 11). Canto á súa distribución, a casa tiña tres pisos, pertencendo o primeiro a Antonio López Noguerol e os restantes a Joaquina Ramos Quiroga.



Fig. 11. Casa número 3 da rúa Nova, á que estaba pegada a número 1 da antiga plazuela do Forno; véxanse os escudos da Porta da Vila reubicados no seu muro lateral. Foto do autor, 2022.

En 20 de maio de 1872, Joaquina Ramos vende a Marcial Núñez Taboada a súa casa ante o notario Manuel García Bendoyro[9], con vista a que estaría afectada pola futura demolición da Porta da Vila. Grazas a esta escritura pódese saber como era esta vivenda sita «en la calle de la Plazuela del horno numero primero» e coñecida por «de la Bayola».

O primeiro piso de Antonio López compoñíase por un «fundo» onde existía un «cortijo», unha tenda e unha escaleira de acceso ao piso superior[10]. Xa en décadas atrás, canda a invasión francesa, se constata a actividade da devandita tenda (Núñez-Varela, 2013: 72).

O segundo piso pertencía a Joaquina Ramos, que herdara de súa nai María de los Dolores Quiroga y Pardo en 24 de decembro de 1862[11], quen á mesma vez quedara coa casa tras morrer en 30 de abril de 1859 o seu marido Juan María Ramos y Chas[12], Doutor en xurisprudencia e antigo alcalde en tres ocasións entre os anos 1845-1847 e 1850-1851. Alí había unha cociña, varias alcobas e unha sala que saía a un balcón de madeira de castaño, «sostenido este y un gabinete de la propia sala en forma de boladizo por medio de cinco toscos puntones diagonales». Por este balcón tamén entraba a luz ao interior a través de «tres ventanas de medio cuerpo y otra mas pequeña que miran al Este sostenido por otros tres puntones toscos, también [dispostos] diagonalmente», de maneira que ambos lados compuñan un ángulo no que o voladizo se apoiaba en oito puntos[13].

O terceiro piso tamén era propiedade de Joaquina Ramos. Destinábase a dormitorio con paramento de cantería, lousa e ladrillo, suxeitado con armazón de madeira de castiñeiro e tella na cuberta. Nalgunha parte deste terceiro piso situábanse dúas ameas pertencentes á antiga muralla: unha delas estaba no lado leste da casa, na cima do arco da Porta da Vila, cunha superficie de 16 m2 e constituíase toda con cantería; a outra amea estaba no lado meridional da casa cara á Praza do Campo e conformaba 15 m^2, elevándose sobre a vivenda de Carmen Somoza. Nestas ameas era onde existía un «parral»[15], tal e como no século XX Veiga Roel cavilara que podía existir.

4. A demolición dos dous arcos da Porta da Vila e a consecuente aliñación de Juan de Ciórraga (1872-1874)

Nun oficio de 3 de xuño de 1872, Faustino San Martín e José María Miño Manivesa,

como representantes da comisión de obras municipal, retoman o asunto iniciado en 1867. Estes manifestan a necesidade de «derribar cuanto antes» e ensanchar non só a Porta da Vila, senón todos os arcos que conformaban «las entradas de la Ciudad», defendéndose en que as portas da muralla non tiñan «el menor merito artístico» nin merecían consideración algunha. Como naquel momento o concello non contaba coa liquidez económica suficiente, comezouse demolendo a Porta da Vila por ser a principal da cidade; afortunadamente, mantivéronse as da Ponte Nova, do Cristo e Ponte Vella, aínda que non o postigo do Hórreo que daba pé á rúa do Valdoncel.

Para derribar os dous arcos que compuñan a Porta da Vila, a comisión de obras incidía en expropiar a casa número 1 da Plazuela do Forno «con sus almenas», daquela pertencente a Joaquina Ramos, o farmacéutico Francisco Lafont e consortes. O orzamento do proxecto calcula que ascendería a uns 30.000 reais, aínda que se obterían beneficios coa reutilización das pedras extraídas, que se destinarían para a mellora de «todas las calles de la poblacion, incluso las de la Ribera y la plaza del Campo de las ferias»[15].

Tras aprobarse «por una mayoría considerable» a proposición en sesión pública da xunta municipal de 11 de xuño, un día despois Marcial Núñez Taboada, Ramona López Noguerol y Cordero, acompañada do seu marido Francisco Lafont, no seu propio dereito e representando ao do seu irmán o avogado Marcial Ramos Quiroga, e Ángel López Noguerol, outorgan a venda do seu inmoble ao concello de Betanzos por 6.000 pesetas[16].

Con todo, en 28 de xuño o alcalde Francisco Sánchez Mirás require un informe de taxación do edificio a expropiar. Para iso, nomea a José María Carro, axudante xubilado de obras públicas que colaboraba para o concello, para redactar un informe especificando os inconvenientes que ocasionaba a presenza das casas pegadas ao arco da Porta da Vila, o cal di así:

> *La Ciudad de Betanzos mas antigua de Galicia y cuya primera fundacion se atribuye á los Fenicios está situada sobre un Castro ó Colina nombrada de Unta, rodeada por los Ríos Mandeo y Mendo, formando una península por cuyo istmo pasa la carretera de Madrid á la Coruña* […]. *Dicha población tiene mercados en mayor y menor escala los Domingos, Martes y Jueves de todas las semanas y resulta que es muy espuesto y penoso entrar en tales dias con especialidad por la de la Villa efecto de la mucha gente que por ella tienen necesidá absoluta de pasar de modo que en los momentos que pase un carro del pais, con mucha esposicion podrán pasar lo mas dos peatones para cada bacio á los lados […] porque agolpándose como generalmente sucede mas gente de la que cabe en dichos bacios fácil és que alguno salga mutilado por las ruedas ó sea victima completa si por desgracia el ganado ó caballerías son remolones y espantadizos.*
>
> *Como todas las poblaciones antiguas carece de alineacion en las calles y de regularidad en los Edificios, son muy pocas las Calles que presentan un transito horizontal, y tal que embocan en las puertas de la Ciudad, algunas de ellas como la de Plateros, Herreros y Fuentedeunta tienen una pendiente que esceda de un veinticinco por ciento. Por todas las consideraciones que quedan espuestas, por las del Ornato publico y otras que omite por creer bastantes las primeras, cualquier sin ser inteligente considera como de absoluta necesidad el derribo de las referidas puertas y ensanche de la via que por ellas pasa tomando de los edificios particulares contiguos á ellas lo que se crea necesario para darles cuando menos el ancho que*

tienen las Calles que embocan en ellas[17].

Como resultado, José María Carro taxa a casa de Joaquina Ramos, Francisco Lafont e consortes –que comprendía 196,02 m^3– nun valor total de 24.000 reais. Neste momento estipúlase que a planta baixa da casa lle corresponde a Joaquina Ramos, pola que tería que recibir unha cantidade de 6.000 reais en concepto de indemnización pola expropiación forzosa; por outra parte, o resto do inmoble, coa zona das ameas e emparrado, afectáballe a Francisco Lafont, tendo un valor de 18.000 reais.

En 10 de xullo apróbase o orzamento para o remate da demolición. Entre as condicións facultativas que se especifican, dise que o contratista manteña o primeiro arco de entrada, que unía a casa de Hilario Naveira coa de Josefa Núñez. Ademais, o contratista tamén se encargaría de conducir toda a pedra ás obras de sumidoiros da rúa da Ribeira, namentres que a mampostería se depositaría na plazuela de Villar.

O remate ten lugar na casa consistorial o 14 de xullo e sae como contratista Luis Pardo Cachaza baixo o tipo de 3.944 reais. Este mestre canteiro xa se ocupara de varias obras públicas municipais recentes, tales como a recomposición da rúa da Ribeira en 1871 ou a construción da rúa do Pinche en 1871, pero que neses meses continuaba exercendo con outras como a reparación da praza sita fronte o Edificio Arquivo[18].

Ante o temor de que lle derribasen a casa por mor das obras de demolición da Porta da Vila, en 30 de xullo Elena Serrano Pereira, viúva de Laureano Couceiro, escapa da súa casa, que estaba situada no lado leste da Porta da Vila cara o inicio da rúa dos Prateiros. Isto debíase a que parte da casa estaba aberta e inhabitable por causa de «haberse derrivado de órden del Municipio una porcion de pared que la cierra», cuxos prexuízos se produciron por «demoler el arco y almenas de la puerta dela villa unido á dicha casa». Polo tanto, Elena Serrano requiría unha indemnización, así que «deseaba saber si la Corporacion estaba dispuesta á abonar la renta de dos reales y medio diarios con reparos menores». Como consecuencia, o concello manifesta o propósito de reedificar a casa na seguinte primavera e que se aboasen dos fondos municipais os 2,50 reais diarios ata que non comezase a reedificación a partir do 1 de marzo de 1873[19].

A demolición da Porta da Vila que se estaba efectuando no verán de 1872 repercutía nas casas da zona leste, polo que a comisión de obras consideraba imprescindible «nombrar una persona competente» para executar o derribo dos arcos e ameas «sin causar el menor perjuicio á las casas colindantes». Como solución, o concello propón ao vitoriano Juan de Ciórraga y Fernández de la Bastida, quen desde 1863 exercía como arquitecto municipal da Coruña, para que acepte o cargo da obra[20].

Juan de Ciórraga tiña unha boa experiencia na demolición de fortificacións, pois por eses mesmos anos se estaba a encargar de diversas obras implicadas no derribo da Fronte de Terra da Coruña, a partir do cal se creou o Primeiro Ensanche coruñés (Soraluce Blond, 1980: 70). Polo tanto, era unha persoa axeitada para definir o novo plano urbano de Betanzos.

Como resultado, Ciórraga aceptou a proposición do concello de Betanzos e en 9 de setembro consta a recepción dos planos «formados para el ensanche de la puerta de la Ciudad». Por conseguinte, remítense a José María Miño para que os examine. Estes planos non se conservan no expediente relativo ao ensanche da Porta da Vila que se custodia no Arquivo Municipal de Betanzos e tampouco se atoparon noutro arquivo público, polo que se descoñece como eran.

Entretanto, as obras continuaron, pero Luis Pardo Cachaza tivo que suspender as obras «por las causas que no ignora la Corporación», e, consecuentemente, pide rescindir o contrato en 15 de outubro, pero finalmente seguiu coa obra. Nesa mesma sesión acórdase «el derribo de los arcos» que estaban «unidos al respaldo» da casa de Josefa Núñez; en compensación, o concello acorda dotarlle dunha renda namentres a casa non se poida habitar por mor das obras. Ao mesmo tempo, na casa de Elena Serrano, do lado de fronte, quedaba á intemperie un voladizo, así que o seu cuñado Antonio Asorey Castro solicita que se tape.

Nese mesmo 15 de outubro a corporación acorda declarar «con urgencia y de utilidad pública» o ensanche en 9,90 metros para proceder á expropiación forzosa da parte da casa de Josefa Núñez. Ante esta decisión, Manuel Rodríguez Rilo ve ameazada a súa propiedade, así que pide que se rectifique o trazado de ensanche proxectado por Ciórraga, ao que o concello contesta que polo momento non se efectuara[22].

En 29 de outubro dáse conta da memoria, orzamento e planos do proxecto de ensanche e aliñación da Porta da Vila formados por Juan de Ciórraga[23]. Ao igual que os planos que presentara en setembro, estes tampouco se localizaron en ningún arquivo público. Non obstante, Vales Villamarín publicou en 1970 un fragmento dun deses planos (fig. 12). Nel obsérvase que o ensanche non afectaba a liña de casas do lado leste –as de Eugenio Naveira, Elena Serrano e herdeiros de Benito Fernández–, pero si aflixían a liña oeste, onde se aprecia unha posible planta do antigo torreón sobre parte da superficie que comprendía a propiedade de Josefa Núñez.



Fig. 12. Juan de Ciórraga: Plano para o ensanche da Porta da Vila; obsérvese a planta do que semella ser un torreón a carón da casa número 40 (Vales Villamarín, 1970: 311).

Durante o seguinte mes de novembro efectuáronse os traballos de derribo «sin dificultad» e chegouse ata a metade do murallón antigo que pechaba por detrás da casa número 40 da Praza do Campo, pertencente á mesma Josefa Núñez, e da número 3 con fronte á plazuela do Forno, de Josefa Domínguez; é dicir, acadárase da sección transversal oeste da Porta da Vila, onde se facía unha división das anteditas dúas vivendas por medio da muralla. Toda a zona estaba completamente en ruínas, dicíndose que era «una triste verdad que el derrivo comenzado presenta actualmente una situacion en extremo lamentable», non soamente porque a súa deformidade ofendía a vista dos viandantes, senón tamén porque a muralla corría risco de desprendementos por efecto do temporal que se estaba a dar neses días[24].

Os restos da Porta da Vila e as paredes das casas colindantes corrían serio risco de derrubamento, o que anegaría todo, xunto cos escombros que se amoreaban. Co ánimo de atopar unha solución ao progreso das obras, o concello acorda que Ciórraga taxe a parte da casa de Josefa Núñez para proceder á súa expropiación da maneira menos custosa posible. Os peritos taxan a casa 5.000 pesetase en 15 de decembro Carmen Somoza, sobriña de Josefa Núñez, acorda vendela a Marcial Ramos Quiroga, que era o rexidor síndico do concello[25].

Ao longo dos primeiros meses de 1873 non consta que se executasen obras de demolición. O único dato de especial relevancia é que en 18 de marzo o concello paga a Pardo Cachaza 625 pesetas por conta do remate da demolición das ameas e arcos sobre os 987,50 pesetas polas que lle foron adxudicadas as obras en xuño de 1872[27].

En maio de 1873 si consta a continuación das obras, xa que Eugenio Naveira solicitou á corporación que lle indemnizase por todos os danos e prexuízos que puidesen ignorarse á súa casa polo derribo. Desta maneira, xa se avisaba do perigo que podían ter as obras, especialmente tendo os precedentes de mala execución previos á participación de Ciórraga. Nese momento, xa non debía existir ningún resto do arco, pois en 2 de maio dise que a casa de Eugenio Naveira «se encuentra en perfecto estado con la desaparición del arco». Unha semana despois, Faustino San Martín e Marcial Ramos, membros da comisión de obras, mandan apuntalar os esquinais das casas de Eugenio Naveira e Josefa Núñez, cuxo apeo tal vez se debese á finalización das obras de demolición do arco[28].

Posteriormente, Eugenio Naveira reiteraría ao concello que apuntale ben o esquinal da súa casa namentres proseguían as obras de demolición[29]. As obras por aquel momento debían estar paralizadas, xa que Cachaza Pardo en 15 de xullo pide ao concello que lle rescinda o contrato se non se retoman as obras en breve[30], así que nese verán deberon seguir, pois en 24 de setembro Eugenio de la Riva volve reclamar ao concello que as obras están prexudicando a súa casa[31].

Non se pode concretar perfectamente a que ritmo sucedeu a demolición, pero en 8 de outubro de 1873 as obras estaban paralizadas porque Josefa Núñez se opuxo ao proxecto. Consecuentemente, o expediente trasládase ao Xulgado de primeira instancia do partido e escribanía de Juan Arines Montenegro, a onde se envíaron os planos de Ciórraga para examinar os resultados das obras proxectadas inicialmente[32].

Así e todo, en 17 de decembro de 1873 Ciórraga emite un novo orzamento para as obras de reforma da casa de Josefa Núñez e parte que implicaba a Marcial Ramos. Tamén emite outro orzamento das obras de reparación e ornato que se intentan executar no estribo oeste do arco da Porta da Vila, que así mesmo estaba pegado á antedita casa. En total, ambos os dous orzamentos ascendían a 902,76 pesetas, facéndollo saber a Marcial

Ramos , pero non acepta a cantidade estipulada[34].

Durante o segundo inverno de obra tampouco se notifica ningún avance. Non obstante, en 8 de abril de 1874 Pardo Cachaza certifica que só lle falta executar o derribo da parte dunha amea da casa de Josefa Núñez, pero ten que ser sen tocar na súa parede traseira. Esta obra xa era das últimas que quedaban e consistía na demolición e reparación dos paramentos meridional e occidental do demolido «Arco de la Villa», así que en 26 de abril remátase a favor do mestre canteiro Manuel Roibal[35]. Tras executarse no verán de 1874, en 12 de outubro a comisión de obras emite un informe para reparar as casas de Josefa Núñez Rilo, Marcial Ramos e Josefa Domínguez a causa dos danos do derribo do «Arco de la Ciudad y su Torreon», manifestando que as obras de demolición e reparación xa están definitivamente acabadas[36].

En definitiva, entre 1872 e 1874 demoléronse os arcos, torreón e ameas que posuía a Porta da Vila (fig. 13). Para poder levar a cabo as obras, tívose que proceder á expropiación forzosa da casa número 1 da plazuela do Forno e consecuente demolición, así como reparar diversas obras menores por danos en parte da número 40 da Praza do Campo, da número 1 da plazuela de Villar e da de Carmen Serrano.



Fig. 13. Francisco Javier-Martínez Santiso: A Porta da Vila sen o arco, pero aínda con parte da casa de Manuel Rodríguez Rilo –na que figura o escudo do Reino de Galicia– que a principios do século XX se demolería para ensanchar a rúa, ca. 1900.

Como resultado de todo, cabe ter en consideración tres cambios que supuxeron unha transformación radical do antigo aspecto fortificado de Betanzos: un, a demolición dos dous torreóns que flanqueaban a porta; dous, a recolocación dos escudos da antiga Porta da Vila, posto que só permaneceu o do Reino de Galicia mirando á Praza do Campo, concretamente no fragmento de fachada da vivenda que fora de Josefa Núñez; e tres, en 1884 o proxecto implicou a prolongación das obras públicas en rúas e a eliminación dos soportais da actual rúa do Castro, exactamente os correspondentes coas casas número 15, 17 e 19, pertencentes respectivamente a Agustín Leis Cernadas, Antonio Núñez Taboada e Tomás Cacheiro Marciñado (Núñez-Varela, 1994: 28). Polo tanto, o procedemento de destruír a fortificación e anchear as rúas tivo en Betanzos un capítulo máis dos moitos que se sucederon en Galicia durante a segunda metade do século XIX.

5. A longa tardanza do ensanche definitivo

Aínda que se demolera a Porta da Vila, o seu tramo seguía sendo moi estreito. Se cando existía o arco había unha anchura de 3 metros, agora era duns 8,60 metros. Isto melloraba notoriamente a accesibilidade, pero non solucionaba completamente o problema. Consecuentemente, medrou o descontento da veciñanza, así que en 16 de agosto de 1877 un total de 77 persoas asinan unha instancia solicitando que se comece o ensanche do espazo demolido. Os veciños sostiñan que:

> *Cada dia que pasa despues de haber sido demolido el arco de la Puerta de la Villa se reconoce mas y mas la necesidad y utilidad del ensanche de la misma, tanto para el fácil tránsito de las personas y seguridad de sus bolsillos, como para que la señora Josefa Rilo pueda hermosear y beneficiar su casa, lo cual le reportará mucha utilidad* [37].

O descontento canalizouse no periódico local *El Censor,* no que se denunciaba a urxencia da colocación dunha varanda nos laterais do ensanche, o embaldosado da rúa e a construción dunhas escaleiras que comunicasen coa Plazuela do Villar para que «las vendedoras de fósforos y frutas que ponen sus "tenderetes" en el citado ensanche, sean separadas inmediatamente de ese punto»[38]. Grazas a isto, en 8 de xaneiro de 1884 a alcaldía de César Sánchez San Martín convoca subasta para adquirir e colocar unha varanda de ferro desde a esquina da casa de Eugenio Naveira pola beirarrúa que dá fronte á plazuela de Villar (fig. 14). A esta obra preséntanse os ferreiros Ramón Vázquez Paz e Manuel Martínez Méndez, sendo adxudicada ao segundo por unha cantidade de 324,04 pesetas[40].

Mentres tanto, na década dos oitenta téntanse arranxar as zonas colindantes á antiga Porta da Vila, destacando a eliminación dos soportais da actual rúa do Castro. Neste sentido, en 1882 tamén se contrata a reforma da «calle denominada Puerta de la Villa ó de la Ciudad»[39] é dicir, do tramo no que se interviñera anos antes para a demolición. Desta volta, o obxectivo é perfeccionar a baixada á Rúatravesa e á rúa dos Prateiros, tal e como se contemplaba no plano de Ciórraga de 1872.

En 1887, tentouse adquirir o segundo piso da casa número 40 da praza do Campo. Para a súa compra, o concello chegou a ofrecer 10.000 pesetas, pero como as arcas municipais estaban baleiras, proxectouse a conversión de máis inscricións intransferibles de bens de propios co fin de enaxenalas e aplicar o seu produto ao ensanche. Pola contra, esta

pretensión tamén foi denegada por Real Orde do Ministerio da Gobernación de 14 de decembro de 1891.



Fig. 14. Ferrer: Vendedoras na rúa da Porta da Vila; véxase a varanda de ferro que se colocou contra a plazuela de Villar e rúa dos Ferradores. AMB, ca. 1890.

Durante os seguintes anos, a Porta da Vila continuou co mesmo aspecto, pero o concello continuaba tentando de dotar unha nova imaxe ás rúas de Betanzos. Por este motivo, lévanse a cabo proxectos como o de reparación das rúas de Méndez Núñez e Ruatravesa (1893), así como de instalación de modernas columnas minxitorias nas prazas da Cassola e Valdoncel (1895); non obstante, o máis importante foi o de reforma da praza de Cassola (1895), polo que a corporación municipal «inspirada en el noble deseo de mejorar las condiciones de la plaza» propúxose levar a cabo a construción da estrada ou camiño de circunvalación polo que actualmente transcorre a N-VI[41]. En xeral, o aspecto urbano era tan malo que as queixas da poboación se frecuentaron:

> *Los perros siguen sin bozal. El alumbrado tan pésimo como antes... Dos barrenderos no pueden cumplir con su misión. El empedrado no vale dos pepinos, sobre todo, el de la Puerta de la Villa. Las casas ruinosas siguen amenazando al pacífico transeúnte. El ornato público anda por los suelos. A los bandos nadie hace caso. Las pédreas de chiquillos están á la órden del dia. En fin... que esto es Jauja ó poco menos*[42].

Ao mesmo tempo, o decoro das fachadas das casas era cada vez máis sofisticado desde a década de 1880. A obsolescencia do cerco defensivo amurallado implicou que os seus propietarios fosen arranxando paulatinamente os seus inmobles, sendo o cantón un dos espazos que maior protagonismo adquiriu. Nese contexto, en 31 de agosto de 1893

Raimundo Núñez Codesal solicita a licenza para construír «dos luces ó ventanas de asomo rasgadas con antepechos de hierro» na fachada da casa número 40 da Praza da Cassola; o obxectivo era embelecer o futuro ensanche. Tras exame da «comisión permanente de policia, obras y arbolado», autorízase en 18 de setembro[43].

Segundo o informe da comisión para a concesión da licenza solicitada por Raimundo Núñez, establecíase que «la solera del balcon de hierro con que se propone sustituir el de madera existente en el segundo cuerpo [...] no ha de volar sobre esta y sobresalir por consiguiente mas de sesenta y dos centimetos», así como que as dúas ventás que se pretenden abrir «han de ser necesariamente rasgadas con sus correspondientes bastidores o vidrieras de madera y vidrio, y antepechos de hierro» podendo ser as súas xambas e columnas de castiñeiro. Isto indica que as dúas ventás que propón construír son, en realidade, os dous miradoiros de madeira que se conservan a día de hoxe, cuxa tipoloxía arquitectónica colle o gran impulso nas reformas de fachadas de finais de século. Cabe salientar na procedencia do material, que sinala sexan de castaño, a diferenza dos que se ensamblaban na Coruña, maioritariamente de pinotea pola baratura do material, o que explica a accesibilidade de bos materiais de carpintería que existía en Betanzos, cuxos modelos voados de galerías, miradoiros e balcóns transcenderon por toda a ría.

En definitiva, durante as últimas décadas do século XIX este espazo urbano era un lugar de conflitividade social. Alí mesmo se orixinaban disputas entre as regateiras da Praza do Campo e as vendedoras de mistos da Porta da Vila, as cales «arman cada bronca que arde la Paz en un candil»[44]. A esta mala imaxe contribuía a sucidade, pois amoreábase o barro e un «montón de inmundicias»[45], sendo habituais os «tropezones y resbaladuras»[46]. Esta realidade, descrita no periódico local *El Mendo*, dirixido polo xornalista e masón Adolfo Vázquez Gómez, tamén a denunciaba o Partido Liberal Brigantino a través de *El Progreso,* sinalando que a seguridade do transeúnte se ameazaba constantemente ao atravesar «aceras deterioradas, cruzando por calles y plazas deplorablemente abandonadas, asomándose á balcones, galerías y ventanas en completo estado de ruina, pasando por precipicios sin pretiles ni verjas, subiendo y bajando escabrosas rampas y descompuestas escaleras»[47]. O enfado dos liberais tamén atinxía a «la detestable colocación» dos taboleiros que sobresaían das ventás das casas, porque contribuían «á hacer más estrechas las ya angostas calles de este pueblo» e afectaban o lugar; xustificándose así, os liberais exixen «suprimir los tableros que en la Puerta de la Villa tiene D. Manuel Rodríguez Rilo»[48].

6. A demolición e ensanche definitivos

Debido á necesidade de limpeza e remodelación da Porta da Vila, estableceuse un conflito político entre liberais e progresistas locais a través dos seus correspondentes xornais: *El Pueblo*, vinculado ao socialismo, defensor da Asociación de Agricultores de Betanzos e crítico co caciquisimo; e *Otro Pueblo*, periódico do Partido Liberal Brigantino a principios do século XX. Nese contexto, os liberais manifestan a súa vontade de realizar unha intervención na Porta da Vila:

> *En todos los proyectos que se han ideado en la última mitad del siglo XIX ninguno, en verdad, de tanta importancia para Betanzos como el del ensanche de la Puerta de la Villa. Mientras ese ensanche no se haga puede decirse que Betanzos es inhospitalario, que Betanzos no sabe recibir dignamente á los que vienen á*

traernos dinero, afecto, cultura y relaciones de todas clases que Betanzos, en una palabra, cierra las puertas á sus huéspedes.
A cualquiera que no haya visto algunas de nuestras renombradas y bimensuales férias, y se le diga que por la Puerta de la Villa atraviesan en casa uno de dichos días más de seis ú ocho mil personas, no habrá de creerlo seguramente, por considerarlo imposible, y sin embargo es verdad. Pero que no se atreva á pasar por allí el que no sea robusto y sano, porque es seguro que no saldrá muy bien librado; y aún el robusto y sano tiene que tomar grandes precauciones si quiere conservar incólume su indumentaria y no sufrir detrimento en su persona é intereses.
[...] *Nada diremos tampoco de lo que con tal mejora iría también ganando el ornato y aún las clases obreras que encontrarían trabajo durante una larga temporada.*
[...] *El momento es oportuno, pues todas cuantas mejoras de alguna importancia se hicieron en Betanzos con fondos municipales en la actual generación, excepción hecha de la reconstrucción de las aceras de la plaza de Arines, se deben á los Ayuntamientos liberales, y algunas, como el embaldosado y arreglo de la calle de Sánchez Brégua, teniendo que vencer grandes dificultades, opuestas sistemáticamente por los conservadores y principalmente por el director de hecho y redactor jefe de «El Pueblo»*[49].

Continuando o debate político, un mes despois os progresistas aconsellan «á los concejales liberales que si tienen intención y buena voluntad en que el ensanche de la citada vía se realice, amorticen anualmente 10.000 pesetas»[50]. Deste xeito, cavilaban que en catro ou seis anos as obras da Porta da Vila estarían completamente finalizadas.

As ansias de materializar o ensanche fixéronse posibles nos primeiros anos do século XX. José Ildefonso Portal Montenegro (fig. 15), mediante testamento ológrafo de 7 de agosto de 1901 que deixou subsistente en 12 de abril de 1903 e protocolado en 14 de maio seguinte, lega a cantidade de 40.000 pesetas ao concello de Betanzos para que poida levar a cabo o proxecto de ensanche, tal e como desexaba o seu defunto irmán Juan Arines Montenegro, tendo como condición que o ensanche se debería de realizar en dous anos tras finar. Ademais, no seu testamento Portal tamén legaba 10.000 pesetas á sociedade de seguros mutuos de Betanzos e 20.000 pesetas o sostemento da Cociña Económica[51], cuxo capital conseguiu durante a súa emigración en América. Deste xeito, Portal actuaba como un filántropo que financiaba unha das obras máis desexadas polos veciños, o que lle valeu para ser recoñecido en xornais como *La Voz de Galicia* con palabras como as seguintes:

El Sr. Portal era persona de raras virtudes y un perfecto caballero. Generoso, amable y llano en su trato se había hecho objeto de generales simpatías. Todo cuanto digamos en su elogio será poco[52].

Finado Portal ás catro da mañá do 16 de abril de 1903, nove días despois os seus albaceas Ezequiel Núñez López e Antonio Álvarez Nóvoa comunican ao concello que terían que entregarlle as 40.000 pesetas do legado. A comisión de Facenda acepta a doazón satisfactoriamente e insta a que forme o proxecto de obra.

Con todo de cara para que o concello se encargase das obras, en sesión ordinaria de 25 de maio de 1903 o alcalde César Sánchez San Martín acorda se executen as obras do ensanche que non puideron levarse a efecto ata o momento «por falta de recursos»

nas anteriores corporacións. Para iso, decide propoñerlle a Juan Álvarez de Mendoza, arquitecto municipal de Lugo, a redacción do proxecto[53].



Fig. 15. López Crespo: *José Ildefonso Portal Montenegro*, 1903. Museo das Mariñas.

Para formalizar o ensanche era necesario ocupar parte da casa número 40 da Praza do Campo (fig. 16), que nese momento era propiedade de Manuel Rodríguez Rilo e Raimundo Núñez Codesal, así que a corporación contacta con eles. Recoñecendo a necesidade deste ensanche, e aceptando a taxación feita por Álvarez de Mendoza para recibir a indemnización oportuna, estes dous propietarios manifestáronse dispostos a ceder a parte da casa que fose imprescindible para a execución de obra, recibindo Manuel Rodríguez recibise 18.500 pesetas e Raimundo Núñez 12.500 pesetas[54].



Fig. 16. A casa de Manuel Rodríguez Rilo e Raimundo Núñez Codesal antes de ser expropiada a parte que se destruiría para o ensanche da rúa da Porta da Vila. Museo das Mariñas, ca. 1900.

Durante os seguintes meses, Álvarez de Mendoza redactou o proxecto, emitindo un informe en 10 de agosto polo que di que «nuestro proyecto no puede ser más sencillo». Xa en sesión ordinaria de 25 de novembro, dáse conta do proxecto de ensanche, que contén memoria, un plano xeral da rúa e outro plano de aliñación[55]. Aínda que este expediente non se conserva no Arquivo Municipal de Betanzos, mediante a acta municipal dese día sábese que a nova aliñación de Álvarez de Mendoza contempla a demolición da parte da casa de Manuel Rodríguez e Raimundo Núñez.

Houbo que agardar ata mediados do seguinte ano para avanzar na concesión do legado. Por escritura pública de 11 de xuño de 1904, outorgada ante o notario Victor Valderrama Arias, fíxose entrega do legado de Portal ao concello, concorrendo tres partes: Ezequiel Núñez López e Antonio Álvarez Nóvoa, como albaceas do propio Portal; Eugenio Corral Golpe, como alcalde e representante do concello para recibir o legado; e Manuel Rodríguez e Raimundo Núñez, como propietarios da finca expropiada. A cantidade entregada foi de 34.858,20 pesetas debido á retención de Facenda, das cales 18.500 destinaríanse á indemnización de Manuel Rodríguez Rilo e 12.500 a Raimundo Núñez; en conclusión, o concello disporía dunhas 3.858,20 pesetas para as obras. Dous días despois, o concello di que «debe procurarse se ejecute á la mayor brevedad posible»[56], pensando seguramente en que unha das condicións do legado testamentario era que as obras de ensanche se realizasen no prazo máximo de dous anos, máis un prorrogable en caso de houber calquera incidente.

Ocorrida a expropiación, en 17 de xuño de 1904 o alcalde manda ao carpinteiro brigantino José Cagiao Taracido para taxar o custe da demolición, concluíndo que serían unhas 1.840 pesetas. Axiña se redactou o prego de condicións da obra e anunciouse a subasta para 24 de xuño de 1904, na que se presentaron mestres de distintos oficios: Ramón Rodríguez Vázquez, Serafín Fontela Núñez, José Souto Vázquez, Julio do Pico e Jacobo Crestar Faraldo, saíndo gañador este último por 747,00 pesetas.

Jacobo Crestar era recoñecido por ser mestre da Asociación Local de Canteiros e presidente de Sociedad Obrera. Nos seguintes anos, encargaríase de múltiples obras públicas municipais, así como de labrar a Fonte de Picachá, participar na construción das Escolas e Asilo García Irmáns, contribuír ás obras da casa de Dona Águeda ou construír o zócalo para o Palco da Música proxectado por Rafael González Villar (Torres Regueiro, 1998: 238).

Ao longo do verán de 1904 desaparecería o derradeiro fragmento que sobrevivía da Porta da Vila. As obras deberon de comezar entre a primeira e a segunda semana de xullo (fig. 17), pois o día 15 dáse conta no concello dunha instancia presentada por Raimundo Núñez solicitando que non lle tiren unha «pequeña parte que vuela» sobre a liña trazada para o ensanche, coa finalidade de «servirse durante la obra que se ejecute en los bajos»[57] .

O ensanche (fig. 18) tamén era ansiado entre os viaxeiros. Sobre isto, cabe rescatar unha nota turística escrita por José Bartolomé Vidal durante as festas do San Roque de 1904, cando as obras de demolición acabaran de finalizar:

> *Grata ha sido en verdad la impresión recibida cuando al penetrar en la alegre Plaza del Campo, pude ver la dilatación y ensanche que ha recibido la célebre Puerta de la Villa, aquella angosta calle, que en días feriados y festivos había, como quien dice, que almorzar fuerte y hacer intención para introducirse por ella en el interior de la ciudad y salir ilesos de entre aquella verdadera masa compacta de carne*

humana que mutuamente tenía que entablar batalla y emplear toda la estrategia imaginable para evitar cuando menos los magullamientos que eran de rigor [58].



Fig. 17. Parte da casa de Manuel Rodríguez Rilo e Raimundo Núñez Codesal, co escudo do Reino de Galicia, que se expropiou para a súa demolición e posterior ensanche da rúa da Porta da Vila. AMB, 2 de xullo de 1904.

Fig. 18. Postal da Praza de Arines –nome que recibía daquela a actual Praza García Irmáns– co ensanche da Porta da Vila xa efectuado. AMB,ca. 1905



7. Os proxectos de embaldosado

7.1. O proxecto de Juan Álvarez de Mendoza

Unha vez demolida a parte expropiada, procedeuse a reformar o antigo pavimento. Para iso, Álvarez de Mendoza presenta un proxecto en setembro de 1904 (fig. 19), no que se contempla a creación dunha nova beirarrúa na nova liña sobre o edificio derrubado.

Por conseguinte, o proxecto de Álvarez de Mendoza aprobouse en 14 de outubro. A subasta da contratación das obras anunciouse para o 17 de outubro, pero quedou deserta por falta de licitadores. Entón, a corporación celebrou unha segunda subasta o 25 de novembro, para a cal se ampliaba o crédito de 4.000 a 5.000 pesetas[59], pero esta quedou igualmente deserta. A ausencia de licitadores debeuse ao baixo prezo que se ofertaba para unha obra que realmente atendía un gasto maior de execución.

Ao mesmo tempo, Manuel Rodríguez decide reformar a súa casa, xa que xurdía unha nova fachada froito da demolición. Así, en 26 de outubro de 1904 presenta o seu proxecto de reedificar a casa, adxuntando un croquis asinado polo mestre de obras Francisco Vázquez (fig. 20).



Fig. 19. Juan Álvarez de Mendoza: Plano del embaldosado. AMB, c-520, setembro de 1904.



Fig. 20. Francisco Vázquez: Croquis do alzado para a reforma da fachada da casa de Manuel Rodríguez Rilo que dá á rúa da Porta da Vila. AMB, c-601, 26 de outubro de 1904.

O alzado presentado é o mesmo que se conserva a día de hoxe. Esta tipoloxía de fachada que se estableceu é a típica urbana, coetánea a das construcións de fins de século XIX na Coruña e Ferrol: planta baixa rasgada por un portal con cancela e dous vans con antepeitos de fundición, neste caso producidos na fábrica Las Maravillas de Miguel Muñoz Ortiz da rúa Juan Flórez da Coruña (fig. 21), que neses anos era unha das principais fornecedoras de balcóns, antepeitos, columnas e baixantes de ferro; primeira planta con balcón central flanqueado por sendos miradoiros de madeira; e planta alta con galería.



Fig. 21. Modelo de antepeito nº 2 do catálogo da fábrica de fundición *Las Maravillas* de Miguel Muñoz Ortiz da Coruña. Biblioteca da Real Academia Galega, F-37.

Esta organización dos voos de miradoiros e galería realmente aludía as Ordenanzas municipais de 1895, que á mesma vez eran practicamente copiadas das que existían na Coruña. Segundo o artigo 49 desta normativa municipal, autorizada pola autoridade provincial, «el vuelo de los balconcillos, miradores ó galerías que se construyan, no podrá exceder en las calles de primero y segundo orden de 0,50 metros en el piso principal y de 0,63 en el segundo y sucesivos»[60].

7.2. O proxecto de Francisco Javier Martínez Santiso

Demolida a parte que máis estorbaba ao tránsito na Porta da Vila, o embaldosado seguía sendo o antigo e urxía unha reforma que nunca daba chegado. Isto implicou un aluvión de críticas contra o concello, o que serviu para que o xornal La Aspiración cargase contra os edís betanceiros acusándoos de «parsimoniosos»[61].

O concello buscaba unha solución e decatouse de que as obras non podían executarse polo prezo e condicións en que se anunciara nas dúas anteriores subastas, así que procedeu a instruír un novo proxecto cuxo orzamento se elevou a 18.082,50 pesetas. O novo proxecto redactaríao en 30 de setembro de 1907 Francisco Javier Martínez Santiso, quen expón a colocación do novo embaldosado con pedras de granito procedentes do monte de San Antón de Parga, así como a construción dun elevado murete de contención con peitoril de ferro polo lado do Cantón e no seu centro unha escalinata de 4 ou 5 chanzos (figs. 22-26)[62]. Este proxecto foi, pois, o inicio do futuro proxecto que se levaría a cabo e que define a día de hoxe a conexión do Cantón coa Porta da Vila.



Fig. 22. Francisco Javier Martínez Santiso: Plano xeral para o *Proyecto de embaldosado de la Puerta de la Villa*; véxase a liña negra da antiga beirarrúa polo medio da Porta da Vila e en vermello a nova liña para a beirarrúa que propón e mais para as escaleiras de acceso ao cantón. AMB, c-520, 30 de setembro de 1907.



Fig. 23. Francisco Javier Martínez Santiso: Plano do lousado para o *Proyecto de embaldosado de la Puerta de la Villa.* AMB, c-520, 30 de setembro de 1907.



Fig. 24. Francisco Javier Martínez Santiso: Plano da numeración dos sillares que se pretendían traer de Parga para o *Proyecto de embaldosado de la Puerta de la Villa*. AMB, c-520, 30 de setembro de 1907



Fig. 25. Francisco Javier Martínez Santiso: Perfís transversais para o *Proyecto de embaldosado de la Puerta de la Villa*; véxase o nº 2 coa proxección das escaleiras ao cantón. AMB, c-520, 30 de setembro de 1907.



Fig. 26. Francisco JavierMartínez Santiso: Plano de rasantes para o Proyecto de embaldosado de la Puerta de la Villa; véxase o recheo entre o punto 1 e o 5. AMB, c-520, 30 de setembro de 1907.

Para darse de conta da urxencia do proxecto de embaldosado cómpre acudir á hemeroteca brigantina. A cantidade de sucidade que se acumulaba na Porta da Vila era preocupante, identificándose como un dos principais focos nos que brotaría unha endemia de varíola entre 1907 e 1908:

> *La calle que conduce a la Necrópolis, encuéntrase perpetuamente sirviendo una enfermedad infecciosa. No podemos asegurar, por carecer de conocimientos higiénicos, si la misma es de carácter endémico ó epidémico, aunque nos inclinamos por lo primero. ¿Remedio eficaz? Una barredura mensual por la cuadrilla de limpieza* [63].

A pesar de que a infección se expandiu na poboación, omitíanse as recomendacións hixiénicas e sanitarias que se comunicaban desde o concello:

> *Por fin la alcaldía publicó un bando llamando á la revacuna en la casa consistorial ordenando á todo el vecindario adoptasen esta precaucion contra la endemia variolosa reinante. Además se dictaron disposiciones contra la libre circulación de cerdos y gallinas por las calles, la saca de abonos y paso de carros de cangrejos por esta ciudad; pero todo ello como siempre resulta letra muerta, porque por una parte la sistemática rebeldía del vecindario y por otra la falta de energía de las autoridades son causa de toda disposición, ley ó acuerdo* [...]. *Los cerdos y las gallinas continúan paseándose del dia, en pleno Cantón y Puerta de la Villa se ven unos y otros como siempre tranquilamente discurriendo por aquellos parajes; los montones de estiércol se exhiben á las puertas de las casas por más o menos horas envenenando la atmósfera con las nocivas emanaciones de las sustancias orgáncias en descomposición y los carros cargados del cangrejo menudo vulgo «patexo»*[64].

En definitiva, os pestíferos fedores da Porta da Vila e o paupérrimo estado da súa superficie reflectían o mal estado no que se atopaba, se ben esta se debía en boa parte á falta de orzamentos.

7.3. O proxecto de Julio Galán y González Carvajal

O chan da Porta da Vila continuou en mal estado ata que en 7 de maio de 1909 a corporación municipal aproba o proxecto de escalinata de acceso ao Cantón e demais de embaldosado da Porta da Vila. Para iso, declárase director das obras a Julio Galán Carvajal, reputado arquitecto que daquela o era da Deputación Provincial da Coruña. Xa en 20 de xuño, convócase a subasta, presentándose como licitadores Manuel Sánchez Suárez, José Taracido Cagiao, Jacobo Carro y Carro e Jacobo Crestar. Novamente, o contratista foi Crestar, por unha proposición de 16.800,00 pesetas[65].

Desta volta, a prensa local continuaba co ton satírico sobre a tardanza das obras de perfeccionamento da desaparecida Porta da Vila:

La Puerta de la Villa
se empieza a arreglar ya,
y prontito veremos

esta calle acabar.
Ahora vien podemos
decir sin adular
que Betanzos prospera...
¡Bomba!
Pero a paso de can [66].

Sendo Crestar o contratista, procedeuse ao replanteo das obras. Así e todo, Galán Carvajal recibe o encargo de proxectar a escalinata de acceso ao Cantón. Formaliza o presuposto en 2 de xullo de 1910 cunha suma total de 13.708,80 pesetas. Finalmente, en setembro poríase fin ás obras, pero os membros da Xunta Local de Hixiene seguían sen atender os problemas de sucidade neste punto tan emblemático de Betanzos:

> *A pesar de que hace ya por lo menos dos semanas que se han terminado las obras de ampliación en la Puerta de la Villa,* [...] *la circulación y tránsito continúan interceptados por el centro de la calle con los sillares y escombros allí amontonados, y por las aceras con los puestos de pan y leche que por las mañanas allí se establecen, ocasionando molestias al transeúnte y perjuicios al tráfico industrial por la imposibilidad de circular por allí toda clase de vehículos. [...] los cerdos y gallinas continúan paseándose señorialmente por la ciudad, las estercoleras, pozos negros, letrinas é inmundas callejuelas siguen incólumes y tranquilamente emanando sus miasmas mortíferos* [68].

8. A excelencia do ornato na Porta da Vila: Galán Carvajal e a Fundición Wonemburger

Xunto coas obras de pavimentación, o Servizo Instrutivo de Construccións Civís da Deputación Provincial da Coruña propón ao concello un novo proxecto redactado por Galán Carvajal en 7 de maio de 1910 para a instalación de artísticas farolas de alumeado e varanda de ferro na Porta da Vila e entrada ao Cantón.

As obras consistirían en elaborar os 40,00 metros lineais de varanda de ferro fundido e forxado de 4,10 metros de alto, o pasamán de tubo de ferro galvanizado de 50 milímetros de diámetro, 9 columnas de ferro fundido para intercalar na varada, 2 columnas de ferro fundido combinado con forxados de 8,00 metros de alto desde a rasante do Cantón, dúas bichas de ferro fundido e 3 globos de vidro esmerilado preparados para alumeado con lámpadas eléctricas (fig. 27). Todo iso sumaba un custe de 4.548,25 pesetas.

De acordo co deseño, quedaba ben claro o gusto de Galán Carvajal, quen na Coruña xa experimentara con modelos semellantes a través da fundición Wonemburger, o que axudou, así mesmo, a introducir o modernismo centroeuropeo na cidade herculina e en Galicia. Por exemplo, as características bichas aprécianse de maneira semellante nos montantes do Kiosko Alfonso, un modelo que triunfou no modernismo que espallou esta fundición por toda Galicia, mesmo con outros arquitectos, como se pode ver no montante da casa número 12 da rúa ferrol da Coruña proxectada por Eduardo Rodríguez-Losada.

A proposición gustou na comisión permanente de obras municipal, que estaba integrada por Saturnino Feal Barro, Valentín Pita Pandelo, Eugenio Corral Golpe, Laureano Pérez Vales, Manuel Becaría Vázquez e Joaquín Peña. Así e todo, en sesión de 20 de maio de 1910 cualificouse como «una obra completa de buen gusto y que acreditan las competencias de su autor en la difícil profesión que ejerce». Non obstante, o concello

realiza unha contraoferta á Deputación en 10 de xuño debido á súa escaseza orzamentaria, rogando ao reputado arquitecto que «firme otro mas sencillo» máis barato e se fora posible «de tan buen gusto».



Fig. 27. Julio Galán Carvajal: *Croquis de farolas y verja para Betanzos* [1ª proposta e finalmente a realizada]. AMB, c-1036, 7 de maio de 1910.

En 11 de xullo a Deputación remite ao concello un novo proxecto moito máis sinxelo (fig. 28), salientando a ausencia das bichas e da ornamentación nas farolas. Agora, a obra valería 2.794,50 pesetas, unha rebaixa considerable de 1.753,75 pesetas.



Fig. 28. Julio Galán Carvajal: *Croquis de farolas y verja para Betanzos* [2ª proposta]. AMB, c-1036, 7 de maio de 1910.

Ante esta nova proposta, a comisión permanente de obras municipal rectifica na súa contraoferta e en 26 de xullo decide aceptar o proxecto primitivo a pesar de ser máis caro. A causa que xustifican para desbotar o novo proxecto é que:

> *Aun cuando el Ayuntamiento no cuenta con muchos recursos, en beneficio del ornato público y de los intereses morales y materiales de la población, debe hacer sacrificio de 1.753,75 pesetas, que es la diferencia que resulta entre el presupuesto primeramente formado y el de que es objeto este dictámen*[68].

Non obstante, esta decisión non gustou a Joaquín Peña, un dos membros da comisión, alegando que:

> *Teniendo pues en cuenta que este proyecto por su solidez, esbeltez y elegancia, así como por su buena condicion de que no puede ser deposito de inmundicias ni peligroso para los vestidos, el que suscribe tiene el honor de proponer al Ayuntamiento se sirva acordar como al principio tengo solicitado, ó sea que acepte el segundo proyecto, que además de encajar mejor en los recursos municipales, su conservación y reparación, encaja tambien en los acuerdos que por unanimidad se han tomado*[69].

Isto implicou unha longa discusión durante a sesión ordinaria de 29 de xullo. Obcecado Joaquín Peña en negarse a financiar o proxecto primitivo de Galán Carvajal, o alcalde Calixto Leis Ponte procedeu a votación particular entre os membros da comisión, estando os sete membros restantes a favor do primeiro proxecto de Galán Carvajal e só Peña en contra.

Redactado o prego de condicións económicas que coas facultativas habían de rexer para a execución do proxecto, o concello saca a subasta pública as obras para o 19 de febrero de 1911. Presentouse Juan Wonemburger Varela primeiramente pola cantidade estipulada no proxecto (4.548,25 pesetas), pero seguidamente tamén se presentou Manuel Sánchez Suárez cunha rebaixa de 200 pesetas, o que obrigou a Juan Wonemburger a presentar outra proposición por 4.490,00 pesetas. Finalmente, foi adxudicada a Juan Wonemburger, como era frecuente nas obras de Galán Carvajal. As obras executáronse durante o verán de 1911, asinando a certificación da finalización das obras en 5 de setembro (fig. 29).

Cabe resaltar o papel da fundición Wonemburger en Betanzos, xa que anos despois tamén se encargaría de realizar as farolas da Praza do Campo, así como numerosas pezas para casas particulares. Como resultado, o urbanismo de Betanzos situábase nun dos exemplos máis adiantados do modernismo en Galicia grazas ás sofisticadas pezas deseñadas por Galán Carvajal e modeladas e producidas na fundición Wonemburger (figs. 30-33).

Ademais, Betanzos vía incrementar o alumeado eléctrico público, o cal comezara a distribuirse en Betanzos desde 1898 por medio da «Fábrica de Electricidad y Serrería Mecánica J.L. Corton y Compañía». Para facerse unha idea da expansión deste avance tecnolóxico, en 1900 había un total de 110 lámpadas públicas de luz eléctrica en todo o concello[70], namentres que en 1919 se rexistran un total de 233[71]. O crecemento foi, pois, paulatino e constante.



Fig. 29. Foto Blanco: Reixa modernista, proxectada por Galán Carvajal e realizada na fundición Wonemburger pechando a rúa dos Ferradores; ao fondo, a casa Cortiña en derrubamento. AMB, fondo Vales Villamarín, 1961



Fig. 30. Farola e reixa modernistas, proxectadas por Julio Galán Carvajal e realizada na fundición Wonenburger (Wonenburger Canosa, 1920: 14).



Fig. 31. Farola proxectada por Julio Galán Carvajal e realizada na fundición Wonemburger; véxase a ausencia dos globos esmerilados que iluminaban en detrimento dos clásicos farois instalados décadas despois. Foto do autor, 2022.



Fig. 32. As bichas proxectadas por Julio Galán Carvajal e realizadas na fundición Wonemburger. Foto do autor, 2022.



Fig. 33. Detalle decorativo da farola. Foto do autor, 2022.

9. O cumio das obras: a colocación do escudo do Reino de Galicia

Xa eliminadas as partes das vivendas que obstruían o paso da Porta da Vila, a súa muralla de contención quedaba vista. Así, durante o mes de agosto de 1913 procedeuse ao seu recebo e posterior caleado, porque ata este último momento a súa «ruinosa apariencia era un borrón de fealdad en aquella hermosa vía pública, y en cuyas anchurosas grietas crecían libremente las plantas parásitas»[72].

Ademais, con esta intervención colocouse definitivamente o escudo do Reino de Galicia xunto co da Cidade de Betanzos e o da Coroa de Castela (fig. 34). Afortunadamente, tras a demolición da parte da casa de Manuel Rodríguez Rilo que se necesitou derrubar para o ensanche, o escudo do Reino de Galicia gardouse «en un arcón de la casa consistorial» que estaba a carón de «otras reliquias de nuestras antiguas bellezas estilistas de la arquitectura urbana en las pasadas edades»[73].

Unha vez finalizada esta última obra, mesmo se suscitou a idea de homenaxear a José Ildefonso Portal pola doazón das 40.000 pesetas que realizado ao concello en 1903 para financiar as obras de ensanche, pero finalmente non se levou a cabo. Foi así como quedou a Porta da Vila ata a actualidade, mesmo empregándose os seus muros para a colada de publicidade (fig. 35), concepto que no presente sería impensable e inconcibible por ser un dos espazos máis nobres da cidade.



Fig. 34. Os tres escudos colocados na situación actual, maio ou xuño de 1929. AMB.

Fig. 35. Francisco Javier Martínez Santiso: A Porta da Vila nas festas do San Roque cos seus muros repletos de carteis publicitarios onde outrora era a entrada ao interior da cidade. AMB, ca. 1930.



10. Conclusións

Este estudo pretende amosar con claridade a historia destrutiva, evolución e transformación da Porta da Vila desde a súa construción ata a súa conversión en rúa ensanchada, un proceso que, como se puido ler, contén numerosas variacións. Un proceso longo, que mesmo se pode encadrar entre 1865 e 1913, que, realmente, define a tendencia oitocentista de eliminación das fortificacións urbanas en detrimento dunha mellor sanidade, hixiene e comodidade.

De toda esta historia, o que máis pode estrañar son os desexos de que toda a poboación brigantina tiña por desfacerse da antiga Porta da Vila. Neste sentido, hai que ter en consideración que os criterios conservacionistas sobre a apreciación do patrimonio cultural da nosa sociedade do século XXI non son os mesmos que os dunha poboación que dificilmente pasaba cada día entre carros e animais pola porta, sendo aínda peor na meirande parte do ano coas chuvias, que empeoraban o seu camiño para a inestabilidade das persoas. Certamente, se se mantivese en pé a porta e murallas medievais, sería un auténtico tesouro que lle dotaría dunha maior singularidade a Betanzos, pero ese non foi o resultado nin no seu momento se quixo. Así pois, para coñecer o legado dos nosos antepasados, hai que concibir as nosas cidades e vilas como núcleos habitacionais activos que evolucionan ao longo da historia, e, polo tanto, entender as transformacións destas arquitecturas que xa desapareceron, pero procurando salvar aquelas que cos criterios do presente podemos aínda rescatar do esvaecemento, das que, por desgraza, abondan.

NOTAS

[1] La Voz de Galicia, «Torreón medieval al descubierto», nº 36.480, 28 de xuño de 1994, p. 44.
[2] Véxase esta imaxe en: Núñez-Varela, 1994: 23.
[3] Arquivo Municipal de Betanzos (en adiante, AMB), Fondo Vales Villamarín, c-13, sobre 2.
[4] AMB, c-27, Libro de actas municipais de 1865, 19 de xuño de 1865, fol. 39rº.
[5] AMB, c-517, *Espediente formado para el ensanche de la Puerta de la Ciudad y espropiacion de la Casa de Dª. Josefa Nuñez Rilo y de su sobrina Dª. Carmen Somoza Rilo, que en numero de 67 hojas fue remitido al Juzgado de Primera Instancia en 3 de Marzo de 1873 con dos planos y una escala del Arquitecto provincial á los fines de la tasación. Hallase dicho espediente en la escribanía de Dn. Juan Arines Montenegro y bajo esta Carpeta los oficios ó causas de recibo de dicho espediente y del plano general de ensanche alzado por el Arquitecto Dn. Juan de Ciórraga,* decembro 1872, s/f.
[6] AMB, *Padrón de amillaramiento de la de la riqueza inmueble correspondiente a los vecinos de la misma y año económico de 1870 a 1875*, fol. 23rº.
[7] *La Voz de Galicia*, S/t, nº 355, 5 de xaneiro de 1883, p. 4.
[8] AMB, c-597, *Carmen Somoza Rilo y Manuel Rodríguez Rilo: Construir galería en sustitución de balcones y ventanas. Cantón Plaza del Campo y Puerta de la Villa*, 1872.
[9] Archivo Histórico de Protocolos del Ilustre Colegio Notarial de Galicia (en adiante, AHP), Betanzos, Manuel García Bendoyro, 3.981, nº 42, 20 de maio de 1872. V*enta de Dª.. Joaquina Ramos Quiroga a favor de Dn. Marcial Núñez Taboada del segundo y tercer piso y dos almenas de una casa sita en la plazuela del horno de esta ciudad,* fols. 167rº-170rº.
[10] *Idem.*
[11] AHP, Betanzos, Agustín Núñez Taboada, 4.052, nº 259, 24 de decembro de 1862. *Partija que otorgaron la Señora Doña María de los Dolores Quiroga y Pardo, viúda del Doctor Don Juan María Ramos y Chás, y sus hijos ál Licenciado en jurisprudencia Don Marcial Ramos Quiroga y Doña*

Joaquina Ramos Quiroga, esta con su cuidador Don Salvador Ángel Cordero, de la fincabilidad del Don Juan, fols. 749rº-912rº.

[12] AHP, A Coruña, Antonio María Laya, 9.908, nº 202, 11 de abril de 1860, *Escritura de redención otorgada en esta Ciudad á Dª. Maria de los Dolores Quiroga de la ciudad de Betanzos por bienes en dicha Ciudad, fols.* 1.174rº-1.179vº.

[13] AHP, Betanzos, Manuel García Bendoyro, *op. cit.*

[14] *Idem.*

[15] AMB, c-517, *Espediente formado para la demolición de la casa nº1 de la plazuela del horno, almenas de la misma y los arcos de la puerta de la ciudad, con todas sus incidencias. Ayuntamiento de Betanzos. Año de 1872*, 3 de xuño de 1872.

[16] AHP, Betanzos, Pedro Valeiro, 4.201, nº 113, *Cesion de una casa a favor del ultimo que acetó como síndico del Ilustre Ayuntamiento para este,* fols. 391rº-394vº.

[17] AMB, c-517, *Memoria de José María Carro*, 30 de xuño de 1872.

[18] AMB, c-517: *Espediente formado para la construcción y remate a Luis Pardo Cachaza de la calle que nombran del Pinche,* 1871); *Espediente formado para el remate de una calzada que quiso frente al edificio Archivo, hecho en favor de Luis Pardo Cachaza de esta Ciudad,* 1872).

[19] AMB, c-28, Libro de actas municipais de 1872, 5 de agosto de 1872, fols. 53vº-54rº.

[20] AMB, c-28, Libro de actas municipais de 1872, 27 de agosto de 1872, fol. 56rº.

[21] AMB, c-28, Libro de actas municipais de 1872, 9 de setembro de 1872, fols. 58vº-59rº.

[22] AMB, c-28, Libro de actas municipais de 1872, 15 de outubro de 1872, fols. 64vº-66vº.

[23] AMB, c-28, Libro de actas municipais de 1872, 29 de outubro de 1872, fols. 67vº-68rº.

[24] AMB, c-28, Libro de actas municipais de 1872, 26 de novembro de 1872, fols. 73rº-73vº.

[25] AMB, c-28, Libro de actas municipais de 1872, 13 de decembro de 1872, fol. 76vº.

[26] AMB, c-28, Libro de actas municipais de 1873, 18 de marzo de 1873, s/f.

[27] AMB, c-28, Libro de actas municipais de 1873, 6 de maio de 1872, s/f.

[28] AMB, c-28, Libro de actas municipais de 1873, 13 de maio de 1873, s/f.

[29] AMB, c-28, Libro de actas municipais de 1873, 8 de xullo de 1873, s/f.

[30] AMB, c-28, Libro de actas municipais de 1873, 15 de xullo de 1873, s/f.

[31] AMB, c-28, Libro de actas municipais de 1873, 24 de setembro de 1873, fols. 17vº-18rº.

[32] AMB, c-28, Libro de actas municipais de 1873, 8 de outubro de 1873, fols. 23rº-24rº.

[33] AMB, c-28, Libro de actas municipais de 1873, 17 de decembro de 1873, fol. 42 vº.

[34] AMB, c-28, Libro de actas municipais de 1873, 31 de decembro de 1873, fol. 44vº.

[35] AMB, c-28, Libro de actas municipais de 1874, 29 de abril de 1874, s/f.

[36] AMB, c-28, Libro de actas municipais de 1874, 14 de outubro de 1874, fols. 82vº-83rº.

[37] AMB, c-517, *Espediente instruido por correspondencia de una solicitud inscrita por un numero crecido de vecinos, pidiendo se comience ensanche Puerta de la Villa,* 1877.

[38] *El Censor: Periódico semanal de intereses materiales, noticias y anuncios*, s/t, nº 42, 1 de decembro de 1884, p. 2.

[39] AMB, c-518, *Espediente formado para el remate de la adquisición y colocación de una barandilla de yerro desde la esquina de la casa de D. Eugenio Naveira por la acera que dá frente á la plazuela titulada de Villar en la plaza del Campo de esta Ciudad hasta frente á los Soportales de dicha plaza, o fuente de unta*, 1884.

[40] AMB, c-518, *Espediente formado para el remate de un trozo de calle de la nombrada Puerta de la Villa dando paso á las de Ruatraviesa y Plateros, hasta la esquina de las casas de Dª. Elena Serrano y Srtas. De Muro*, 1882.

[41] AMB, c-518, *Proyecto de reforma de la plaza de Cassola de la Ciudad de Betanzos,* 1895.

[42] *El Mendo: Diario de Betanzos*, s/t, nº 106, 19 de setembro de 1890, pp. 3-4.

[43] AMB, c-598, *Espediente instruido con motivo de una solicitud presentada por Don Raimundo Nuñez Codesal en suplica de que s ele conceda licencia para abrir dos luces en la pared lateral de la casa de su propiedad sita en la plaza de Cassola nº 40,* 1893.

[44] *El Mendo: Diario de Betanzos,* s/t, nº 125, 10 de novembro de 1890, p. 3.

[45] *El Mendo: Diario de Betanzos,* s/t, nº 210, 25 de xaneiro de 1891, p. 2.
[46] *El Mendo: Diario de Betanzos*, s/t, nº 270, 11 de abril de 1891, p. 2.
[47] *El Progreso: Órgano del Partido Liberal Brigantino,* s/t, nº 35, 23 de xuño de 1901, p. 1.
[48] *El Progreso: Órgano del Partido Liberal Brigantino,* s/t, nº 30, 2 de xuño de 1901, p. 2.
[49] *Otro Pueblo: Órgano del Partido Liberal Brigantino*, s/t, nº 17, 17 de xaneiro de 1902, p. 1.
[50] *El Pueblo: Órgano independiente de esta localidad,* «Ensanche de la Puerta de la Villa», nº 72, 15 de febrero de 1902, p. 2.
[51] AHP, Betanzos, Luis Sánchez Miramontes, 1903-1, nº 143, 12 de abril de 1903, *Dn. José Ildefonso Portal Montenegro, vecino de Betanzos, su testamento*, fols. 594rº-597rº.
[52] *La Voz de Galicia,* «Un protector de Betanzos», nº 6.980, 18 de abril de 1903, p. 1.
[53] AMB, c-38, Libro de actas municipais de 1903, 25 de maio de 1903, fols. 133vº-135rº.
[54] AMB, c-38, Libro de actas municipais de 1903, 8 de xuño de 1903, fols. 156vº-157rº.
[55] AMB, c-38, Libro de actas municipais de 1903, 25 de novembro de 1903, s/f.
[56] AMB, c-38, Libro de actas municipais de 1904, 8 de xuño de 1904, fol. 194rº.
[57] AMB, c-38, Libro de actas municipais de 1904, 15 de xullo e 5 de agosto de 1904, fols. 22rº e 30vº-31rº.
[58] *La Aspiración: Periódico independiente de esta localidad,* «Impresiones de un viaje», nº 21, 21 de agosto de 1904, p. 1.
[59] AMB, c-39, Libro de actas municipais de 1904, 18 de novembro de 1904, fol. 94vº.
[60] AMB, c-1, *Ordenanzas municipais de 1895.*
[61] *La Aspiración: Periódico independiente de esta localidad*, «Hay que hacer algo», nº 158, 14 de abril de 1907, p. 1.
[62] AMB, Memoria e orzamento do proxecto de F.J. Martínez Santiso, 1907.
[63] *La Aspiración: Periódico independiente de esta localidad*, s/t, nº 175, 8 de novembro de 1907, p. 2.
[64] *La Aspiración: Periódico independiente de esta localidad*, s/t, nº 264, 11 de outubro de 1908, p. 2.
[65] AMB, c-520, *Relación valorada de las obras ejecutadas para el embaldosado de la Puerta de la Villa de Betanzos,* 1909.
[66] *La Aspiración: Periódico independiente de esta localidad,* «Caricias: Couplets con música de la zarzuela "Ruido de Campanas"», nº 322, 31 de outubro de 1909, p. 3.
[67] La Aspiración: *Periódico independiente de esta localidad*, s/t, nº 570, 9 de outubro de 1910, p. 3.
[68] AMB, c-1036, *Espediente instruido con motivo de la construcción de barandillas y soportes para alumbrado en la Puerta de la Villa; cuya construcción acordó la Corporación en sesión de 29 de Julio de 1910; Informe de la comisión permanente del Ayuntamiento de Betanzos de 10 de julio de 1910.*
[69] *Idem.*
[70] AMB, c-1036, *Inventario del estado en que se encuentran los faroles del alumbrado público*, 29 de maio de 1900.
[71] AMB, c-1036, *Relación de lámparas de luz eléctrica que existen en las diferentes calles, plazas y paseos públicos de esta Ciudad*, 10 de xullo de 1919.
[72] *Nueva Era: Órgano de opinión pública brigantina*, s/t, nº 54, 10 de agosto de 1913, p. 2.
[73] *Idem.*

BIBLIOGRAFÍA

BARREIRO MALLÓN, Baudilio; REY CASTELAO, Ofelia (2010): «El incendio de Betanzos de 1616». *Anuario Brigantino*, nº 33, pp. 145-177.
GARCÍA GONZÁLEZ-LEDO, Xosé Antón (1981): «Apuntes para unha biografía». *Anuario Brigantino*, nº 4, pp. 27-31.
ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo (1985): «Evolución dos nomes das rúas nunha cidade antiga de Galicia: Betanzos». *Anuario Brigantino,* nº 18, pp. 29-60.
ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo; VEIGA FERREIRA, Xosé María (2002): «Betanzos y su provincia en la época del emperador Carlos V». *Anuario Brigantino*, nº 25, pp. 29-60.
MADOZ IBÁÑEZ, Pascual (1846): *Diccionario geográfico, estadístico, histórico de España y sus posesiones de Ultramar,* v. IV. Est. Literario-Tipográfico de P. Madoz y L. Sagasti, Madrid.
MARTÍNEZ SANTISO, Manuel (1892): *Historia de la Ciudad de Betanzos*. Imprenta Sucesores de Castañeira, Betanzos.
NÚÑEZ-VARELA Y LENDOIRO, José Raimundo (1985): *Betanzos de los Caballeros y sus Mariñas*. León, Editorial Everest.
- (1994): *Betanzos de los Caballeros: La Muralla, la Puerta Real y la Calle de la Plaza Mayor*. Edición do autor, Betanzos.
- (2013): *La ocupación de Betanzos y su tierra por los franceses en 1809: 163 días de suplicio en la voz del pueblo.* Ayuntamiento de Betanzos, Betanzos.
- (2015): *Morfología urbana de Betanzos de los Caballeros: Extramuros. Aproximación documental.* Ayuntamiento de Betanzos, Betanzos.
SORALUCE BLOND, José Ramón (1985): *Castillos y fortificaciones de Galicia: La arquitectura militar de los siglos XVI-XVIII.* Fundación Pedro Barrié de la Maza, La Coruña.
TORRES REGUEIRO, Xesús (1995): «A construcción da fonte de Diana». *Anuario Brigantino,* nº 18, pp. 129-142.
- «Os inicios do movemento obreiro e agrario en Betanzos (1899-1919)». *Anuario Brigantino,* nº 21, pp. 183-240.
VALES VILLAMARÍN, Francisco (1953): «Bosquejo histórico de Betanzos de los Caballeros». *Faro de Vigo: Número especial conmemorativo (1853-1953).* Imp. Faro de Vigo, Vigo.
- (1970): «Un temible enemigo de Betanzos». *Boletín de la Real Academia Gallega,* nº 352. Real Academia Gallega, La Coruña.
VILAR RODRÍGUEZ, Margarita; LINDOSO TATO, Elvira (2008): «Análisis comparado de dos elites brigantinas: la trayectoria empresarial de los Núñez y los Etcheverría desde una perspectiva histórica (c. 1717-1955)». *Anuario Brigantino*, nº 31, pp. 111-138.
WONENBURGER CANOSA, Julio (1920): «Voluntad», *Revista Vida*, nº 1, pp. 13-15.

Os deportados galegos nos campos de concentración da Alemaña nazi (1940-1945)

O caso da comarca de Betanzos

ALBA GARRIDO FERNÁNDEZ*

CARLOS LOZANO GONZÁLEZ**

Sumario

O estudo das experiencias e traxectorias vitais dos galegos deportados aos campos de concentración da Alemaña nazi converteuse nunha necesaria investigación histórica que responda ás demandas da sociedade actual. A través do labor histórico, procuramos encher o baleiro historiográfico existente para o marco galego, e o exemplo da comarca de Betanzos permite observar as primeiras pegadas dun proxecto de longo percorrido en curso.

Abstract

The study of the experiences and life trajectories of Galicians deported to the concentration camps of Nazi Germany has become a necessary historical research that responds to the demands of today's society. Through historical work, we try to fill the existing historiographical gap for the Galician framework, and the example of Betanzos allows us to observe the first traces of a long-term project in progress.

Keywords: Spanish Civil War, Nazi concentration camps, Holocaust, Galicia

---

* **Alba Garrido Fernández** (Ourense, 1997). Graduada en Historia e Mestrado de Historia Contemporánea pola Universidade de Santiago de Compostela, así como Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria na Universidade de Vigo. As súas liñas de investigación céntranse nos camiños do exilio republicano dende o golpe de estado de 1936 e nas experiencias vitais dos deportados aos campos de concentración da Alemaña nazi, amais de estudar os tipos de resistencia a devandito golpe en Galicia, traballo que está a desenvolver no programa de doutoramento de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela.

** **Carlos Lozano González** (Palencia, 1996). Graduado en Xeografía e Historia e titulado no Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria pola Universidade de Vigo, amais de realizar o Mestrado en Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela. Ten participado en diversos proxectos de investigación da Facultade de Historia de Ourense sobre poder e elites locais no s. XX, publicando o libro Crónica de una caída: La destitución de Alcalá Zamora (Editorial Académica Española, 2018). Seguindo a liña do estudo da evolución, continuidade e ruptura do control do poder municipal nos séculos XIX e XX na provincia ourensá, colaboro habitualmente en Fronda: A voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense. Actualmente traballa como docente no ensino secundario e está a realizar o doutoramento en Protección do Patrimonio Cultural da Universidade de Vigo co proxecto de tese titulado A deputación provincial de Ourense: elites, territorio e poder na Idade Contemporánea.

O XERMOLO DA INVESTIGACIÓN: FONTE, METODOLOXÍA E RESULTADOS

A investigación que serve como base para a elaboración desta análise microhistórica centrada na comarca de Betanzos é o traballo de fin de mestrado «Estudo das traxectorias e experiencias vitais dos galegos que foron deportados a campos de concentración da Alemaña Nazi (1940-1945)», presentado na facultade de Xeografía e Historia de Santiago de Compostela e que se atopa baixo proxecto de doutoramento. Este responde a unha análise histórica, tanto cuantitativa como biográfica, dos galegos que coñeceron o universo concentracionario nazi no marco da II Guerra Mundial.

A historiografía sobre o exilio galego centrouse nesa parte que, condicionada tanto polas redes microsociais trazadas pola propia experiencia da mobilidade xeográfica como pola influencia que exercen as colectividades de emigrantes en América, se decanta polo outro lado do Atlántico. De cotío afírmase que a práctica ausencia de fronte de combate en Galicia, xunto coa situación xeopolítica do territorio, non sempre leva a que o exilio galego comparta esa experiencia miliciana ou o combate na guerra. Trataríase, pois, dun exilio que procura unha vía directa entre Portugal e América ou Galicia e América, amosando unha menor tendencia a permanecer en Europa. Namentres, xa fora por falta de oportunidades, tempo ou azar, non todos os galegos que abandonaron o territorio co estalido do golpe de 1936, ou con anterioridade por motivos económicos, puideron partir cara terras americanas.

Foi obxecto desta investigación a análise das orixes, perfís socioeconómicos, profesionais e políticos que presentan os deportados; do seu papel durante o conflito civil (1936-1939), das tendencias de saída do territorio español e das actividades que desenvolven unha vez se atopan, na súa maioría, en territorio francés. Procuramos que isto nos permitira trazar perfís comúns entre as personalidades analizadas coa finalidade de comprender o seu destino e proporcionar unha recompilación de nomes e traxectorias que atopamos a este respecto. Isto último, funciona como base da investigación a través dunha base da datos na que se recollen variables que nos permiten reconstruír o periplo vital de cada persoa.

No baleirado de información foron esenciais a obra de Benito Bermejo e Sandra Checa (2006), as investigacións sobre as áreas de Ferrolterra, Eume e Ortegal do historiador Enrique Barrera (2007; 2012) ou a de Emilio Calle e Ada Simón (2005), a cal nos aporta información respecto ás fuxidas en barco dende terras galegas. Para completar a recompilación total dos 208 nomes, foron fundamentais as novas recollidas nos xornais e documento s históricos ata a actualidade. Amais, a ARMH de Galicia conta con diferentes grupos de traballo e difusión neste campo para as catro provincias galegas, destacando especialmente os casos de Ourense e Pontevedra. Unha vez recollidos todos os nomes, a busca indagou no percorrido de cada un. En canto aos concellos de orixe dos deportados, puidemos reconstruír o de 201, descoñecendo ou dubidando sete, cuestión que tentamos atallar a través do contacto coa administración municipal. Por outra banda, a consulta no Centro Documental de Memoria Histórica de Salamanca a través do Portal de Arquivos Españois facilitou a aproximación ao coñecemento da afiliación política e participación no conflito civil de varios deportados. Igualmente, no referente á participación na guerra, foi fundamental a obra de Santiago Álvarez (1989) na que se recolle unha lista de participantes nas Milicias Galegas entre os que se atopaban algunhas das persoas analizadas. Na Biblioteca Virtual de Defensa atopamos información relativa á profesión, periplo na guerra e trámites referidos á xubilación levados a cabo logo do franquismo

dos que formaban parte do exército e dos milicianos integrados posteriormente no Exército Popular da República. A busca tamén se centrou na base de datos Nomes e Voces, proxecto de investigación levado a cabo dende 2006 por un grupo de historiadores galegos especialistas na represión en Galicia. Por outra banda, no arquivo da USC Terra e Memoria contamos con fontes orais en relación coa guerra e a ditadura, mais non atopamos reflectida a experiencia algunha de galegos que remataran nos campos do III Reich.

Finalizado o baleirado e plasmado na base de datos, pareceunos pertinente reflectilos a través dunha serie de gráficos que nos permiten unha análise máis detallada e visual das principais cuestións (data de nacemento, número de deportados por concello, afiliación política, ano de saída do territorio español, participación na guerra, participación na Resistencia, nas CTE e na Lexión Estranxeira, ano de deportación, relación entre os diferentes campos de concentración, falecidos e data de pasamento, etc.). Amais, a partir dos datos cartográficos do IGN elaboramos un mapa de coropletas do territorio galego no que se amosa, mediante unha escala cuantitativa, o número de deportados galegos por concello. Isto permítenos interpretar de xeito máis doado a información recompilada e tratar os datos de xeito comparativo entre as diferentes comarcas e concellos, así como amosar os resultados dun xeito máis visual. A partir de aquí procuramos as causas que poderían levar a este desenlace dentro das dinámicas propias de cada territorio.



Fig. 1. Deportados galegos aos campos de concentración nazis (1940-1945) (Elaboración propia).

Como observamos no mapa, a maior concentración de deportados en Galicia corresponde coas urbes da Coruña (21), Vigo (14), Ferrol (9) e Pontevedra (7). A nivel comarcal e rexional, destacan as áreas da costa Ártabra, a costa da Morte e as Rías Baixas, espazos cun gran dinamismo sociopolítico, sendo senlleiros os concellos da Coruña, Vigo, Ferrol, A Pobra do Caramiñal (7), Vilagarcía de Arousa (5), Mugardos (5), Dumbría (4), Redondela (4) ou Ribeira (4). Tamén destacan as zonas interiores de Ourense, caso de Entrimo (4), Monterrei (3), O Larouco (3) e Paderne de Allariz (3); e de Lugo, tal como amosa a capital (5), Cervantes (5), Becerreá (4) ou Ribas de Sil (3). Pola contra, apreciamos un baleiro en comarcas como a Terra Chá, Deza, Viana ou Terra de Melide.

ESTUDO DE CASO: A COMARCA DE BETANZOS

E para achegarnos ao caso dos deportados naturais da comarca coruñesa de Betanzos, a través dunha perspectiva microhistórica e mesmo biográfica dentro das limitacións coas que nos achamos, pretendemos amosar unha mostra dos resultados que acadamos até hoxe.

Unha apreciación xeral

Atendendo á actual composición municipal da devandita comarca, esta componse polos concellos de Aranga, Betanzos, Coirós, Curtis, Irixoa, Miño, Oza-Cesuras, Paderne, Vilarmaior e Vilasantar. Partindo desta información, os primeiros datos xerais amósannos que tres destes municipios (Betanzos, Paderne e Vilasantar) reportaron persoas aos campos de concentracións nazis. A capital brigantina, a máis numerosa en poboación tanto en 1936 como na actualidade, amosa dous casos, os de José Naveira Campos e Felipe Noguerol Otero; mentres que os outros dous concellos presentan un caso cada un: José González Regueiro de Paderne e José López Rama de Vilasantar. Con isto, no contexto provincial a comarca aporta 3 dos 30 concellos afectados na Coruña polo momento e 4 das 83 persoas deportadas da provincia, representando un 5% do total coruñés e un 1,92% do total galego coñecido ata hoxe (208).

Noutra beira, o rango de idade no que se movían estas catro persoas durante a guerra civil en España (1936-1939) e no intre das súas deportacións aos campos (1940-1945) situábase entre os 25 e 35 anos, xa que naceron entre a fin da década de 1900 e o comezo da seguinte, correspondendo co arco temporal maioritario se o comparamos co resto de casos analizados. En ligazón con isto, sabemos que Felipe Noguerol Otero, de 23 anos no intre do golpe militar de xullo de 1936, combateu no bando republicano na posterior contenda civil, sendo o único exemplo dentro dos deportados da comarca e un dos 69 casos semellantes que coñecemos dentro da actual investigación. En referencia aos campos de concentración onde foron deportados, cabe sinalar que 3 dos 4 deportados acabaron no campo de Mauthausen para posteriormente seren trasladados ao subcampo de Gusen, onde pereceron; mentres que Felipe Noguerol Otero acabou en Sachsenhausen e chegou a ser liberado en 1945.

No caso dos betanceiros que acabaron en Mauthausen, José Naveira Campos e José González Regueiro xa compartiran unha estadía previa nun *stalag* situado preto da urbe francesa de Estrasburgo antes da deportación na mesma data (13/12/1940). Namentres, José López Rama partiu ao campo de exterminio nazi a fins de abril de 1941 desde o stalag localizado en Altengrabow (Alemaña). Sinalar que a primeira data corresponde co maior traslado a Mauthausen de españois feitos presos en Francia trala invasión nazi no verán

de 1940: 850 dos 4.408 españois (110 galegos) que foron deportados entre decembro de 1940 e abril de 1941. Polo tanto, os tres forman parte do principal e primixenio grupo de galegos que acabaron en Gusen do total de 117 que foron transportados ao subcampo desde Mauthausen ata a fin da guerra. En total, ao campo principal chegaron un total de 154 galegos se sumamos os que non acabaron en Gusen, sendo con claridade o complexo de exterminio nazi que máis galegos acolleu (Garrido, 2021: 66). Do mesmo xeito, estes casos seguen a liña maioritaria dentro das datas de falecemento, xa que o 57% dos pasamentos de galegos nos campos entre 1940 e 1945 deuse en 1941; á vez que pereceron no lugar con maior mortaldade para este colectivo: 91 dos 117 que acabaron en Gusen, morreron.

Finalmente, o caso de Felipe Noguerol Otero podémolo alcumar como senlleiro. Deixando os datos biográficos para o seguinte subapartado, o mariño betanceiro foi un dos 6 galegos que acabaron no campo berlinés, sendo un dos 3 que sobreviviron ata a liberación. Malia que chegou en abril de 1943 ao campo, non formou parte de ningunha das tres viaxes que organizaron os nazis nese mes desde o *stalag* francés de Compiègne, chegando o día 28 931 persoas, 10 delas españolas. En total, desde a prisión gala chegaron 66 españois, mais o número ascendería a un total de 200 ata maio de 1945 xa que procedían doutros campos ou subcampos, situándose o noso betanceiro dentro desta liña.

Procura na noite: José Naveira Campos, José González Regueiro e José López Rama

Afondando nos nosos propósitos, malia a escaseza actual dos datos biográficos e administrativos atopados ata o momento de José Naveira Campos, José González Regueiro e José López Rama, intentamos amosar unha visión xeral destes tres deportados betanceiros.

No caso do natural de Betanzos, José Naveira naceu o 24 de novembro de 1910, sendo fillo de Francisco Naveira e María Campos. Residente na vila brigantina en marzo de 1934, sabemos que era vogal do Sindicato de Profesións Varias da CNT da localidade, sendo un dos únicos 18 deportados galegos dos que sabemos a súa filiación á organización anarquista; organización, pola súa parte, cun gran peso na área ártabra, xa que a maioría deles procedían de concellos pertencentes a esta área como reflicte este caso (Fernández, 2011: 157). Previamente, en xullo de 1929, figura dentro dos mozos inscritos á Mariña no departamento marítimo de Ferrol, onde se reclama a súa incorporación ao servizo activo para o ano seguinte[1]. Descoñecemos se se efectuou dita orde; da mesma razón, tampouco sabemos se tivo algunha participación activa tralo golpe do 18 de xullo de 1936 e cando aconteceu o seu exilio a Francia, país onde foi feito preso polo réxime nazi a fins de 1940. Interno no devandito *stalag* de Estrasburgo, foi enviado a Mauthausen o 13 de decembro de 1940, onde recibiu o número de deportado 5.073 (Bermejo e Checa, 2006)[2]. Trasladado a Gusen en marzo de 1941, faleceu o 12 de agosto de 1941.

Pola súa parte, José González Regueiro, natural da parroquia de San Pantaleón das Viñas (Paderne), naceu o 10 de decembro de 1907. Desa data ata o seu traslado a Mauthausen, descoñecemos a práctica totalidade da súa vida. Do mesmo xeito, varias persoas con igual identidade nominal existentes na provincia da Coruña nese intre e mesmo condenados xa durante o conflito civil polas autoridades adeptas ao bando sublevado, dificultan as nosas pescudas[3]. Malia isto, a hipótese máis considerable coa información que temos é que, a fins da década de 1920, residira nalgunha provincia cantábrica, xa que figura un José González Regueiro como obreiro enfermo dunha vidreira da localidade cántabra

de Renedo en outubro de 1929[4]. O posterior exilio trala guerra ou durante a mesma, ou mesmo unha emigración económica a Francia nos anos da Segunda República, antóllase máis fácil desde a costa cantábrica. O que si é certo é que, a fins de 1940, José González Regueiro estaba preso no stalag de Estrasburgo. Enviado a Mauthausen o 13 de decembro de 1940, recibiu o número 4.863. Posteriormente foi trasladado a Gusen en xuño de 1941, falecendo no subcampo o 26 de setembro dese ano.

Pola súa parte, José López Rama, natural de Vilasantar, naceu o 28 de agosto de 1906. Do mesmo xeito dos dous devanditos, a información vital de José López que posuímos é escasa. A través da prensa histórica, intentamos esclarecer os seus pasos previos á deportación. A primeira posibilidade é que, a fins da década de 1920 e inicios da seguinte, cursara na Universidade Pontificia de Santiago de Compostela a carreira de Latín, recibindo un accésit como premio ao seu rendemento académico o primeiro ano[5]. Do mesmo xeito, parece que en 1932 aínda residía na capital galega, xa que se menciona o seu nome – mais cun Juan como primeiro nome – dentro dunha listaxe de persoas que doaron unha serie de cartos co fin de sufragar os gastos do lume que sufriron na casa e na igrexa os pais capuchinos da cidade[6]. A segunda vía, ligada ou non coa anterior, lévanos a Xixón. No Boletín Oficial da Provincia de Oviedo, a febreiro de 1936, figura unha persoa identificada como José López Rama no censo electoral da cidade asturiana, polo que outra opción fálanos dunha emigración económica e dunha posíbel participación na contenda e/ou dun exilio ao inicio, durante ou ao fin da mesma[7]. Aínda así, estas informacións debémolas coller con coidado. Pola contra, o que si é certo é que, en abril de 1941, José López Rama se atopaba no stalag alemán de Altegrabow. Trasladado a Mauthausen o día 26 dese mes, recibiu o número de deportado 3.740 antes de ser trasladado a Gusen seis meses despois, falecendo alí o 21 de decembro de 1941.

O poder das palabras: Felipe Noguerol Otero

O caso radicalmente oposto aos devanditos deportados foi o de Felipe Noguerol Otero, quen se erixiu nun grato e clave exemplo para as nosas pretensións grazas ás varias entrevistas que lle fixeron diversos investigadores no fin do século pasado.



Fig. 2. Fotografía de Felipe Noguerol Otero (ca. 1936-1939) (Fernández Díaz, 2009: 262).

Nado o 24 de decembro de 1912 en Betanzos, procedía dunha familia humilde, numerosa e católica. De pai labrego e nai tendeira, destacou polo seu interese pola xeometría e a trigonometría e, ao redor de 1930, ingresou como cabo de Mariña do Estado Maior da Escuadra, posto que seguía a ocupar en 1933[8]. Posteriormente, en xullo de 1934, pasou a desenvolver ese cargo no cruceiro *Miguel de Cervantes*, atracado en Valencia, mais o seu expediente extraviouse e foi confirmado anos despois[9]. O que si é certo é que, a 12 de xullo de 1936, figuraba nese posto e nese barco, amarrado no peirao de Ferrol nos intres do golpe de Estado de días despois[10]. Nesas datas, formou parte do comité de cabos que detivo aos mandos golpistas do navío que se sublevaron durante o traslado cara ao estreito de Xibraltar co fin de deter a chegada á península das tropas insurrectas localizadas no protectorado marroquí. A partires de entón, traballou como oficial de criptografía no navío e, ao fin da guerra, formaba parte do Estado Maior do Cervantes como tenente, aínda que tamén formou parte do cruceiro *Libertad* mentres o outro atopábase en reparacións no porto de Cartaxena (Barrera, 2007: 44-48). Precisamente, será dese porto onde parta con outros milleiros de civís e soldados afíns á república o 5 de marzo cara a Tunisia.

O día 7 de marzo chegou a Bizerta (Tunisia), mais estivo unha semana aínda no barco ata que acabou no campo de refuxiados de Meknassy. Tralo inicio da contenda mundial, foi trasladado ao norte do país, onde, xunto a outros españois que viñeran con el, realizou varios traballos físicos non remunerados para o exército francés ata a capitulación da metrópole mediado 1940. Pouco despois, Felipe Noguerol atopou traballo nunha tenda de marroquinería da capital africana, onde coñeceu a un xudeu parisiense membro da Resistencia, Bernard Kousméry, quen deu o seu perfil aos seus superiores para, tempo despois, ofrecerlle formar parte dun comando (Barrera, 2007: 51).

> *Instalado en Túnez capital, recibe un día la visita de un grupo de la Resistencia. Se han enterado de su especialidad en la Armada Republicana. Necesitan a alguien que sepa morse para señalar a los submarinos aliados dónde deben desembarcar los comandos que vienen para atentar tras las líneas alemanas y luego desaparecer como han llegado. «¿Quiere usted ayudarnos? Yo les dije, con mucho gusto» (Fernández, 2009: 262).*

Tras un tempo realizando sabotaxes contra buques alemáns ou afíns ao goberno de Vichy, o 14 de marzo de 1943, día no que tiña como obxectivo comunicar en morse a un submarino británico, foi detido. A tortura dun enlace próximo a el, un oficial da mariña mercante francesa, e realizada trala investigación iniciada pola SS coa explosión dun barco no porto tunesino, derivou na delación de todo o comando. Encerrados na prisión da Casbah, foron interrogados pola Gestapo ata que o día 1 de abril foron levados en avión ata Nápoles; de alí, en tren, chegaron ata Berlín para un novo interrogatorio ata que, finalmente, acabou no campo de Sachsenhausen. Tras un mes incomunicado, volveu á capital alemá para ser interrogado porque os seus expedientes foran destruídos pola aviación aliada segundo as propias verbas de Felipe (Barrera, 2007: 55). Malia isto, Felipe rematou regresando ao campo, recibindo o número 63.260[11].

Durante case dous anos en onerosas condicións vitais, estivo traballando en diversos labores, destacando a construción das cámaras de gas e fabricando pezas de avión para a empresa Heinkel. Amais, participou nunha organización clandestina do PCE que perpetrou sabotaxes na produción de material bélico e ofrecía novas do exterior. Finalmente, e nunhas

condicións físicas paupérrimas só amparadas polos vínculos de camaradería que existiron no campo durante a súa estadía, o 25 de abril de 1945 Felipe Noguerol e outros miles de presos, baixo as ordes das SS, saíron do campo e camiñaron centos de quilómetros cara ao Báltico coa pretensión de afogalos no mar e agochar os crimes realizados durante a guerra. Porén, o rápido avance soviético freou estas intencións e, o 1 de maio, as tropas soviéticas neutralizaron á comitiva en Schwerin. Alí, Noguerol e o resto de españois foron agrupados nunha casa abandonada onde se recuperaron ata recibir, a fins de mes e con sorpresa, a nova de que as autoridades soviéticas íanos trasladar a Madrid.

Ante esta situación, o mariño brigantino conseguiu o apoio dun amigo comunista francés, Roger Guérin, quen lles prometeu levalos a Francia. E, dun xeito peculiar, un avión estadounidense chegou á vila alemá e o galo «contou ao xefe do campo que viña a recoller a un grupo de españois que padecían unha grave enfermidade contaxiosa», conseguindo embarcalos cara a París (Barrera, 2007: 61-62). Aloxado no Hotel Astoria parisiense, a súa recuperación foi gravosa e lenta, amosando as consecuencias durante anos na súa dieta. Posteriormente regresou a Tunisia capital e abriu con éxito o seu negocio de marroquinería en 1953, malia a existir a posibilidade de instalarse en Bos Aires, onde foi recibido con honras polo centro betanceiro porteño. En 1962, por outra parte, intentou ir a Betanzos para ver á súa irmá enferma, mais as trabas administrativas alongaron tanto a posibilidade de ir, que esta morreu. Finalmente, trala chegada da democracia a España recibiu unha pensión compensatoria correspondente á súa vida laboral dentro da mariña[12]. O único dos deportados betanceiros que, polo que sabemos, loitou na Guerra Civil española, e quen compartiu navío e mesmo destino de exilio con outros mariños galegos que tamén remataron nalgún campo de concentración nazi, caso de Juan José Casal Chao, natural de Fene, o ferrolán Antonio Cendán Rodríguez ou Joaquín Castiñeiras Díaz, orixinario de Ortigueira, xubilouse en 1982 e residiu ata a súa morte, en marzo de 2003, en Montpellier (Francia) (Barrera, 2012: 50-55) (Garrido, 2021: 30-31). Felipe Noguerol Otero, condecorado coa cruz de Combatente Voluntario da Resistencia, a cruz de Guerra 1939-1945 con Palmas, a medalla militar e a orde de cabaleiro da Lexión de Honra en Francia, nunca retornou á súa Betanzos natal (Fernández, 2009: 268).

CONCLUSIÓN

Tras analizar as traxectorias e experiencias vitais da maioría dos galegos que tiveron que abandonar o territorio estatal dun xeito ou doutro e que remataron por ser deportados aos campos de concentración europeos da Alemaña Nazi, podemos establecer unha dinámica común que nos confirma a dinamización social, cultural e política que se vive en Galicia durante o primeiro terzo do s. XX. Tendo en conta que máis do 80% proceden de zonas rurais, non é a configuración de culturas políticas en Galicia característica única e exclusiva do mundo urbano (Leira, 2013: 16-42). Despois de tentar reconstruír o periplo das 208 persoas analizadas, conseguindo esclarecer a afiliación política ou a participación que tiveron na Guerra Civil de varios deles, e agrupalos en base ao paso polos diferentes *stalags* e á data de deportación, non acadamos a coñecer a experiencia completa de todas elas, sobre todo en relación co seu paso por Francia. A pesares de que as datas da saída peninsular en Galicia adoitan ser máis temperás, podemos dicir que gran parte dos deportados comparten a experiencia de guerra, o que os fai cruzar a fronteira terrestre maioritariamente a principios de 1939, coa caída de Cataluña. En definitiva, e malia o xa definido fin principal desta investigación histórica, o cal pretende amosar o papel que

tiveron estes galegos durante a guerra civil e o posterior conflito mundial, queda moito traballo de investigación, xa que os traballos cos que contamos concéntranse en espazos definidos en contraposición doutras áreas da xeografía galega.





PROVINCIA DE LA CORUÑA — AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Parroquia de LA RUANUEVA — Lugar de Ruanueva — Casa núm. 39

MODELO NUM. 1

Hoja del padrón á que se refiere el artículo 21 del Reglamento y que está obligado á cubrir todo cabeza de familia conforme á las instrucciones puestas al final con el fin de formar el general de este Ayuntamiento dentro del presente mes, en cumplimiento y para los efectos de la ley fecha 2 de Mayo de 1889.

1 NOMBRES Y APELLIDOS	2 FECHA DEL NACIMIENTO Día	Mes	Año	3 NATURALEZA Pueblo	Provincia	4 Estado	5 Profesión (1)	6 Residencia habitual (2)	7 TIEMPO DE RESIDENCIA EN EL PUEBLO Días	Meses	Años	8 ¿Sabe leer?	9 Clasificación como habitante, (3)	10 CONTRIBUCIÓN QUE SATISFACE (4) POR TERRITORIAL Pesetas	Cts.	POR INDUSTRIAL Pesetas	Cts.
Wenceslao Moguerol Porto	6	Marzo	1858	Cademe	Coruña	Casado	Labrador	Betanzos	"	"	14	Sí	Vecino				
Guillermo de Otero Pérez	7	Agosto	1882	Betanzos	id	id	Comerciante	id	Octubre			Sí	Transeunte				
María Mª Moguerol Otero	10	Noviembre	1908	id	id	Soltero	Escuela	id				Sí	id				
Angela Mª Moguerol Otero	29	Mayo	1907	id	id	id	id	id				Sí	id				
Isabel del Carmen Moguerol Otero	18	Enero	1911	id	id	id	id	id				Sí	id				
Celia Josefa Moguerol Otero	24	Febrero	1913	id	id	id	id	id				No	id				
Mª Guillermina Moguerol Otero	24	"	1914	id	id	id	id	id				No	id				
Lourdes Moguerol Otero	"	"	1915	id	id	id	id	id				No	id				
Victorina Moguerol Otero	"	"	1917	id	id	id	id	id				No	id	T			
10 Rosa Tarsa Rocos	9	Febrero	1857	Abegondo	id	Viuda	Labores	id			65	No	id				
11 Carmen Hernandez Graja	5	Enero	1878	id	id	Soltera	id	id			45	No	id				
12																	
13																	
14	La nº 10 es madre de la nº 2, y la nº 11 es sobrina de la 10, y viven en																
15	familia.																

En Betanzos á 31 de Diciembre de 1920 — EL CABEZA DE FAMILIA

Excepto la última casilla, toda se llenarán por el inquilino ó cabeza de familia expresando en cada línea el nombre y demás circunstancias de cada una de las personas que habiten en la empadronado por él, su mujer, padre, hijos, parientes, criados y dependientes.

(1) En la casilla *Profesión*, se pondrá la que cada una ejerza ó en ocupación eventual; y si tuviese más de una, todas ellas por, ejemplo: *Médico, propietario y labrador, redactor del Estado y comisionista de Obras públicas, periodista, agente de negocios y comerciante, etc. etc.*

(2) En la casilla *Residencia habitual*, se añirá el pueblo en que habite la persona la mayor parte del año: por ejemplo: *un estudiante que está la mayor parte del año en Madrid, aunque su familia resida en Murcia*, se empadronará en el punto en que se habite el padrón poniendo como residencia habitual: Madrid.

(3) Esta casilla se llenará por el Ayuntamiento, poniendo al márgen de cada nombre una de estas tres palabras: *vecino, domiciliado, transeunte*, clasificando cada habitante según el art. 11 de la ley.

(4) Añadida esta casilla en virtud de orden telegráfica de la Superioridad.

ARQUIVO MUNICIPAL DE BETANZOS. Padrón de 1920



NÚMEROS de las hojas	NÚMEROS de las personas de cada hoja	CALLE, PLAZA, paseo, caserío, lugar, etc.	Número de la casa o de la vivienda	NOMBRES Y APELLIDOS	SEXO Varón o hembra	EDAD	Soltero casado o viudo	Parentesco o razón de convivencia con el cabeza de familia
		1ª Travesía Torre		María Fuentes Marco	Hem	6 a.	Soltera	hija
				Consuelo Fuentes Marco	Hem	4 a.	Soltera	hija
				Juan Fuentes Marco	Var	2 a.	Soltero	hijo
152	3	id	24	Manuel Fariñas Acea	Var	56 a.	Casado	Cabeza
				Rosario Caamaño Vazquez	Hem	57 a.	Casada	Esposa
				Africano Fariñas Caamaño	Var	23 a.	Soltero	hijo
153	6	id	26	Carmen Rey Montero	Hem	82 a.	Viuda	Cabeza
				Josefa Fernandez Rey	Hem	41 a.	Viuda	hija
				Federico Pena Fernandez	Var	21 a.	Soltero	nieto
				Antonio Pena Fernandez	Var	19 a.	Soltero	nieto
				Ramon Pena Fernandez	Var	18 a.	Soltero	nieto
				Aurora Pena Fernandez	Hem	12 a.	Soltera	nieta
154	7	2ª Travesía Torre	3	Joaquina Garcia Vidal	Hem	72 a.	Viuda	Cabeza
				Vicente Conceiro Garcia	Var	26 a.	Soltero	hijo
				Elvira Conceiro Garcia	Hem	30 a.	Casada	hija
				Jesus Arés Perez	Var	32 a.	Casado	Yerno
				Manuel Arés Conceiro	Var	3 a.	Soltero	nieto
				Pilar Arés Conceiro	Hem	2 a.	Soltera	nieta
				Elvira Arés Conceiro	Hem	1 a.	Soltera	nieta
155	5	id	H	Carolina Vazquez Garcia	Hem	60 a.	Viuda	Cabeza
				Manuel Barreiro Vazquez	Var	39 a.	Soltero	hijo
				America Barreiro Vazquez	Hem	28 a.	Soltera	hija
				José Barreiro Vazquez	Var	20 a.	Soltero	hijo
				Lourdes Barreiro Vazquez	Hem	18 a.	Soltera	hija
156	6	id	9	Manuel Arés Corredoira	Var	69 a.	Viudo	Cabeza
				Luisa Garcia Mignez	Hem	35 a.	Viuda	nuera
				María Luisa Arés Garcia	Hem	11 a.	Soltera	nieta
				Segundo Arés Garcia	Var	9 a.	Soltero	nieto
				Manuel Arés Garcia	Var	11 a.	Soltero	nieto
				Pilar Gonzalez Sanchez	Hem	38 a.	Soltera	Sirvienta
157	7	id	10	Encarnación Otero Parga	Hem	63 a.	Casada	Cabeza
				José Noguerol Otero	Var	28 a.	Soltero	hijo
				Carmen Noguerol Otero	Hem	21 a.	Soltera	hija

(a) Cabeza de familia, vecino, domiciliado o transeunte. En los cabezas de familia se especificará además si son vecinos o transeuntes.



¿Sabe Leer?	¿Sabe Escribir?	NATURALEZA Municipio	NATURALEZA Provincia (y para los extranjeros Nación)	Nacionalidad de los extranjeros	Profesión oficio u ocupación	RESIDENCIA LEGAL Punto donde tiene su residencia como vecino o domiciliado — Residencia anterior inmediata Municipio	RESIDENCIA LEGAL Punto donde tiene su residencia como vecino o domiciliado — Residencia anterior inmediata Provincia (y para los extranjeros transeuntes Nación	Tiempo que lleva residiendo en este Municipio donde se inscribe	¿Es ausente? ¿Es transeunte? — Se pondrá A. o T. según proceda	CLASIFICACIÓN VECINAL DEL HABITANTE
Si	Si	Betanzos	Coruña		Escolar	Betanzos	Coruña	6a		Domicili
no	no	id	id		"	id	id	11a		Domicil
no	no	id	id		"	id	id	2a		Domicil
si	si	id	id		Labrador	id	id	56a		Cabeza - Fe
no	no	id	id		Labrael	id	id	5fa		Domici
si	si	id	id		Zapatero	id	id	23a		Fe
no	no	id	id		Labrael	id	id	82a		Cabeza - Fe
si	si	id	id		Labrael	id	id	11a		Fe
si	si	id	id		Escribiente	id	id	19a	A	Domicil
si	si	id	id		Empleado	id	id	18a	A	Domicil
si	si	id	id		Empleado	id	id	18a		Domicil
si	si	id	id		Escolar	id	id	12a		Domicil
no	no	Monfero	id		Panadera	Monfero	id	60a		Cabeza - Fe
si	si	Betanzos	id		Panadero	Betanzos	id	26a		Fe
si	si	id	id		Labrael	id	id	30a		Domicil
si	si	id	id		Empleado	id	id	32a		Fe
no	no	id	id		"	id	id	3a		Domicil
no	no	id	id		"	id	id	2a		Domicil
no	no	id	id		"	id	id	1a		Domicil
si	si	id	id		Labrael	id	id	60a		Cabeza - Fe
si	si	id	id		Carpintero	id	id	39a		Fe
si	si	id	id		Labrael	id	id	28a		Fe
si	si	id	id		Carpintero	id	id	20a		Domicil
si	si	id	id		Labrael	id	id	18a		Domicil
si	si	Oranga	id		Carnicero	Oranga	id	35a		Cabeza - Fe
si	si	Sta. Marta	id		Labrael	Sta. Mª Rabio	id	18a		Fe
si	si	Betanzos	id		Escolar	Betanzos	id	11a		Domici
si	si	id	id		Escolar	id	id	9a		Domici
no	no	id	id		"	id	id	11a		Domici
no	no	Cerura	id		Labrael	Cerura	id	2a		Fe
si	si	Betanzos	id		Labrael	Betanzos	id	63a		Cabeza - Fe
si	si	id	id		Escribiente	id	id	21a		Fe
si	si	id	id		Labrael	id	id	24a		Fe

ARQUIVO MUNICIPAL DE BETANZOS. Padrón de 1936-1



EROS de las personas de cada hoja	CALLE, PLAZA, paseo, caserío, lugar, etc.	Número de la casa o de la vivienda	NOMBRES Y APELLIDOS	SEXO — Varón o hembra	EDAD	Soltero casado o viudo	Parentesco o razón de convivencia con el cabeza de familia
	2ª Travesía		Felipe Noguerol Otero	Var	23 a	Soltero	hijo
	Torre		Encarnación Noguerol Otero	Hem	21 a	Soltera	hija
			Antonio Noguerol Otero	Var	18 a	Soltero	hijo
			Lourdes Noguerol Otero	Hem	15 a	Soltera	hija
H	Pescadería	6	Ramón Santaló Villar	Var	41 a	Casado	Cabeza
			Mª del Pilar Ponte Conceiro	Hem	39 a	Casada	Esposa
			Mª Victoria Santaló Ponte	Hem	16 a	Soltera	hija
			Gloria Otero Otero	Hem	23 a	Soltera	Sirviente
H	id	6	Manuela Quintal Vazquez	Hem	30 a	Viuda	Cabeza
			Concepción Varela Quintal	Hem	12 a	Soltera	hijastra
			Manuel Balado Quintal	Var	11 a	Soltero	hijo
			Emilio Quintal Vazquez	Var	25 a	Soltero	hermano
3	id	9	Pedro Castro Barriba	Var	59 a	Casado	Cabeza
			Carmen Suarez Vazquez	Hem	61 a	Casada	Esposa
			Asunción Perez Penedo	Hem	13 a	Soltera	En familia
1	id	9-2º	Josefa Carneiro Rodriguez	Hem	67 a	Soltera	Cabeza
3	id	9-2º	Manuel Perez Corel	Var	38 a	Soltero	Huesped
			Paulina Barros Gamallo	Hem	11 a	Soltera	Huesped
			Juana Perez Brañas	Hem	13 a	Soltera	Huesped
4	id	11	Manuel Louna Diaz	Var	42 a	Casado	Cabeza
			Maria Rodriguez Seijoso	Hem	42 a	Casada	Esposa
			Manuel Louna Rodriguez	Var	13 a	Soltero	hijo
			Vicente Louna Rodriguez	Var	11 a	Soltero	hijo
			Margarita Louna Rodriguez	Hem	7 a	Soltera	hija
			Aquilino Louna Rodriguez	Var	5 a	Soltero	hijo
			Remedios Cortes Seco	Hem	43 a	Soltera	Sirvienta
2	Sanchez de Taibo	2	Antonia Amado Carballeira	Hem	63 a	Viuda	Cabeza
			Maria Travesia Amado	Hem	27 a	Soltera	hija
2	id	2 P.	Nicolas Castillón Garcia	Var	68 a	Casado	Cabeza
			Antonia Gabin Lafuente	Hem	58 a	Casada	Esposa
H	id	2 B.	Manuel Castillón Gabin	Var	26 a	Casado	Cabeza
			Maria Vazquez Taboada	Hem	23 a	Casada	Esposa
			Josefa Castillón Vazquez	Hem	1 a	Soltera	hija

Cabeza de familia, vecino, domiciliado o transeunte. En los cabezas de familia se especificará además si son vecinos o transeuntes.



15 MAYO 1936

¿Sabe Leer?	¿Sabe Escribir?	NATURALEZA Municipio	NATURALEZA Provincia (y para los extranjeros Nación)	Nacionalidad de los extranjeros	Profesión oficio u ocupación	RESIDENCIA LEGAL Punto donde tiene su residencia como vecino o domiciliado — Residencia anterior inmediata Municipio	Provincia (y para los extranjeros transeuntes Nación	Tiempo que lleva residiendo en este Municipio donde se inscribe	¿Es ausente? ¿Es transeunte? — Se pondrá A. o T. según proceda	CLASIFICACIÓN VECINAL DEL HABITANTE (a)
si	si	Betanzos	Coruña		Cabo Armada	Ferrol	Coruña	3 a.	T	Transeunte
si	si	id	id		Estudiante	id	id	21 a.		Domiciliada
si	si	id	id		Empleado	id	id	18 a.		Domiciliado
si	si	id	id		Labores	id	id	15 a.		Domiciliada
si	si	Santiago	id		Sno. judicial	Carbia	Pontevedra	3 a.		Cabeza - Vecino
si	si	Abegondo	id		Labores	id	id	3 a.		Domiciliada
si	si	Carbia	Pontevedra		Labores	id	id	3 a.		Vecina
no	no	Merza	id		Labores	id	id	3 a.		Vecino
no	no	Miño	Coruña		Carnicera	Miño	Coruña	18 a.		Cabeza - Vecina
si	si	Betanzos	id		Escolar	Betanzos	id	12 a.		Domiciliado
no	no	id	id		"	id	id	4 a.		Domiciliado
si	si	id	id		Carnicero	id	id	25 a.		Vecino
si	si	Coirós	id		Jornalero	Buenos Aires		2 a.		Cabeza - Vecino
si	si	Betanzos	id		Labores	Betanzos	Coruña	61 a.		Domiciliada
si	si	Aranga	id		Estudiante	Aranga	id	1 m.	T	Transeunte
si	si	Betanzos	id		Labores	Betanzos	id	67 a.		Cabeza - Vecina
si	si	Santiago	id		Empleado	Santiago	id	4 a.		Vecino
si	si	Cerdedo	Pontevedra		Estudiante	Cerdedo	Pontevedra	2 a.		Domiciliada
si	si	Aranga	Coruña		Estudiante	Aranga	Coruña	1 a.		Domiciliada
si	si	Betanzos	id		Comercio	Betanzos	id	42 a.		Cabeza - Vecino
si	si	id	id		Labores	id	id	42 a.		Domiciliada
si	si	id	id		Escolar	id	id	13 a.		Domiciliado
si	si	id	id		Escolar	id	id	11 a.		Domiciliado
si	si	id	id		Escolar	id	id	7 a.		Domiciliada
no	no	id	id		"	id	id	5 a.		Domiciliado
si	si	id	id		Labores	id	id	43 a.		Vecina
no	no	Irijoa	id		Labores	Irijoa	id	50 a.		Cabeza - Vecina
si	si	Betanzos	id		Labores	Betanzos	id	27 a.		Vecina
no	no	id	id		Zapatero	id	id	68 a.		Cabeza - Vecino
no	no	Paderne	id		Labores	Paderne	id	40 a.		Domiciliada
si	si	Betanzos	id		Labrador	Betanzos	id	26 a.		Cabeza - Vecino
si	si	id	id		Labores	id	id	23 a.		Domiciliada
no	no	id	id		"	id	id	1 a.		Domiciliada

Mod. 319 A
Pa. e Imp. Lombardero
Coruña-Lugo-Ferrol

ARQUIVO MUNICIPAL DE BETANZOS. Padrón de 1936-2

NOTAS

[1] Boletín Oficial da Provincia da Coruña, 155 (06-VII-1929): p. 679.
[2] Tódolos números de deportación que figuran neste traballo figuran dentro de BERMEJO, B. e CHECA, S. (2006): *Libro Memorial. Españoles deportados a los campos nazis (1940-1945)*, Madrid, Ministerio de Cultura.
[3] En *El Ideal Gallego* (07-IX-1926: p. 6) e Heraldo de Galicia (24-X-1926: p. 3), figura o nome de José González Regueiro, natural da Coruña e ligado coa substitución militar de 1921, algo que desbota que sexa o noso José González, quen nesa data tiña 14 anos. Pola outra beira, en El Eco de Santiago (31-III-1937: p. 3) figura outro José González Regueiro. Xulgado e condenado a prisión en Compostela por xuíces franquistas en 1937, tiña 18 anos no intre do xuízo, segundo a base de datos Nomes e Voces, o que imposibilita a relación co noso caso.
[4] *La Voz de Cantabria,* 16-X-1929: p. 9.
[5] *El Compostelano*, 13-VI-1929: p. 2; e El Pueblo Gallego, 01-X-1929: p. 8.
[6] *El Ideal Gallego*, 27-I-1932: p. 6.
[7] Boletín Oficial da Provincia de Oviedo, 05-II-1936: p. 22.
[8] Boletín Oficial do Ministerio de Defensa, Diario Oficial de Marina, 285 (22-IX-1930); e El Correo Gallego, 24-VIII-1933: p. 1.
[9] Boletín Oficial del Ministerio de Defensa, Diario Oficial de Marina, 252 (29-IX-1938).
[10] *El Correo Gallego*, 12-VII-1936: p. 1.
[11] FERNÁNDEZ DÍAZ, V. (2009): *El exilio de los marinos republicanos,* València, Publicacions de la Universitat de València: p. 265. Na referencia de BARRERA BEITIA, E. (2007), figura o número 60.260.
[12] Boletín Oficial do Estado, 22-VI-1983 (148): p. 17486.

BIBLIOGRAFÍA

ÁLVAREZ, Santiago (1989). *Las milicias populares gallegas*. Sada, Ediciós do Castro.
BARRERA BEITIA, Enrique (2007). «Felipe Noguerol Otero». En BARRERA BEITIA, Enrique e GONZÁLEZ MAURIZ, Bruno (coords.). *Retallos da Memoria*. Ferrol, Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática, 44-67.
BARRERA BEITIA, Enrique (2012). *Galegos en Mauthausen.* A Coruña, Deputación da Coruña.
BERMEJO, Benito e CHECA, Sandra (2006). *Libro Memorial. Españoles deportados a los campos nazis (1940-1945)*. Madrid, Ministerio de Cultura.
CALLE, Eduardo e SIMÓN, Ada (2005). *Los barcos del exilio*. Madrid, Oberón.
FERNÁNDEZ DÍAZ, Victoria (2009). *El exilio de los marinos republicanos.* València, Publicacions de la Universitat de València.
FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo (2011). *A represión franquista na comarca da Coruña. Vida na memoria.* Ames, Edicións Laiovento.
GARRIDO FERNÁNDEZ, Alba (2021). *Estudo das traxectorias e experiencias vitais dos galegos que foron deportados a campos de concentración da Alemaña nazi (1940-1945)* (Traballo de Fin de Mestrado inédito). Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
LEIRA CASTIÑEIRAS, Francisco (2013). «Los soldados de Franco. Entre la mobilización ciudadana y el reclutamiento militar obligatorio. Galicia, 1936-39». En *Revista Universitaria de Historia Militar (RUHM),* Vol. 4, 2, 16-42

“En las orillas del Sarela”.
Exclaustración, xardín e literatura no pazo de San Lourenzo

RICARDO VARELA*

Sumario

Os xardíns do pazo de San Lourenzo gardan “escondido, cal un niño entre as ramas” o buxo fradense do labirinto claustral, un trazado xeométrico do século XVIII -auténtico emblema da xardinería galega- e un pequeno parque decimonónico intramuros organizado en pequenas terrazas con paseos e fontes. Esta actualización do parque conventual que tivo lugar a finais do século XIX xerou un recoñecemento unánime na sociedade compostelá e así mesmo controversia na voz poética da usuaria máis afamada da súa ruína, Rosalía de Castro. Este artigo estuda como foi a transformación do vello convento exclaustrado nun parque ecléctico aristocrático, quen foi a súa promotora e a pegada que estes feitos tiveron na literatura dos seus contemporáneos.

Abstract

The gardens of San Lourenzo keeps “as a nest betwen branches” the friar boxwood of the cloister maze hidden, a XVIII century geometric design -an iconic masterpiece of the galician art of gardening- and a little XIX century park inside walls organaized in terraces with promenades and fountains. This XIX century update generated unanimous recognition in the local society but troubles in the famous poet of its ruins, Rosalía de Castro. This article studies how the old convent become into an aristocratic park, who was her promoter and the steps and influence in the literature of its time.



Fig. 1, Planta xeral do xardín de San Louenzo de Trasouto, co bosque, a retícula de hortas e o novo trazado do parque ao leste, cara á cidade, de 1880. (Levantamento gráfico de 2017)

* **Ricardo Varela Fernández** (Palmeira, Ribeira) é arquitecto pola Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña e especialista en rehabilitación de xardíns, parques históricos e paisaxes culturais pola Universidade Politécnica de Madrid.

A literatura da exclaustración en Rosalia de Castro, 1880 e Eça de Queirós, 1900

Descritas por William Gilpin como o máis grandioso e fermoso produto da natureza, as árbores, que no caso de San Lourenzo anteceden ao mosteiro, forman unha desgarradora carballeira que sinala o lugar sagrado da masa conventual. E se este é un emocionante comezo, pódese dicir que pintoresco, na antesala do pazo-mosteiro, portas adentro, as expectativas non quedan defraudadas. (Fig. 1)

Que a andaina de moitos conventos arranque da adaptación de palacios e casas principais, sobre todo no medio urbano, é ata certo punto coñecido, máis non o é tanto saber como foi, tras varios séculos consolidándose e agrandándose, a difícil reversión ao uso civil destes grandes conxuntos trala expulsión dos monxes reglares. Temos, tras moitas ruínas e destrución, espazos públicos gañados para a cidade, máis poucas veces enxergamos vitorias tan limpas gañadas ao esmorecemento coma en Trasouto.

Vexamos primeiramente a descrición que fai un autor coma Eça de Queirós na Correspondencia de Fradique Mendes de como é un vello xardín e horta monástica -enaxenado e domesticado por burgueses que ocupan agora os espazos dos frades- que ben pode servir para o exemplo galego de Trasouto. Son descricións feitas sen decadencia física algunha do lugar, xa que con ironía Eça explica que o trasvase da vida monástica á seglar non precisou de adaptación arquitectónica algunha xa que a abundancia e o pracer da vida do campo se mantivo tralos frades de vida cumprida:

"El caserón conventual que habitamos, donde los ricos y orondos frailes del convento de San Agustín de Coímbra venían a holgar en verano, está unido por un claustro cuajado de hortensias a una iglesia chata y sin arte, que tiene un atrio rodeado de castaños, tan recoleto y tan grave como todos los atrios del Miño. Con una cruz de piedra encima del portón de donde cuelga aún de su cadena de hierro la vetusta y pausada campana frailuna. En medio del patio, la fuente de agua fresca que canta adormecida cayendo de concha en concha, tiene en la cima otra cruz de piedra, que un musgo amarillento reviste de secular melancolía. Un poco más allá, en un gran estanque, un doméstico lago rodeado de bancos, donde seguramente los frailes de San Agustín venían por las tardes a embeberse de frescura y reposo. El agua de las acequias, limpia y abundante, brota a los pies de una santa de piedra erguida en su nicho, que acaso sea santa Rita. Por detrás, en el huerto, otra santa cenceña, que sostiene en sus manos una copa rota, preside como una náyade el murmullo de otra fuente que por regueras de granito va brillando y huyendo a través de un habar. En los postes de piedra que sustentan la viña hay a veces una cruz grabada, o un corazón de Jesús, o el monograma de Cristo. Santificada por estas devotas señales, la quinta entera parece una sacristía donde los techos fuesen de parra, donde la hierba cubriese el entarimado, donde de cada grieta surgiese un regato y donde el perfume del incienso brotase de las clavellinas. (…)

Más adelante está la huerta, rozagante, perfumada y ubérrima, suficiente para llenar todas las ollas de una aldea y más engalanada que un jardín, con veredas orladas de fragantes fresales y con densos emparrados que ofrecen su sombra. Después viene la era de granito, limpia y tersa, firmemente construida para muchos siglos de cosechas, y el hórreo, con sus mil ranuras para orear los granos, y

tan amplio que los pardales pueden volar allí dentro como en un pedazo de cielo. Y por fin, ondulando fecundos hasta los suaves oteros, los campos de maíz y de centeno, el viñedo, los olivares, los prados, el lino junto a los regatos y la florida dehesa para el ganado… San Francisco de Asís y san Bruno abominarían de este retiro frailesco y huirían escandalizados, lo mismo que se tratara de una recia tentación." (QUEIRÓS, Eça de 2008; 175-176)

O canto da vida e traballo no campo provén por suposto do mundano e parisino epistolario do protagonista da novela que observa coma nun cadro vivant a tradición dos seus paisanos miñotos desenvolvida para o seu goce. O progreso tan afín ás súas condicións de vida urbana o predispón porén como esteta á conservación romántica dun tempo que está a desaparecer e polo que sofre. (-A túa maligna obra prosperará- espétalle Fradique a un amigo enxeñeiro ocupado na construción do ferrocarril por Terra Santa).

O vello mosteiro é unha descrición idealizada e poética dos praceres do retiro rural sen participación algunha nos traballos da terra. En San Lourenzo de Trasouto que ben pode identificar os mesmos elementos tralas etapas de exclaustración e reocupación nobiliaria temos ademais unha valiosa testemuña rosaliana anterior: a decadencia e ruína previa ao retorno dos Altamira.

"Lodo mundano" parecéulle a Rosalía de Castro en 1880 a conversión do vello convento exclaustrado de San Lourenzo en pazo. Percibiu a brancura e limpeza das pedras, o ruído dos canteiros que o reformaban e as flores que agora o engalanaban… e sufriu un desencanto. A ironía de Eça que veu neste proceso de enaxenación a penas diferenza entre fartura de xardíns e horta de frades e a chegada de burgueses acomodados, trócase na alma poética rosaliana en perda dun refuxio de soidade con claustros desertos e ruinosos onde ir a refuxiarse cando as rosas do campo abrochan. Temos dous puntos de vista dun mesmo proceso. Rosalía prefire, antes que ás flores do pazo e ás rosas, os carballos do bosque que ensinan as raíces e de musgo se revisten, o ciprés solitario e as violas e as dixitais que crecen entre as silveiras e o buxo. (Fig.2)



É acaecida ironía literaria que se Eça ve que os propios San Francisco e San Bruno abominarían dos praceres destes retiros espirituais, Rosalía os gaba por perdidos tra-la reocupación mundana e civil de 1880. O "sagrado retiro" de cregos da poeta é 20 anos despois sagrada fartura burguesa para o escritor luso.

Fig. 2, Carballos do bosque rosaliano, *que ensinan as raíces e de musgo se revisten*

Que cambios tiveron lugar na horta intramuros do cenobio trala conversión en pazo? Desde a perspectiva actual non podemos se non, estar máis próximos a Eça: o cambio civil trouxo consigo a incorporación dun xardín romántico cunha exótica colección botánica diante do portalón, pero as hortas, o frondoso bosque privado e o ambiente do claustro mantívose. Rosalía fuxe espantada mentres que Éça é parte implicada e goza da propiedade.

Non obstante hai un aspecto da artificialidade coa volta dos condes que Rosalía veu moi claro cando fala dun pazo cuberto de flores como metáfora do que está a acontecer e que contrasta coa valorización que fai do musgo, as pequenas flores modestas do campo e as moles de recios carballos que "falan aos espíritus" de soidade. Eulalia Osorio, a nova inquilina, que contaba daquela con 36 anos (3 máis que Rosalía) importou unha masa vexetal sofisticada para poñer diante do pazo que incluía cryptomerias, coníferas varias, palmeiras, eucaliptos, tuias e magnolias... todas especies cun desenvolvemento ornamental moi vistoso que non pode verse senón coma un estravagante luxo botánico en contraste coas frondosas autóctonas da carballeira pública. Ademais para este plantel, estrictamente ornamental, é dicir, non produtivo, sustraeuse da horta unha superficie para camiños curvos, paseos e estanques para cisnes. De novo, como Rosalía percibiu acertadamente, son os cambios producidos de máis calado do que parece: ábrense paseos pola horta, as froiteiras son substituídas por grandes coníferas e as galiñas trocan por brancos cisnes.

Pouco debeu cambiar, máis a poética de ruína e decadencia que viu Rosalía si que desapareceu. Que volvera ser habitado, de todos xeitos, aínda parece moito falar, transformado en morada estival ocasional dos duques con residencia estable dende séculos na corte.

A oposición do campo fronte á civilización tamén aparece como tema da novela eçiana póstuma *A cidade e as serras* onde o protagonista (recelando do natural, antes da súa reconversión) "no silencio do bosque sentía o lúgubre baleiro do universo", non soportaba a familiaridade con que as pólas das árbores rozaban a súa cara e brazos, e onde "*todas as flôres que não tivesse já encontrado en jardins, domesticadas por longos seculos de servidão ornamental, o inquietavan como venenosas*" (QUEIRÓS, Eça de 1901; 17). Se a iste Jacinto o silencio do bosque non lle di nada, non sente a cercanía das árbores e recela das flores descoñecidas, podemos ter claro que a caricatura que fai Eça diste urbanita está en sintonía coa crítica rosaliana.

Non obstante á metade da novela xa temos ao Jacinto plenamente rosaliano e virxílico en perfecta comunión natural e falando cos castiñeiros: "*Mas nunca eu passo junto d'elle que não me suggira um pensamento ou me não devende uma verdade...*" desfacéndose da superflua artificialidade e gozando na casa xunto as fiestras que se abrían á "*belleza da serra, respirando um delicado e macio ar, que se perfumava nas resinas dos pinheiraes, despois nas roseiras da horta*" (QUEIRÓS, Eça de 1901; 230)

A sátira á deshumanización que conleva o progreso observada como tópico, podémola ver tanto no pazo eléctrico parisino de Jacinto, (ao igual que 60 anos despois seguía retratando Jacques Tati) coma na modernización que Rosalía albisca entre as paredes de Trasouto. Unha modernización ademais que en Santiago revisita a Historia e ten folgos para mellorala, substituíndo o churrigueresco retablo do altar maior da capela pola impoluta marmórea figura do seu homónimo italiano, de novo salvado pola duquesa, que gravou a operación en letras de ouro nas súas reinstaladas basas. Aquí podemos

establecer unha extrapolación do rexeitamento dos dourados caducos brilos composteláns substituídos pola "modernidade" que é o aprezo á antigüidade romana, cos retorcementos dos carballos autóctonos cheos de musgo frente ás aprezadas coníferas de enhiesta silueta.

Emilia Pardo Bazán e as súas "amenas casas de pracer"

No mesmo ano 1880 do poemario rosaliano a escritora Emilia Pardo Bazán volve tamén a súa mirada o cenobio trasoutés gabando a súa transformación en amena casa de pracer. En calidade de directora da "Revista de Galicia" publicación cun triple propósito: literario, científico e artístico, expresa nun artigo a admiración polas obras emprendidas, descubertas no seu devagar pola cidade.

Emilia repasa a historia do lugar dende a súa orixe como "ermitilla"; critica, de paso, a confusión no século XIII entre ciencia e superstición; eloxia o retablo maior italiano e fai de Pigmalión das dúas estatuas funerarias; e nos ofrece ademais unha evocación poética do cenobio primixenio:

> *"...morar en tan sosegado asilo, dúlcemente melancólico, festoneado de olmos y encinas que deleitosa sombra hacen al breve huerto, por el cual numerosos arroyos van culebreando, en el cual agita el viento blandamente las hojas, y desde el cual podía el Arzobispo recluso oir el tañido de las campanas de las innumerables iglesias de su metrópoli"* (PARDO BAZÁN, Emilia 1880; 223)

Apelando á Historia, exhorta ademais á Nobreza á sair da súa decadencia tomando o exemplo de Eulalia (que a acompaña na visita); chama á responsabilidade desta clase social para non deixar esmorecer os vellos soares e investir os beneficios da cultura e os cartos das súas rendas no país do que os obtén en vez de ir a veranear a Francia.[1]

A autora ao igual que Eça despois, non ve alteración reseñable cos novos inquilinos:
> *"La imaginación no puede menos de encontrar peregrino contraste entre la gravedad contemplativa que parece haber quedado sellada en aquellos parajes y el lujo aristocrático que hoy los viste conforme a los recientes progresos de las artes del gozar. Mas no profana este lujo el recinto en que alentaron los hijos de la penitencia, ya que también renace, como el fénix, la iglesia, rodeada de pompa y explendor extraordinarios..."* (PARDO BAZÁN, Emilia 1880, núm.16; 247)

Ve claro o contraste, pero asume a modernización. No seu excelente artigo deixa claros os seus gustos artísticos deplorando a arte barroca por ser época de mezquino gusto e defende unha restauración historicista do convento, conformando de novo torres almeadas ou mellorando estéticamente o claustro. Eulalia moderniza o convento con novas comodidades e torres medievais. Tan necesarias estas últimas coma a mesma electricidade.[2]

Ese exercicio de neomedievalismo arquitectónico tamén o vivirá nas súas propias carnes Emilia coa creación literario-arquitectónica das Torres de Meirás. Aquí, esta amena casa de pracer, contén tódolos ingredientes simbólicos que se precisan para forxar un Apelido, multiplicando por tres as torres e convertíndoo no pazo con maior porcentaxe de superficie torreada do país. Emilia recarga exponencialmente a roupaxe histórica do medievo desbotando o estilo do barroco sinxelo e doméstico que si coñecía das súas outras casas familiares coma Miraflores ou o pazo urbano de Tabernas.[3] (Fig. 3).



Fig. 3, Coa súa torre finxida e modesta arquitectura, o pazo familiar de Miraflores, en Sanxenxo, de Emilia Pardo Bazán (abaixo) non lle debeu parecer a esta dabondo para acadar a condición de "amena casa de pracer", sobre todo en contraste coas que erixía nese momento o entorno de Eulalia Osorio de Moscoso en Vilaboa (arriba villa Milagros): vastos xardíns, máis ventás que muros e unha situación na mesma beira do mar.

Máis Pardo Bazán non é unha diletante e pode considerarse sen risco de errónea adscrición como a primeira muller arquitecta coñecida en Galicia polo menos con obra construída de máis envergadura que moitos dos seus colegas. E o éxito do seu proxecto icónico pode seguirse na apetencia posterior do ditador e dos seus adláteres por apropiarse do seu inconfundible perfil triplemente torreado que o converteu nunha das arquitecturas máis coñecidas e temidas do século XX en España.

Hai que resaltar tamén o predominante carácter público destas moradas vacacionais, pois nunca se concebiron para o retiro estricto e de ahí ven tamén a molestia rosaliana. Tanto Meirás, Trasouto-Vilaboa, como San Sadurniño ou Lourizán foron pensados como lugares de reunión social, salóns literarios, tertulia, negociación e favor político. Son estruturas arquitectónicas moi dependentes dos seus exteriores, con fábricas renovadas recentemente e un medio de propaganda política e social.

Descrición do xardín

Non podemos deixar de describir, aínda que sexa brevemente, a vasta arquitectura de 3,7ha. do xardín intramuros a partir dos elementos que o constitúen: o parterre dezaoitesco, o bosque, o parque decimonónico e as hortas.

A xema do xardín concéntrase no centenario buxo do seu claustro, célebremente

constituído hoxe coma un armazón verde que cobrou un novo significado ao abandonalos cauces ortodoxos da súa iconografía. Se iste elemento se houbese conservado obediente á forma orixinal, dende logo non tería a merecida sona que a súa deformidade lle outorga. Tan atractivo retorcemento formal convírteo nunha mancha abstracta contemporánea, na que a lectura latente, por desvelar, aumenta o seu misterio (pois supoñemos o significado, pero non vemos as figuras). Non obstante, podemos aventurar unha interpretación identificando e trasladando ao vexetal a iconografía franciscana e demais anagramas que si conserva, a uns metros, a porta barroca da igrexa (Fig. 4), con relevos lígneos datados na mesma época que o parterre[4]. Tendo en conta ademais que a lectura se fai dende o primeiro andar e orientándose segundo a dirección cara a igrexa das ventás orixinais, esta é a nosa proposta exemplificada nas imaxes presentes. (Fig. 5 e 6). Sempre será factible, non obstante, a súa identificación aplicando unha metodoloxía arqueolóxica ao parterre, con análise e xeorreferencia de tocóns existentes e restos polínicos (hai que ter en conta que as figuras debúxanse recén plantadas cos esquexes aínda que despois se deformen en cotas superiores).



Fig. 4, Os anagramas reproducidos en madeira na carpintería barroca da porta da igrexa (na imaxe) foron posiblemente trasladados, mediante á arte topiaria, na mesma época, ao mundo vexetal do claustro.

O deseño recorre á tan usada forma en cruz de catro cuarteis con rotonda central, organizados de novo cada un deles na mesma forma, o que suma un total de 14 cadros ao sustraérselles os dous ocupados polo socavón da mina e fonte. Agás a cruz de Calatrava que se mantén por contraste moi nítida e illada, (o que nos fai supoñer que estaba perdida a finais do XIX e foi reposta) os restantes presentan unha impenetrabilidade con varios graos de dificultade, entre os que, porén, se pode albiscar o abrazo franciscano, os anagramas de Cristo e María, as cinco chagas, unha cuncha e varios tipos de cruces. O resto é especulación formal a espera de análises arqueolóxicas e iconográficas. Hai que dicir que no tocante á cruz presente dobre de Calatrava creemos que a reposta substituiría á outra cruz (potenzada) que faltaría do plantel e que por simple recordo e dificultade de trazado foi emulada repetindo o esquema veciño. Vemos ademais probable no cuartel nordeste, o de máis acentuada distorsión hoxe, a presencia de emblemas da casa de Altamira: a cabeza de lobo arrancada e sanguenta dos Moscoso e os dous lobos pasantes dos Osorio. A súa falta non sería explicable dada a omnipresencia con que aparecen brasóns en outros patrocinios monásticos seus como a igrexa dos dominicos que lles



Fig. 5, Proposta de identificación dos cadros do parterre do claustro, a falta de estudos arqueolóxicos que confirmen a forma orixinal.



Fig. 6, Xardín do claustro coa hipótese dos ocos do primeiro andar, antes da (chamada por Emilia Pardo Bazán) restauración intelixente que substituíu o "antiestético corpo superior" por unha nova arquería.

serve de panteón e onde ata en tres veces e só na fachada da portería se repiten os mesmos cuarteis en pedra. Dado o carácter dinámico que tería a composición verde, é dicir, necesaria dunha circulación elevada para unha visión correcta e activa do espectador non sería preciso unha iconografía ortodoxa e fixa como para os cuarteis dun escudo. É a lectura do frade arredor do primeiro andar, movéndose, e só a través das tres fiestras abertas por panda como sería percibido este programa. (Hoxe alterado polas arcadas do andar superior)

Seguindo coa descrición, a propiedade esténdese ao oeste mediante unha alongada lingua de terreo de forte pendente hacia o rio Sarela denominada "o bosque". Neste espazo temos unha sinxela rede de camiños adaptados ás curvas de nivel que o percorren lonxitudinalmente entre a masa predominante de carballos e acacias negras, con algunha aliñación de sebes de buxo no seu paseo central. No extremo do bosque máis cercano á casa atópanse tamén pistas de xogos, un galiñeiro, un corral de bisóns, e a chamada casa do bosque, semioculta entre a vexetación. Cinco bancais na parte baixa do muro estenden tamén as hortas ao bosque.

Respecto do parque ecléctico que foi a principal innovación decimonónica da duquesa, deséñase cunha importante variedade botánica diante do portalón en contacto coa carballeira de San Lourenzo. Aquí, entre magnolios, abetos, criptomerias, palmeiras, drácenas e cedros ente outros, deséñase un pequeno circuíto de trazado redondeado irregular, con praciñas con bancos e unha paxareira central hoxe desaparecida. Lateralmente sobre o muro e abrazando unha pradeira de céspede con palmeiras continúase o bancal con merlóns vexetais pentagonais sobre un cenador de ferro neoárabe con arcos de ferradura (parece que reensamblado doutra situación) (Fig. 7). Xa próximo finalmente á retícula da horta, hai un novo axardinamento independente composto por un campo cromático de camelias e rododendros que circundan nunha estreita e alongada sección diante da torre oeste unha cruz de pedra.



Fig. 7, Cenadoiro neoárabe e paseo topiario de merlóns pentagonais. A alameda de Santiago, seguindo a moda, tamén contou por esa época con outro quiosco de xardín para café en estilo nazarí.

O campo de hortas ten un protagonismo indubidable por extensión e posición dentro do predio. Organízase recurrindo a unha pragmática retícula ortogonal de gran escala (a maior organización de todo o recinto) resultando seis cadros delineados con sebes de buxo e plantacións froiteiras. O uso como pomar queda confirmado nas aliñacións aínda existentes e na cita do xardineiro de que para as plantacións hortícolas úsanse as hortas en bancais a continuación do bosque, con terra de mellor calidade. Este gran pomar polo tanto tería a función de xardín hortícola en transición co parque, explicación do feito de abrirse nese lugar o único miradoiro existente, sobre a congostra da costa do Cano e con vistas ao monte Pedroso.

A inexistencia de hórreos neste contexto monástico e produtivo non debe tampouco estrañar dada a pequena comunidade de frades que habitaban os muros e as amplas rendas sobre a terra e os montes de que gozaban, por non falar do gran recurso económico que supoñía o rio Sarela, moi antropizado e convertido dende finais do século XVIII nun importante polo da industria do coiro.[5]

Os outros xardíns de Eulalia Osorio de Moscoso en Vilagarcía de Arousa

Asentados en Madrid dende hai séculos, os Moscoso reclamaron e acudiron ao rescate do vello cenobio familiar, máis iste feito que posiblemente salvou á casa monástica e fixo que chegara incólume ate os nosos días non foi o único proxecto urbanístico residencial que tiñan en mente os Altamira, pois descubrimos a unha das súas vástagas descendente como unha importante promotora no Salnés.

María Eulalia Osorio de Moscoso, duquesa de Medina das Torres, e descendente do XIV conde de Altamira pode ser considerada como unha das personalidades máis activas na promoción e creación de xardíns na Galicia do século XIX, naturalmente en operacións residenciais sempre con palacete incluído. Ligada ao ámbito cortesán madrileño desenvolveu un importante papel na recuperación do mosteiro familiar de Santiago levando a cabo a renovación do seu xardín e horta con proxectos novidosos e ambiciosos, e que ao mesmo tempo, se foron enriquecendo con novas plantacións botánicas, símbolo de riqueza e exhuberancia arquitectónica.

Entre os seus proxectos contemporáneos a Compostela cabe sinalar a súa casa de estío de Vilaboa, preto de Vilagarcía. A pesares de que a casa se sitúa nun estremo da finca, ao borde do mar, xa que foi deseñada precisamente para ter un acceso principal dende a ría, mediante embarcación e con peirao propio; o soar, de gran extensión, pensouse coma un pintoresco parque ornado con diferentes accidentes xeográficos artificiais para servir ao ocio aristocrático. Hai que dicir que nos referimos aquí ao termo pintoresco no sentido en que este foi aplicado tardíamente aos parques eclécticos galegos e tendo en conta a súa superficie, sempre reducida, comparada cos seus precedentes europeos.

Eulalia gozou nas súas propiedades de xardíns sobresaíntes en canto a deseño, extensión e flora, e incorporou un tipo de parque á moda non ao alcance de moitas persoas. Introduciu proxectos globais de corte académico que foron executados rigurosamente e que hoxe podemos ver no esplendor da súa madurez e desenvolvemento. Non é tampouco allea ás obras de renovación edilicia que levarán a cabo outras nobres contemporáneas súas como a marquesa de San Sadurniño creando un xardín inglés no seu pazo de Casal, que estendeu aos montes adxacentes, ou os condes de Torrecedeira con obras de maior envergadura nas súas propiedades de Noia ou Redondela.

A duquesa acudirá ademais á ría de Arousa para participar do moderno espírito que se desenvolve en torno aos novos centros de turismo e veraneo social. E para dotar dun marco axeitado a práctica saudable dos baños de mar promove instalacións residenciais, prácticas e limpas en Vilaboa, creando un pequeno círculo de grandes fincas con sinxelas mansións utilitarias ao borde do mar nas que non faltan os seus paseos de plátanos e indispensables xardíns de pródiga flora. Este ambiente, contrapunto ao barrio burgués da Prosperidade en Vilagarcía, converteu Vilaboa nun elitista centro vacacional onde acudiron a instalarse as novas fortunas (baste tamén non esquecela aspiración da illa de Cortegada, en Carril, de converterse nunha residencia real, finalmente frustrada).

Ambos mundos, o compostelán reutilizado dun vello convento, e o vilabonés de nova planta, teñen moito en común como esporádicos ámbitos de nobre descanso, onde o xardín ten un papel superior á casa que -concretamente en Vilaboa- únicamente exerce como palacio-dormitorio. No xardín cómese, báilase, recíbese aos amigos, practícanse deportes, xógase, gózase do bo tempo... e para elo, dótaselle dunha variedade que enriquece a experiencia exterior, pois é precisamente o exterior real -o que queda fóra dos límites murarios- o que se proscribe do xardín.

Hai que dicir ademais que Vilaboa acabou recibindo nos seus muros o rei Alfonso XIII, de parecida forma en que trescentos anos antes o fixera San Lourenzo con Carlos I, e que así se encargou de reflectir nunha placa a familia. Os xardíns de Eulalia son espazos que se comparten en colectividade, con amigos varios e arcebispos, e se se pode, co rei, ao contrario que no caso de Rosalía coa que se desencadea unha paisaxe solitaria de rios e bosques, de hortas familiares modestas e tamén de ruína e decadencia das vellas casas fidalgas.

Vilaboa "en las orillas de Arousa"

Contemporáneo das obras do pazo de San Lourenzo, trátase dun dos máis acabados exemplos de xardín pintoresco de Galicia, definitivamente desvinculado do mundo da horta, de ortodoxo trazado académico, e construído nunha paraxe natural ao borde do mar. (Fig. 8).

Ligada a todo un programa construtivo de restauración e renovación que emprendeu a duquesa Eulalia Osorio de Moscoso nas súas propiedades a finais do século XIX, este portentoso xardín respondeu á necesidade da familia de contar cunha residencia vacacional ao borde do mar, en Vilaboa e xunto á entón vila balnearia, foco de turismo e importante porto comercial de Vilagarcía. A nobre, que xa estaba intervindo simultáneamente en San Lourenzo, levou ao límite a aspiración arquitectónica de bicalo mar, construíndo unha caixa residencial levantada sobre a mesma praia. Tal intrépida circunstancia deixaba o resto da propiedade (algo máis de 3 Ha.) libre para a súa transformación nun atractivo xardín pintoresco.

O deseño, perfectamente adaptado á xeometría do soar, traza un único eixo lonxitudinal, paseo de plátanos en forma de media lúa, dende o portalón de acceso, ata á casa. A un lado se constrúe unha paisaxe fluvial, longa e estreita, cunha ría artificial -nada dunha rocalla trala cocheira- con pequenos illotes e cruzada por pontes rústicas, para chegar ao campo da horta onde cambia de sector e rematar fronte á casa formando unha escea de salón con bancos e mesa de pedra nun remanso do rio acoutado cun rochoso semicírculo. Este espazo de salón acentuouse plantando nel grandes árbores ornamentais como sequoias, araucarias e magnolios xunto a un bosqueciño de bambú negro.



Fig. 8, Vista xeral do xardín de Eulalia Osorio en Vilaboa coa entrada principal dende a ria e a adición do terceiro andar da casa en época do seu fillo.

En canto ao sector e metade Oeste do xardín, organizouse transversalmente en tres ámbitos interconectados, preparados para o estricto paseo, con pequenos percorridos circulares deambulando sobre irregulares parterres redondeados. A banda central incorpora ademais unha pista de xogos rectangular, e nalgunhas zonas mantéñense os afloramentos rochosos visibles. O terzo Sur máis alonxado da casa especialízase como un xardín de flores autónomo e de moi pequena escala, con arriates e rotondas onde hai bancos en esquina con respaldo e ceo raso formando enramados.

Non é certa a caricaturización dos accidentes xeográficos tal e como erróneamente os podemos ver hoxe, pois lonxe da súa miniaturización sen máis, o parque aspira á creación dun mundo natural a salvo e brindado en bandexa de prata sobre o que si é posible exercer o control fóra do intempestuoso mundo desbocado real. Aquí o xardín é un obediente obxecto construído que nos permite estar no mundo, manifestando a nosa presencia tal e como desexamos.

Rexurdimento e xardín

Comprenderemos sempre á nosa poeta no sentido en que André Gide escribía no seu diario que o mundo non será salvado senón polos insubmisos, e é a carga do mundo que falece, o do individualismo alterado e so comprendido polas forzas naturais a que da folgos á humanidade en loita contra a inxustiza.

Mentres que a nobre Eulalia paseaba por entre as falsas rías de xardín construídas no pintoresco deseño dos seus parques residenciais importados da corte e daba de comer aos cisnes a resgardo, tras altos muros, do mundo rural inmediato, a nosa expósita filla de fidalga acudía aos bosques de ribeira e escribía nos mesados das súas hortas domésticas.

Cecais o que Rosalía chega a enxergar coa reocupación do mosteiro pola aristócrata e as obras de modernización e de resignificación medieval é a perda da alma do lugar na mesma forma en que o expresa Jacinto, o protagonista da novela de Eça ao observar unha vez arriba a obra do Sacre Coeur: *"É curioso!. Mas a basilica em cima não nos interessou, abafada em tapumes e andaimes, toda branca e sêcca, de pedra muito nova, ainda sem alma"* (QUEIRÓS, Eça de 1901; 121).

Por certo, nun irónico paralelismo literario, temos tamén á duquesa ao igual que o Jacinto eçiano salvando os restos dos antepasados do derrube da igrexa sevillana e trasladándoos a un novo templo.

O sofisticado e luxoso mundo da corte que a aristócrata importou a San Lourenzo e ao Ferrazo tamén, hai que dicilo, para facer negocio, é o reverso da vida rosaliana en moitos dos espazos físicos que ambas compartiron contemporáneamente dende San Lourenzo, Madrid, Santiago ou Carril.

A modernidade da visión do xardín en Rosalía é clara, posto que valora tanto a redución da escala dos elementos obxectuais, o musgo dos troncos, o anonimato e a forza dos elementos naturais e tamén a escala que trascende á visión do país enteiro a través da súa paisaxe. Rosalía crea esas paisaxes e xardíns cos seus versos e é capaz de velo país, mentres que Eulalia Osorio de Moscoso importa con cartos dende a corte unha pródiga e exultante paisaxe artificial. William Gipin, responsable desa visión de aprezo ás tortas ramaxes das árbores, podemos dicir que influencia á corte madrileña para que dende as súas escolas agrónomas se deseñen eses parques á moda que Eulalia logo importa a Galicia, mentres que a poeta santiaguesa fuxe da súa codificación e glosa a súa enteira liberdade.

No xardín de Eulalia xa se pode falar da magnolia grandiflora (porque se deseña un sitio concreto para a poñer) da súa unicidade, das tres palmeiras ou da cryptomeria… as árbores se individualizan e se nomean como individuos valiosos porque son eleccións formais dun catálogo, todo o contrario que pasa coa colectividade de árbores anónimas e populares na obra rosaliana.

San Lourenzo no século XXI

Pero de novo podemos preguntarnos paradoxalmente cal é o tempo destes vellos xardíns e hortas conventuais agora que foron terciarizados os seus usos e a respecto da censura rosaliana pola perda do carácter de refuxio solitario. Refírome, por citar algunhas melloras, ao equipamento audiovisual e de iluminación que cubre as fachadas e xardíns nas noites de chill out e discoteca nas publicitadas Noches de San Lorenzo (sic) e aos eventos con multitudes e imaxinería led e sonora da vida urbana contemporánea.[6]

O poder da poesía para chamar a atención contra os desvaríos que se producen sobre o patrimonio cultural non parece que dera ata agora bos resultados[7]… e tamén o podemos ver no pazo familiar rosaliano de Arretén, no que volume, cuberta, patio, fachadas... foron alterados sen miramentos e que o tempo transcorrido sen reposición da legalidade acabará perigosamente por validar isa loucura.[8]

A todo isto faltarialle por engadir os graves danos no parterre claustral[9] coa morte por unha praga en 2019 dun 25% do buxo centenario, sancionado ademais no Diario Oficial de Galicia coa perda da protección xurídica de formación xenlleira (un abandono xurídico no momento en que máis protección precisaría); a degradación do bosque coa introdución de acacias negras e eucaliptos; a previsible morte das palmeiras canarias polo picudo vermello; a instalación de carpas e proliferación de piscinas polo xardín… a construción

dun mundo terciario e de lecer sobreposto á natureza literaria deste bosque.

Trátese dunha novela epistolar dun esteta finisecular, dunha creación poética, ou artigo periodístico, o feito referido, os bens desamortizados da igrexa, entran a formar parte todavía no debate de usos nas sociedades que mudan. E o legado patrimonial do que se serve a memoria colectiva non vai atopar acomodo doado. Unha sociedade clerical sostida polo pobo ou posteriormente de burgueses rendistas non son o mesmo que unha sociedade actual esixente ao que trasladar o peso económico destas fábricas.

Dentro da paradoxa dos sentimentos comprendemos o desánimo rosaliano cando o narrador de A cidade trala volta á grande urbe expresa: "*...tambem eu sentí, como elle no campo, a vaga tristeza da minha fragilidade e da minha solidão. Bem certamente estava ali como perdido n'um mundo que me näo era fraternal*" (QUEIRÓS, Eça de 1901; 365)

En 1880, as obras de remuda de Trasouto parece que non concitaban acordo entre unha poeta desolada e unha prosista entusiasmada; entre a perda da alma do lugar e a súa modernización. Parece o vello debate que se reitera periódicamente no mundo, e que só coa distancia e ironía eçiana se pode abordar. Pouco remedio hai para Rosalía como non escape a alma de si mesma no sentido horaciano.

Coda final. O reverso da salvación de San Lourenzo

Falamos, ata o de agora, da recuperación e salvación do patrimonio familiar de Eulalia Osorio de Moscoso, perfectamente reflectido na prensa da época que a retrata desta maneira, pero foi realmente así?. Fagamos un repaso do acontecer de outras propiedades compostelás non salvadas ou recuperadas pola duquesa e demais irmáns. (Fig. 9)



Fig. 9, O pazo de Trasouteiro, situado a escasa distancia da fortaleza de Altamira e considerado como unha vila de recreo tardorrenacentista (con xardín e terraza miradoiro) tamén foi enaxenado como a maioría dos bens inmobles da Terra de Santiago polos Osorio de Moscoso. Na imaxe, o xardín actual cos restos do cenadoiro e o estado da súa fonte cincocentista tralo expolio das súas tazas superiores "trasladadas" presuntamente a un pazo de Boiro.

En 1870 Eulalia e a súa irmá venderon o enorme caserón de San Fiz de Solovio, principal palacio renacentista do seu apelido por 80.000 pesetas (Vázquez Castro) ao concello de Santiago, destruíndo mais de trescentos anos de historia e enaxenando de paso o arquivo familiar que ata entón se aloxaba na súa torre sur. Catro anos despois véndese a fortaleza de Altamira en San Fins de Brión ao arcebispado para ser utilizada como canteira, desafiuzando o impoñente soar do século XV, cunhas noxentas consecuencias, das que algúns intelectuais xa se queixaran anteriormente (Manuel Murguía, Alfredo Vicenti) e que agora se denunciaba nunha campaña en prensa para evitala súa desaparición[10] (VÁZQUEZ CASTRO 2019a; 266). Autores como García Oro e Portela Silva sinalaron ademais o expolio da casa de Altamira relativo ao seu patrimonio bibliográfico e documental: *"un gran número de códices miniados fueron en los siglos XVIII y XIX patrimonio o botín de los titulares de Altamira y tuvieron finalmente un destino lamentable, llevados a lo largo del siglo XIX, especialmente en el decenio de 1870, a las grandes subastas londinenses, parisinas y suízas y adquiridos por instituciones culturales de gran empuje como el Museo Británico de Londres"* (GARCÍA ORO e PORTELA SILVA 2003; 63 e FERNÁNDEZ TALAYA 2007; 40)

Emilia Pardo Bazán ou descoñecía as polémicas destrucións da duquesa por esa época no seu patrimonio (o que non parece probable) ou máis ben, penso que necesitamos unha relectura do seu artigo, no que a loa esaxerada inicial pode estar a censurar solapadamente esa querencia urbanística de facer caixa cos restos do patrimonio familiar que lle tocou e que supoñía desfacerse do lastre do mantemento económico destes pardiñeiros.

Podemos pensar, de confirmarse este desarraigo co seu patrimonio histórico, que Eulalia Osorio de Moscoso e a súa familia é paradoxalmente unha das maiores artífices da destrución do patrimonio cultural da idade moderna en Galicia, supoñemos que non estraño tampouco no panorama decimonónico español coa caída de moitas casas nobiliarias co final do antigo réxime. A reconstrución ou salvación de Trasouto puido ter sido (en detrimento de San Fiz, San Fins ou Trasouteiro) resultado dun cálculo económico ao preferir especular co valor do soar no centro de Santiago, de tan extensión que amais do gran mercado de abastos puido facerse unha urbanización de vivendas coa apertura dunha nova rúa; que amor á tradición edilicia da súa sangue. A cruz da moeda da "salvación" arquitectónica de San Lourenzo revélanos novamente a queixa rosaliana que viveu de primeira man, á sombra dos Altamira, este conflicto da destrución do seu patrimonio na Amahía.

Por suposto non hai que ver aquí un simple xogo de reversos complementarios inocentes. É dicir, para recuperar e salvalo cenobio románico da familia, sacrificáronse, ao seu pesar, as ruínas ou edificios en moi mal estado doutros predios. Os privilexios, as elites, as grandes rendas, os necesarios novos palacios que debían florecer na Corte, o desarraigo coa terra a penas pisada en séculos, os cargos e a influencia política .... traslocen inequívocamente o feito de que os vellos soares históricos importaron segundo o seu peso económico e os reparos para librarse deles faltaron cando se consideraron como simples lastres da fortuna familiar. Nunca tan certeira crítica foi pois a de Emilia Pardo Bazán. Baixo que condicións foi entón salvado San Lourenzo?

NOTAS

[1] Non obstante Emilia tal vez esquecía o desmoroamento progresivo das Torres e palacio de Altamira en San Fins de Brión da mesma liñaxe familiar que acabou vendido ao arcebispado como canteira; a decadencia de Trasouteiro ou a triste desaparición dos seus palacios urbanos de San Fiz de Solovio e da praza do Campo en Santiago.

[2] O autor destas obras de reforma pode selo arquitecto Agustín Ortiz de Villajos que lle construía á duquesa por esa época o seu palacio madrileño e probablemente tamén o de Vilaboa, compartindo ambos a mesma tipoloxía de caixa rotunda e pórticos anexos (no caso arousán da fundición Sanford). Ortiz proxectou así mesmo para Vigo, en 1881, un teatro municipal finalmente non construído. (SÁNCHEZ GARCÍA 2019, 535)

[3] O pazo de Sanxenxo acabará unhas décadas despois a mans da familia da duquesa de Medina das Torres

[4] Lamentablemente esta carpintería perdeu a maior parte dos plafóns orixinais inferiores das dúas follas.

[5] A veciña comunidade relixiosa de Oblatas, augas arriba do Sarela, chegou a xestionar a tenería lindante co que precisou abrir un paso elevado sobre o camiño.

[6] A transformación de usos neste caso é un serio aviso para cando se consuma o baleirado de tódolos demais conventos composteláns e a súa previsible *hotelización* dada a apetencia con que os gobernos impulsan e favorecen este monopolio turístico da cidade.

[7] O poema rosaliano no que se laia das obras de remuda de San Lourenzo é utilizado pola empresa que xestiona o pazo para publicitar precisamente aquelo que Rosalía denunciaba no seu poema.

[8] O propio concello de Padrón en 2020 comezou sorprendentemente a tramitación urbanística para regularizar as obras e usos ilegais -con sentenza firme para a reposición da legalidade- do pazo de Arretén, en lugar de esixir e apremiar aos infractores para que acometeran a súa restauración.

[9] Grazas aos coidados do xardineiro estase detendo a degradación destes históricos buxos.

[10] No catalogo da exposición do Metropolitan Museum de Nova York de 2014, que reuníu os retratos da familia Altamira feitos por Goya e Esteve cara 1787 e 1785 respectivamente, facíase un breve reconto das súas casas principais (o palacio en construción de Madrid, Sevilla e incluso o de Velada) ignorando os predios galegos de Altamira, Trasouteiro ou Santiago que eran as principais casas da linaxe e as de maior soleira e antigüidade.

BIBLIOGRAFÍA

BABÍO URKIDI, Carlos e PÉREZ LORENZO, Manuel, (2017), *Meirás: un pazo, un caudillo, un espolio,* A Coruña, Fundación Galiza Sempre

CARMONA BADÍA, Xan e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, (2003), *A Compostela industrial. Historia e pegada das fábricas de coiros no concello de Santiago*, A Coruña, Consorcio de Santiago

CASTRO (DE), Rosalía, (2012), *Follas Novas*, Santiago de Compostela, El Patito Editorial

DÍAZ LÓPEZ, Juan David, (2015), *El pazo de San Lourenzo de Trasouto. De oratorio franciscano a retiro señorial,* Editorial Guiverny e Consorcio de Santiago

EÇA DE QUEIRÓS, José María, (1901), *A cidade e as serras,* Porto, De Lello & Irmão Editores, consultado exemplar dixitalizado da Biblioteca Nacional de Portugal en: http://id.bnportugal.gov.pt/bib/catbnp/875673

EÇA DE QUEIRÓS, José María, (2008), *La correspondencia de Fradique Mendes*, Barbera del Vallès, Random House Mondadori

FERNÁNDEZ SÁNCHEZ, José María e FREIRE BARREIRO, Francisco, (2001), *Guía de Santiago y sus alrededores*, Valladolid, Editorial Maxtor

FERNÁNDEZ TALAYA, María Teresa (2007), *El palacio de Altamira,* Madrid, Istituto Europeo di Design

GARCÍA ORO, J. e PORTELA SILVA, M.J., (2003), *La casa de Altamira durante el Renacimiento. Estudio introductorio y Colección Diplomática*, Santiago de Compostela, Editorial El Eco Franciscano

GILPIN, William, (1794), *Remarks on Forrest Scenery and others woodland views*, London, R. Blamire

MARTÍNEZ BARBEITO, Carlos (1986), Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña, Everest, Diputación Provincial da Coruña

PARDO BAZÁN, Emilia, (1880), *Impresiones santiaguesas. Una joya del arte renaciente*, en Revista de Galicia, de literatura, ciencias y artes, núm. 15, 16 e 17, A Coruña, consultado exemplar en Galiciana, biblioteca dixital de Galicia

RODRÍGUEZ DACAL, Carlos e IZCO SEVILLANO, Jesús, (1994), *Pazos de Galicia. Xardíns e plantas,* Cambados, Xunta de Galicia

SALOMON, Xavier F. (2014), *Goya and the Altamira family,* The Metropolitan Museum of Art Bulletin, Volume LXXI, n.°4

SÁNCHEZ GARCÍA, Jesús Ángel, (2019), Teatro Rosalía Castro (Vigo) en *Arquitecturas desvanecidas. Memoria gráfica del patrimonio desaparecido en Galicia,* Madrid, Abada editores

SÁNCHEZ GARCÍA, Jesús Ángel, (2010), *El jardín de los pazos. Ensayo histórico*, Madrid, Editorial Biblioteca Nova

SÁNCHEZ GARCÍA, Jesús Ángel, (2004), *Una señorial y melancólica escena. El Romanticismo y el jardín de los pazos gallegos, en Jardín y Romanticismo,* Madrid, Comunidad de Madrid

VIGO TRASANCOS, dir., SÁNCHEZ GARCÍA, J. e TAÍN GUZMÁN M., coords. (2011), Galicia y el siglo XVIII. *Planos y dibujos de arquitectura y urbanismo (1701-1800)*, A Coruña, Fundación Barrié

VÁZQUEZ CASTRO, Julio, (2019a), *Palacio de los condes de Altamira (Santiago de Compostela) en Arquitecturas desvanecidas. Memoria gráfica del patrimonio desaparecido en Galicia,* Madrid, Abada editores

VÁZQUEZ CASTRO, Julio, (2019b), Fortaleza de Altamira (Brión) en Arquitecturas desvanecidas. *Memoria gráfica del patrimonio desaparecido en Galicia,* Madrid, Abada editores

A representación da tecnoloxía no parque do Pasatempo de Betanzos.
Análise do mergullador e do dirixible

YOSUNE DUO SUÁREZ*

Sumario

No parque do Pasatempo consérvanse representacións de varios inventos e aparellos plasmados de forma específica. O sistema de representación empregado para eles é tan detallado que permite deducir a funcionalidade desa tecnoloxía en cuestión. Nos casos do mergullador e do dirixible é palpable a intencionalidade de conformar prototipos concretos.

Abstract

In the Pasatempo park there are several inventions and devices shaped specifically. The representation system used for them has specific features that allow us to deduce the functionality of the technology in question. In the case of the diver and the airship, the intention to form concrete prototypes is palpable.

Toda obra de arte es hija de su tiempo
Kandinsky en
De lo espiritual en el arte (1911)

TEKNÉ

Houbo un tempo no que ciencia e arte estaban estreitamente ligadas. Un feito difícil de asimilar na confusa mente occidental actual, a cal é produto do continuo cambio de procedementos e crenzas colectivas.

O que si podemos entrever é que ciencia e arte conviviron en moitos períodos da historia e que estaban contidas nesa *tekné*, que os gregos denominaron como a capacidade do ser humano para producir instrumentos e bens de consumo en concordancia coa produción artesá e artística. A técnica era unha forma especial de saberes e destrezas que converxen nunha obra[1].

Neste documento pretendo analizar a representación da tecnoloxía no Parque do Pasatempo de Betanzos, un tipo de representación reflectida en diversos puntos e que condiciona o valor simbólico do lugar.

* **Yosune Duo Suárez**: Graduada en Belas Artes e técnica audiovisual. Ten colaborado na publicación da revista *Casa dos Espellos* e é unha das autoras do libro *El Parque del Pasatiempo de Betanzos.*

Centrareime no **mergullador** e no **dirixible**, aínda que hai moitos máis exemplos non menos interesantes que poderían ser considerados en futuros supostos: barcos, aeroplano, funicular, vehículos ou teléfono; sen contar as grandes construcións levadas a cabo na época dos García Naveira, como pode ser a canle de Panamá ou incipientes prácticas e materias como a espeleoloxía e a paleontoloxía.

Comezo así escribindo sobre estes dous casos porque ao longo destes anos de estudo do parque, en conxunto cos meus compañeiros da *Asociación de Amigas do Parque do Pasatempo,* vexo certa claridade nas dúas figuras para tratar.

A miña finalidade non é outra que demostrar que estas representacións non son xenéricas, senón que son modelos concretos plasmados con total fidelidade ao obxecto a representar. É dicir, o mergullador é un mergullador particular e o dirixible é un dirixible particular.

Teño que aclarar que é un enfoque amplo no que caben varias posibilidades, pero trátase de apelar ao sentido común e tentear a casuística da forma o máis obxectiva posible.

O Pasatempo continúa sendo, incluso a día de hoxe, un gran enigma aberto a múltiples probabilidades. E, aínda que houbo moita xente que contribuíu a explicar as incógnitas que existen nel, é un lugar que conta con diversas capas interpretativas que fan apaixonante a súa investigación.

A DIVULGACIÓN CIENTÍFICA NO PASATEMPO

Hablamos en un mundo, vemos en otro.
La imagen es simbólica pero no tiene las propiedades semánticas de la lengua;
Es la infancia del signo. Esa originalidad le da una forma de transmisión sin igual.
La imagen sirve porque hace de vínculo. Pero sin comunidad no hay vitalidad simbólca.

Régis Debray en *Vida y muerte de la imagen.*
Historia de la mirada en Occidente (1994)

As últimas décadas do século XIX foron anos dun emerxer tecnolóxico frenético. Apareceron novos materiais e fontes de enerxía que deixaron atrás antigos materiais vinculados á máquina de vapor. Foi o momento no que se comezou a utilizar o aceiro, o petróleo e a electricidade. Estamos no marco da segunda Revolución Industrial, un período que repercutiu fondamente tanto na forma de vida como nas correntes de pensamento occidentais.

As innovacións tecnolóxicas foron transcendentais para a produción e a economía. Os múltiples inventos eran presentados nas enormes exposicións universais e exposicións temáticas que xa comezaran a mediados de século. As clases sociais máis acomodadas tiñan a posibilidade de presenciar en primeira persoa todo ese movemento efervescente de conquista tecnolóxica que «podía mejorar la calidad de vida y, en consecuencia el progreso de la civilización occidental» (Bourdón, 2021: 45). Ou como comentan na propia *Revista de la exposición universal de París* (1889) «nunca se había visto reunido en un mismo sitio semejante desarrollo y ostentación de fuerza motriz, de arte mecánico, de construcción metalúrgica, de refinamiento científico».

Este é o contexto no que se construíu o Parque do Pasatempo, tendo en conta a datación

do seu comezo en 1893. Unha época considerada como a época de ouro da divulgación científica, corrente que contribuíu á nova mentalidade positivista que explicaba o mundo baixo a lupa do método científico. O coñecemento acadábase a través da experiencia, facendo que o sistema educativo evolucionase até un punto no que o suxeito adquiría esa educación «de forma observacional» (Fuentes, 2014: 151):

> *D. Juan y D. Jesús quisieron hacer partícipes a sus vecinos del caudal de conocimientos que ellos pudieron ir adquiriendo a lo largo de su experiencia personal y, así, ampliar la base cultural de la población a través de los medios, recursos, materiales y métodos que, ellos mismos habían descubierto en base a su experiencia personal, o bien recogían de lecturas y materiales de la época.*

Efectivamente, non estamos a falar do que acontecía só no ámbito académico senón que existía unha acción didáctica da poboación xeral, moita dela analfabeta. Propiciábase a autonomía da persoa, algo inaudito en tempos anteriores. Isto non obedecía tanto a unha imposición, pois había unha crecente demanda e polo tanto era unha necesidade social.

Desta forma, potenciouse a divulgación científica como un modelo de masas que acaeceu simultaneamente en moitos países á vez. En España estivo moi influenciada pola tendencia francesa, o cal fixo que certas publicacións se traduciran practicamente de forma simultánea debido ás continuas peticións e ventas. No veloz proceso de cambio de lingua, o contido sufriu modificacións ou incluso a perda do significante de orixe[2].

A transmisión de coñecemento facíase por medio de xente especializada que explicaba os procesos dunha forma efectiva e concisa. A expresión lingüística modificouse ata que fose entendible para o novo público, as temáticas simplificáronse e os textos acompañáronse de ilustracións que facilitaban a comprensión, algo que Sánchez Ron (2015) valora deste xeito: «afortunadamente existen caminos intermedios entre la pasiva ignorancia y el conocimiento riguroso. Uno de ellos lo proporciona la literatura de divulgación científica».

Deixando atrás os gabinetes de curiosidades predecesores, abríronse paso inéditas exposicións, conferencias, eventos, observatorios, xardíns, novelas sobre ciencia, enciclopedias e revistas. Incluso a prensa diaria participaba nesta "misión" divulgativa narrando as crónicas dos novos inventos e acontecementos. Hai que destacar tamén o papel de sociedades científicas que levaron a cabo unha función de formación a través dos museos, os cales se transformaron adquirindo un carácter público e didáctico.

A pesar de que sempre foron xestionados a través das clases políticas e sociais dominantes, a dimensión pública foise abrindo camiño de forma definitiva, modificando así o contido formal e ideal do museo. Un tipo de museo que puxo en alza a creación de obxectos e descubrimentos recentes. E non só no que se refire a actividades artísticas, senón tamén ás industriais; facendo que houbese unha maior especialización nas mostras e dando lugar aos museos arqueolóxicos, antropolóxicos, etnográficos e tecnolóxicos[3].

Sabemos así que é necesario reunir todos estes factores que compoñen a divulgación da época para facer unha reflexión sobre os cimentos nos que se construíu o Pasatempo. Acaso non se falou tantas veces desa vertente enciclopédica, museística, didáctica e mesmo ociosa do parque? Esa faceta inmersiva non deixa de ser unha característica propia das actividades dese período. Mesturándose ademais con outra faceta historicista que dialogaba coas grandes viaxes e expedicións que sentaron precedente; pois os cambios

culturais non acontecen de forma automática, son produto dunha actuación progresiva que fai que nun mesmo tempo e lugar convivan a innovación e as rabexadas de recursos estilísticos anteriores. Polo tanto, tratábase de renovar pero sen perder de vista o pasado, xa que eses *revivals* eran beneficiosos á hora de recoller o que servía en épocas pasadas , ou como afirma Kandinsky (1911: 21) «la semejanza del sentir íntimo de todo períodopuede conducir lógicamente a la utilización de las formas que, en un período pasado, sirvieron eficazmente a las mismas tendencias».

Non obstante, é aquí onde vou incidir na condición única e innovadora da obra betanceira, debido a que estas "experiencias" son expresadas con materiais imperecedoiros, coma o formigón, que fan que o parque sexa unha testemuña fixa no tempo. O efémero convértese desta maneira en permanente, en algo só alterable pola climatoloxía e a deriva territorial.

Ademais de que en Galicia este movemento cultural non estaba presente como tal, o que facía que o Pasatempo fose un lugar bastante rompedor neses anos e, seguramente, dese lugar a opinións enfrontadas.

A INTENCIÓN DETERMINA O ACTO DE CREAR [5]

Á hora de facer unha lectura precisa das representacións na obra de Juan García Naveira, en concreto das representacións tecnolóxicas, hai que ter en conta o esclarecido no artigo *A arte no Pasatempo de Betanzos. Un templete de catálogo* de Daniel Lucas Teijeiro Mosquera (2018: 65) no que afirma: «É importante lembrar aos traballadores que copiaron as obras de arte, pois facían variacións no modelo orixinal do escultor».

A noción de que moitos dos elementos que habitan o parque son copia dunha obra orixinal encargada por catálogo[6], algo demostrado neste artigo, queda máis difusa no caso dos altorelevos tecnolóxicos. Se ben sabemos que son a representación dun modelo orixinal, non está claro que sexan de catálogo. Máis que nada pola falta de reproducións equivalentes noutros lugares do mundo, xa que se existen, non son abundantes.

Asemella que neste caso a copia é precedida por esa documentación divulgativa da que antes falabamos. O que si que puido ter lugar é unha mestura formal entre a composición do obxecto orixinal, a imaxe divulgativa e os engadidos feitos polos traballadores.

O resultado é unha obra persoal adecuada ao espazo e dotada de certa inventiva, a cal non ensombrece a intención inicial de representar un obxecto particular. Coma se o propio Juan García Naveira se personificara na figura dun inventor do seu tempo, sendo o "compositor do espazo" a través de catálogos, imaxes e reinterpretacións subxectivas.

Non deixa de ser curioso que antes me referira á divulgación en museos, feiras, exposicións, prensa, almanaques, postais, libros ou manuais; mais a forma de plasmar estes inventos e descubrimentos no parque foi practicamente nova. Parece imitar á maqueta do obxecto orixinal, pero en posición vertical. Ao ter volume, outorga unha gran cantidade de información. Neste suposto, a maqueta non sería a base para a planificación e construción do obxecto senón que nacería como testemuña dese obxecto. A maqueta, como "imaxe dunha idea" é a «dimensión utópica e o carácter do modelo que se lle atribúe ao obxecto, o que a configura como obra de arte» (Pirson, 1988: 70).

IMAXE DUNHA IMAXE

As figuras tecnolóxicas do Pasatempo seguramente tiveron como referencia fotografías e debuxos propios da divulgación. Hai outros detalles atopados no parque que nos poden facer pensar nisto. Voume permitir a licenza de poñer como exemplo o *Muro das Relixións.* Non me parece unha tolería facer unha analoxía entre as figuras aliñadas de maior a menor en función da cantidade de practicantes das diferentes relixións do mundo cun gráfico propio da prensa escrita ou dun libro escolar. Cómpre lembrar que foron moitas as publicacións que contaban con profesionais de primeira para ilustrar as noticias e os textos.

Antes de entrar nos dous casos concretos do mergullador e do dirixible, debo aclarar a problemática das ilustracións. A ilustración científica realízase para contribuír a expresar algo que se precisa divulgar. É moi común confundila coa ilustración naturalista. Esta última é propia das grandes expedicións, nas que a persoa levaba un caderno de campo e plasmaba os seus descubrimentos *in situ,* dándolle moita importancia á contorna do suxeito a debuxar e sendo influenciada pola subxectividade propia desa experiencia persoal.

A ilustración científica, non obstante, está ao servizo da comunicación científica e a súa función principal é ordenar e aclarar os conceptos. Non copia simplemente o obxecto a estudar senón que sintetiza todas as variacións dese mesmo obxecto.

Por exemplo, se estamos a falar dun prototipo concreto de automóbil, ese debuxo debería esquematizar as diferentes variacións dese mesmo prototipo. Polo tanto, trátase dunha simplificación das formas mais non dos conceptos. Un dato que podería xustificar a estética naif que abunda no parque e que funciona como a estética propia do que podemos chamar diagramas de libros de texto.

MERGULLADOR

Data de creación: en torno a 1908.
Localización: entre o *Muro dos Azulexos* e o *Muro de Homenaxe a Arxentina*. Baixo a escaleira que leva ao *Estanque de Salomón e á Estatua da República* [7].

Cambios que sufriu na restauración dos anos noventa do século XX:
- A panca cambiouse por un mazo.
- Os brazos do buzo alongáronse.
- Puxéronlle manoplas nas mans.
- Desapareceu unha pila en forma de cuncha que podería ser unha pequena fonte.
- Desapareceu o peso que colgaba do tanque.
- Desapareceu o pico/machete do cinto de ferramentas. Era máis grande que o actual.
- Engadiron unha ferramenta diferente no cinto que pode ser un pico diferente.
- Cambio de colocación de certas cunchas e peixes.

A continuación, un esbozo do mergullador do Pasatempo no que nomeo os elementos e características principais da figura.





(Fig.1) Imaxe que aparece no manual *A. Siebe's. Divingapparatus. With instructions for submarine operations.* Siebe& Gorman, 1870.



(Fig. 2) Imaxe que aparece en *Manual for divers and Diving operations.* Siebe Gorman & Co. 1895. Apréciase o peso que colga do tanque e o pico que utiliza para reparar o barco.



L'HOMME ET SES TRAVAUX AU FOND DE LA MER. 195

Carcel, éclaire la marche du plongeur. Les parois de la lampe résistent à la pression exercée par l'eau, et les gaz qu'elle renferme, dilatés par la chaleur, s'échappent par une petite soupape analogue à celle du poumon artificiel.

La régularité de la lumière ainsi produite ne dépend

Fig. 64. — Plongeurs trouvant une caisse d'or dans le port de Marseille.

que du régulateur lui-même, et nullement de la profondeur : elle dure environ trois heures en gardant la même énergie. Il suffit de changer les charbons pour retrouver la même intensité.

On emploie très-généralement les plongeurs à la recherche des corps tombés à la mer. Combien de précieux objets ont été par ce moyen dérobés à l'Océan, malgré la

(Fig. 3) Imaxe que aparece no libro *Le fond de la mer.* León Renard, 1882.

A simple vista, a do parque parece unha representación vulgar pero, como dicía anteriormente, podería ser unha copia parcial ou total dun debuxo divulgativo. Moitas veces neste tipo de debuxos a forma e a perspectiva simplifícanse.

Ao tratar de facer esa perspectiva, realizaron un barco pequeno na esquina superior pero sen que se perciba o efecto que se pretende. Polo menos se o vemos tal e como está hoxe en día, xa que non sabemos se era unha escena policromada en orixe, o que podería achegar moita máis perspectiva. A que si está minuciosamente plasmada, case a tamaño natural, é a figura do mergullador, que podería estar feita mediante molde, xa que ten unha forma moi precisa e compacta.

A representación dos mergulladores baixo o mar cun barco na superficie, tanto de cerca como de lonxe, era un elemento común na época. Hai que ter en conta que a fotografía submarina non xurdiu ata o ano 1893 (Louis Boutan), e dunha forma moi primixenia. O primeiro libro de fotografía subacuática *La photographie sousmarine et les progres de la photografie* (Louis Boutan) é do ano 1900, e aínda así, na época na que se construíu o Pasatempo eran escasísimas as fotos baixo o mar debido á loxística. Polo tanto, utilizábanse case sempre ilustracións para facer este tipo de composicións.

A efixie deste mergullador cazatesouros, unha das máis atractivas do parque, podería ser un escenario típico dun libro de aventuras pero, se nos fixamos ben, o mergullador non leva calqueira tipo de escafandro. Se indagamos un pouco e analizamos as pezas, podemos ver a súa similitude co sistema regulador ***Rouquayrol-Deneyrouze,*** un sistema patentado no ano 1860 por Benoît Rouquayrol e que foi a orixe da *válvula de demanda*, utilizada ata hoxe en día. Nun principio utilizábase dentro das minas pero en 1864, xunto con Auguste Denayrouze, adaptouno para utilízalo baixo a auga.

gaz dissous dans le sang, et que si la différence est trop grande, la mort peut en résulter. Il est peu d'hommes, en résumé, qui puissent travailler à plus de 20 mètres de profondeur au-dessous de l'eau; aucun n'a encore dépassé 30 mètres.



Fig. 53. — Scaphandre.

En simplifiant encore ce système de ventilation artificielle, on a créé le *scaphandre*, appareil qui laisse à l'ouvrier une certaine indépendance, et lui permet de travailler librement au sein des eaux (fig. 53 et 54). C'était d'abord un casque enfermant, comme dans une

(Fig. 4) Imaxe que aparece en *Les machines.* ÉdouardCollignon, 1882.

chambre, toute la tête de l'ouvrier; on l'alimentait d'air respirable au moyen d'une pompe qui devait fonctionner constamment. Des poids, des semelles en plomb donnaient à l'ouvrier la densité nécessaire pour résister à la sous-pression de l'eau. Ensuite, on a réduit le casque à ses parties essentielles : une embouchure qui se fixe entre les lèvres et les gencives, et qui conduit l'air aux poumons; un jeu de soupapes



Fig. 54. — Détails du casque et du sac à air.

qui sert à l'évacuation de l'air expiré; un pince-nez, qui ferme les narines, et des lunettes étanches, qui protègent les yeux. De plus, au lieu d'alimenter directement la bouche de l'ouvrier en faisant jouer la pompe, on peut remplir d'avance des réservoirs d'air comprimé; la pression de cet air suffit pour le faire affluer à la bouche de l'ouvrier. La combustion d'une lampe s'entretient d'une manière analogue. On obtient ainsi non-seulement le scaphandre, mais

(Fig. 4) Imaxe que aparece en *Les machines.* ÉdouardCollignon, 1882.

A máscara modelada no parque é un elemento a ter moi en conta. Trátase dunha máscara á que lle chamaron, facendo unha tradución aproximada, "de fociño", pola forma tan característica que ten. A primeira máscara deste sistema de mergullo tiña só unha apertura frontal cunha lente especial para poder ver con claridade, pero pouco despois engadíronlle dúas aperturas lixeiramente laterais que lle proporcionaban unha visión panorámica. Este tipo de máscara tivo pouca duración, pois tiña un defecto: non posuía suxeición traseira adecuada e caía cara adiante.

Aínda que houbo xente que continuou utilizándoa, precisamente por ese defecto, resolveron esa cualidade a petición da Mariña. Hai que lembrar que moitos dos inventos e innovacións se facían con fins militares como primeiro obxectivo e, a maioría das veces, estes inventos financiábanse e patentábanse a través da milicia.

En 1867 deseñaron o casco de tres pernos, o cal se converteu nun estándar mundial e, en consecuencia, é o que máis abunda nas ilustracións e fotografías. Algo que non ocorre no parque.

O sistema *Rouquayrol-Denayrouze* foi a primeira produción da historia de escafandro autónomo, e foi moi representativo durante décadas, incluso na época do parque, sabendo que pasaron cerca de trinta anos entre a comercialización dun e a construción do outro. Era o método de mergullo máis empregado. O propio Rouquayrol fixo un manual explicando todas as pezas e a súa funcionalidade[8].



REVUE DE L'EXPOSITION. 125

Un petit robinet fixé au sommet du masque permet au plongeur d'évacuer l'air en excès dans son habit.

Plongeur muni du réservoir-régulateur et de l'habit en caoutchouc pour les travaux exigeant six heures de séjour sous l'eau sans remonter.

DIVERS MODES D'EMPLOI DE L'APPAREIL.

On se sert de cet appareil de trois manières différentes :

1° On plonge avec l'habit en caoutchouc le réservoir-régulateur, les souliers et les plombs ;

2° On plonge sans l'habit en caoutchouc, avec le réservoir-régulateur, avec les plombs du dos et les semelles ;

3° On nage, on monte à la surface, on descend à volonté sous l'eau avec le réservoir-régulateur sur le dos, sans aucun plomb ni semelle.

Le premier mode est surtout applicable aux travaux hydrauliques dans les latitudes froides ou tempérées.

(Fig. 6) Imaxe que aparece en *La vie à la campagne*. Charles Furne, editour. 1861.


L'EXPOSITION POPULAIRE ILLUSTRÉE

1867

LE NUMÉRO 10 CENT.

Paraissant une fois par semaine.

L'ART DE PLONGER

ET DE TRAVAILLER SOUS L'EAU.

(Fig. 7) Revista *L'Exposition Populaire Illustrrée*,1867.

Presentouse na Exposición Universal de París en 1867, ano no que se fixo un ha demostración de inmersión ante o público levando os dous tipos de máscara, a de "fociño" e a de tres pernos. A esta exposición acudiu o escritor Jules Verne, quedando abraiado co invento e utilizándoo como inspiración para o traxe do capitán Nemo en *Vingt mille lieues sous les mers,* pero cunha peculiaridade, se ben esta fórmula non permitía unha inmersión de máis de trinta minutos e o buzo tiña que andar case todo o tempo polo solo mariño -entre outras cousas debido ao *síndrome de descompresión*-, o buzo de Verne podía estar unhas catro horas baixo o mar. O escritor foi un pioneiro da ciencia ficción e, se ben facía divulgación científica na súa literatura, engadía fundamentos propios do xénero.


LES PLONGEURS

(Fig. 8) Imaxe que aparece en *L'Exposition Universelle Paris* 1867.

Neste punto, podémonos preguntar cal foi o modelo no que se inspirou a composición do Pasatempo. Algunhas hipóteses que persoalmente me parecen razoables pero que, por suposto, están sen pechar son as seguintes. Poderiamos pensar que a representación puido estar baseada na propia obra de Verne, xa que foi unha novela moi famosa e de certa importancia na época, mais, se observamos as ilustracións das primeiras edicións, e se ben sabemos que o sistema de respiración do buzo é o descrito con anterioridade, non temos semellante detalle e claridade sobre o funcionamento da estrutura do traxe, nin nos debuxos nin no texto. Tamén hai que destacar que a máscara é a de tres pernos, ao contrario que no parque. Tampouco aparece tan detallada esa funcionalidade en *Lecciones de cosas* de J. Dalmau (1904), libro empregado nas escolas García Irmáns. (Arcay, Teijeiro, 2021: 14).

No artigo *Reflexiones en torno a la acción educativa de los Hermanos García Naveira en Betanzos* de Eduardo José Fuentes Abeledo (2014: 144), faise referencia a que a imaxe deste libro escolar podería ser a fonte de inspiración do buzo do Pasatempo. E pode ser moi posible mais se afondamos na ilustración, malia que aparece o barco ao fondo e a postura do mergullador é semellante á do parque, non hai meticulosidade na representación das pezas do respirador. Semella tamén que o casco é esférico igual que o de tres pernos e, aínda que leva panca, non hai nin rastro do tesouro.
Podería tratarse dunha mestura entre esta imaxe e outra máis técnica?



a
silíce; en otras, de *cal*, y *gelatinoso* en otras.
La esponja vive en el mar, y trabajan en su extracción más de 10,000 hombres que tripulan 600 ó 700 buques.
Hay una esponja, llamada *esponjita*, que vive en los ríos.
Los usos de la esponja los conocemos todos. Como es fácil comprimirla, al dilatarse luego, aprisiona gran cantidad de agua, y de aquí que se la use, con preferencia, en toda clase de lavados. *

XXVIII

Los buzos

El mar encierra tesoros inmensos: restos de naufragios y riquezas que se crían en sus enormes profundidades, tales como las *perlas* y el *coral*.
Hay hombres que se dedican á extraer del mar estos tesoros: son los *buzos*.
Los buzos deben ser hombres sanos y de valor.

* Conversación. — ¿Qué es la esponja? — ¿Cómo viven las esponjas? — ¿Qué es una colonia? — ¿Cómo se alimentan las esponjas? — ¿Qué es el *ósculo*? — ¿Qué se aprovecha de la esponja? — ¿Qué es lo que forma el esqueleto de las esponjas? — ¿Dónde viven las esponjas? — ¿Cuántos hombres se dedican á la extracción de las esponjas? — ¿Qué es la esponjita? — ¿Cuál es el uso principal de las esponjas? — *Esponjón, esponjosidad, esponjoso.* — ¿Gelatinoso?

Protegidos por un traje *impermeable* y sujetos á una cuerda resistente que los une al buque, bajan á las profundidades del mar.

Buzo explorando el fondo del mar

Para poder descender y sostenerse, sus botas van guarnecidas de pesadas planchas de plomo.
El buzo lleva, en una mano, una lámpara eléctrica, y en la otra, un hacha, con qué defenderse de los grandes peces que pueden atacarle.
La cabeza del buzo está protegida por un aparato de hierro, parecido á una gran bola,

(Fig. 9) Imaxe que apareceno libro *Lecciones de cosas*. J. Dalmau, 1904.
Actualmente se conserva no *Museo das Mariñas* de Betanzos.

Adóitase pensar que o mergullador puido ser replicado mediante un molde e a contorna puido terse feito por engadido. Esta representación tan técnica da figura só a puideron ter sacado dun manual, dun modelo fotografado ou traballado de forma presencial nalgunha exposición. Pero se o apartado técnico estaría aquí medianamente resolto, faltaría investigar que tipo de referente utilizarían para a escenografía do tesouro. Tradicionalmente os mergulladores empregáronse, entre outras cousas, para atopar e apañar tesouros, mais hai moi poucas representacións técnicas dun mergullador cun cofre do tesouro. O tesouro pertence máis ben ao eido dos carteis, novelas ou ben manuais menos específicos.

Unha anécdota para considerar é o que aconteceu en Vigo no ano 1870. Un evento descrito na novela de Verne. Trátase da expedición para recuperar o tesouro afundido na batalla de Rande, para a cal se utilizaron buzos co sistema *Rouquayrol-Denayrouze*. Os propios Benoît Rouquayrol e Auguste Denayrouze estiveron presentes supervisando a efectividade do uso dos seus traxes. No ano 2020 descubríronse fotos que proban este feito, algunhas delas submarinas, co cal se trataría, de forma non oficial, das primeiras imaxes submarinas da historia da fotografía. Nas fotos observamos que utilizan o casco de tres pernos, xa que en 1870 era o que se usaba practicamente sempre. Coñecerían os García Naveira este acontecemento?



NAUFRAGIOS CÉLEBRES

Los galeones de Vigo.--Un tesoro incalculable en el fondo del mar

Al estallar la guerra de Sucesión en España, Inglaterra y Holanda se unieron en favor de la causa del emperador de Austria contra Luis XIV y Felipe V. El príncipe Eugenio había batido á Catinat, y Villeroi no había tenido mejor suerte. Las tropas francesas estaban mal retribuídas y sin municiones y el ejército español casi puede decirse que no existía.

Pero Francia y España esperaban de un día á otro un convoy de galeones que había salido de las Indias occidentales cargado con una cantidad fabulosa de millones, sin contar las mercancías preciosas que llevaban á bordo y que representaban inmensas cantidades. Por esta razón era de temer, que este convoy fuera apresado por la escuadra anglo-holandesa que bloqueaba las costas de España.

Operaciones preparatorias para el descenso de los buzos

El almirante de Chateau Renault había salido de Brest con una escuadra, fuerte de quince barcos, para recibir los famosos galeones que guiaba el conde Velasco, y para escoltarlos hasta Cádiz.

El almirante francés se unió al convoy cerca de las islas Canarias, y aconsejó con empeño al español que hiciera rumbo á un puerto francés, pues el enemigo común vigilaba de cerca la costa de España. En efecto, los ingleses y holandeses que descubrieron el convoy á la altura del cabo de San Vicente, enviaron en su persecución á sus mejores veleros. Los franceses y los españoles, perseguidos de cerca, costearon á Portugal y se metieron en la bahía de Vigo, cuya entrada fortificaron sin perder tiempo como también las cercanías; esto ocurría en 22 octubre 1.702.

Mientras se preparaba el combate, procuró Velasco descargar los galeones; pero el enemigo echó á tierra un cuerpo de seiscientos hombres que se apoderó de unos cuatro millones de reales en plata bruta, é impidió la descarga de los demás galeones que se acercaron á la línea de batalla formada por los barcos franceses.

El almirante inglés estaba decidido á obrar de una manera decisiva para apoderarse de aquel convoy. Desde el navío *Torbay* dió la señal de ataque y se lanzó á toda vela sobre las cadenas que había á la entrada de la bahía. Rompiólas á su formidable empuje y vino á chocar contra la línea francesa, mientras unos quince barcos de alto bordo penetraban por detrás de él en la bahía.

Chateau-Renault hizo prodigios de valor y logró incendiar el barco inglés *Montmouth*; pero resolvieron echar á pique los galeones para preservarlos de una presa inevitable.

En varias épocas se ha intentado sacar del fondo del agua las inmensas riquezas que desaparecieron entonces, pero nunca se había podido conseguir. En 1869, se anunció que se había fundado una sociedad para llevar á cabo de nuevo la empresa. Se construyeron unos aparatos especiales para el caso y al principio alegóse á concebir legítimas esperanzas; los galeones fueron hallados, en número de once, y se consiguió extraer algunos objetos, maderas finas, armas, porcelanas, piezas de plata, pero por desgracia no se confirmaron; pues á pesar de los esfuerzos hechos no se obtuvo resultado ninguno. ¡Aquellas riquezas habrán de permanecer siempre sepultadas en las profundidades del Atlántico!

En el fondo del mar. El trabajo de los buzos.

(Fig. 10) *Revista Mar y Tierra,* 1900.



(Fig. 11) Fotografía tomada na expedición de rescate do tesouro de Rande en 1870, realizada por Ernst Bazin na baía de Vigo. Esta fotografía, xunto con outras, foron redescubertas por Eduardo Rolland no ano 2020. Aparece no periódico *Faro de Vigo* o 4/7/2021.Na imaxe aparecen os propios Benoît Rouquayrol e Auguste Denayrouze axudando a vestir ós mergulladores.

DIRIXIBLE

Data de creación: en torno a 1908.

Localización: no paseo perimetral do *Estanque do Retiro*, na fachada este aos seus lados sur e norte[9].

A continuación, un esbozo do dirixible do Pasatempo no que nomeo os elementos e as características principais da figura.



Despois de analizar a forma de diferentes dirixibles destas características, pódese deducir que o dirixible representado no parque é o dirixible chamado ***Renard-Krebs*** ou ***La France***.

As peculiaridades destacadas na figura corresponden case con total seguridade e exclusivamente a este dirixible. Aínda que existe certa inventiva, como pode ser a anchura e altura da barquiña. Trátase dunha reprodución que corresponde a un modelo simplificado que podería terse sacado dunha ilustración divulgativa, pois o modelo orixinal ten unha forma máis irregular.

La France foi un dirixible francés creado polos capitáns Charles Renard e Arthur Constantin Krebs en 1884. Era unha aeronave propulsada por un motor eléctrico abastecido por unhas pilas de grandes dimensións e foi o primeiro aeróstato que conseguiu un voo completamente controlado o 9 de agosto de 1884. Tiña unha envoltura aerodinámica de 1.865m e unha barquiña lixeira que lles permitiu completar o traxecto podendo manobrar co vento en contra . O dirixible completou o seu primeiro voo cubrindo 8 km en 23 minutos, describindo unha traxectoria pechada dende Chalais Meudont retornando ao punto de partida e realizou sete voos ente 1884 e 1885, estando exposto despois na exposición universal de París de 1889. O lugar onde se realizou a súa construción e

primeiro voo, O Hangar (en Meudon, cerca de París), é un lugar que continúa existindo de forma protexida.

Sería Alberto Charles Doumont quen superaría as limitacións deste modelo, xa que o problema do dirixible Renard-Kerbs residía no extraordinario peso das baterías que alimentaban o motor e limitaban o incremento da súa potencia.



(Fig. 12) Bosquexo do dirixible *La France* feito polos propios inventores Renard e Krebs. Aparece no libro *L'Aerostat dirigeable de Meudon*. Wilfrid de Fonvielle, 1884.



(Fig. 13) Imaxe que aparece na revista *Le Monde Illustre*,nº1442, 1884.



LA ILUSTRACIÓN

·REVISTA · SEMANAL · DE · LITERATURA, · ARTES · Y · CIENCIAS·

Director-propietario, LUIS TASSO Y SERRA

ADMINISTRACIÓN: ARCO DEL TEATRO, NUMEROS 21 Y 23.

Núm. 207 — Este tomo empieza en el n.º 157. | BARCELONA: Trimestre 2 ptas. Año 7½ id. ESPAÑA: Seis meses 5'50 » Año 10 » PAÍSES DE LA UNIÓN POSTAL: Año 14 » | Barcelona 19 de Octubre de 1884. | Núms. sueltos: Barcelona. . . . 15 cénts. resto de España. 20 » Anuncios á peseta la línea. | Año IV

LA DIRECCIÓN DE LOS GLOBOS.

El aerostato dirigible de MM. Renard y Krebs.

Aerostato de MM. Tissandier, hermanos.

ADVERTENCIA.

Con objeto de introducir, desde 1.º de enero próximo, notables mejoras en LA ILUSTRACIÓN, terminaremos el presente tomo, que comprenderá los años IV y V, números 157 á 217, en diciembre venidero.

(Fig. 14) Revista *La Ilustración* nº207, 1884. Á esquerda está do dirixible *La France.*



264 LA AEROSTACIÓN

y que llevaba suspendido un brasero que servía para calentar el aire, se elevó solemnemente en la plaza Mayor de Annonay. Poco tiempo después, el físico Charles imitó este experimento sustituyendo al aire caliente el hidrógeno, y por primera vez vieron los parisienses elevarse en el centro del campo de Marte un globo que fué saludado con una salva de artillería y con los aplausos de inmensa multitud que llenaba las avenidas, las plazas y los tejados.

Montgolfier renovó en Versalles, en presencia de la corte, el experimento de Annonay con un aparato que se elevó hasta unos 300 m. y del cual pendían un carnero, un gallo y un pato, encerrados en una jaula. Estos animales volvieron al suelo sanos y salvos juntamente con el globo. Al término de algunos meses Pilâtre de Rozier y uno de los hermanos Montgolfier realizaron una ascensión en globo cautivo, y en 20 de Noviembre de 1733, Pilâtre, entusiasmado por aquel primer éxito, osó, junto con el marqués de Arlandes, realizar el primer viaje aéreo en un aeróstato completamente libre. Dos años después, en Enero de 1785, Blanchard y Jefferie realizaron el viaje de Douvres á Calais. En 15 de Junio del mismo año Pilâtre de Rozier y Romain intentaron un viaje parecido, pero los dos aeronautas perecieron estrellados contra los acantilados de Bologne.

Primer globo que transportó aeronautas (París 21 Noviembre 1783.)

La invención de los aeróstatos había hecho dar un paso considerable al problema de la navegación aérea; se tenía ya el vehículo y sólo faltaba dirigirlo. Después de los infructuosos ensayos de Meusnier con globos de doble envoltura, y de Transón por medio de globos conjugados, Giffard probó á aplicar el vapor á la dirección de los globos dando á éstos la forma de un ovoide prolongado de eje horizontal. Dupuy de Lôme repitió en 1872, por cuenta del gobierno francés, el experimento de Giffard. Los resultados obtenidos por estos dos aeronautas demostraron de un modo cierto que un aeróstato cilíndrico puede adquirir bajo el impulso de una hélice velocidad propia en el aire que le rodea; pero la dirección no se puede adquirir realmente si el aeróstato no posee una velocidad propia superior á la del viento. Lo que importa, pues, es obtener esta velocidad, y hasta aquí la dificultad ha estribado en la construcción de un motor bastante ligero, potente y exento de peligro para los aeronautas. Las máquinas de vapor dan resultados contradictorios, por decirlo así, puesto que su potencia está en razón directa de su peso y además el hogar constituye una perpetua amenaza de incendio y de explosión. La fuerza muscular ofrece el inconveniente de no bastar á menos de llevar en la barquilla gran número de hombres.

Globo dirigible de Guillaume (1816).

Primer dirigible accionado por vapor, de Giffard (1852).

Era, pues, lógico pedir á la electricidad la solución del problema. En 8 de Octubre de 1883 Gastón Tissandier verificó una ascensión merced á los motores dinamo eléctricos que llevaba en la barquilla. El aeróstato elevóse junto á los talleres de Auteuil á 500 m. de altura y se mantuvo inmovil contra un viento que tenía una velocidad de 3 m. por segundo. Los hermanos Tissandier realizaron otra ascensión en 1884. El aeróstato obedeció perfectamente al timón y la máquina dinamoeléctrica imprimió al globo una velocidad de 4 m. por segundo. Al propio tiempo los capitanes Renard y Krebs, de la escuela aerostática de Meudón, prepararon experimentos del mismo género. El globo *Francia*, construido por indicación suya y con todas aquellas modificaciones y detalles que aconsejaba la experiencia, tenía una forma ovoide muy oblonga y los extremos en figura de cono. La hélice estaba instalada en la proa y el motor podía desarrollar una potencia de 8 caballos y medio. La pila podía considerarse como constante durante 3 ó 4 horas. El peso total del aeróstato, junto con todos sus accesorios, era de unos 1,650 kg., de los cuales 345 correspondían á la pila. Podía elevar á dos aeronautas que pesasen en junto 150 kilogramos y 200 kg. de lastre. La pri-

Dirigible eléctrico, de los hermanos Tissandier (1883).

Dirigible *La France*, de Renardy Krebs (1884).

(Fig. 15) *Enciclopedia ilustrada Seguí*, 1900. O dirixible *La France* está abaixo á dereita.

CONCLUSIÓNS

A representación da tecnoloxía no Pasatempo remite á funcionalidade como nova forma de ambición artística. A máquina está ao servizo do benestar do humano, mais tamén esa máquina e a propia iconografía da máquina, teñen un valor artístico ao servizo da divulgación e da arte. Esa arte pura, chea de significado en si mesma que se pode apreciar no conxunto do parque.

A través das pezas do **mergullador** e do **dirixible** pódese concluír que son representacións de modelos totalmente recoñecibles e específicos. No modo de plasmar estes prototipos obsérvase unha minuciosidade tan fiel ao referente que pouco ten que ver cunha mera representación anecdótica, sendo unha descrición detallada dos sistemas de funcionamento sumamente particular e precisa. Por iso teñen tanto valor pedagóxico. Sabendo, ademais, que era unha época na que a poboación xeral betanceira tiña difícil acceso a este tipo de coñecemento.

Agora ben, non hai que esquecer a extensión artística. A ciencia está implícita pero tamén outros elementos formais que enriquecen o discurso final do lugar. Parafraseando a Pío Baroja, «El árbol de la ciencia no es el árbol de la vida». En alusión a que a existencia pódese coñecer parcialmente a través da ciencia e a través de moitas outras cousas, como son outras disciplinas e mesmo outros estados mentais. A vida ten a súa propia árbore que debe ser vivida. Porque a pesar dese carácter enciclopédico aparentemente reducionista da explicación do mundo, no parque do Pasatempo converxen múltiples e profundos conceptos.



(Fig. 16) Cromo Chocolat *Gerin-Boutron*. Principios do século XX.
A simplificación das formas neste caso fixo que a bolsa de gas do dirixible sexa proporcionada nos dous extremos, algo que non se corresponde co modelo orixinal. O do parque tamén é excesivamente proporcionado, pero si que se observan os dous extremos con diferentes acabados (igual que o orixinal).

NOTAS

[1] Co paso dos anos e co cambio de sistemas culturais apareceron diferentes acepcións pero cunha base común.
[2] Existen varias probas deste feito en diferentes publicacións da época.
[3] Un museo tecnolóxico pioneirofoi o Deutches Museum en Alemaña.
[4] Os revivals son recurrentes ao longo da historia. No caso do Pasatempo existe un gran eclecticismo de significados e formas. A relixión, os valores morais e as reminiscencias historicistas conviven co progreso social e tecnolóxico da época, mediante o cal as clases adiñeiradas podían facer grandes viaxes como turistas.
[5] La intención determina el acto de crear (Kandinsky, 1911).
[6] O artigo de Teijeiro descobre o feito de que existían catálogos mediante os cales a clientela podía adquirir pezas de fundición que eran réplicas dun orixinal. En concreto, profundiza na fábrica doVal D'Osne.
[7] Datos recollidos no libro El Parque del Pasatiempo de Betanzos (Arcay, Duo, Souto, 2020: 414-415).
[8] Rouquayrol realizou o primeiro manual con textos explicativos e ilustracións. A partir del, fixéronse copias parciais coma no volume de Charles Furne (1867).
[9] Datos recollidos no libro El Parque del Pasatiempo de Betanzos (Arcay, Duo, Souto, 2020: 414-415).
[10] Datos recollidos no manual feito por Wilfrid de Fonvielle,1884.

BIBLIOGRAFÍA

ARCAY BARRAL, Ángel, DUO SUÁREZ, Yosune, SOUTO SANTÉ, Jose (2020): *El parque del Pasatiempo de Betanzos. Betanzos.*
ARCAY BARRAL, Ángel, TEIJEIRO MOSQUERA, Daniel Lucas (2021): «Fontes documentais arredor dos García Naveira (IV): o patrimonio das Escolas e Asilo García Irmáns de Betanzos a través dos seus inventarios». En *Casa dos espellos: revista poliédrica da cultura galega*, nº4, pp. 8-33.
BARONA, Josep Lluís (2004): «La ciencia y el movimiento obrero en España (1875-1939)». En ESPAÑOL GONZÁLEZ, L.; ESCRIBANO, J.J.; MARTÍNEZ, M.A. (coords.) *Historia de las Ciencias y de las Técnicas.* Universidad de la Rioja, Sociedad Española de la Historia de las Ciencias y de las Técnicas.
BOURDÓN FERNÁNDEZ, Fanny (2020): «El panorama de las exposiciones universales». En *Casa dos espellos: revista poliédrica da cultura galega*, nº 3, pp. 42-53.
COLLIGNON, Édouard (1882): «Les machines»., Vía *Gallica.*
DALMAU, J. (1904): *Lecciones de cosas.* Dalmau Carles, Pla S.A.,M.
DE SEMIR, Vladimir (1994): *La divulgación científica.* Editorial UOC.
DEBRAY, Regis (1994): *Vida y muerte de la imagen. Historia de la mirada en Occidente.* Paidós Comunicación.
FUENTES ABELEDO, Eduardo José (2014): «Reflexiones en torno a la acción educativa de los Hermanos García Naveira en Betanzos». En *Anuario Bricantino*, nº 37, pp. 137-160.
FURNE, Charles (1867): *La vie à la campagne.* Charles Furne, editour.
FONVIELLE, Wilfrid (1884): *L'Aerostatdirigeable de Meudon.* Publication du spectateur militaire.
KANDINSKY (1911): *De lo espiritual en el arte.* Texto recuperado por Editorial Labor, S.A. 1991.
LÓPEZ MARTÍNEZ, J. Damián (2015): «Construir una imagen de la ciencia: las ilustraciones de los libros escolares de lectura científica». En Actas del XVIII *Coloquio de Historia de la Educación,* vol.2 Universitat de Vic – Universitat Central de Catalunya.
PIRSON, Jean François (1988): *La estructura y el objeto (ensayos, experiencias y aproximaciones).* PPU.
RENARD, León (1882): *Le fond de la mer.* Recuperado por Hachette Livre BNF, 2016.
SIEBE & GORMAN (1870): *Siebe's. Diving apparatus. With instructions for submarine operations.* Siebe& Gorman.
SIEBE & GORMAN (1895): *Manual for divers and Diving operations.* Siebe Gorman & Co.
TEIJEIRO MOSQUERA, Daniel Lucas (2018): «A arte no Pasatempo de Betanzos. Un templete de catálogo». En *Casa dos espellos: revista poliédrica da cultura galega*, nº 1, pp. 54-73.
TISSANDER, Gaston (1886): *La navigation aérienne, l'aviation et la direction des aérostatsdans les tempsancient et modernes.* Paris Librarie Hachette et Cie.
VV.AA. (1900): *Enciclopedia ilustrada Seguí.* Vía Biblioteca Nacional de España.
VV.AA. (1900): *Mar y Tierra.*
VV. AA. (1884): *La Ilustración,* n.º 207.
VV.AA. (1884): *Le Monde Illustre,* n.º 1442.
VV.AA. (1867): *L'Exposition Universelle d 1867 ilustrée.*
VV.AA. (1867): *L'Exposition Universelle Paris 1867.*
VV. AA.(1867): *L'Exposition Populaire Illustrée.*
VV.AA. (1889): *Revista de la exposición universal de París, 1889.*

Luis Cortiñas (1900-1987)
Nacionalismo, republicanismo, condena e exilio

XESÚS TORRES REGUEIRO*

Sumario

Achega á biografía do avogado galego Luis Cortiñas (Betanzos, 1900-Concepcion del Uruguay, 1987), partícipe do movimento nacionalista das Irmandades da Fala e logo do republicanismo galeguista vencellado á ORGA, xulgado e condenado a cadea perpetua e posteriormente exiliado na Arxentina, onde desenvolveu a súa profesión e unha reivindicativa actividade cultural.

Abstract

Approach to the biography of the Galician lawyer Luis Cortiñas (Betanzos, 1900-Concepcion del Uruguay, 1987). He was a part of the nationalist movement Irmandades da Fala and later in the Galician republicanism linked to ORGA. He was tried and sentenced to life imprisonment, and finally went into exile in Argentina, where he developed his profession and a demanding cultural activity.

Aproveitaremos neste traballo a «Aproximación á vida de Luis Cortiñas» que redactamos como «Limiar» á edición en galego do seu libro *Traizón consagrada (A gran derrota do pobo hispano)*, publicado pola betanceira Asociación Cultural Eira Vella en 2010, tradución do que el publicara en español na Nueva Impresora de Paraná (Arxentina) en 1958, o que cremos é o seu único libro. E tamén utilizaremos textos extraídos deste libro que atañen á súa vida (que referenciaremos como T.C.), ademais doutros recollidos de cartas particulares e artigos varios publicados en diversos momentos da súa vida.

AS ORIXES FAMILIARES

Luis Antonio Cortiñas Díaz nace en Betanzos o 3 de novembro de 1900: «Nacín no centro da cidade de Betanzos, para decirlle adeus, cos meus primeiros choros, ao século XIX, na semana de defuntos de 1900.» (*Traizón consagrada*, –en adiante T.C.–, p. 33).

Era fillo do boticario Ricardo Cortiñas Vidal, natural de Monforte de Lemos, e da betanceira Juana Díaz Rodríguez. Foi o menor de trece fillos, tendo seus pais 49 e 42 anos, respectivamente, no momento do seu nacemento.

O pai, Ricardo Cortiñas Vidal nacera en 1851 en Monforte de Lemos. Era fillo de Ramón Cortiñas Cancio e de Juana Vidal González, monfortinos ambos. Licénciase en Farmacia e establécese en Betanzos por 1882, cando ten uns trinta e un anos, para exercer de farmacéutico co seu amigo Francisco Díaz Rodríguez, a quen tería coñecido como estudante, e que logo o deixará á fronte da farmacia, marchando aquel a América.

Deste xeito, Ricardo aparece censado nese ano en Betanzos na casa número 4 da rúa do Campo («Campo da Feira», actual Praza dos Irmáns García Naveira dende 1922) con apenas «20 días» de «residencia en el pueblo», coa familia que encabeza D. Francisco Díaz de Losada, de 65 anos, viúvo, de profesión comerciante. Con el viven os seus fillos

---

* **Xesús Torres Regueiro** é betanceiro e autor de varios libros e numerosos traballos sobre historia local e de Galicia, moitos deles publicados neste mesmo Anuario Brigantino dende 1983.



O farmacéutico Ricardo Cortiñas e a súa esposa
Juana Díaz. Arquivo familia Cortiñas Lema.

Román (no padrón de 1897 aparece ao seu carón a anotación «Imbécil») e Juana Díaz Rodríguez, xunto con outro familiar, unha servinte e un mozo «doméstico», ademais dun «practicante» que prestaría os seus servizos na farmacia.

Don Francisco Díaz de Losada procedía da parroquia de Santa Aia da Viña, no próximo concello de Irixoa, mentres que a súa difunta esposa, Juana Rodríguez Sas, fora natural de Ferrol. O Losada, castelanizado, ben poidera proceder do lugar de A Lousada, na parroquia de Verís do mesmo concello de Irixoa. Os dous fillos que aparecen aveciñados co pai viúvo xa naceran en Betanzos, onde este levaba aveciñado naquela altura uns trinta anos. Tiña ademais un fillastro, froito das primeiras nupcias da súa esposa, José López Rodríguez.

> *Sempre lle escoitei dicir a miña nai que o seu pai, noso avó, propietario dunha casa de labranza no interior da provincia da Coruña, viñera vivir á cidade, a esa casa duns parentes que pasou a ser del e na que instalou unha droguería. A fidalga familia dos Mellas era a orixe desa casa e desta familia petrucial, tan caracteristicamente galega.* (T.C. páx. 37).

Díaz de Losada era un personaxe preponderante na vida política do Betanzos de finais do século XIX. Falecido en outubro de 1891, moito antes de nacer Luis, o semanario local *Las Mariñas* daba conta da personalidade política do defunto, que en parte compartía o seu fillastro José:



Os soportais do Campo coa casa natal (1.ª á esquerda) na época do nacemento de Luis. Foto F. J. Martínez Santiso, AMB.

A las once de la mañana del 25 se celebró en la parroquial de Santiago el primer aniversario del fallecimiento del que fué varias veces teniente de alcalde conservador, Sr. D. Francisco Díaz de Losada, padrastro del concejal D. José López Rodríguez y padre político del farmacéutico Sr. Cortiñas.
Al acto fúnebre asistió mucha gente, especialmente afiliados al partido dominante y no pocos amigos de la familia del finado. (Las Mariñas, 30-X-1892).

Ricardo Cortiñas remata facéndose cargo da céntrica farmacia, que levará o seu apelido, e casando ao pouco con Juana, a irmá do seu amigo, á que lle leva uns seis ou sete anos. O matrimonio terá unha longa descendencia, trece fillos, nada menos, segundo di Luis:

A farmacia de Cortiñas fora instalada na parte baixa desta antiga casa por un tío, irmán de miña nai, Francisco Díaz de Losada, a quen axudara de compañeiro o seu antigo condiscípulo que logo habería de ser o noso pai, quen ao rematar a carreira viñera a América, dende onde conservou relacións co seu bo compañeiro e a irmá coas que máis tarde casou e nos tivo a nós, trece fillos. (T.C. páx. 37).

De dez deles temos os nomes e o ano de nacemento tirado de varios padróns do Arquivo Municipal de Betanzos: Juana (nada en 1883), Ricardo (1885), Rosario (1887),

Francisco (1890), José (1891), Pilar (1894), Arsenio (1895), Leoncio (1896), Carmen (1899) e Luis (1900), que foi o benxamín. Houbo outro que faleceu na primeira infancia: «El miércoles se enterró a un niño de dos años hijo del farmacético D. Ricardo Cortiñas, fallecido a consecuencia de la viruela. Nuestro sentido pésame». (*El Diario de Galicia,* 24-03-1894).

A casa do avó Díaz de Losada, será a natal de todos os fillos do matrimonio. Así a describe Luis:

> *É unha casona situada na praza principal da vila, de tres andares, con porches ou soportais e un gran escudo de pedra labrada (cantería) de dous metros e medio de alto por metro e medio de ancho. Nel están gravados os brasóns da familia de Mella, que foi unha das máis antigas da vila.* (T.C., p. 34).

A casa facía esquina coa empinada rúa da Fonte de Unta, asoportalada pola man dereita, ocupando o lateral catro soportais en arco. O primeiro andar contaba cun balcón ou corredor, situándose no seu centro o gran escudo. O segundo andar contaba cunha gran galería e o terceiro debía ser abufardado (este non se observa nas fotografías coñecidas máis antigas da casa), froito dunha reforma posterior. Ademáis dos membros da familia na casa vivían un par de servintes e ás veces algún criado, así como un «practicante» ou rexente da farmacia, que foi cambiando co tempo.

No baixo situabáse a farmacia, que ostentaba un rótulo de madeira co texto «Farmacia de Cortiñas». A finais do século XIX son tres as farmacias ou boticas abertas ao público en Betanzos, segundo informaba o semanario *Las Mariñas* en 1893: ademais da de Cortiñas, estaban a de Francisco Lafont, no Cantón Grande, e a vedraña de Fermín Couceiro Serrano, no mesmo emprazamento que aínda mantén hoxe. Moi próximas as tres, por tanto.

Ao parecer, co paso dos anos Ricardo Cortiñas non gostaba demasiado de atender a farmacia e asociouse co practicante Aquilino Rodríguez Estrada, nativo de Santa María de Ois, para que a rexentase este. Será precisamente Aquilino quen comunique no xulgado a morte do seu socio.

Ricardo Cortiñas falece «tras larga y penosa enfermedad» (*El Orzán,* 24-02-1921) o 22 de febreiro de 1921 (véxase a acta de defunción nos apéndices), mais a farmacia continuou aberta por varios anos rexentada por outras persoas. Así, en 1924 figura como rexente Antonio Taboada Roca, natural de Melide, onde nacera en 1897, que levaba xa algúns anos traballando na farmacia. E no programa de festas de 1926 aínda se ve un anuncio de «Edelmiro Becerra (Antigua Farmacia de la Señora Viuda de Cortiñas)»[1].

Antes de se instalar en Betanzos, Ricardo Cortiñas emigrara á Arxentina ao rematar a carreira, terra pola que sentía grande querencia. Alí tiña un irmán, Primo Cortiñas e, posteriormente, este iría levando aos seus numerosos sobriños en idade temperá. Dinos Luis sobre o seu tío Primo Cortiñas:

> *Non estaba, pois, desacertado o noso pobre pai con ter sempre postos os seus ollos en América. Para aquí mandou primeiramente ao seu irmán menor (Primo Cortiñas) que foi poboar A Pampa, chegando antes que se extendera a liña do ferrocarril a Rancul, onde se estableceu. Feitos os primeiros pasos viaxou a España, de onde trouxo ao meu irmán maior, Ricardo, quen ficou tamén en Rancul, onde aínde*

vive. E, en sucesivas viaxes foi traendo aos demais irmáns que se estableceron en Realicó, do mesmo territorio da Pampa e nesta provincia de Entre Ríos, a onde incluso veu unha irmá (Juanita) casada co médico español Salustiano Minguillón, falecido en Crespo non hai moito. (T.C., páx. 38).[2]

En 1915, Arsenio, Leoncio, Francisco e José xa residen en Bos Aires segundo o padrón dese ano. Na Arxentina estaban xa Ricardo e Juana. Luis foi o único varón que non emigrou por oposición da nai, como el recoñece no libro:

Na nosa familia semella que o petruciado se viña preparando para o menor dos Cortiñas, que era eu, porque meu pai, tendo postos os seus ollos en América, na Arxentina sobre todo, foi empurrando para aquí a todos os seus familiares ata chegar a min en quen miña nai puxo seu freo: unha vez máis había ser certo o refrán de que o último mono é o que sempre se afoga. E desta vez o mono era ou había de ser eu, que por ser español e galego, sería vítima dun antiespañol e antigalego como Francisco Franco Bahamonde. (T.C., páx.38).

A casa familiar, pois, foise pouco a pouco despoboando de fillos:

Non sen mágoa foi miña nai despedíndose de todos os seus fillos, coa esperanza de velos con frecuencia, como se o destino dunha nai galega fose ese; e a resignación tivo o seu tope con algunhas fillas e comigo, que necesariamente tiña que continuar a estirpe dos Díaz de Losada no seu querido Betanzos dos Cabaleiros; mais ela propúxoo e Franco desfíxoo. Non foi meu pai, foi o destino que unha vez máis se introduciu na desgrazada España, desta vez por vía duns desalmados rebeldes acaudillados por un criminal que se sentiu emperador. (T.C., páx. 39).

Das outras fillas, Rosario foi a única que ficou na casa familiar e permaneceu solteira, falecendo en 1976 con oitenta e nove anos. Outras dúas irmás ingresaran en ordes relixiosas: Pilar M. Engracia, seis anos maior que Luis, ingresara como franciscana misionera de María en Burgos; e Carmen, apenas un ano maior que aquel, era «Esclava del Sagrado Corazón» en Gandía. Á primeira visitouna Luis anualmente durante os seus estudos en Madrid, acudindo a Burgos ao remate dos cursos. Anos despois, en 1938, pasaría brevemente polo cárcere de Burgos camiño da de Pamplona, a onde ía destinado, e ao falar disto no seu libro veulle á lembranza a anual visita á irmá misioneira:

Burgos tiña para min os agradábeis recordos de visita a miña irmá Pilar, que era monxa no Convento de Franciscanas Misioneiras de María, e sempre me pedía que ao rematar o curso de estudos, no mes de xuño de cada ano, saíra de Madrid a Burgos, antes de continuar a Galicia. Alí me recibían as monxiñas do zapatiño branco con agarimo e a encantadora alegría da miña boa irmá que despois morreu na China de tifo. (T.C., páx. 117).

Educado pola «miña galeguísima e catolicísima nai, que tantas misas e rosarios me facía escoitar e rezar», nunha familia moi relixiosa que tiña dúas fillas monxas, Cortiñas mantivo de maior a súa relixiosidade, compartíndoa coa súa ideoloxía republicana de es-

querdas. En 1929 cítano na prensa como portador do pendón da Confraría Concepcionista ou dos escribanos na procesión de Corpus, e ao final da súa vida terá un enterro católico, pese aos seus contactos coa masonería na Arxentina.

Cortiñas esboza os temperamentos de seus pais, contrapoñendo o da nai betanceira co do pai monfortino:

> *Miña nai tiña predilección pola xente campesiña, que alí se chaman labradores, xa sexan pequenos propietarios ou alugados. Cos labradores adoitaba falar en galego; e contándonos pasaxes da historia de Betanzos, afagábase rememorando a riqueza e características das súas xentes; casas de cabaleiros nas que a fidalguía e a relixión practicabanse máis do que os vascos o xogo de pelota.* (T.C., páx. 34).

O orgullo de casta e da cidade natal impúñase na nai en oposición ao carácter do pai:

> *O avoengo de Betanzos semella como se se transmitise aos seus habitantes, sobor de todo ás antigas familias, que fan gala de cabaleirosidade. Miña nai oufanábase de ser parente, aínda que lonxana, dos Mellas, mais aclarábanos que o escudo non nos pertencía senón que era da casa. Con este aire de grandeza contrastaba a sinxeleza de meu pai que, oriundo de Monforte de Lemos, na provincia de Lugo, falaba sempre no humilde e sonoro idioma galego. Cada un defendía o seu pobo natal recomendando as súas cousas boas: o viño, as papas ou patacas de Monforte… o polbo que se come en feiras ao aire libre; todo era agradábel para meu pai; mentres que para miña nai, o señorío da antiga capital galega era máis de ter en conta.* (T.C., páxs.. 36-37).

En paralelo co ensino primario, Luis ampliaba a súa formación elemental no seo da familia, con lecturas de publicacións que chegaban dende a Arxentina, país que era unha referencia chave nesta e noutras familias betanceiras que tiñan alí algúns dos seus membros:

> *Antes de comezar os estudos de bacharelato que fixen n´A Coruña, xa nos reuniamos en Betanzos pais e irmáns, a ler as cartas que de Arxentina chegaban dos parentes e irmáns. O meu irmán maior, Ricardo, enviabame dende Rancul (corazón da Pampa) diarios e revistas. No «P.B.T.» e no «Caras e Caretas» viamos caricaturas de don Hipólito Yrigoyen, sendo presidente. Comecei a deletrear en libros de escola arxentinos, e as miñas primeiras liñas foron dirixidas aos meus irmáns e tío a ese país. A historia e coñecementos de Arxentina eran algo que fluía nas nosas reunións familiares onde se atopara meu pai. Eramos galegos por parte de nai e arxentinos por parte de pai. Por nós e por moitísimas familias galegas, Galicia achegaríase mellor a América que a España. A alma da maioría dos galegos está máis perto de Buenos Aires, de México, ou da Habana que de Madrid. E este achegamento espiritual é o que ao fin veu salvarnos do salvaxismo franquista, a moitos que se non fora pola sublevación das dereitas contra a República Española, non teríamos saído de alí.* (T.C., páxs. 39-40).

Logo dos estudos primarios que realizaría en Betanzos, Luis realiza estudos de ba-

charelato no Instituto da Coruña. Desta etapa estudantil lembraría especialmente a un profesor:

> *Cando estudaba o bacharelato, aló polo ano 1913, un profesor de Xeografía da Coruña, don Leopoldo Pedreira, preguntoume en clase:*
> *–Dígame Cortiñas: ¿qué lugar ocupa España entre os demais países de Europa respeito da cultura?*
> *–Na orde cultural, por desgraza –respondín–, ocupa España un dos últimos lugares de Europa.*
> *–Si, señor –engadíu–, por desgraza é un dos máis atrasados de Europa: e debido a qué? – seguiu a preguntar.*
> *–Á incuria dos gobernos e, máis ca nada, ao estado social e político do noso país.*
> *–Moi, ben, sega vostede –engadíu. E eu, lembrándome dun párrafo que lera no seu Tratado de Xeografía, engadín:*
> *–A península Ibérica, Turquía e Rusia son tres borróns no mapa da civilización europea. O profesor, facendo un aceno de desagrado, ficou ollándonos a todos e seguiu a explicar a lección do día en base a esa resposta miña.* (T.C., páxs. 27-28).

Pedreira é o único profesor do bacharelato que lembra Luis no seu libro *Traizón consagrada:*

> *Este gran profesor, que era chepudo, simpático e bo tratábanos con moito cariño, animándonos a traballar. El vivía humildemente e pasábase a vida traballando. Todos os seus alumnos lembrabámolo con agarimo; deixou un precioso libro de xeografía en dous tomos que continou, aínda despois de xubilado, como texto desa materia. Nas tapas dese libro extendíanse dun ao outro lado duas franxas azul e branca que son as cores da bandeira galega, e da Arxentina, os dous países aos que –dicía– tanto quería por ser o país do seu nacemento un e o da liberdade o outro. Un día ensinounos a letra do himno dese país, léndonos con énfase as palabras: liberdade, liberdade, liberdade.* (T.C., páx. 28)[3].

Por certo, este feito daría lugar a un altercado (incidente) entre Luis e dous compañeiros de estudo, Claudio, fillo do dono de «Almacenes Claudio», e un sobriño do Conde de Taboada, que rematou cunha puñada de Luis que ensanguentou o nariz deste, logo de que o tal Claudio animara aos compañeiros a denunciar o profesor Pedreira á dirección por ser «un desgraciado republicano indecente».

Ao rematar o bacharelato realiza os estudos de Dereito, primeiramente de Dereito Político na Universidade de Salamanca, onde coñeceu a Unamuno, e posteriormente de Dereito Penal na Universidade Central de Madrid, da que era reitor o científico galego José Rodríguez Carracido. No curso 1924-25 debeu rematar os estudos, pois nunha nota de «Instrucción pública», inserta no xornal El Compostelano do día 3 de novembro de 1925 dise o seguinte: «Se envía a la Universidad Central recibo que acredita la entrega a D. Luis Cortiñas Díaz, del título de Licenciado en Derecho». Por esa época debeu comezar a traballar como pasante no bufete do veterano avogado betanceiro Agustín García Sánchez, tal como relatará nun artigo no exilio, dedicado en parte á súa persoa.

NACIONALISTA GALEGO

Na época de estudante vai conectar co movimento nacionalista das Irmandades da Fala, fundado na Coruña en maio de 1916. No outono do ano seguinte crearase a Irmandade da Fala de Betanzos, que vai ter unha actividade importante, sobre todo cultural, nos primeiros anos ata a chegada da Ditadura de Primo de Rivera: convocatoria duns Xogos Florais e dun certame de teatro galego, publicación do boletín Rexurdimento, creación dun coro e dun cadro de declamación... Sen esquecer unha certa actividade política e de difusión do sentimento galeguista entre a poboación así como a creación de conciencia cidadá e democrática. Nunha lista de socios da Irmandade betanceira datada en xullo de 1920 aparece Lois Cortiñas entre os corenta e seis socios, todos masculinos[4].

Anos despois lembraría esta etapa das Irmandades (T.C., páx. 40):

> *A afición ás cousas de Galicia que, dende principio de século se veu manifestando sobre todo na xuventude, levoume a contribuir, non pouco, nas «Irmandades da Fala», que eran institucións dedicadas ao cultivo do idioma galego e ao arte, cultura e todo o que ao engrandecemento de Galicia se referira. En Betanzos sacabamos un periódico titulado «Rexurdimento», que foi durante moito tempo o órgano oficial das Irmandades; e os grandes literatos dos nosos tempos «enxebres» tales como Porteiro Garea, don Manuel Lugrís Freire, Ramón Cabanillas, Otero Pedrayo, Vicente Risco, os irmáns Villar Ponte e demais homes de letras, nos atendían e trataban. Isto, xuntamente co tesón de miña nai, era o que me facía ir ficando naquela terra:*
>
> *Terra, terriña meiga*
> *Vives e vivirás chorando*
> *N´amentras seas allea.*


IRMANDADE DA FALA
BETANZOS
O irmaŋ D. L. Cortiñas
pagou — pesetas 5 e céntimos pol-a mensualidade
que fina na data posta ó pe.
Betanzos, 3 de marzo de 19 19
O Conselleiro G.ª, O Emisdor.

Recibo de pagamento de Cortiñas co papel timbrado da Irmandade da Fala de Betanzos. AMB.

Sendo estudante en Madrid, por 1921 forma parte da primeira directiva da «Mocedade Céltiga» como vocal, xunto con outros dous mozos estudantes betanceiros: Salvador Mosteiro (que será o director de Rexurdimento) e Xaquín Peña, presididos por Fermín Penzol como conselleiro 1.º, principal animador do grupo. Nesta pequena entidade nacionalista case xuvenil –nomeada de primeiras «Xuventude Céltiga»– creada en Madrid van confluír, pois, tres mozos universitarios betanceiros: Mosteiro, Peña e Cortiñas; ademais de Lois Cortón do Arroio, curmán de Xohán Vicente Viqueira, e como este tamén vencellado a Vixoi, parroquia próxima a Betanzos no limítrofe concello de Bergondo.[5]

Este grupo manterá contactos coa representante da Legazón irlandesa na capital española, a señora O´Brien, e distribuirá un «Boletín irlandés» entre os grupos nacionalistas galegos. Luis continuaría vinculado a eles nos cursos sucesivos e á Irmandade de Betanzos nos períodos vacacionais. Así, en xaneiro de 1925 asina con Fermín Penzol e outros unha comunicación «Prá Mocedade Nazonalista do Seminario d´Estudos Galegos».[6]

Coa escisión das Irmandades a partir da Asemblea Nacionalista celebrada en Monforte en 1922, que terá como resultado dous grupos formados pola Irmandade de Coruña, por unha banda, e pola nova Irmandade Nazonalista Galega (I.N.G.) que lidera dende Ourense Vicente Risco por outra, Cortiñas e outros nacionalistas betanceiros posicionanse a carón desta. Os días 18 e 19 de marzo de 1923 é un dos asistentes á Asemblea que a I.N.G. celebra na Coruña, na casa do Consulado, un dos dezanove citados na reseña de prensa, entre os que están o Conselleiro supremo Risco, Castelao, Quintanilla, Paz Andrade ou os coruñeses Villar Ponte, Canalejo, Calviño e Cebreiro. Nesta denominada V Asemblea, sumando as anteriores das Irmandades da Fala, tomaronse acordos de organización interna así como «persistir en el criterio apolítico de aquélla, señalado en la Asamblea de Monforte, protestando contra todas las farsas electorales que se celebren en Galicia» (*La Voz de Galicia*, 20-03-1923).

O boletín *Rexurdimento* publicarase en Betanzos entre o mes de agosto de 1922 e xullo de 1923 en dúas etapas diferenciadas. Na primeira sutitulase «Órgao dos intereses mariñás», saíndo seis números os días 1 e 16 de cada mes entre agosto e outubro. Na segunda pasa a ser «Órgao da I.N.G.», perdendo o carácter local, aínda que segue a imprimirse no obradoiro gráfico de Manuel Villuendas e mantén algunha publicidade de comercios betanceiros. Desta 2ª etapa saíron sete números mensualmente, entre xaneiro e xullo de 1923. No boletín betanceiro, Luis asinará tres artigos: «Semblanzas galegas. Os políticos» (16 de agosto de 1922), «O incidente de Lugo» (1 de outubro de 1922) e, na segunda etapa, «A cultura como base do nazonalismo» (marzo de 1923). Os dous primeiros asínaos como Lucordia, inicios do nome e apelidos.[7]

En «Semblanzas galegas. Os políticos» sinala que entre os males, «defeitos», que padecía Galiza estaban os políticos, os persoeiros que exercían a política: «Os políticos chegan a Castela e teñen moitas veces os destinos da Hespaña enteira; emporiso ningun beneficio fan xamáis á sua Terra. Esto sábeno todal-as xentes da Península, e xa sirve moitas veces de comentarios xocosos». Cortiñas interrógase: «¿Por qué –pódese preguntar– ese abandono e apatía dos nosos políticos para a sua Terra?», para respostar a continuación: «A resposta para nos e esta: síntense moito políticos e pouco ou nada galegos».

«O incidente de Lugo» refírese a un enfrontamento entre militares do batallón do rexe mento de Zamora con goarnición en Lugo e civís, ocorrido na noite do domingo 16 de xullo na Praza maior da cidade. O citado batallón voltara pouco antes da campaña que o exército español sostiña no Rif e fora obxecto dun gran recebemento, mais pouco despois déronse algúns altercados entre algúns civís e militares, feito que a maior parte da prensa tentou silenciar. Con todo, o xornal *La voz de la verdad* referiuse o martes 18 a «El suceso del domingo», o que tivo máis repercusión, e informou que unha comisión de representantes do Concello, Cámara de Comercio, Círculo das Artes e Casino acudiu diante do Gobernador militar da praza para tratar, «dentro de la más rigurosa afectuosidad», do suceso «por más de un concepto desagradable» ocorrido entre dous militares e dous paisanos que deu motivo á aglomeración de xente que paseaba na Praza, sendo precisa a intervención das forzas de seguridade para o restablecemento da orde. A comisión,

composta de catorce persoas en total, visitou tamén ao Gobernador civil. O xornal lugués publicaba na cabeceira do día seguinte un solto algo críptico dedicado a «La cordialidad».



Carta de Cortiñas a Lois Ares co papel timbrado da Irmandade Céltiga. AMB.

No artigo «Betanzos e a política», publicado en *El Pueblo Gallego* o 8 de outubro de 1930, asinando en calidade de Conselleiro da Irmandade da Fala de Betanzos, critica a pasividade do pobo e desprezo deste cara os que queren participar na vida pública sen ser políticos profesionais ao uso. Refírese á adhesión da Irmandade da Fala ao compromiso de Barrantes (á reunión á que acudíu Víctor Montoto, membro da Irmandade, quen logo sería alcalde de Betanzos na primeira corporación republicana até o seu rápido falecemento) co que, considera, «salva o seu voto pra non mescolarse c´os políticos, salvo no caso de simpatizar e axudar cando chegue a ocasión a un partido que por enriba de todo sexa galeguista». Denuncia tamén a actitude dos bandos políticos locais «de atraer ou criticar a labor dos galeguistas». Exemplifica esta co que viña de ocorrir durante as festas patronais, nas que o novo Concello (co alcalde Adolfo Sánchez Díaz, nomeado logo do fin da Ditadura militar) dedicou un día «ao enxebrismo», traendo un célebre coro de Ourense e desprazando para ese día a ceremonia de izar na casa do Concello a bandeira galega, acto que nun principio a Irmandade desexaba realizar no pasado Día de Galicia. Con todo, para Cortiñas, «a cousa saiu ben, e o señor alcalde non merece n-esta ocasión mais que gabanzas». Porén, censura con acridez a actitude que amosa nunha crítica ao programa de festas publicada en *La Voz de Galicia* do día 16 de agosto,

> *(...) un tal Tomás L. Datorre, que supoñemos será o mesmo que fai anos sentíase socialista, chamouse tamén rexionalista e despois desempeñou cargos durante os sete anos da dictadura (poida ser que teña ilusiós por ser cacique de Betanzos), no que fai resaltar o pouco interés das mentadas festas patronales d´este ano, porque salvo o día de San Roque e o da festa dos Caneiros –escluye o día galeguista– as*

demais innovaciós son pra il estravagantes e de pouco afecto.


REXURDIMENTO

BOLETIN QUINCENAL

ORGAO DOS INTERESES MARIÑÁS

ANO I. Betanzos, 16 d'Agosto do 1922. NÚM. 3

Cabeceira de Rexurdimento. AMB.

O «tal» Datorre fora até había pouco compañeiro de Cortiñas como pasante no bufete de don Agustín García Sánchez e tamén pertencera nalgún momento á Irmandade da Fala local, escribindo mesmo en Rexurdimento «Encol do nazonalismo». Anos máis tarde, no exilio americano, Cortiñas terá verbas de louvanza para el, cando xa era o alcalde mártir fusilado polos sublevados en 1936 e compría lembrar a súa memoria:

> *Don Tomás López Datorre era un joven inteligentísimo con una frente despejada y una mirada que leía las cartas a muchos metros de distancia. Este nuevo abogado era todavía mucho más izquierdista que yo. Era republicano-socialista y conocía los movimientos políticos de todo el mundo, a la vez que en el estudio del derecho descollaba entre los demás.*
> *Don Agustín recibía a los clientes delante de nosotros y después que se iban de la consulta discutía con nosotros el dictamen pidiéndonos nuestra opinión. Yo confieso que quedaba muchas veces rezagado, pero Tomás López Datorre se adelantaba a ponerle a Don Agustín los puntos sobre las ies que el gran demócrata recibía con complacencia. [...] Mi compañero Tomás López Datorre que llegó a ser alcalde de Betanzos y Diputado Provincial murió fusilado por no haberse plegado a los partidarios del Generalísimo Franco, mientras yo – siguiendo las enseñanzas de Don Agustín García– preferí sufrir la persecución de los fuertes en aras de un amor al derecho y a la justicia que nunca abandonaré. (Betanzos*, «Dos grandes hombres para la historia de Betanzos», nº 58, Agosto 1962.)

En maio de 1923 coñece en Madrid ao gran poeta portugués Teixeira de Pascoes, moi sensibilizado por Galicia e a súa cultura. Con el manterá «Unha conversa interesante», da que fará unha semblanza que se publicou o 27 de maio no diario ourensán *La Zarpa,* aberto aos nacionalistas da I.N.G. Coñecedor dos grandes poetas galegos (especialmente de Rosalía, da que di que «é a mais grande de todol-os poetas, pra min é ideal i-eterna»), simpatizante do movemento nacionalista galego, o considerado poeta da saudade, que mesmo tiña dedicada a súa obra «Maránus» a Galiza, gozaba de grande ascendente entre os nacionalistas galegos (e non só). En verbas de Cortiñas, «Si Portugal e a Galiza foran dous mundos distintos, Teixeira de Pascoaes bastaría pra unilos».[8]

En abril de 1930 Luis asiste, xunto co tamén betanceiro Xosé Vía Golpe, á VI Asemblea das Irmandades que se celebra na Coruña. E o Día de Galicia deste ano falará nun mitin nacionalista na Casa do Pobo de Betanzos.

Nesta época aparecen seis colaboracións súas no Idearium das Irmandades da Fala, *A Nosa Terra*, que daquela estaba sendo impreso no obradoiro betanceiro de Villuendas: «El Agro (semanario de Chantada)», n.º 273 de xullo 1930; «Cousas de festas», n.º 276 de outubro 1930; «O ano derradeiro en Betanzos», n.º 279 de xaneiro 1931; «A Asambreia de Santiago», n.º 280 de febreiro 1931; «VII Asambreia das Irmandades», n.º 282 de 1º abril 1931, e «O día do Sant-Iago», n.º 285 de 1º xullo 1931. Nalgún deles figura ao pé do seu nome o cargo de Presidente da Irmandade de Betanzos, que desempeñaría pouco tempo.

No artigo sobre «El Agro» fai unha gabanza deste semanario que se publicaba en Chantada, de tendencia agraria. Advirte que xa sofreu persecucións que lle obrigaron ao troco do nome –de primeiras era *La voz del agro*– e de domicilio –pasando a Palas de Rei por mor da censura municipal–.

«Cousas de festas» refírese ás que se celebran en Agosto (como na súa vila natal, polo San Roque), avogando pola súa galeguización e recuperación de costumes antigas esvaídas ou perdidas, substituídas por corridas de touros, tiros ao pombo..., etc.

Na colaboración titulada «VII Asambreia das Irmandades» propón a celebración en Ourense, Vigo ou Santiago de «unha grande asambreia de Irmandades galeguistas i-entidás galeguizantes», pois se ben na anterior (celebrada en abril de 1930 na Coruña) se tomaran acordos de transcendencia «pra reorganización d´uns orgaismos ateigados pol-os seis anos precedentes de forzosa modorra, non embargantes ainda están por axeitar certos detalles pra o seu doado comprimento». Considera que unha vez adoptado o acordo debe porse en coñecemento de todas as entidades galeguistas «de Hespaña e América» con tempo dabondo. Parécelle que o mellor momento para celebrala sería despois de pasados os momentos eleitorais (as municipais do 12 de abril cambiarían todo, até o réxime político) «pra que a política non perturbe a serenidade do espíritu, e, cô pensamento posto na esperanza, creio que drento d´algún tempo estará mais despexado o ourizonte da política española» (e tanto! Senón máis despexada, ben cambiado xaora). Propón por tanto «os últimos días de San Martiño ou os primeiros d´outono». A asemblea nacionalista non terá lugar até o 5 e 6 de decembro e non se celebrará en ningunha das cidades propostas por Cortiñas senón en Pontevedra. Será o único asistente do grupo de Betanzos representando a este e intervindo nos debates. Outro betanceiro, Salvador Mosteiro, que fora director de Rexurdimento, acudiu tamén mais formando parte da Irmandade da Coruña, que presidiu algún tempo. Desta VII Asemblea sairá conformada a creación do Partido Galeguista, do que A Nosa Terra pasará a ser o seu órgano, oito meses despois da proclamación da II República, un pouco tarde na opinión de moitos. (Castro, 1985: 119; *A Nosa Terra*, 1-01-1932).

En «O día de Sant-Iago», «a festa do noso patrón Sant-Iago como dia memorabre de Galicia», considera que este ano debe celebrarse o día dunha maneira especial: «Foi enorme o triunfo da repúbrica en España, pero pra que se confirme é necesario que se cumpla o compromiso baixo o que tamén loitamos os galeguistas; e como as debilidades dos homes poden facer presa nos futuros lexisladores e gobernantes de España, é necesario que Galicia pola sua parte os manteña en pé». Propón que este ano se xunten non só os Irmáns da Fala e demais entidades galeguistas, «sinon a maor representazón da nosa terra

sin faltar os representantes de Galicia ante as Cortes Constituentes españolas». Refírese ao pacto federalista de San Sebastián, no que Galiza estivo representada polo actual ministro da Mariña (o coruñés Casares Quiroga), «pra que pactara cos demais líderes do republicanismo a forma de goberno que nos había de rexir». Ao final a República non sería federal, como é sabido.

Con razón consideraba Lois Cortiñas no citado artigo «O ano derradeiro en Betanzos», ao facer balance en xaneiro de 1931 do «derradeiro ano» do galeguismo betanceiro que este fora en realidade o de 1923, co comezo da ditadura de Primo de Rivera, cando

> *a toque de corneta vímonos amenazados por un bando que nos incluía en delito na lei de xurisdicións a todol-os que fixeramos algunha manifestación de agarimo pol-a nosa terra... non dependía mais que da interpretación que lle quixera dar o gobernador ou seu delegado para nos levar a cadeia.*

Cortiñas resume, co sentimento magoado, o que significaron os sete anos longos da Ditadura para os nacionalistas betanceiros:

> *Aos poucos días do golpe de estado chamoume o alcalde de Betanzos [...]; obligoume a darlle o meu nome para me facer responsable do que oubera; pero como eso non era todo fói necesario además que se nos prohibira a pubricación d'ese xornal hasta nova orden, así como toda manifestación de galeguismo: O local social da Irmandade tivo que pecha-las portas porque a tristura do noso corazón chegóu o cúme cando tivo que baixar a bandeira azul e branca que lucía no balcón, e nin siquera póidose votar sobre o féretro d'un irmán que nos deixaba a ialma chea de saudade.*

No número do 1 de xullo de 1930 *A Nosa Terra* inserta o «Manifesto» que a Irmandade de Betanzos dirixiu ao pobo, asinado por Cortiñas en calidade de primeiro conselleiro interino. O enderezo é o do seu propio domicilio: Praza dos Irmaos García Naveira, 4. Logo dunha exposición inicial, o manifesto (co que se espallaba conxuntamente un regulamento da agrupación) remata facendo un chamamento á colaboración:

> *Irmán, Betanceiro, Mariñán: non se necesita facer moita memoria para lembrarse da hestoria da nosa organización que deu froitos tan xurdios e que a partir do ano 1918 conquiriu espallar con fis tan nobres o seu ideal por toda esta bisbarra mariñán, formando masas corales, certames literarios, conferencias, mitins, e constituindo unha Irmandade cuya bandeira conserva.*
> *Non deixe querido irmán de sentirse galego, e sendo de Betanzos volva coa súa colaboración ou axuda ó espallamento do ideal santo que nos ha de redimir. Por vostede agardamos.*

En outubro de 1930 o órgano irmandiño A *Nosa Terra* publicaba unha relación de vinte afiliados á Irmandade de Betanzos.

Comezando ese mesmo mes, Cortiñas interviña nun importante mitin en Betanzos, celebrado o domingo 5 de outubro ás catro da tarde, nun Campo de deportes, que «estaba concurridisimo, pudiendo asegurarse que había más de tres mil personas, que

mediado el mitin se vieron incrementadas considerablemente», segundo El Noroeste, que foi dos xornais coruñeses o que máis se extendeu na súa información (destacada en portada) o martes 7: *La Voz de Galicia* relegou a noticia á cuarta páxina e *El Ideal Gallego* silenciouna. O betanceiro abriu o acto no que interveñen elementos galeguistas e republicanos da Coruña:

> *Luis Cortiñas, presidente de la Irmandade da Fala de Betanzos, en gallego, declara abierto el acto. Dirige un saludo, en nombre de los betanceiros, a los oradores y a los forasteros que asisten al acto. En nombre del Comité Republicano dirige, a su vez, otro saludo a los betanceiros.*
> *Justifica el acto diciendo que las características porque atraviesa España hacen necesario trabajar por conseguir el cambio de régimen que rige los destinos del país. Si conseguimos esto –dice Cortiñas– veremos extirpado el caciquismo.*
> *Presenta a los oradores que van a tomar parte en el mitin y termina recomendando a todos guarden orden en el acto y después de terminado éste. Fué muy aplaudido.*

Os oradores foron Álvaro Cebreiro, Manuel Lugrís Freire, Antón Villar Ponte, Santiago Casares Quiroga e –«fuera de programa»– Gerardo Abad Conde, en lugar do ausente García Labella que foi desculpado por Cortiñas.

A comezos de 1931 a Irmandade da Fala local aínda contaba cun bo número de socios, dirixidos por Cortiñas, dos que logo algúns se integrarían en partidos de distinto signo e, aínda que a finais de ano Cortiñas asiste en Pontevedra á asemblea constitutiva do Partido Galeguista como representante oficial da Irmandade da Fala de Betanzos, o certo é que para daquela xa a tal Irmandade non tiña vida activa e o seu representante vivía na Coruña.

Se ben Luis aparece no padrón municipal de Betanzos de 1931 residindo na casa natal cos seus irmáns Rosario e Francisco, solteiros os tres, e xa falecida a nai, nese ano vaise trasladar á Coruña. Na veciña capital presta xuramento a finais de outubro como novo letrado diante da sección primeira da Audiencia e alí exercerá a profesión de avogado e residirá durante todo o período republicano. Atopámolo na «Lista de los Abogados del Ilustre Colegio de La Coruña en el año 1936». O seu enderezo é Santa Catalina, 41, 1º, e a data da súa incorporación o 24 de outubro de 1931.[9]

Anos despois, cando relate a súa estadía na cadea coruñesa, fará referencia á súa actividade profesional na cidade herculina:

> *Naquel mesmo cárcere da Coruña estivera moitas veces, mais sempre como avogado defensor dos procesados. Soubera comenzar ben a profesión, pois durante varios anos estiven de pasante primeiro cun bo avogado e despois co que pasaba por ser o mellor de Galicia, don Manuel Durán García, a quen por elección fixeramos decano do Colexio. E ao principio eran as causas criminais as que airearon o meu nome como defensor.* (T.C. pp. 108-109).[10]

ACTIVISMO NOS ANOS REPUBLICANOS

Con todo, Luis participa activamente nos primeiros momentos da República en Betanzos e mesmo nos previos. Dentro da actividade política previa á instauración da República, ten certo protagonismo na política local betanceira. En setembro de 1930,

presenta no concello tres exemplares dunha folla impresa anunciando unha conferencia
que se dará o día 27 dese mes no teatro Alfonsetti. O 5 de outubro intervén no mitín xa citado, celebrado no campo de deportes. A comezos de 1931 e meses anteriores leva a cabo algunha actividade política, máis aló da galeguista desenvolvida a carón da Irmandade da Fala. Así aparece na prensa en marzo como un dos candidadatos ás eleccións municipais pola candidatura conxunta Republicano Agrario-Socialista, como membro da Organización Republicana Gallega Autónoma (O.R.G.A.), entidade na que militaban varios membros das Irmandades da Fala. E aínda antes das eleccións de abril de 1931 figura nun panfleto no que se pide o voto para a devandita candidatura. Mais, finalmente, non figurará como candidato nin resultará eleito, probablemente polo seu aveciñamento na Coruña. Iso si, exercerá o seu dereito a voto por segunda vez na súa vida:



O avogado Luis Cortiñas arredor de 1931.
Foto Joaquin Portela, A Coruña.
Arquivo da familia Cortiñas Lema.

> *Cando se implantou a República en España, en abril de 1931, tiña eu 30 anos e unicamente votara unha vez para concelleiros, que foron as únicas eleccións que se celebraron entre os 23 anos de idade en que se podía votar ata que tendo 30 presenciei a implantación da República. E o delicto de votar entón fíxomo pagar caro o españolísimo Franco. Foi entón cando puiden ver claro que a cidadanía española, lonxe de constituir algo ventaxoso, entraña un estigma de desgraza. O non participar da vida política do país é unha «capitis diminutio» para o cidadán de calquera nación civilizada, e en España ademais constitúe un risco ou perigo de morte o simple uso da cidadanía, porque nunca se está libre de que en calquera momento da vida lle fagan pagar a un o tributo deste dereito.* (T.C. páx. 31).

Aínda así, tivo que ver coa proclamación da República na cidade natal. O seu protagonismo no día inaugural da República contarao nos días do exilio, nunha carta do 15 de abril de 1956 ao Presidente da Agrupación de Republicanos Españoles de Concepción del Uruguay, Antonio Gondell:

> *No sé si para alguno de vosotros es unha revelación el hecho de que ayer hizo 25 años que fui yo desde La Coruña, en donde vivía, a Betanzos, mi pueblo natal, a implantar la República que hoy todos recordamos, cuyo pueblo en masa me recibió entusiasmadísimo y llevándome en hombros hasta el Concejo del nuevo Municipio que me esperaba reunido. Guardo el imborrable recuerdo de que en*

aquel solemne momento daban las doce de la noche del 14 de abril de 1931, por el Reloj de la torre de la Plaza de Betanzos, que era cuando se estaban recibiendo los telegramas avisándonos de que (el fallecido) Alfonso XIII tomaba en Cartagena al acorazado que le llevaba a Francia.[11]

No arbitrario informe que fai o Comandante do posto de Betanzos, Dimas Llamas Centeno, o 20 de xaneiro de 1937, para o xuiz que instrúe o consello de guerra a Cortiñas, di que este

residió en esta ciudad hasta el mes de abril de 1931 en cuya fecha se ausentó para residir en Coruña y durante su permanencia en esta como vecino de la misma se le conceptuaba como algo neurastenico o anormal, desde antes de la mencionada fecha de 1931 pertenecía al partido republicano dando mitines en público en unión de varios oradores entre ellos Casares Quiroga inculcando las ideas de dicho partido y en la misma fecha del 14 de abril de 1931 aquella misma noche procedente de Coruña vino a Betanzos siendo él el primero, que a gritos y en publico subido al palco de la música dio la noticia con el mayor entusiasmo de la proclamación de la Republica, consiguiendo con su alarde de republicanismo reunir un grupo de mozalbetes que recorrió con ellos las calles principales del pueblo y por ultimo apedreó la casa del político y vecino de la citada ciudad D. César Sánchez, por aquella época y por mediación del susodicho Casares quiroga le fue dado el puesto de Secretario de los jurados mixtos de la propiedad Rústica en Coruña no volviendo a residir mas en esta ciudad, ignorandose otros detalles sobre el mismo. (Sumario nº 63/1937, Arquivo TMT IV).

O 4 de xuño de 1931 Luis asiste á Asemblea Pro-Estatuto de Autonomía na Coruña, en representación da Irmandade da Fala de Betanzos, aínda que a súa presencia tiña máis ben un carácter persoal, xa que a Irmandade local non tiña actividade realmente por aquelas datas.

A finais de xuño, Cortiñas (que tiña duas irmás monxas) fai xestións diante do Gobernador para que autorice ao Concello de Betanzos a entregar as chaves do convento ás monxas Agostiñas, que voltarán á súa residencia logo do desaloxo, en previsión de incidentes, que tivera lugar o 13 de maio de 1931.

Dende xullo de 1931 xa non aparecen colaboracións súas en *A Nosa Terra*, aínda que si van aparecer dúas noutro órgano nacionalista, neste caso publicado en Bos Aires. Trátase de *A Fouce*, órgao da Sociedade Nazonalista Pondal, de tendencia arredista. Asinados por Cortiñas son os artigos «Xa se vai en Galicia...», publicado no número 40, do 1 de outubro, e «Camiñar de cangrexo», no número 44, do 17 de xaneiro do ano seguinte. De optimismo o primeiro e de decepción o segundo, a respeito da xestación do Estatuto galego.

Na etapa republicana Cortiñas vai militar nun primeiro momento na O.R.G.A. que lidera o coruñés Santiago Casares Quiroga e na súa plataforma eleitoral Partido Republicano Gallego (P.R.G.). Posteriormente, ao integrarse a O.R.G.A. no partido liderado por Manuel Azaña, militará en Izquierda Republicana, no que tamén Casares Quiroga será un dos seus persoeiros destacados e acadará cargos gubernativos. Con todo, Cortiñas será moi crítico con Casares nas páxinas do seu libro. E xa antes, cando decepcionado

coa actitude deste na postergación do Estatuto galego, dixera nun artigo en *A Fouce* en xaneiro de 1932 que «Casaritos é pra nós partida fallida».

Nestes anos de veciñanza coruñesa, ademais de desenvolver a súa profesión de avogado, Cortiñas participa da vida política local, representando mesmo ao P.R.G. nalgúns actos. Así, en 1933, participa o 11 de febreiro, declarado festa oficial, nun acto conmemorativo do aniversario da proclamación da I República celebrado no coruñés Casino Republicano. No transcurso do acto, presentado polo seu presidente señor Alvajar, con recepción de honra a veteranos republicanos, intervén Luis Cortiñas representando ao PRG, xuntamente con representantes doutras organizacións republicanas: Juventud Republicana, partido Radical, partido Radical Socialista e partido Republicano conservador (*El Correo Gallego*,12-021933). Asemade Cortiñas participou noutros actos culturais e sociais na cidade herculina, algúns recollidos na prensa, como a conferencia que impartiu o 20 de xuño de 1934 na Agrupación Femenina Republicana sobre a pena de morte (El Correo Gallego, 20-06-1934) ou as súas charlas transmitidas por E.A.J.41 Radio Coruña, como a dedicada ao tema «Amor y divorcio» o 22 de maio de 1935 (*El Pueblo Gallego*, 22-05-1933).

A rebelión militar de xullo de 1936 cólleo en Carballo, vila á que se desprazaba habitualmente dende A Coruña para pasar consulta de avogado os xoves e domingos (tal como figura no membrete impreso dunha carta).

Unha carta manuscrita co citado membrete, datada precisamente a véspera, 17 de xullo, dirixida ao seu amigo e correlixionario José Calviño Domínguez, en Madrid, que lle debeu ser atopada sen enviar no momento da súa detención, sería presentada como proba de cargo no seu proceso. Nela expresaba a petición que lle fixera a Casares Quiroga: «que me tuviese en cuenta para cuando enviase la embajada a Rusia, ó una comisión cualquiera, para aunque fuese de botones me proporcionara la ocasión de visitar aquel país durante un mes». Parágrafo este que aparece suliñado en vermello, seguramente polo fiscal. Así como tamén o referido a «las pretensiones para que se me incluya en el cuerpo de secretarios de Jurados Mixtos del Trabajo, a que tengo derecho son antiguas, es decir, del anterior bienio». Cortiñas xustifícase diante o deputado de Izquierda Republicana pola Coruña: «Alguna vez he de valerme de los de mi partido».

Nunha axenda, que lle sería requisada ao ser detido e presentada como cargo no seu xuízo, anotou a súa presencia na Coruña entre os días 20 e 24 de xullo: «ofrezcome gobierno civil» (20 xullo), «Continuo Coruña. Lucha en calles. Dominan reveldes militares» (21 xullo); «Revolución (tachado). Continuo Coruña. Dominan reveldes.» (22 xullo). «En Coruña. Empezando dominar los reveldes militares» (23 xullo); «Continuo en Coruña. Retorno Carballo 5 tarde» (24 xullo).

PROCESAMENTO E CONDENA

Co control da capital coruñesa polos militares rebeldes, Cortiñas pretende levar unha vida relativamente «normal», alonxándose un pouco da Coruña. En setembro bota unha tempada en Viveiro. En xaneiro de 1937 é detido en Carballo na pensión onde vivía e ingresado no cárcere da Coruña tras unha denuncia dun sarxento de Requetés que paraba na mesma fonda:

> *O motivo do meu procesamento era a denuncia que contra min fixera un requeté ao que eu lle dixera –segundo el– que se matara a Franco faría un gran ben á patria. Quizá eu lle manifestara, en confianza, algo semellante, porque sempre crin que*

a pobre España non podía ter pior desgraza que esa guerra. Pensando no progreso e melloramento que precisa a humanidade, hai que pedir a Deus que nos libre de homes como ese. (T.C., páx. 81).

Aínda que no seu libro *Traición Consagrada* non aluda a ese feito, o certo é que Cortiñas xa fora detido na vila de Cée unha semana despois de iniciarse e triunfar a rebelión militar na Coruña e mesmo castigado coa imposición dunha multa de 2000 pesetas. Este feito sae a relucir durante o seu consello de guerra nos informes solicitados polo xuiz instrutor. Así, o informe que fai sobre el a Comandancia da Garda Civil da Coruña di:

A los pocos este [sic] movimiento Nacional, trasladó su residencia a Carballo, y el día 29 de julio, hizo una excursión a Finisterre donde andubo prejuntando [sic] a los Marineros de aquel Puerto, si en aquella bahía podrían atracar barcos de gran tonelaje. Al día siguiente 30 de dicho mes, fue detenido en la Villa de Cée, por infundirle sospechas a la fuerza de aquel puesto, el que al ser cacheado le fue ocupada una libreta de apuntes con todas fases del movimiento desde antes de iniciarse este y 300 pesetas en tres billetes.

E o informe do comandante do posto de Carballo, asinado o 19 de xaneiro, tamén se refire a esa detención e a contactos políticos que Cortiñas mantiña con xente de alí:

A los pocos días de iniciarse el movimiento se trasdadó a Cée siendo detenido en uno de sus viajes que hacía para entrevistarse con los del Frente Popular, por el Jefe de la Linia, Don Rodrigo Santos Otero desde cuyo punto se trasladó a Carballo, en la fonda donde paraba se dejó decir según rumores que el frente popular había de triunfar, pues un testigo de los que había de declarar en el día de ayer, había de decir la verdad de lo que el señor Cortiñas había hablado en varias ocasiones. Durante la permanencia en Carballo fue desafecto al regimen actual, notándose en su aspecto un ideal a la causa soviética.

Na dilixencia de leitura de cargos ante o xuiz militar, o 28 de xaneiro, en presenza do seu defensor o alférez Carlos Peña, Cortiñas contesta:

Que alega excepción de cosa juzgada en cuanto a lo de los antecedentes que dicen políticos y a lo de la libreta; pues sobre ello ha sido detenido, e investigada su conducta fue puesto en libertad al principio del Movimiento, y que por haber sido sancionado con fecha posterior a la de la denuncia con una multa.

Nunha ampliación á dilixencia de leitura de cargos, o 30 de outubro, asistido do seu defensor (sustituto de Peña, quen fora destinado a Asturias), preséntase e lese unha carta comprometedora, ao que Cortiñas alega

Que no puede asegurar que sea suya la carta porque con el señor Calviño no tenía relaciones amistosas y solamente las profesionales, y que sin duda por los términos en que está escrita se habra tenido en cuenta para una multa de dos mil pesetas, según manifestaciones que le hicieron al procesado con anterioridad, y por tanto

cabe la excepción de cosa juzgada y la de incompetencia de jurisdicción.

De boca do propio Cortiñas coñecemos o importe da multa. Dúas mil pesetas era unha cantidade importante, porén omite o tema no seu libro, así como a detención en Cée.
O auto de procesamento comeza o 18 de xaneiro de 1937 (sumario nº 63, ATMT IV), día no que ingresa na cadea da Coruña en concepto de incomunicado a disposición do Xuiz militar.

O requeté Enrique Prado Martínez, de 24 anos e fillo do matrimonio que rexenta a pensión na que se hospeda Cortiñas, denuncia a este o mesmo día 18 de xaneiro. Sarxento do Requeté Gallego, destinado en Salamanca e residindo estes días en Carballo coa familia en disfrute de licencia por enfermidade, fai a denuncia diante do Teniente Coronel do Requeté galego na Coruña, quen a presenta ao Xeneral Xefe da 8.ª división. Na declaración Prado Martínez di que Cortiñas lle dixo o pasado día 8 de xaneiro -sabedor de que aquel facía gardas a veces na residencia salmantina de Franco- a seguinte expresión: «¿Sabes tú que le harías un gran servicio a España y a los Rojos matando al Generalísimo Franco?». Prado cree que Cortiñas «es un neurasténico y algo anormal, que tiene en sus conversaciones unas salidas de tono muy raras y unos cambios de ideas muy raros también». O requeté di que agardou a facer a denuncia, decidindo «explorar la verdadera intención de tales frases», por máis que en sucesivas conversacións «no volvió el señor Cortiñas a repetir tales frases y conceptos», ainda que «si observó el declarante su simpatía e inclinación al triunfo de las izquierdas, pero le parece al declarante que no precisamente al Comunismo, en cuyo advenimiento no creía el Señor Cortiñas». Por máis que este non lle volveu a facer alusión ningunha, o requeté «no obstante juzgó un deber denunciarlo a su Jefe, aunque le parece que fué una de sus tantas loquerías y que procuró hacer que el señor Cortiñas le repitiese esa frase sin conseguirlo.»

Cortiñas debeu considerar que precisaba dunha tapadeira ou proteción e vai solicitar o ingreso na Falange de Carballo en segunda liña. Parece que este se realizou o día 14 de xaneiro, aínda que no informe que remite a xefatura de Carballo a data aparece dubidosa por unha gralla da máquina de escribir. Tamén Prado na súa declaración fai a alusión á afiliación de Cortiñas nunha data posterior ao día 8:

Que se enteró el declarante por un amigo suyo que en estos últimos días el Señor Cortiñas iba recibir el Carnet de afiliado de Falange Española y hablaba con gran contento de venir a hacerse una camisa azul a la Coruña, y esto con posterioridad a la escena que ya ha relatado.

O xa citado informe da Xefatura de FE-JONS de Carballo refírese á «conducta pública y privada buena» e deixa entrever a estratexia que seguiu Cortiñas afirmando o xefe local que lle escoitara louvanzas a Falange e eloxios a Franco: «En esta se decía que era [de] izquieda, pero a mi nunca me habló de eso». E remata dicindo: «Lo tenemos por un poco maniático pero buena persona».

Nun réxime no que a cordura non existía, como ocorría na España franquista na que os rebeldes acusaban e xulgaban de rebeldía aos defensores da legalidade republicana, encarcerándoos ou matándoos, Cortiñas decidiu facerse pasar por tolo:

Correrase o da grave denuncia, que eu non negara, e que necesariamente se me ía

condenar a morte; e aínda se fixera, entre amigos e coñecidos, máis escandaloso o caso ao saberen que eu quería morrer, que quería que me fusilasen. Era un asasinato e un suicidio ao mesmo tempo. Algúns avogados, que por ser do partido da dereita estaban cos rebeldes e actuaban de fiscais e auditores militares, falaban na residencia do Capitán Xeral e outras oficinas militares do raro caso de Cortiñas, a quen se ía condenar a morte.

Así foi como o meu pobre amigo, o defensor, se consideraba perdido, e viña comunicarme que calquera saída urxía para escapar daqueles trances. Non había tempo que perder para evitar un de tantos asasinatos; e a reacción favorábel, que doutro xeito non se tería conseguido, estaba en marcha sobre campo abonado para que froitificase.

Tildábanme de máis asasino que eles, porque intentaba asasinar a Franco con palabras dende oitocentos quilómetros de distancia, xa que este estaba en Burgos e eu na Coruña. A tal loucura debía respostar con outra maior: eu estaba louco e desexaba morrer… (T.C., pp. 91-92).

Xunto co seu avogado defensor, o alférez e amigo Carlos Peña, planifican a estratexia para tratar de evitar ou cando menos reducir a condena que lle ían impor. Baseándose no trastorno mental que sofrira un irmán da súa nai e tamén a súa irmá maior, adopta no cárcere da Coruña comportamentos que provocan o seu ingreso no manicomio de Conxo para ser analizado e ao tempo dilatar ao máximo o seu consello de guerra. Consigue, ademais, que catro destacados veciños de Betanzos –tres deles militares veteranos– declaren confirmando as doenzas mentais do seu tío Román e a súa irmá Juana, que pasara tempadas ingresada no manicomio de Ciempozuelos (Madrid) entre 1920 e 1925, incorporando ao sumario recibos das pensións satisfeitas. Estas testemuñas son, nada menos, don Eloy Soto Menlle, Teniente Coronel de Infantería; don Lisardo Lissarrague Molezún, coronel de Infantería retirado e Comandante Militar da praza de Betanzos naquel momento; don José López Freire, Coronel da Armada retirado, e don Juan Jesús García Iribarne, fillo do gran benefactor local don Juan García Naveira e Alcalde de Betanzos. Os catro fan unhas declaracións moi similares que confirman trastornos mentais en membros da familia. O Alcalde Juan Jesús García engade ademais que:

Estos síntomas que presenta la referida hermana del procesado, añade el testigo, que en mayor o menor escala se dan igualmente en casi todos los miembros de la familia Cortiñas, los cuales en su vida de relación suelen tener rarezas o excentricidades que denotan a juicio del dicente no encontrarse en el pleno y cabal ejercicio de sus facultades mentales. (Sumario nº 63/1937, Arquivo TMT IV).

Facéndose o tolo, o xuiz decide o 16 de marzo que Luis sexa recoñecido no manicomio de Conxo tras o informe propicio dos médicos da cadea. O 10 abril consegue ingresar durante seis meses no manicomio de Conxo para eludir o réxime do cárcere e a posibilidade de ser asasinado nunha das «sacas» que se realizaban periodicamente, e na procura tamén dun eximente para o xuízo que se aveciña.

No manicomio, renomeado había pouco como sanatorio, atopouse con que o seu director «era o gran médico, cidadán e bastante galeguista don Ramón Rodríguez Somoza», compañeiro durante os estudos en Madrid da Mocedade Céltiga[12]:

Alí fiquei instalado, mellor dito alí me entregaron ao custodio dunha dependencia do manicomio que facía de cárcere; e como eu non era máis que un detido que había que facer pasar por enfermo, non sabían se tratarme como louco ou como delincuente: destas dúbidas sacou proveito no meu favor o distinguido director do manicomio ou sanatorio, quen aínda que en apariencia non me facía distingos, podía notar eu que era o amigo de sempre, o antigo compañeiro de pensión e de tertulia de café nos nosos tempos de estudante; non había que tratarme como tolo nin como condenado, senón que era un simple enfermo baixo o seu exame e sometido á exclusiva observación do doutor director do establecemento. (T.C., páx.105).

O 19 de outubro, logo de dilatar o máximo posible a súa estadía en Conxo, reingresa na cadea da Coruña a disposición do Comandante Xuiz militar S. Díaz de Herrera.

O director de Conxo Rodríguez Somoza asina xunto co médico Ramiro Sánchez Calvo un informe dirixido ao Xuiz Militar o 24 de outubro, logo de observar «en el medio manicomial» ao procesado e dictaminar sobre o seu estado mental, que resumen nas seguintes conclusións:

1.º Que D. Luis Cortiñas Díaz padece manifestaciones psicopáticas de naturaleza familiar;
2.º Que los numerosos rasgos psicopáticos que se observan en nuestro sujeto, llevan consigo una notable disminución de la facultad de enjuiciamiento de sus actos, y
3.º Que tales anormalidades deben considerarse como eximentes, ó atenuantes de importancia, al juzgar sus delitos.

O 13 de novembro de 1937 ten lugar na Coruña o consello de guerra do que foi vítima Cortiñas e que describe deste xeito:

Para xulgarme os rebeldes facciosos formaron un tribunal militar, composto dun tenente coronel, dous capitáns e un asesor xurídico, que me pareceu auditor categoría de comandante; o fiscal era un mozo avogado dos que se prestaban a esa clase de servizos e de defensor un tenente de artillaría de apelido Cortiñas, a quen eu non coñecía: era o sustituto daquel compañeiro de infancia, Carlos Peña, que ao principio se encargara da miña defensa e quen posteriormente tivo que abandonar por ter sido trasladado á fronte de Asturias. (…)
Lembro perfectamente que a miña tranquilidade era case normal. Todos os actos sorprendíanme pola súa ilegalidade; e case consideraba un privilexio ser perseguido e condenado en honor á miña lealdade á orde e á Constitución Nacional. O que xa non me gustou moito foi que ao ler o secretario as actuacións lera tamén a modo unhas notiñas que me sustraíran, en que ía relatando o diario da guerra calificando de traidores aos rebeldes. O nome do procesado era sempre acompañado do da profesión de avogado.
Leuse o ditame médico que remataba aconsellando a aplicación dun atenuante. O fiscaliño leu unha acusación, sen máis estudo nin transcendencia que a de atribuir ao delito de rebelión, a pena de morte, que en razón de teren sido pronunciadas as miñas palabras nun estado de alteración nervosa calificada, correspondía con-

denarme a reclusión perpetua. O defensor leu algo que el escribira, con lugares comúns e párrafos pedindo clemencia, nos que intercalara un resume dos autos refutando das figuras as de delito que eu lle mandara; por certo que ao pasar dos conceptos (o escrito por el) ao escrito por min, baixou a voz e fixoo con máis calma, como con medo de equivocarse ou tropezar na pronunciación de certas palabras xurídicas que, sen dúbida, lle eran pouco familiares. (T.C., pp. 111-112).

O Fiscal pedira a pena de reclusión perpetua para el e este –desempeñando o seu papel de «toliño» ata o final– rematou alegando:

que no ve el porqué de esa acusación fría del señor Fiscal hacia su persona, bastando para demostrar lo contrario sus antecedentes de siempre. Que el no ingresó ni solicitó el ingreso en F.E. sinó que se le requirió para ello por el Jefe de Carballo y algunos milicianos que él aceptó de buen grado pues dicha organización tiene en su programa varios contactos con la ideología izquierdista. (En éste momento el señor Presidente dice al procesado que de continuar expresándose en esa forma le privará del uso de la palabra). Continua el procesado manifestando que si se le absuelve no hará caso al tiempo que lleva en prisión, pero si se le condena pide que dicha pena sea la de muerte.(Sumario nº 63/1937, Arquivo TMT IV).

O tribunal condena a Luis a reclusión perpetua (trinta anos) que, logo duns meses na cadea coruñesa, pasará a cumplir na de Pamplona.[13]

Luis recusará no seu libro a actitude amosada polos seus irmáns maiores, ambos solteiros, que convivían na casa familiar:

Procurei que a miña familia empregara toda a súa influenza para que me trasladaran a un lugar menos desagradábel e de mellor clima. E meus irmáns, que nada me axudaran –como bos clericais– non facían máis que enganarme. En toda a vida eses dous irmáns maiores fixeron outra cousa que enganarme. Francisco cando aparentaba quererme, dándome consellos que el me obrigaba a ter que seguir, fixo o seu testamento (xa antes da guerra) excluíndome de irmán; e os demáis irmáns extrañaronse mais atopárono ben, ou polo menos non puxeron reparo a tal disposición, distribuíndose a herdanza de Francisco Cortiñas, sen terme en conta para nada. Sen embargo, nin pola imaxinación me pasou nunca negar o parentesco que nós todos exhibiamos. Esa é a exemplaridade que poden vir a ostentar, á fin de contas, os Cortiñas de Betanzos… e é mellor non seguir falando. (T.C., páx. 113).

Impónselle, ademais, unha elevada sanzón económica, pola que se incautan os seus bens -procedemento que en realidade comezou xa ao principio do seu procesamento- e sácase a subhasta a súa metade da casa natal que compartía en herdo coa súa irmá Rosario:

Cada tres ou catro días presentabase algún representante do xulgado pedíndome datos sobre a casa que aínda figuraba no Rexistro da Propiedade a nome doutros. Sempre era á hora do rancho, de xeito que ademais de molestarme coa expoliación, deixabáseme sen a comida carceraria. A causa para o meu próximo fusilamento estaba en marcha, sen ser coñecedor eu do seu estado, nin quen era o defensor que

se me nomeara ou ían nomear.

Por outro lado e ao mesmo tempo saía a remate a metade da casa que sabían era miña, e negándose a mercala ninguén da provincia apareceu un viciño da cidade de Pontevedra, rúa da Peregrina, a mercala polo importe da súa base, que viña ser a décima parte do seu valor. Este individuo, tan asasino como calquera falanxista, dedicábase a asistir aos remates e subhastas dos bens inimigos para facerse enormemente rico con pouco diñeiro e en pouco tempo. Segundo consta na escritura de compra chamábase (non sei se vive) Cándido Acuña Blanco… ¡Vaia un cándido![14]

Este Cándido Acuña Blanco a quen se lle expidíu o título de dominio da miña casa o día 13 de agosto de 1938, non sei se el ou os seus descendentes ou parente algún disfrutan do capital adquirido dos condenados a morte, porque non era a única propiedade que adquiría deste xeito. Quizá estivera en connivencia co requeté que me denunciou, chamado Manuel Regueiro, de Carballo, [noutro lugar Cortiñas di: «(creo que se chama) Alfredo Prado».] ou co maxistrado da Audiencia Provincial da Coruña, don Xesús Mosquera Pimentel, que tanto se interesaba en que me condenaran. Este Mosquera Pimentel, o mesmo que o seu fillo Mosquera Caramelo, eran dous individuos da carreira xudicial que a República respectou nos seus postos e logo puxéronse ao lado dos rebeldes, seguíndoos –ao dicir dun compañeiro– como un can raiboso coa lingua de fóra e os ollos caídos mirando a quen botar a baba.

Non cabe agardar que algún día se impoña a xustiza? Será posíbel que fiquen impunes eses crimes? (T.C., páxs. 82-83).

O home de negocios Cándido Acuña Blanco debeu revenderlle a Rosario Cortiñas a parte que mercara na expropiación e subhasta dos bens de Luis, porque en 1957 esta solicitaba, en calidade de propietaria, a demolición da casa para construir no solar outro edificio de tres pisos e baixos comerciais, acolléndose á Lei de «Vivendas de Renta Limitada», licenza que lle será concedida finalmente o 21 de xaneiro de 1960, para presentar días despois outra solicitude de variación do proxecto que, tras varios informes e contrainformes, é finalmente concedida (AMB, c. 634). A obra, non exenta de polémica, foi un elo máis na cadea de destrución do patrimonio arquitectónico de Betanzos nestes anos. O gran escudo da fachada sería retirado e conservado e na actualidade atópase no Museo das Mariñas xunto con outros procedentes doutras casas antigas destruídas nesa triste época.

Pode parecer extraño que unha muller solteira e xa con 70 anos na altura, se metese entón a promotora de obras, mais xa con anterioridade a señorita Rosario amosara certas inquedanzas na realización de obras na casa familiar, tal como nos relata Luis no seu libro:

Despois de morrer miña nai ocorreuselle a miña irmá encomendar a un construtor calquera unhas obras de arranxo. Ao terceiro andar subeu pola ventá unha viga de madeira de castaño que pesaba tanto como unha gran viga de ferro; tardaron máis dun día en efectuar a operación, con risco, en varias ocasións, de perecer os que a manexaban. Despois construíu sobre o tellado unha especie de mirador que, polas súas liñas desemellantes e paredes lisas de portland desmerecía do resto do edificio. O alcalde (que aquí diriamos intendente), persoa culta, fachendeaba de erudito e gran amigo do arte, e advertindo esa chafallada na casa antiga que dá á praza principal, enviounos aviso de que non debían continuarse as obras; mais o contra-

tista que recibiu o aviso pediunos permiso para rematalas, e aquela mesma noite púxose fin ao tellado do espantallo. Cando á mañá seguinte o alcalde viu a obra rematada chamou ao alguacil, recriminándolle o incumprimento da orde, e cando este volveu á nosa casa para avisarnos de novo, esta vez por escrito, atopou a casa baleira e pechada, porque nós tiñamos saído de madrugada para outra poboación próxima, escapando a esa notificación que xa supuñamos tería de chegar. Eramos tres irmáns fuxitivos que escapabamos da nosa propiedade, na que perpetramos un delicto contra a arte da antiga capital de Galicia.

Cando aos dous días voltamos a Betanzos, xa os partidos políticos tiñan aproveitado aquela oportunidade para desairar ao alcalde. Visitoume o xefe da oposición para felicitarme; e posteriormente apareceu don Adolfo Sánchez Díaz, que así se chamaba o Alcalde, todo colorado, alasando, desfacéndose en explicacións e lamentos.

–Por Deus, Luis, ¿qué pretendedes facer nesa fermosa casa vosa que adorna a nosa praza? ¿non recibichedes aviso de suspender as obras? Iso é un atentado contra a urbanización da cidade, que eu non podo permitir.

–Ben, Adolfo –díxenlle–, perdoa unha interrupción, en primeiro lugar eu non son nin fun o da idea, senón miña irmá, e ademais que non todos os edís pensan coma ti, pois sei que a maioría está dacordo en deixarnos rematar a obra.

–Pero Luis, ti sabes o que é a oposición política, que con só facerme quedar mal os demáis concelleiros danlle a razón ao demo que sexa. Este é un asunto da Alcaldía que non debe sair da miña competencia; e por outra parte tamén me é moi violento enfrontarme con vós, familia á que, como sabes, sempre apreciei. Eu agradeceriache, querido Luis –continuou a dicir– que convenceras á túa irmá de que non debe insistir contrariando as nosas ordes.

Despois doutras máis entenrecedoras entrevistas accedín a convencer á miña irmá, cousa nada doada, do legal desa medida municipal. Tiven que ameazala coa inminente formación dun expedente, caso no que me excluiría, dando a miña conformidade como herdeiro de miña nai, a nome de quen figuraba aínda; que estaba disposto a dar a miña conformidade ao disposto pola Alcaldía, para que non me incluíran cos meus outros dous irmáns, no preito que se nos preparaba co concello dun pobo tan querido pola nosa defunta nai…

O alcalde despoxouse da súa autoridade para falar case humillante coa miña irmá e por fin, o asunto puidose arranxar cun escrito feito por min no que viña a rectificar, en parte, o da construcción, que máis ou menos continuou como estaba. Por certo, que ao ler o escrito no que eu me remontaba aos tempos históricos de tan antiga casa que lembraba á capitalidade do Reino de Galicia, o Sr. Alcalde, cunha admiración máis propia para outro momento, entusiasmouse, entenreceuse e tanto se impresionaba, ao lembrar esas antigas grandezas da súa amada cidade que lle corrían as bágoas… Xa pasaron os tempos do Quixote mais continuaba a fidalguía: así eran naqueles tempos de democracia as autoridades. ¡Ditosos tempos aqueles! (T.C. pp. 34-36)[15].

Da cadea da Coruña, Luis é trasladado á de San Cristovo en Pamplona (a mediados de abril de 1938, segundo Cortiñas conta no libro; o 15 de marzo segundo o rexistro desta), con paradas en Venta de Baños e Burgos. Finalmente ingresa no forte de San Cristovo do

que fai esta descrición:

Dende Pamplona ao forte de San Cristovo hai por camiño sinuoso e pendente quince quilómetros. Está enclavado nos Pirineos, que separan a España de Franza, e foi construído en tempos do rei Alfonso XII para defender a Navarra contra as repetidas invasións dos franceses.

Unha das crestas da precordilleira foi furada en forma como se podería dividir un queixo; a división foi facendo zanxas no monte que formaron rúas e patios, todo en pedra de granito; e dos patios erguéronse pabillóns que tiñan de tellado o monte, ao mesmo tempo que por debaixo das rúas se fixeron sotos aos que se baixaba por escaleiras estreitas e rochosas. As paredes tiñan varios metros de ancho, con comunicación subterránea en direccións sinuosas. Porén esa construción, que levou varias ducias de anos a centos de obreiros mal pagos ou obrigados, paréceme que actualmente sería de importancia relativa, diante dos progresos da aviación que cos seus bombardeos non precisaba destruílo senón que lle bastaría con tapar ou cegar as súas bocas.

Xa non se teñen tropas, nin almacenan nel municións ou armas, senón que foi habilitado para penal. A disciplina é militar e todo se fai alí precedido do toque de corneta.

Cando eu cheguei estaban alí uns cincoenta delincuentes comúns e uns mil seiscentos presos políticos, destes a metade galegos e a outra metade vascos. Os presos comúns ocupaban os mellores postos e empregos de confianza: a despensa, o economato, a cociña; e axudaban en case todas as oficinas. Algún vivía estupendamente e mandaba cartos á súa familia ou á noiva.

Os presos políticos eramos os condenados por antifranquistas; a aqueles tratábanos co rigor de condenados; a nós tratábanos como inimigos porque tiñamos de gardiáns a falanxistas con méritos contraídos na fronte. (T.C., páx. 118-119).[16]



Vista aérea do forte de San Cristovo ou Ezkaba ás aforas de Pamplona.
Tomada de Sierra e Alforja (2006).

No forte de San Cristóbal os presos malvivían masificados nunhas condicións infrahumanas: sofrían fame, suciedade e falta das mínimas condicións hixiénicas; o servizo de lavandería e corte de cabelo e barba tiñan que pagalo; dormían sobre o chan frío e húmedo cun petate recheo de crin ou herba e unha manta; a roupa e o calzado eran mínimos (algúns so tiñan o posto). Todo iso completábase cunha atención sanitaria moi deficiente que causaba moitas mortes entre os internos (Sierra e Alforja, 2006).

Durante a estadía neste penal, chamado tamén de Ezkaba polo nome dun monte próximo, prodúcese a famosa e masiva fuga que rematou coa morte dunha gran parte dos fugados, fuga na que Cortiñas –ao igual que case un terzo dos reclusos– non participou por non ver claras as posibilidades de éxito:

Sen considerar con exactitude a data, porque non teño a man ningunha nota que ma reproduza, podo lembrar que rematado o verán de 1938, cara o mes de setembro daquel ano, a iso da unha da tarde dun domingo, apenas rematabamos de xantar o plato de lentellas suxamente guisadas que como única comida nos daban –plato que xeralmente nos daban os domingos– escoitaronse varias detonacións: eran tiros de fusil.
Apenas rematado de lavar o plato, e algúns con el na man, achegámonos á vidreira que daba a un balcón corrido de ferro, que tiñamos case sempre pechado.
A sentinela ou soldado de garda do portalón de entrada de carruaxes recuaba cara nós, apuntando co fusil cara abaixo, como se alguén o ameazara dende o portón. Aos de arriba ollábanos tamén asustado sen elevar o fusil. Continuou a recuar cara a empinada do monte que rodeaba o penal.



Acto relixioso no forte de San Cristovo presidido polo bispo de Pamplona. Cortiñas atópase comezando pola fileira do primeiro home da esquerda contando cara atrás, no sexto lugar (é o home calvo antes do das gafas). Arquivo familia Cortiñas Lema.

Algo raro pasaba. Ningún de nós se explicaba o ruído dos disparos que se escoitaban e o movemento de centinelas, porque ninguén dos de arriba sospeitaba o amotinamento nin a sublevación ou fuga dos prisioneiros no forte; sen embargo non se tardou en comprender a sublevación ao oir os berros que saían dos demais pabillóns, e sobre todo do patio principal: «Estamos ceibes!, compañeiros, estamos ceibes!» Este era o berro xeral que logo viñeron a darnos ao noso pabillón, ao mesmo tempo que, con decisión, abrían o cerrollo empuxando a porta. Un compañeiro de presidio presentábase coa gorra que sacara a un oficial do penal, invitándonos a sair, porque –dicía– vencida a resistencia da garda externa (que eran tropas de exército), e a interna (gardiáns e falanxistas), os presos acordaron sair en dirección a Franza. É máis, invitábasenos a que, como xente máis instruída, a que ocupaba o noso pabillón se puxera á fronte da fuga, é dicir, que dirixiramos a fuxida a Franza. Dende alí, en plenos Montes Pirineos, a distancia que nos separaba do país viciño eran uns quince quilómetros en liña recta, pero sen camiños transitábeis e tendo que subir e baixar por aquela Cordilleira Pirenaica, os camiños esgrevios e desfiladeiros facían moi dificil a marcha lixeira para gañar a fronteira antes que chegaran con tropas franquistas a cercarnos. Un tenente coronel, a quen principalmente se dirixía o compañeiro na súa invitación, tivo que opoñerse por considerar seguro o fracaso. Non nos explicaban nin sabían dicir os plans, nin os elementos con que contaban; non se coñecía a comarca; dábase importancia o non ter siquera un compás; non había máis que imprevisión e nervosismo. O apoderamento do penal foi ben levado, mais non parecía igual salvar a distancia ata a fronteira que había que cruzar. Homes mal vestidos, pior calzados e mal alimentados, non podiamos conseguir outra cousa que o fracaso. Así se explicaba o tenente coronel, compañeiro de prisión, quen coa porta aberta lle falaba ao convidante.

Dende a outra división do mesmo pabillón onde estabamos aloxados os profesionais civís, escoitabamos atordados ese diálogo, pesando máis sobre a nosa incertidume os razonamentos do militar ca as aloucadas intimacións do xove compañeiro, que coa gorra de xefe de servizos semellaba ser dono da situación. E pouco máis tarde, o mesmo pseudo xefe, acompañado doutros amotinados veu ao noso pabillón a que nos resolveramos a acompañalos na fuxida; e ao observar a nosa indecisión chamábanos covardes o mesmo que aos anteriores, mentres continuaban a dar ordes para as diferentes brigadas e dependencias do establecemento, xa en poder dos recluídos. (T.C., páx. 122-123).[17]

Logo dunha exitosa toma do forte polos amotinados, a fuxida cara Franza resultou un completo fracaso, na que a maioría dos fuxidos perderían a vida:

Para que non faltasen contratempos, un percance –que nunca falta– veu a estropealo e foi que un xove (o corneta) que non tiveran a precaución de facelo prisioneiro, largouse cun entusiasmo digno de mellor causa, a todo correr, ata Pamplona a dar a novidade. Da comandancia militar de Pamplona puxeron, como puideron, en movimento as súas reservas, mandando tropas de cabalería, da garda civil e motorizada a cubrir a fronteira de Franza. A cabaleiría foi a que conqueríu cerrar o paso aos fuxitivos, aos que se lles cazaba como a feras. A uns matábanos e a outros os entregaban á garda civil que, co pretexto de negárense a camiñar, adoitaban

colgalos das árbores. Máis dun pobre fuxitivo quedou morto no camiño para que o poideran ver os que ficaban polos montes.
Os últimos en sair foron os que comezaron a voltar ao penal; e despois ían chegando prisioneiros cos pés desfeitos, atados con cordas como bestas e sangrando. Xa pasados algúns días chegaban todos feridos, pois ata con cans foran axudados a cazar. Había que cazalos, non curalos. E pasados máis de dez días entraron a un que polo visto estivo longo tempo camiñando ao longo da fronteira, e sen saber que estaba en Franza voltou a territorio español onde foi atrapado. Pasado un mes trouxeron a outro que vivira no monte e foi descuberto por uns cazadores; tiña a barba longa, cos zapatos e a roupa rota, famélico e enfermo. Só un fuxitivo tivo a fortuna de entrar en Franza, conseguindo a liberdade tan desexada; e por el enteiráronse na zona dos leais do acontecido. (T.C., páx. 126).



Páxina inicial do rexistro de Cortiñas no forte de San Cristovo de Pamplona. No sumario nº 63/1937 do Arquivo Tribunal Militar Territorial IV.

Estudos recentes (Sierra e Alforja, 2006; Torrús, 2022) dan un número de 795 fugados dun total de 2487 presos, dos que unicamente tres conseguiron chegar á territorio francés, sendo 207 asasinados durante a súa busca e 585 capturados e reintegrados ao forte, permanecendo varios meses incomunicados. Condearon a morte a 14 «promotores de la sublevación», fusilados publicamente o de setembro de 1938 xunto a Cidadela de Pamplona, e aos outros 568 impuxéronlles 17 anos máis de condena no consello de guerra. A xuízo dos autores de *Fuerte de San Cristóbal, 1938. La gran fuga de las cárceles franquistas* (Sierra e Alforja, 2006: 48):

> *Lo hecho hace 68 años, por unos pocos presos –hambrientos, sin armas y sin ayuda exterior- fue heroico: en plena guerra, en la retaguardia franquista, se hicieron con el control de uno de los penales más duros de la dictadura y abrieron las puertas a más de 2.400 compañeros.*
> *Esta fuga no tiene nada que envidiar a las que han sido llevadas a la pantalla, casi siempre inventadas. De la de San Cristóbal tenemos el testimonio de muchas personas que en ella participaron y la documentación oficial de la época. Sin duda es la fuga documentada más grande que se haya llevado a cabo y, dadas las condiciones en que se hizo, acaso sea una de las mayores hazañas de la historia antifranquista.*

A súa sobriña María Celia, receptora dos relatos de presidio que contaba Luis, lembra nun pequeno texto:

> *Estuvo cuatro largos años preso en una celda con asesinos y ladrones, ya que la destrucción moral de los presos políticos era principalmente el objetivo de los fascistas. Los relatos eran escalofriantes pero algunos los recuerdo todavía, sobre todo uno que me impactó mucho... y era cuando contaba que en la celda donde estaban hacinados todos los presos, moría alguno y los guardias desaprensivamente, lo echaban a una bañera que tenían allí donde permanecían varios días, hasta que el olor era insoportable.*[18]

No forte de San Cristovo permanecerá até final de xaneiro de 1941, en que sae en liberdade condicional, unha vez reducida a condena. A pena de 30 anos fóralle conmutada o 24 de xaneiro de 1938 pola de 12 anos e un día e, despois dunha nova revisión en decembro de 1940, pasa a ser de 6 anos e un día. polo que, tras ter cumprido a metade da condena e recibir informes favorábeis, concédeselle a liberdade condicional (sumario nº 63/ 1937, ATMT IV):

> *Despois de moitas destas cousas, durante perto de cinco anos, en febreiro de 1941, fun posto en liberdade. Ao sair do Penal (con axuda dun alemán casado cunha curmá) entereime da morte do meu irmán Francisco, que alguén atribuíu a un castigo do Ceo polo mal que se portara comigo. Sen embargo eu téñolle perdoado o mal que me fixo antes, e durante esta maldita guerra.* (T.C., páx. 127).

O irmán Francisco, solteiro de 48 anos, fora asasinado en Betanzos, na rúa do Castro, o 9 de marzo de 1939, pouco antes do remate da guerra, polo garda civil segundo do

posto de Betanzos Juan Guisado Garrido, quen lle requiriu unha máquina de escribir que pertencía a Luis, daquela encarcerado en Pamplona. Francisco era home de dereitas e moi relixioso. O seu asasino, encausado por «homicidio» (sumario nº 193/1939 do Arquivo Tribunal Militar Territorial IV) foi encarcerado no castelo de San Antón na Coruña.[19]

Como decimos no noso traballo «1936-1939. As vítimas betanceiras da represión» (*Anuario Brigantino* 2006, nº 29) Francisco Cortiñas foi unha vítima atípica no conxunto da represión franco-falanxista que segou a vida de trinta e catro betanceiros:

> *Francisco Cortiñas debeuse negar á requisitoria do garda civil e resistiriase a ser levado detido, o que provocou o alporizamento do garda que lle dispararía ao ver que se marchaba sen facerlle caso. Un neno resultou ferido nunha perna ao rebotar unha das balas que disparou o garda. O asasinato era difícil de asumir mesmo como crime «político» e ademais Cortiñas tiña amizade, ao parecer, con don Jesús García Iribarne, home forte do momento que sería Alcalde nesa época, circunstancias que darían co asasino en prisión.*

Na acta de defunción consta que a morte se produciu no seu domicilio (onde vivía coa súa irmá Rosario, tamén solteira) a consecuencia de «hemorragia interna en la cavidad abdominal».

O citado garda civil sería xulgado logo en consello de guerra e condenado a trinta anos de cadea e unha indemnización económica aos herdeiros do asasinado, enfermando e morrendo posteriormente no cárcere.

O EXILIO ARXENTINO

Coa liberdade condicional, Luis fixa inicialmente a residencia en Barcelona, mais no derradeiro trimestre de 1941 decide sair de España cara Arxentina. Á final o único Cortiñas varón que se resistira á emigración, como quería súa nai, tomará o camiño da Arxentina forzado por un réxime ditatorial que o encarcerou e condenou, embargoulle os bens e a casa, impediulle exercer a profesión, e incluso lle matara un irmán (que non lle axudara e mesmo simpatizaba cos que o encarceraron). En Betanzos e en Galicia a Cortiñas non lle quedaba nada, mentres que no exilio arxentino abríase unha esperanza a carón dos irmáns e familiares que alí residían.

A súa sobriña María Celia, filla de Leoncio Cortiñas, lembra así a chegada de Luis:

> *Finalmente en algún momento logró, junto con otros compañeros, salir exiliado. Llegó a la Argentina vestido con un traje gris de preso, sucio, lleno de piojos, y casi irreconocible y allí lo esperaban mi papá y sus otros hermanos.*

Isto parece indicar que a saída de España non foi moi ortodoxa, por non dicir ilegal. De feito, acordárase a súa liberdade condicional o 28 de xaneiro de 1941, segundo consta no rexistro do cárcere incluído no citado sumario 63/1937, e fixa a súa residencia en Barcelona, rúa Mallorca 234, cando «Hasta hoy ha extinguido 4 años 12 días. Le falta para cumplir en libertad condicional 1 año 354 días». Ou sexa, que até o 17 de xaneiro de 1943 non podería saír legalmente ao estranxeiro. En marzo de 1942 ofician ao Alcalde de Betanzos para que informe sobre o seu paradoiro «por haber dejado de hacer su presentación reglamentaria». En maio a Alcaldía informa que Cortiñas «se ausentó

hace algún tiempo para la República Argentina según resulta de las averiguaciones practicadas». De resultas diso, a xunta de disciplina despois de examinar o espediente, acorda propoñer a anulación da liberdade provisoria «por no haber hecho la presentación reglamentaria y haberse ausentado sin permiso del lugar de su residencia». Porén, continuando a maquinaria burocrática, o auditor de guerra propón en agosto de 1944 o licenciamento por ter cumplida a pena e o capitán xeral asina o licenciamento definitivo o día 28. (sumario nº 63/1937, ATMT IV).

Dende un primeiro momento vaise relacionar cos sectores antifranquistas da colectividade galega. Na revista *Alborada*, órgano da «A.B.C. Hijos del Partido de Corcubión en Buenos Aires», vai publicar a súa primeira colaboración escrita na Arxentina: «El perfecto gallego» (nº 114, outubro-decembro 1941). Lembremos que el tiña contactos con persoas desa zona e fora detido unha semana despois do golpe militar de 1936 na vila de Cée, pertencente a ese partido xudicial., A revista preséntao aos lectores de xeito destacado cun louvadoiro texto acompañado dunha fotografía:

LUIS CORTIÑAS

Desde su niñez sintió en su corazón el amor a Galicia, el que cultivó con pasión. Fue presidente de la «Hirmandade da Fala», de Betanzos, su pueblo natal, y fundador del periódico «Rexurdimento». Estudió Derecho en Madrid, estableciéndose en La Coruña, donde se destacó en el foro como un valor positivo. Llegó a Buenos Aires hace un mes y actualmente reside en Concepción del Uruguay. Su primer trabajo escrito en América, es el que damos a conocer a nuestros lectores como una primicia.

Remata asentándose en Concepción del Uruguay, na provincia de Entre Ríos, ás beiras do río Uruguay, a uns trescentos quilómetros de Buenos Aires. Actualmente esta cidade conta cuns 75.000 habitantes. Alí, onde xa estaban instalados algúns irmáns e familiares, residirá até a súa morte e desempeñará a súa profesión de avogado unha vez revalidados os seus estudos de Dereito, proceso que lle explica ao antigo colega Martínez Nieto (Vx. Apéndices, carta II).

Aos poucos meses de chegar casa con Manuela Lema o 3 de xaneiro de 1942. A parella tivo un único fillo, Luis Manuel, e dúas netas, Liliana Beatriz e María José.[20]

Na cidade entrerriana funda a finais de 1941 ou comezos de 1942 a Agrupación de Republicanos Españoles, da que se dará de baixa en 1952, logo de terse naturalizado arxentino:

Ateniéndome pues a la ley de naturalización me dí de baja, posteriormente, en 1952 de esa Agrupación, porque la Policía que tiene sus Asesores Letrados de oficio saben interpretar a gusto del gobierno las leyes, y mas atrevidamente cuanto mas inescrupuloso sea el gobierno al que obedecen.[21]

En 1948, despois de ver con decepción como co remate da guerra mundial a posición da Ditadura de Franco saía reforzada, decide adoptar a nacionalidade arxentina.

A partir da morte de Castelao en 1950 o galeguismo do exilio arxentino vai perdendo pulo paseniñamente, carente ademais dun cabezoleiro coas dotes de liderazgo necesarias, aínda que continúe existindo o Consello de Galiza após a morte do seu presidente.

Cortiñas atópase lonxe da capital porteña, nunha cidade na que non debía haber moitos partidarios do nacionalismo galeguista, se é que había algún. Tampouco parece que conectara posteriormente coas novas organizacións nacionalistas que xurden a comezos dos anos sesenta (PSG, UPG) nin tampouco co galeguismo que se acobilla arredor do «grupo Galaxia» a partir dos anos cincuenta.

Co título *Traición Consagrada (La Gran Derrota del Pueblo Hispano)* e asinando Luis A. Cortiñas (A. de Antonio) publicou en 1958 na Nueva Impresora de Paraná (Arxentina) o que cremos é o seu único libro.[22]

Trátase dun relato autobiográfico no que o autor fai un repaso polas penalidades que sufriu a raíz do golpe militar do 18 de xullo de 1936, co seu xuízo e prisión durante catro anos. Polo medio vai trazando as súas impresións da historia de España nos últimos séculos e dos acontecementos máis recentes.



Manuela Lema e Luis Cortiñas o día do seu casamento. Arquivo familia Cortiñas Lema.

Ao longo de cento trinta páxinas distribúe a ducia de capítulos nos que artella un relato cronolóxico, logo dunhas xeneralidades históricas.

Cortiñas escribe para un lector arxentino. Así o denotan a primeira parte do capítulo I, determinadas expresións utilizadas, as aclaracións innecesarias para un lector galego ou español: «Santiago é o corazón de Galicia», «chaqueta (non saco)», «alcalde (que aquí diríamos Intendente)»; ou as queixas continuas buscando a solidariedade: «pobre pueblo español», «pobre España» e outras variantes.

Nalgúns momentos Cortiñas descoida un pouco a redacción, adoptando un tono panfletario por veces, especialmente nas alusións a Franco, de quen nega insistente e inxenuamente a súa galeguidade e no constante antixesuítismo de que fai gala.

Teñen interese os relatos referidos á actividade represiva de González Vallés na provincia coruñesa e a vítimas da represión, como o deputado corcubionés José Miñones (xa ben documentado por Luis Lamela) ou un matrimonio de Vimianzo.



Luis Cortiñas co seu fillo Luis Manuel. Arquivo familia Cortiñas Lema.

Tamén cremos de interese a súa negativa valoración de Casares Quiroga (compartida, curiosamente por outro coruñés do mesmo partido, Emilio González López nas súas *Memorias de un diputado republicano en la guerra civil española*), os «contactos» de Franco coa Orga nos primeiros momentos da República, a descrición da cadea coruñesa durante a súa estadía nela, a súa experiencia como paciente no manicomio de Conxo, e a descrición e célebre fuga do penal de San Cristovo en Pamplona.

Porén resulta estraño que Cortiñas non faga referencia á represión realizada polos franquistas no seu Betanzos natal e non fale das vítimas, cando xa era ben coñecido o acontecido e ademais o Centro Betanzos viña realizando homenaxes ás vítimas e, pola mesma época do libro de Cortiñas, íase publicar en Buenos Aires o folleto «Betanzos honra a sus mártires», recollendo (con algúns erros xustificados polas circunstancias) a cronoloxía da represión na que mesmo se incluía o caso do seu irmán Francisco.

Pode resultar raro para alguén o título do libro *Traición Consagrada (La Gran Derrota del Pueblo Hispano).* «Traición» refírese sn dúvida á dos militares rebeldes que se alzaron contra o governo lexítimo da República. «Consagrada», ben porque ese levantamento resultou trunfador tras tres anos de guerra; ben porque foi consagrado por quen tiña autoridade para facelo: refírome á Igrexa Católica, quen –se xa foi belixerante coa República dende o seu comezo–, púxose do lado dos rebeldes alzados dende o primeiro momento do conflito, defendendo e autorizando actuacións ben pouco cristiás e católicas e asumindo a denominación de Cruzada que lle deron os sublevados ao seu alzamento

contra o poder legalmente constituído.





Portadiña interior da edición de 1958 (o exemplar consultado foi encadernado e carece da capa orixinal) e capa da edición galega de 2010 cunha ilustración do artista betanceiro Manuel Crestar alusiva á represión levada a cabo en Betanzos.

Canto ao subtítulo «A gran derrota do pobo hispano», xa é un pouco máis explícito do contido do libro, aínda que tampouco aclare moito a que derrota nin a que época se refere. «A gran derrota do pobo hispano» é precisamente o trunfo dos alzados rebeldes e de Franco fronte á maioría do pobo, que é o gran derrotado. O autor, como parte dese pobo, é un derrotado máis e vainos falar dende a derrota, dende o sofrimento, dende a experiencia persoal.

E vaino facer dende o exilio, porque a 22 anos do comezo dos feitos, aínda non podía facelo no seu próprio país, onde seguía a gobernar (e seguirá aínda dezasete anos máis, completando um total de 39) o xeneral Franco, o vencedor daquela Cruzada, daquela Traizón consagrada.

Nun momento que non podemos determinar vai entrar en contacto coa masonería organizada na súa localidade de residencia. Así unha «Conferencia sobre la Inquisición» (mencanoscrito sen datar facilitado pola familia) comeza deste xeito: «Venerable Maestro, Maestros, hermanos, Señoras y demás que os molestais en venir aquí para honrarme con vuestra presencia, a todos os hago constar mi saludo». E continúa:

Nuestro Venerable Maestro señaló el día de hoy para que yo pronunciara una conferencia sobre la Inquisición Española. A tal requerimiento debí de acceder en primer lugar por obediencia y además por cumplir con la buena costumbre de procurar el mejoramiento intelectual con el estudio, que a la vez debe manifestarse transmitiendo a los de la Orden y
familiares ó quien asista a estos actos, los conocimientos sobre las materias o

temas objeto de la conferencia que, de tanto en tanto, debe cada uno de nosotros desarrollar.



Xuntanza, probablemente, da Agrupación de Republicanos Españoles de Concepción del Uruguay. Cortiñas é o segundo de pé pola dereita. Arquivo familia Cortiñas Lema.

Nese momento debía estar aínda iniciándose nas tarefas masónicas, pois recoñece el mesmo que «El haberme designado a mí que llevo poco tiempo de aprendiz, señalándome además el tema de mi agrado que debo ahora exponer constituye para mí, no obstante el temor y desasosiego que es natural, un motivo de agradecimiento (...).»

O feito de que no texto da conferencia cite a dous membros da antiga Loxa Jorge Washington, fundada en 1822, («leí con gusto casi todos los libros que El Venerable Curi y el Maestro Schuazman [Schvartzman] me prestaron con este motivo») parece indicar que era precisamente esta a que acollía a Cortiñas.

Colabora algunha vez co Centro Betanzos de Buenos Aires, escribindo esporadicamente no seu voceiro anual algúns artigos sobre temas betanceiros, escritos en castelán, co galego momentaneamente ou xa definitivamente aparcado, ao que semella. Aínda que na revista *Lar* (nº 213, xullo 1951), órgano do Hospital Gallego, publica un artigo en galego, «Lembranzas de café», evocando o tempo anterior á República (1926-1931) e os contertulios do faladoiro que mantiñan na Terraza coruñesa «unhas cantas persoas ben amantes de Galicia: Lugrís Freire; Antón Vilar Ponte; Víctor Casas, Mosteiro, Cabanillas (fillo)... e algún outro como Cebreiro que caían pra tal ou calquer cousa». Mais outro posterior na mesma revista *Lar* (nº 302, abril-decembro 1959) titulado «Galicia y su derecho propio» está en castelán *[Curiosamente, este está datado en 1949, erro? ou xa fora publicado anteriormente?]*. E tamén participa na colecta realizada polo Centro Betanzos para o busto de Castelao, á morte deste, cunha pequena aportación. Os artigos publicados na revista betanceira son: «Betanzos en América» (decembro 1949), «Dos grandes hombres para la historia de Betanzos» (1962) e «Homenaje a don Bernardo Miño Abelenda» (agosto 1964).

Son artigos sobre temas betanceiros e de homenaxe a persoeiros contemporáneos da historia local que destacaron na loita polos principios democráticos. Así, en «Betanzos en América» analiza as poboacións americanas que comparten topónimo coa cidade natal. En «Dos grandes hombres …» homenaxea a dous Garcías betanceiros: don Juan García Naveira, o indiano benefactor, e don Agustín García Sánchez, o avogado e político liberal. Para este traballou de pasante nos inicios da profesión Cortiñas, xunto con Tomás López da Torre, alcalde de Betanzos fusilado en 1936, tamén citado nese artigo. E no último dos artigos citados exalta a figura venerábel e patriarcal do vello labrego e dirixente socialista Bernardo Miño, «paseado» en 1936.



Luis Cortiñas impartindo unha conferencia. Arquivo familia Cortiñas Lema

Dende Concepción del Uruguay, Cortiñas manterá correspondencia –da que conservou copia– con antigos amigos da Coruña (Eduardo Martínez Nieto) e de Betanzos (José Luis Lissarrague Leis e Marcelino Etcheverría), convencidos franquistas e militares os dous primeiros, cos que se comprace en amosarse contundente e firme nos seus ideais republicáns e democráticos ao tempo que condena duramente o réxime franquista e o ditador Franco, a quen califica de bárbaro, criminal e delincuente entre outras recriminacións:

Yo solo pido a Dios que Franco no se muera ni lo maten y que viva muchos años para que conozca la vida de presidio: Veríamos la valentía de ese criminal en las horas de su soledad. (Apéndices, carta II).
(...) yo debería estarle agradecido a Francisco Franco Bahamonde, que al cometer los delitos de traición, sedición, usurpación… etc. me calificó a mí de antiespañol y tuve que largarme a este país en donde constituí un hogar y rehice mi vida mejor que siendo español. (Apéndices, carta IV).
Ese delincuente por la gracia de Dios, perdona, el caudillo por la gracia de Dios deberá ser juzgado antes que muera para bien de España y de la humanidad. (Apéndices, carta VI).
Tengo el Código Penal Español a la vista y observo que Franco y los que

conquistaron el poder cometieron los delitos determinados en los arts. 238-239-240-241-242-243 (rebelión) 258-259 y siguientes, y el Cód. de Jus. Militar que te será más fácil consultar dice en su art. 238: los reos de la rebelión militar serán castigados 1.º con la pena de muerte el jefe de la rebelión… etc.
(Apéndices, carta VI).

Asimesmo reafírmase nas cartas enviadas na súa firme oposición a voltar a Galiza e a España en vida de Franco e do seu réxime:

(...) yo no pienso ir a España mientras en ese país estén en las alturas los delincuentes. (Apéndices, carta IV)

Ahora lo que me queda es seguir siendo honrado conmigo mismo y morir en exilio, si antes no me toca celebrar el día de la justicia. La harán nuestros hijos o nuestros nietos, que en nuestra generación no la espero. (Apéndices, carta VIII)

Vd. está bien en España y yo más bien o no tan bien debo vivir en esta preciosa república Argentina, en la que me voy envejeciendo y deseo morir. Se reirá Vd. si le digo aquí, en este precioso pueblo, en donde con mi trabajo honrado conseguí una posición económica desahogada, también adquirí ahora, a la vejez, un lugar en el Cementerio para sepultura. (Apéndices, carta VIII)



Leoncio (detrás del a súa esposa Celia), Rosario, Carmen e Luis Cortiñas. As irmás foron de visita a Arxentina arredor de 1970. Arquivo familia Cortiñas Lema.

Alberto Vilanova Rodríguez, na súa voluminosa obra *Los gallegos en la Argentina* (1966, tomo II, páx. 1364) refírese brevemente a Cortiñas, aínda en vida deste: «CORTIÑAS (Luis Antonio). Natural de Betanzos. Abogado revalidó su carrera en la Universidad argentina, fijando su residencia en Concepción del Uruguay. Además de

colaborar en periódicos de la colectividad, publicó el libro «Traición consagrada»».

Cita esa obra de Vilanova e recolle datos dela o betanceiro Brais da Bouza na *Gran Enciclopedia Gallega*, (voz «Cortiñas Díaz, Luis Antonio», tomo 7) ampliando algún dato biográfico, aínda que ningún dos dous fai referencia á súa condena e exilio, que aparece disfrazado como emigración, nin tampouco á súa primeira actividade no nacionalismo das Irmandades da Fala. Máis recentemente a Enciclopedia Galega Universal recolle a voz correspondente a Cortiñas, copiando das anteriores e resumindo máis os datos e coas mesmas carencias citadas.

María Celia Cortiñas evoca o longo exilio do seu tío e padriño Luis, quen

> *(...) nunca olvidó ese gran proyecto que fue la República. Siguió siendo profundamente anticlerical, antifranquista hasta sus últimos días conservó una botella de cognac para brindar por la muerte de Franco y luego poder volver a ver su amada tierra. Pero el momento llegó tarde. Cuando Franco murió, los años habían pasado y mi tío ya había tenido un infarto, estaba enfermo del corazón y no pudo viajar.*

Logo de corenta e seis anos de exilio, Luis Cortiñas faleceu o 24 de xullo de 1987 aos oitenta e seis anos, dous días despois da morte da súa muller, como se non poidese superar esa falta. O seu enterro foi católico e mesmo na esquela aparece a frase, quizá mero formulismo:
«Confortado con los Auxilios de la Santa Religión y la Bendición Papal». En contraste, no mesmo cemiterio fixo uso da palabra o membro e historiador da loxa Jorge Washington, Pablo Shvartzman[23], de quen unha crónica necrolóxica extraía estes párrafos por el pronunciados:



Manuela Lema e Luis Cortiñas coa neta Liliana. Arquivo familia Cortiñas Lema

> *En nombre de la semidesaparecida peña «Nuevo Mundo», tengo el penoso deber de despedir los restos mortales de don Luis Antonio Cortiñas y Díaz de Lozada. Sigue practicamente en horas a esta última morada a su abnegada esposa, doña Manuela Lema, fallecida hace un par de días. Don Luis no pudo, o no quiso, a estos casi ochenta y siete años, soportar la falta de doña Manuela...*
> *No me resultó fácil preparar estas líneas, quizás mal coordinadas, pero quiero decirle a don Luis, cuanto sentimos sus amigos, y aquí incluyo también a conocidos, vecinos y clientes, su partida, pues a través de los años en que lo tratamos aprendimos a conocerlo, a respetarlo, a estimarlo: porque don Luis Cortiñas era*

un caballero, un señor a la antigua usanza, formado en los «pagos» de Galicia y llegado a estas tierras después de muchas luchas, esfuerzos y sufrimientos, agravados por la terrible tragedia que asoló a la península española desde 1936 a 1939, y en la cual él había tomado decidido partido por la fracción que resultó perdedora. Llegado a estas tierras después de la contienda, y de varios años de dura prisión en una época sombría, terrible, vino a Concepción del Uruguay, a casa de sus hermanos, y aquí conoció a la que habría de ser la fiel compañera de su vida, doña Manuela...

Si es grande y sincero el dolor de los amigos de don Luis por su partida, el de sus familiares ha de ser, indudablemente mayor y más profundo, pero les queda a su hijo, a su hija política, a sus nietitas, el consuelo de que han tenido padres y abuelos que les legan el mejor de los ejemplos de rectitud moral, buen proceder, honestidad, tantas de esas virtudes que parecen ser cada vez más raras y escasas en los menguados tiempos de hoy.

A sus deudos resignación y consuelo. A doña Manuela y don Luis, unidos en la muerte como lo estuvieron en la vida: que descansen en paz.

APÉNDICES

A. DOCUMENTOS PERSOAIS

1. ACTA DE NACEMENTO

[marxe esquerda]
Número 274
Luis-Antonio
Cortiñas Diaz

En la Ciudad de Betanzos á las nueve de la mañana del seis de Noviembre de mil novecientos. Ante Don Agustín Leis Cernadas, Juez municipal de este distrito y Don Enrique Gomez Pandelo, Secretario, compareció Don Ricardo Cortiñas Vidal, de cuarenta y siete años de edad, casado, Licenciado en Farmacia, natural de Monforte de Lemos provincia de Lugo, vecino y domiciliado en esta Ciudad, plaza de Arines, casa número cuatro, provisto de cedula personal de novena clase, expedida en esta Ciudad en cinco de Octubre ultimo, talón número quinientos treinta y cuatro, que exhibió y volvió á recoger y declaró:————

Que en esta Ciudad y su domicilio, nació un niño a las siete de la mañana del tres del corriente.—

Que es hijo legitimo del declarante y de su esposa Doña Juana Diaz Rodríguez, de cuarenta y dos años de edad, gobierno de casa, natural de esta Ciudad y domiciliada con su marido ————————

Que es nieto por linea paterna de Don Ramón Cortiñas Cancio y de su esposa Doña

Juana Vidal Gonzalez, naturales de dicha de Monforte donde falleció el primero y vive la segunda; y por la materna de Don Francisco Diaz de Losada, natural de Santa Eulalia de la Viña, distrito de Irijoa, y de su esposa Doña Juana Rodriguez Sas, natural de Ferrol y difuntos en esta Ciudad.———————

Y que el expuesto niño fue bautizado en la parroquial de Santiago de esta Ciudad con el nombre de
«Luis – Antonio».———————

Leida integramente esta acta á la persona que debe suscribirla por renunciar á hacerlo por si, se dio por terminada, sellandola con el de este Juzgado y la firma el Señor Juez y declarante de cuyo
Secretario certifico.=

Agustin Leis, Ricardo Cortiñas, Enrique Gómez [sinaturas]
(Certificación literal do asento correspondente obrante no tomo 32, páxina 275 do Rexistro civil de Betanzos.)

II. ACTA DE CELEBRACIÓN DO CONSELLO DE GUERRA

En la Plaza de La Coruña el día trece de Noviembre de mil novecientos treinta y siete, II Año Triunfal, como Juez Instructor de éstas actuaciones, extiendo la presente acta con arreglo al artículo 585 del Código de Justicia Militar, para que conste: Que en la misma fecha y a las 10 horas en la Sala de Justicia del Cuartel de Atocha que ocupa el Regimiento de Infantería de Zamora número 29, se ha reunido el Consejo de Guerra ordinario de Plaza para dictar sentencia en ésta causa, a cuyo Consejo han concurrido, como Presidente: el Coronel de Artillería Don Manuel Somoza Allo; como Vocales: los Capitanes de Infantería Don Vidal Estevez Penín y Don Alfonso Cerón Gil, el de Artillería Don Bartolomé Bennasar Juliá y los de Infantería Don José Iglesias Valín y Don José Barreiro Budiño, éste último estaba designado como primer Suplente y pasa a ocupar el cargo de Vocal efectivo por enfermedad del nombrado para el mismo, Capitán de Infantería Don Antonio Rodríguez Pardo; como Suplente: el Capitán de Infantería Don Luis Roldán Tortajada; como Vocal Puente: el Teniente Honorífico del Cuerpo Jurídico-Militar Don Manuel Tena; como Fiscal: el Alférez Honorífico del mismo Cuerpo Don José Menor Claramund y como Defensor: el Teniente de Artillería Don César Cortiñas Jimeno; estando presente el procesado.-

Dada cuenta de la causa en audiencia pública y leído por el Instructor el apuntamiento, el señor Presidente interesa de los señores Fiscal, Defensor y Vocales si desean sea leída alguna otra diligencia de la causa, interesando la Defensa que se de lectura íntegra al informe emitido por el Manicomio de Conjo, lo cual es verificado por el Instructor.-

Acto seguido con la venia de la Presidencia el Vocal Ponente interroga al procesado, el cual a preguntas de aquel, manifiesta que se halla matriculado en el Colegio de Abogados de ésta Capital desde el año 1931, habiendo terminado la carrera en el 1.934 [sic]; que desempeñó el cargo de Secretario de los Jurados Mixtos de la Propiedad Rústica, que obtuvo por oposición en el primer bienio de la República. Que después de las elecciones se le aconsejó que entrara en Izquierda Republicana, en cuyo partido no llegaron a extenderle carnet. Que en la carta que obra en autos llama correligionario a Casares Quiroga por el hecho de haber pertenecido el dicente a las «Irmandades da Fala», pués asegura no haber llegado a obtener el carnet de Izquierda Republicana. Que estuvo hacia los días en que estalló el Movimiento en ésta capital y asegura que desde luego estuvo

el día veintiuno. Que es cierto llevaba una agenda de bolsillo aunque no recuerda haber anotado en ella más que notas de la profesión.-

Seguidamente es concedida la palabra al Ministerio Fiscal, el cual dio lectura a sus conclusiones provisionales, añadiendo que el procesado ha ingresado en Falange en el mes de Enero engañando a sus Jefes, pués ante ellos aparentaba tener gran entusiasmo por la causa, mientras solapadamente procedía de forma distinta. Que su perversidad aparece con claridad meridiana en la libreta de notas que se le ha ocupado. Que prueba fehaciente de su ideologia la constituye la carta obrante en autos y que dirige a José Calviño Domínguez. Por todo lo expuesto las eleva a definitivas y termina en nombre de la Ley solicitando se imponga al procesado la pena de reclusión perpetua, apreciando como circunstancias modificativas de su responsabilidad la agravante de perversidad y la atenuante de disminución de las facultades mentales del procesado. En cuanto a la responsabilidad civil se estará a lo dispuesto.-

Concedida la palabra al Defensor, comienza dirigiendo un saludo al Tribunal y estudiando detenidamente el informe emitido por el Manicomio de Conjo en relación con el estado mental de su defendido, lo que le hace un irresponsable penal, haciendo consideraciones legales a través de los Códigos europeos. Estudia seguidamente los hechos de autos los que no tuvieron trascendencia alguna ni encerraron intención delictiva y también se refiere al informe dado por el Jefe Comarcal de F.E.T. de las J.O.N.S. de Carballo que demuestra que su defendido es afecto desde el primer momento al Glorioso Movimiento y enaltecía con frecuencia la figura del Caudillo. Por todo lo expuesto termina solicitando para su patrocinado la libre absolución.-

Preguntado el procesado por el señor Presidente si tiene algo que alegar ante el Consejo, manifiesta que no ve el porque de esa acusación fría del señor Fiscal hacia su persona, bastando para demostrar lo contrario sus antecedentes de siempre. Que el no ingresó ni solicitó el ingreso en F.E. sinó que se le requirió para ello por el Jefe de Carballo y algunos milicianos que él aceptó de buen grado pues dicha organización tiene en su programa varios contactos con la ideología izquierdista. (En éste momento el señor Presidente dice al procesado que de continuar expresándose en esa forma le privará del uso de la palabra). Continua el procesado manifestando que si se le absuelve no hará caso al tiempo que lleva en prisión, pero si se le condena pide que dicha pena sea la de muerte.

A continuación quedó reunido el Tribunal en sesión secreta para deliberar y pronunciar su fallo.

De todo lo cual certifico.
Segundo Díaz de Herrera
Vº Bº.
El Coronel Presidente
(asinado) Somoza

III. SENTENCIA DO CONSELLO DE GUERRA

En la Plaza de La Coruña a trece de Noviembre de mil novecientos treinta y siete, II Año Triunfal.-

Reunido el Consejo de Guerra ordinario para ver y fallar en procedimiento sumarísimo la causa número 63 instruida contra el paisano LUIS CORTIÑAS DIEZ [sic], por el delito de rebelión; dada cuenta, practicada la prueba, oídas la acusación Fiscal y la Defensa, y

RESULTANDO: Que ante la caótica y anárquica situación en que estaba sumida España, sojuzgada por el Gobierno del llamado Frente Popular que detentaba el poder como resultado de unas elecciones amañadas en las mar [sic] burdas falsedades y los más inconcebibles atropellos disvirtuaron y anularon la voluntad del sufragio, asaltando el Gobierno de la Nación los elementos representativos de la anti-patria, enemigos inconciliables de la civilización cristina y de todos los valores espirituales patrimonio de nuestra Historia que en mostruoso contubernio fomentaban separatismos suicidas para desgarrar nuestro territorio y pretendian implantar el odioso yugo soviético traicionando a España, culminando este estado de cosas en la preparación y ejecución de los más execrables crímenes por los propios organismos del Estado, el Ejército, consciente de sus sagrados deberes, en cumplimiento de uno de los postulados básicos de su Ley constitutiva y en aras del supremo interés de la Patria, el 18 de Julio de 1.936 asumió todos los poderes de la gobernación del pais, constituyéndose al efecto una Junta de Generales como único Gobierno legítimo de España contra el que en algunas provincias se produjo un movimiento subversivo alzándose en armas con mandos y organización militar provocando la guerra que en la actualidad continua.-

RESULTANDO: Que el procesado LUIS CORTIÑAS DIEZ [sic], Abogado con ejercicio en ésta capital, de antecedentes izquierdistas, ya que desde el advenimiento del régimen republicano se significó como militante de los partidos políticos de dicho matiz consiguiendo por ello y por adulación de su correligionario Casares Quiroga ser nombrado Secretario del Jurado Mixto de la Propiedad Rústica; una vez iniciado el Alzamiento Nacional en Galicia adoptó una actitud un tanto sospechosa que apercibida por las Autoridades motivó la imposición de una sanción pecuniaria por el Excmo. Señor Gobernador Civil de La Coruña. Esa actitud se concreta en autos, como reveladora del verdadero sentir del procesado en manifiesta hostilidad con el Movimiento Salvador, en dos hechos: 1º Las frases pronunciadas el ocho de Enero último en una fonda de Carballo en conversación sostenida con un Sargento de Requetés con destino en Salamanca al que preguntó sin [sic] montaban la Guardia de S.E. el Generalisimo y al contestarle afirmativamente le dijo: «Sabes que haciais un gran servicio a España y a los rojos matando al Generalisimo?» palabras que como es natural produjeron la consiguiente sorpresa y estupefacción del Requeté que denunció lo ocurrido. Y 2º se le ha ocupado una «agenda de bolsillo» de su pertnecia [sic] en la que se hallan consignadas de su puño y letra, notas o breves apuntes en los dias correspondientes a la tercera decena del mes de Julio de 1.936 en las que expone: Que se ofreció al Gobierno Civil el dia veinte de Julio o sea antes de estar dominada la situación por las fuerzas del Ejército y en anotaciones posteriores al reseñar como van desarrollándose los sucesos, califica de «rebeldes» a los militares.-

RESULTANDO: Que en el encartado, y después de sometido a la correspondiente observación médica, se aprecia por los facultativos que dictaminan que pertenece a una familia de tarados nerviosomentales existiendo dos casos (un tio y una hermana del procesado) perfectamente definidos de insuficiencia mental, estableciendo respecto a la personalidad del mismo que se trata de un individuo con numerosos rasgos sicopaticos que lleva consigo una disminución de la facultad de enjuiciamiento y que tales anormalidades deben considerarse como eximentes o atenuantes de sus actos.-

HECHOS PROBADOS:-

CONSIDERANDO: Que el Consejo de Guerra apreciando en conciencia los hechos sentados en el primer resultando, estima los mismos como consitutivos de un delito de adhesión a la rebelión previsto y sancionado en el número segundo del artículo 238 del Código de Justicia Militar y ponderando el verdadero valor de los mismos en atención a la fisonomía psico-mental del procesado no puede dar otra calificación jurídica a las frases pronunciadas, que si se atendiese a su significación literal entrañaría la figura de excitación al magnicidio lo que resulta inadecuado en el presente caso ya que ni por la persona que lo pronunció ni a quien se dirigieron, ni por la ocasión en que digeron tienen otra trascendencia que la de poner de manifiesto un estado de conciencia persistente en el sujeto y que es fiel reflejo de su sentir de perfecta solidaridad con los enemigos de la España Nacional representada en nuestro invicto Caudillo, como su más alto exponente. Hostilidad también revelada anteriormente en las anotaciones que hizo en la agenda de bolsillo de su pertenencia.-

CONSIDERANDO: Que del referido delito es criminalmente responsable en concepto de autor el procesado LUIS CORTIÑAS DIEZ [sic].-

CONSIDERANDO: Que no es de apreciar perversidad ni tampoco trascendencia grave en los hechos dadas las condiciones sujetivas del procesado y las circunstancias que concurrieron así como que igualmente no se siguió daño alguno de la comisión de tal delito. Apreciándose por el Tribunal a estos efectos que LUIS CORTINAS DIEZ [sic] es sujeto de poca peligrosidad por ser un debil mental y por ello aprecia la existencia de la circunstancia primera del artículo octavo del Código Penal ordinario como eximente incompleta y por tanto considerándole como atenuante a tenor de lo dispuesto en el número uno del artículo nueve del propio Cuerpo legal.-

CONSIDERANDO: Que según lo preceptuado en el artículo 219 del mentado Código de Justicia Militar, toda persona responsable criminalmente de un delito lo es también civilmente.-

Vistos los artículos citados y demás de general aplicación:

FALLAMOS: Que debemos condenar y condenamos al procesado LUIS CORTIÑAS DIEZ [sic] como autor de un delito de adhesión a la rebelión con la concurrencia de una circunstancia atenuante muy calificada a la pena de RECLUSIÓN PERPETUA (hoy reclusión mayor) con las accesorias de interdicción civil e inhabilitación absoluta durante el tiempo que dure la condena, sin hacer expresa declaración de responsabilidad civil, cuya facultad y a tenor de lo dispuesto en el artículo 8º del Decreto-Ley de 10 de Enero del corriente año compete al Estado Español a cuyo efecto deberá remitirse testimonio de esta sentencia a la Comisión de Incautación de Bienes de la Provincia de La Coruña.-

Así por ésta nuestra sentencia, lo pronunciamos, mandamos y firmamos.-

OTROSI DECIMOS: El Consejo de Guerra por unanimidad y haciendo uso de la

facultad que le concede el artículo segundo del Código Penal ordinario, tiene el honor de proponer la conmutación de la pena impuesta por la inferior en un grado, o sea la de DOCE AÑOS Y UN DIA de reclusión temporal (hoy menor) con la accesoria de inhabilitación absoluta durante el tiempo de la condena, propuesta que formula atendiendo a la consideración de la disminución de la responsabilidad del procesado y su estado mental apreciando como atenuante muy calificada y que de la rigurosa aplicación de la Ley resulta aún con ésta consideración no permite la imposición de pena inferior por lo que resulta a juicio del Consejo notoriamente excesiva la pena impuesta.———
[sinaturas] Manuel Somoza, Vidal Estévez Penín, José Iglesias Valín, José Barreiro, A. Mouzo Grien (¿), Bartolomé Bennasar, Manuel A(¿).

B. ARTIGOS DE LUIS CORTIÑAS

Sen ser un colaborador asiduo de prensa, sabemos que Cortiñas asinou un feixe de artigos –quer en galego, quer en castelán, segundo os casos– en diversas publicacións: nacionalistas galegas (A Nosa Terra, Rexurdimento, A Fouce), diarios galegos de información xeral (La Voz de Galicia, El Pueblo Gallego, La Zarpa) ou prensa galega da emigración na Arxentina (Alborada, Lar, Betanzos).

a) En galego:
1. «Semblanzas galegas. Os polítecos». *Rexurdimento*, Betanzos, 16-VIII-1922.
2. «O incidente de Lugo». *Rexurdimento*, Betanzos, 1-X-1922.
3. «A cultura como base do nazonalismo». *Rexurdimento,* Betanzos, III-1923.
4. «Unha conversa interesante. Teixeira de Pascoaes». La Zarpa, Ourense, 27-V-1923.
5. «El Agro (semanario de Chantada)». *A Nosa Terra,* A Coruña, nº 273, VII-1930.
6. «O galeguismo en Betanzos». *El Pueblo Gallego*, Vigo, 16-VIII-1930.
7. «Cousas de festas». *A Nosa Terra*, nº 276, A Coruña, X-1930
8. «Betanzos e a política». *El Pueblo Gallego*, Vigo., 8-X-1930
9. «O ano derradeiro en Betanzos». *A Nosa Terra*, nº 279, A Coruña, I-1931.
10. «A Asambreia de Santiago». *A Nosa Terra,* nº 280, A Coruña , II-1931.
11. «VII Asambreia das Irmandades». *A Nosa Terra*, nº 282, A Coruña, 1-IV-1931.
12. «O día de Sant-Iago». *A Nosa Terra*, nº 285, A Coruña, 1-VII-1931.
13. «Xa se vai en Galicia pol-o camiño da redención». *A Fouce*, nº 40, Bos Aires, 1-X1931.
14. «Camiñar de cangrexo». *A Fouce*, nº 44, Bos Aires, 17-I-1932.
15. «Castelao». *A Nosa Terra*, nº 475, Bos Aires, 1950.
16. «Lembranzas de café». *Lar*, revista del Hospital Gallego, nº 213. Bos Aires, xullo 1951.

b) En castelán:
17. «Desde Betanzos». *El Pueblo Gallego*, 18-I-1931.
18. «Betanzos y sus instituciones». *La Voz de Galicia*, A Coruña, 16-I-1932.
19. «El perfecto gallego». *Alborada*, «órgano de la A.B.C. de Corcubión en Buenos Aires», nº 114, outubro-decembro 1941.
20. «Betanzos en América». *Betanzos*, nº 44, Bos Aires, XII-1949.
21. «Galicia y su derecho propio». *Lar,* revista del Hospital Gallego, nº 302. Bos Aires, maio-agosto 1960.
22. «Los Gallegos y la Argentina». *Lar,* revista del Hospital Gallego, nº 304. Bos Aires,

maio-agosto 1960.
23. «Dos grandes hombres para la historia de Betanzos». *Betanzo*s, nº 58, Bos Aires, 1962.
24. «Homenaje a don Bernardo Miño Abelenda». *Betanzos*, nº 59, Bos Aires, VIII-1964.
25. «Betanzos en América». La Voz de Galicia, 15-VIII-1964. Artigo diferente ao n.º 20 co mesmo título.



SEMBLANZAS GALEGAS

OS POLÍTECOS

Cando poñemos todo o noso agarimo en algo tan outo coma a Terra, quixéramos ollar o ouxeto dos nosos amores non lixugado por ningus defeitos, sinon vel-o de cote limpo de todo mal, e escintilante de progreso e felicidade. Na Galiza hay, ende mal, defeitos d'abondo para que nos cheguen a preocupar foudamente; mais istes defeitos que aquí padecemos non son producto da Natureza, por canto en esto é Galiza unha nazón privilexiada; eles veñen do home, este ser inmutable e correxible.

Hoxe voume a referir ós políticos. En artigos sucesivos falaréi, ó meu ver, d'outras plagas dinas tamén d'estudo.

Os políticos chegan a Castela e teñen moitas veces os destinos da Hespaña enteira; emporiso ningún beneficio fan xamais á sua Terra. Esto síbeno todal-as xentes da Peninsua, e xa sirve moitas veces de comentarios xocosos. A nos isto non-os fai rir coma os estraños, porque chega a ferir a nosa i-alma, chea d'arelas redentoras. A nos preocúpanos a cotío e faínos pensar n'un xeito de o pór remediar.

¿Por qué—pódese preguntar—ese abandono e apatía dos nosos políticos para a sua Terra?

A resposta para nos é esta: sintense moito políticos e pouco ou nada galegos.

Lembrome agora d'unhas verbas que dixo el-Rei cando se formóu o goberno anterior presidido por Maura. O Monarca dixo e ver que no goberno non entraba ningun galego, o que desde fai tempo é cousa rara: *ahore trabajen por Galicia*. Parece que con esto duberíase entender que aínda que non habís ministros galegos no goberno non por esto deberíanse esquecer de Galiza. Mais, ende mal, non se lle pode dar eso senso á frase, sinon, nin máis nin menos, o contrario.

Para nós os políticos galegos son unha cousa funesta. Eles, ó millor, fican n'un Ministerio, e, dende alí, axudan a faguer proieitos e concesións en favor do que eles chaman Hespaña, que é, precisamente, o que non é Galiza.

Nós non debemos esperar grandes cousas dos gobernos: xa sabemos o que son para Galiza por mor dos políticos. Nós teremos de facer patria enseñando ó rapás, pensando que ese rapás ha ir medrando. De exemplo nos poden servir os catalás e buscos, cidadáns d'unhas nacionalidades adiantadas.

Os catalás, por exempro, inculcan ó pequeno amor á Patria, á lingua, ás suas glorias. Así fanno crear n'un ambente feliz e forte.

A vos do forte sempre se escoita. Nós debemos ser fortes facendo forte o lazo que nos xunte. Así sairá a vos do povo coma algo que sai do corazón do mesmo.

Endebén, hoxe hay xente que vai preocupándose d'un ditoso porvir, e, entre todos, loitan de cote as Irmandades Nazonalistas, que baten suas nas por todol-os recunchos da Terra.

LUCORDIA.



O INCIDENTE DE LUGO

Moito se nos ten preguntado en col da verdade do que sucedeu en Lugo no comenzo d'iste vrao, con respeito ás desayenencias que surxiron un día entre os paisanos i-os militares. Inda que sexa un pouco tarde pra comentar agora o sucedido, vai a continuación unha nota que nos envía un colaborador, que pode dar conta resumida do caso de referencia.

As diferencias que hay entre militares e paisanos non deixan de se mostrar o esterior na moi dina capital galega, até o feito d'agora, que non quero deixar de contar inda que sexa en dúas verbas, e que traería como consecoencia cousas, sair da cibdade do Sagramento o reximento que está alí de guarnición: os comentarios os deixo pra o lentor.

Volto da campaña que sostén Hespaña en África, o batallón do reximento de Zamora, dimpois de lle facer un gran recibimento, viñanse notando nos paseos e diferentes sitios da cibdá, algús altercados entre os cibdadáns e aquelas outras que teñen por carreira as armas e a guerra. Cecáis non fora de moito mérito para eles, os contos ou relatos dos soldados, encol defeitos pasados na campaña, y-especialmente dos de cueca, que ó lles dar a liosancia non se gardaban de falar moi claro.

Foi o caso que estando no paseo da "Praza Maior" un oficial do dito reximento, póido non agradar con algunha forma a unha señorita (que non cito por non ter auxeto) o que o vel-o o xoven abogado que a acompañaba, foi a pedir as debidas esprincias ao militar quen os seus berros chamou á xente, formándose dous bandos de discusión que se somellaban moito a unha lóita d'enemigos, na que remataron fuxindo os militares no cuartel.

Volta a xente da batalla, seguíuse sobre d'unha cadeira o moi culto profesor do Instituto Sr. Charfolé, e dirixeu a verba dicindo en pátrico, moi ben dito, cousas que agora non repito; mantras a xente pedía que se foran os militares de Lugo.

Cando na gran e popular sociadá "Círculo de Bellas Artes" iba a entral-o corousel do mesmo reximento, o porteiro díxolle que tiña orde da directiva de non deixar entrar a ninguén que fora militar, cordando a mésma dálea de baixa a todos.

Si esto ha ser unha boa nota pra cibdá de Lugo, que ha figurar en parellas co adianto material que n-ela se fai, dinavio pórse d'enxempro, Betanzos, inda que non tan adiantado, xa amostróu antes un sentimento somellante.

LUCORDIA.

1. «Semblanzas galegas. Os polítecos». *Rexurdimento*, Betanzos, 16-VIII-1922.

2. «O incidente de Lugo». *Rexurdimento*, Betanzos, 1-X-1922.



A cultura como base do Nazonalismo.

Sabido o siñificado que a verba nazón encerra, non é tan certeiro o coñecemento que temos do nazonalismo que non ofreza lugar a discusión.

Nazonalista é menos eispresivo que galego, por canto éste pertefiece a unha nazon i é naturalmente nazonalista, namentras c'o nazonalista é conceito mais xeral; é práutica e teoricamente o defensor do nazonalismo, que siñifica a libre autonomía das nazós, a sua independencia. Chamámonos non embergantes nós nazonalistas para distinguirnos dos que sendo tamen nazonalistas non saben eispresar os seus sentimentos e dos que sabendo non queren sentilo: os primeiros chámaselles e teñen moitos nomes; respeito dos segundos somentes a eles lles cadra a verba "desnaturados" que por estensión emprégana os internacionalistas, mellor dito interestatistas, cando deixa ún ó Estado a que estaba suxeto.

Pode un pasarse a outro Estado e mais non desnaturarse (porque a natureza non é cousa que se troque coma o Estado) e querendo a este darlle un nome será o de desleigado; mais a eses individuos que sendo galegos por natureza non só queren non ó ser, sinón que están conformes con que a sua nazón desapareza pol-a opresión ou antoxo d-outros estados mais fortes, eses non só son desleigados senon que van contra a natureza, son "desnaturados".

Contra estes dóus ha loitar primeiro o nazonalismo —A redución d'estos ha de ser a primeira gloria— Nada iremos adiantando si imos a loitar c'os de fóra téndo o primeiro nemigo na casa.

O primeiro camiño que nos ha levar ó amplio campo do perfeito nazonalismo ha de ser a vía da verdá ilumiñada pol-o sol da ilustración.

Pode caer un partido, trocarse un réximen; mais non se pode trocar unha nazón a quen a mao de Deus lle dóu un nome dándolle unha língoa, unha fauna, unha flora, unha raza, un clima, que a vez fixeron unhos costumes, unhas tradicións, un arte, unha cultura, que os nazonalistas han de afianzar na concencia dos galegos para conquerir a sua independencia espritoal e e sua libertade económica.

Luís Cortiñas.

3. «A cultura como base do nazonalismo». *Rexurdimento*, Betanzos, III-1923.



UNHA CONVERSA INTERESANTE

Teixeira de Pascoaes

Teixeira de Pascoaes en Madrí... O decírse está na xuntanza cotidiana que temos os nazonalistas, non deixamos d'amostrar a nosa estrañeza; sabíamos que o noso irmao d'alén o Miño, invitado pra dar unha conferencia na «Residencia de Estudiantes» vería n-istes días, mais a noticia colleunos cuasi de súpeto.

Decididos en ir a vel-o, serían pouco mais das catro da serán cando chegamos a ese precioso edificio das aforas de Madrí. Achábase n-unha ampria sala da planta baixa—salón de conferencias—falando co seu irmao e dous compañeiros, cando o nos ver adiántase o noso encontro. Si satisfaución grande era a que nós sentíamos estreitan lo a mao de tan ilustre poeta, a mesma amostraba este saudoso lírico no seu mouro sembrante—¡meus irmaos!—nós xa non podemos ser descoñecidos.

Ca doce finura dos portugueses, empeza Teixeira a sua conversa amena i-elocuente que parece dina de se ir copiando pra leela despois mais veces: O Miño non nos separa—dí—; as suas augas terían de ser no largo do curso, mitá galegas e mitá portuguesas é a diferencia que se lles atoparía as que bican unha veira das da outra, é a mesma que hai entre ustedes e nós. Os cantos que se escoitan nas duas veiras teñen a mesma saudade.

Non é necesario falarlle dos nosos poetas, ó falar de saudade vaise dereito a nosa Rosalía: Rosalía—dí o poeta da saudade—é a mais grande de todol-os poetas, pra mín é ideal i-eterna. ¿Cal dos dos seus versos gosta mais? Eu non podo decilo, vexo moitas estrelas no Ceo; dínme que unhas son mais grandes que outras, mais eu cando as miro to las me parecen iguás e todas alumean o mesmo. Dixen eu: Rosalía é a nosa santa. Y-él contesta rindo:—E nosa tamén, non queira leval-a ustede toda.—Eu entón protesto decíndolle que nós somos todos, mentras él rindo mais, asenta ca cabeza e dí, comprendido. Do gran Curros, Pondal, todos son pra él coñecidos.

Si Portugal e a Galiza foran dous mundos distintos, Teixeira de Pascoaes bastaría pra unilos; poida que favoreza algo a esto o ser él do Norte, pois como sabemos, está mais perto de Galiza que de Lisboa.

Natural de Amarante, (Douro), este gran poeta da noite como dí Leonardo Coimbra, véu o día na aristocrática residencia que seus país doña Carlota e don Joao lle deixaron n-ese tan bonito povo, alá pol-o novem! redo ano 1877. Despois de adeprendidol-os estudios primeiros no seu povo natal, que seu pai atinou en representar algunhos anos nas Cortes, foi a cursal-os estudios de direito na Universidade de Coimbra, onde amostrou ó mundo as suas facultades de poeta pubricando o seu primeiro libro de versos titulado *Sempre*, e pouco despois outro que chamou *Terra prohibida*. Rematados os seus estudios d'abogado foise ao povo—como dí Maristany—a dentificarse ca natureza pra pintal-a mellor i-elevarse a unha espiritualidade tan sublime, e desde alá foi pubricando *Jesús é Pan, Vida etórea, As sombras, A Virxe da noite* e sobre todo esa invaluabre obra adicada a nós os galegos pol-a que nunca chegaremos a gabalo como merece, titulada *Marános*.

Sin tencionar eu asomal-a mais pequena ilusión de crítico seu, que tampouco conozo as suas obras, hei de facer costar que Teixeira, además da grande é moi fecundo poeta; en xornaes e revistao escribiu moito i-está pubricando a cotís libros que traducen en outras língoas.

Teixeira non é crítico, non quere sel-o, e falando d'éstos, vén a decir que «son os ratos das eirexas vellas que andan por elas e roen tódol-os libros e papeis».

Falando da espiritualidade, dixo: que nós a conservamos mais pura e virxinal; eu quérolle decir que é a mesma, co-a úneca diferencia de que eles non tiveron que mirar moi ó lonxe pra ver a realidade, i-él contesta: «por eso, eso é».

Agora nós podémoslle falar do momento nazonalista, i-él sal ó noso camiño coincidindo en todo: escríbese co noso xefe Risco e outras principais figuras, e non descoñece ós persoaxes do nazonalismo qu'él tanto defende.

Vendo a istes homes, non se pode atrever a creer un que haxa galegos que non queiran á sua terra.

Levamos xa mais d'unha hora co-íl e decidimos deixal-o. Con unha aperta garimosa; hastra mañá... O siguente día teríamos de voltar a escoitarlle alí mesmo a sua conferencia de «Don Quixote e a saudade», ouxeto do seu viaxe.

L. CORTIÑAS.

Madrí, 1923.

4. «Unha conversa interesante. Teixeira de Pascoaes». *La Zarpa*, Ourense, 27-V-1923.



12 A NOSA TERRA

EL AGRO

Acostúmbrase n'esta revista, como en todol-os xornás, facel-a reseña dos libros e xornás que se reciben n-unha seición adicada a este ouxeto; non embargantes esto, e ainda que pol-o d'agora non se recibeu n-esta adeministración mais que un número do xornal cuyo nome e o do encabezamento d'estas liñas, con verdadeira ledicia pretendemos facer unha gabanza do semanario que se pubrica en Chantada e se titula «El Agro».

Finada a primeira etapa da Dictadura ,cando por todas partes se anunciaba â volta a normalidade, moitos elementos politicos do partido de Chantada que simpatizan cos agrarios fundaron un periódicó semanal. Non nos metemos na sua tendencia política porque segun parece é principalmente local e n'ése senso é algo difícil definirse sobre todo por nós que vivimos louXe· Sólo si podese advertir que xa tuvo as suas persecucións que lle obligaron a trocar de nome — antes chamabase La Voz del Agro—e a trocar de domicilio, que de Chantada vai a se editar en Palas de Rey povo do mesmo partido.

O que témos que gabar n'este semanario é a sua tendencia agraria que tanto ergue o espríto n'aquela bisbarra e sobre todo o galeguísmo de que está investido: recolle todol-os artigos, poesías e pubricacións feitas no idioma noso, e ésto é o que mais contribuye, sin desprenderse do castelán, pra facer o esprito patrio noso.

Que teña moita vida e que se estenda moito, que éso é o mellor que lles podemos deseai e desea mos todos.

L CORTIÑAS

NOS

REVISTA MENSUAL DE CULTURA GALLEGA

Direitores:

Vicente Risco e Alfonso R. Castelao

Direición, Santo Domingo, 47, Ourense.
Adeministración, Linares Rivas, 50, A Cruña.

Abonamento, seis pesetas ano

Portucale

Revista ilustrada de cultura literaria, científica e artística.

Direitores:

Augusto Martins
Claudio Basto
Pedro Pitorino

Rúa dos Martires da Liberdade, 178 Porto

5. «El Agro (semanario de Chantada)». *A Nosa Terra*, A Coruña, no 273, VII-1930.



EL PUEBLO GALLEGO

SABADO, 16 DE AGOSTO DE 1930. PAGINA 6

La ciudad de Betanzos en sus fiestas de San Roque

EL ALCALDE Y "EL PUEBLO GALLEGO"

ADOLFO SANCHEZ RIAZ

San Roque de 1930.

O GALEGUISMO EN BETANZÓS

Betanzos.—Camión de San Roque y Plaza García Hermanos.

Betanzos.—Vista general.

Betanzos.—Puente Viejo.

Betanzos.—Plaza García Hermanos.

Betanzos.—Superficie del Campo.

6. «O galeguismo en Betanzos». *El Pueblo Gallego*, Vigo, 16-VIII-1930.



GOUSAS DE FESTAS

Asi como falando da primavera quérese representar a iniciación da vida d'outono a decrepitude, o vran representa a vida na sua amplitude, pol-a aitividá do traballo i-aitividá da distranción.

N-este último senso escríbense estas liñas; pois o derradeiro Agosto é o mes das festas en Galicia.

San Roque fáinos lembrar das pestes que inzaron n-algún tempo gran parte da nosa terra, i-en memoria da sua proteución ô nombral-o patrón dos povos, dende eotonces, cada municipio e cada povo fan o necesario pra que non se deixe ningún ano de se festexal-os seus días Non embargantes, as xentes lémbranse das festas cando chega a época sin ter en conta porqué se fán, e a proteución do santo groriozo esváise, porque xa pasóu o tempo do seus miragres

Celebránse nas povoacións e nas vilas con moita algaraxe, pro no orde relixioso fican pechadiñs n-unha novena pouco concurrida, i-unha procesión que si se fai solemne ô porque se tarta da asistenza d'autoridás, mais San Roque vestido de pelengrín poucas vegadas 'eva xa as uvas naturaes—tamén a terra escúlpase coa chuvia pra non lles dar a tempo—e seu cán terruna da boca un cachó e madeira, pois os anacos de pán que lle levaba a seu dono fican pros arquivos da historia. Probe cancifio nin siquera se lle dá de xantar un día ô anoc as curas da sua lingoa discútena os médicos; e dando que pol-a autóclave se esterilizan as vendas, xa non se pensó de chegar a il pra cural-as feridas.

E mais aínda qu-o día 16 detéxase o día 15: Santa María de todo o mundo; pois ademais, si en vez de ser Ela a patrona do povo é-o San Andrés, Santa Rita ou San Lourenzo, tráise pra isto día a sua festa e cadre como cadre no mes de d'Agosto hai festaxos.

Pero non cabe dúvida que nas festas poñen hagser moita labor galeguista. As nosas costumes antiguas fóronse esvaindo. Os certamos de literatura galega, os coros, as parellas de bailes nósos, os gaiteiros, as danzas compostas por individuos, que de cada oficio formaban os gremios (sastres, zapateiros, labregos, mariñeiros...) fóronse substituindo pol-as corridas de toros, tiros de pombo... etc., e hastra o baile da muiñeira ô son do guiteiro trócase por outros bailes e outras músicas.

O único que se conserva e debia desaparecer eran os fogueres e as bombas. A pólvora, que en éso semellamos ôs mouros, leva a maor parte dos presupost-os das festas en vilas e póvos.

Agora o galeguismo volve pasiñamente a se notare tamén nas festas, ben cridu que voltaremos ôs bos tempos da nosa raza, mais aínda nos queda moito camiño que andar e nós non debemos descuidar éste, debendo hagser cada ún no seu povo, on donde s'atope, todo o que poida.

LUIS CORTIÑAS

Betanzos, Outono do 1930.

¡¡GALLEGO!!

Sigueme irmán,
á miña veira
deixche tuñar loitar.
Erga a testa
afire o teu peito
e sempre ousadeis.
Aparta o teu olior
d'esas pingallas
que frotes é cantos.
E pense como máis
sempre en galego,
se non non vellas nos.
Agarra o teu fusil,
pilla o teu pucho
e sigue sen vagar,
Que un día chegará
qu'aquí na Terra
a nosa estrela
chegue a brilar.

CAMILO DÍAZ.

NOVAS DA CAUSA

A Irmandade de Betanzos que como xa temos dito resurde novamente con verdadeiro entusiasmo conta até agora cos seguintes afiliados:

Xesquín Peña Rodríguez, Luis Cortiñas Dios, Xosé Bubo Teixeiro, Fernando Fisteo, Anxel Barros Lestón, Xavier Teixeiro Sagallo, Carlos Martínez Alvarez, Victor Montero Arias, Manuel Rosé, Xosé Vázquez, Agustín Novo Maseira, Ricardo Bouzas, Xosé Veiga Rosé, Manuel Becerra Loureda, Luis Conceiro Núñez, Manuel Naveira, Xulio Sánchez, Carlos Peña Rodríguez, Alvaro Rey, Constantino Fernández López.

7. «Cousas de festas». *A Nosa Terra*, no 276, A Coruña, X-1930.



Desde Betanzos

BETANZOS E A POLITICA

Con ise epígrafe ocúrresenme encabezar este pequeno artigo pra decir que igual se peca por esceso como por defeuto.

O povo de Betanzos peca por defeuto da autuación na sua vida púbrica, namentras qu-os que gobernan ou aspiran ó mando, aprobéitanse, coma en todas partes, d'esas ocasións que allanan seu camiño: pois os que sin saírse da ecuanimidade xúrgan imparcialmente os autos de goberno, sin outro degaro qu-o triunfo da cibdadanía—que son por desgracia os menos—non recollen outra gabanza qu-o desprecio, xa que como decía un coñecido escritor a España de D. Quixote combírtese na do Sancho Panza e o defender unha idéia nobre é pasar por tolo.

A intervención d'un cibdadán na vida púbrica redúcese a este dilema: ou ser politeco ou non o ser.

Pra facer uso dos direitos que a vida social e púbrica lle ecsixe ha de ser un politeco ó estilo que a maoría das xentes o entenden, e decir, que dedique á política a sua vida como a un oficio, profesión ou carreira, e ainda debe comprender na sua autuación todal-as aitividás de militar, abogado, sacerdote e pai de todos, que coma o Cid Campeador ha de seguir ganando as batallas despois de morto, e coma os mortos do D. Xan Tenorio hanse de filtrar pol-as paredes.

Si non ha de ser así débese acochar nos faldirís d'un que sexa politico.

As Irmandades da Fala non han de seguir n-ese senso o concepto vulgar de que se trata, e adherindose ao compromiso de Barrantes salva o seu voto pra non mescolarse c'os politicos, salvo no caso de simpatizar e axudar cando chegue a ocasión a un partido que por enriba de todo sexa galeguista.

Digo esto porque en Betanzos non se perde ocasión de atraer ou criticar a labor dos galeguistas, como algo que interesa aos bandos politicos. Este ano o autual concello múnicipal, distinguíndose dos derradeiros e pra se facer mais popular—outra cousa non se pode supoñer d'estos munícipes—adicou un número e un día do programa das festas de San Roque ao enxebrismo; e nos sólo trouxo ese día un coro d'Ourense, gaiteiros, parellas de baile e demais cousas, sinon que desplazou pra ese día o auto de izar a bandeira azul e branca no pazo municipal.

Non vamos nos a decir agora que estivese acertado, pois mais indicado sería facer eso o día de Sant-Yago, que é o día de Galicia, mais de calquer maneira a cousa siu ben, e o señor alcalde non merece n-esta ocasión mais que gabanzas. Non en troques d'outra parte falaron de distinta maneira, e a penas coñecido o programa de ditas festas pubricouse, no xornal coruñés a "Voz de Galicia", un artigo firmado por un tal Tomás L. Datorre, que supoñemos será o mesmo que fai anos sentíase socialista, chamouse tamén rexionalista e despois desempeñou cargos durante os sete anos da dictadura (poida ser que teña ilusión por ser cacique de Betanzos), no que fai resaltar o pouco interés das mentadas festás patronales d'este ano, porque salvo o día do San Roque e o da festa dos Caneiros—escluye o día galeguista—as demais innovacións son pra il estravagantes e de pouco efeuto.

¡Hasta nas festas buscan cuestión políticas!

Non pense nadie que a nos se nos atrae tan facilmente; mais para criticar i-entabrar debates entre uns e outros débese facer cos ollos abertos, e non celbar paus de cego sin pensar onde poidan layar, porque si pol-as cousas d'este povo debemos trabullar todol-os de Betanzos, que ademais de ser noso, ten tanta riqueza na hestoria de Galicia, mais obriga temos ainda todol-os galegos de gavar as cousas da nosa terra por cativas que sexan.

E volvo a decir como antes, aos irmans da Gala non se nos leva d'un lado pra outro; mais pra defendel-as cousas da nosa nai común e resaltal-as cousas de Galicia han de ter a nosa axuda, sexa quen sexa e onde sexa, salvando coma no compromiso de Barrantes a idea propia que é o ideal outo do galeguismo, sin mais ambicións sin arelas, ainda que pol-as dominadoras correntes positivistas da España de Sancho Panza se nos chame tolos.

LUIS CORTIÑAS.
Conselleiro da Irmandade da Fala de Betanzos.

8. «Betanzos e a política». *El Pueblo Gallego*, Vigo., 8-X-1930.



O ano derradeiro en Betanzos

Natural é que ao final-o anò se faga balance da autuación durante o mesmo, os ideaes nón poden suxetarse a unha memoria d'este senso, mais os traballos por éles encamiñados si que se poden concretar n-un libro de contabilidade, i-éu n-estas poucas liñas aporto o meu



A NOSA TERRA 7

grau d'arca decindo algo do que pasóu no meu povo.

O derradeiro ano do galeguismo betanceiro non comenzóu no pasado mes de Xaneiro, comenzára como en todol-os povos da España no mes de Xaneiro do ano 1923, que de súpeto ficóu en suspenso antes de rematar o mes de San Martiño d'aquel ano. A toque de corneta víanonos amenazados por un bando que nos incluía en delito na lei de xurisdicións a todol-os que fixeramos alganha manifestación de agarimo pol-a nosa terra... non dependía mais que da interpretación que lle quixera dar o gobernador ou seu delegado para nos levar a cadeía.

Tiñamos por aquela fecha un xornal nazonalista: Rexurdamento, que era órgao da Irmandade Nazonalista Galega e imprentabamolo un fato de rapaces que contabamos con axuda dos intelectuaes e mais destacados galeguistas, cuyos artigos era todo miolo da mais vital riqueza. Aos poucos días do golpe de estado chamoume o alcalde de Betanzos, quen por certo era un médico que viñera facía poucos anos d'un povo d'outra provincia e tomou a este povo e seus habitantes por cousa distinta que lle merece; obligoume a darlle o meu nome para me facer responsable do que oubera; pero como eso non era todo fón necesario ademais que se nos prohibira a pubricación d'ese xornal hasta nova orden, así como toda manifestación de galeguismo: O local social da Irmandade tivo que pechal-as suas portas porque a tristura do noso corazón chegón o cúme cando tivo que baixar a bandeira azul e branca que lucía no balcón, e nin siquera póidose votar sobre o féretro d'un irmán que nos deixaba a ialma chea de saudade.

Xa pasaron desde entón sete anos ¡que lingos fóron, e que longos se fán estos tempos!

Sólo para o ilustre galego Bugallal non pasóu nada; pero deixemos éste.

Caida a dictadura trouxo o Sr Berenguer procederes moderadores e xa poidemos no mes de Abril facer unha xuntanza, que aínda baixo a fiscalización da autoridá foi exendradora de novas luces.

Xa volvemos o contar con homes que non queren arredar a Betanzos da terra nai que lle otorgóu o orgullo de ostentar no seu o escudo unha orus... a orus da redención.

Xa podemos adornar os balcós das nosas casas cos bandeira azul e branca... e xa podemos morrer tranquilos porque os noscos corpos pódense amortaxar co noso enubrema mentras as nosas almas sigan pedindo a Deus e a os homes vida nova; e Deus queira que rematen de todo estos anos que nos obrigan a recitar aquel cantar castelán, que dice: «Bejarana no me llores, y ya vendrán tiempos mejores en que unides la becerra».

LUIS CORTIÑAS

9. «O ano derradeiro en Betanzos». *A Nosa Terra*, no 279, A Coruña, I-1931.



A ASAMBREIA DE SANTIAGO

Espállanse por ahí moitas opinións sobre da asambreia que n-este mes e drento de poucos días pénsase celebrar na cibdá do noso patrón de Compostela. Craro é, que coma en todal-as xuntanzas que se fan con fin de tratar algun asunto, buscando a opinión dos concurrentes para determiñar un camiño a seguir, non cabe dúbida que terá que haber opinións distintas, puntos de vista cecais dos mais opostos entre persoas que aporten unha opinión fundada, e cecais tamén de prestixio individual e de partido. Esto non sô é inevitabel sinón ademáis consonante co'a realidade do pensar humán; mais o que non sô é fácil devitar, sinón que xa non debia existir, é a discrepancia entr-os que pensan e din que se debe de ir a ela e os que ven esa asambreia como cousa noxenta da que nin siquera se debe falar.

Vaya por diante a manifestación de que esa xuntanza non foi iniciada pol-as Irmandades da fala nin por ningunha irmandade que se poida chamar galeguista, porque éstas teñen que ter a sua vista na vida enteira de Galicia, que tantos probremas encerra n-amentras qu' esta asambreia é unha cousa parcial, porque refírese a un punto político e non creio tampouco que vaya dirixido a todol-os galegos.

Non embargantes—digo—xa que se acorda por un importante seitor da opinión galega facer esa asambreia, débese acatar o chamamento e ir a éla todol-os que teñan algunha siñificación de partido na nosa terra, precisamente pra non deixar xurdir d'ela un acordo, unha opinión que discrepe da maoría da opinión galega.

Que se invite a todal-as entidás e todal-as persoas que pensen e representen algo, e despóis d'escoitar todal-as demáis opinións, que salla a lus e que se cumplan unanimementes os acordos, aínda qu-estos foran moi distintos da intención que domiñara nas persoas que iniciaron tal asambreia.

LUIS CORTIÑAS

10. «A Asambreia de Santiago». *A Nosa Terra,* no 280, A Coruña , II-1931.



VII Asambreia das Irmandades

A norma trazada pol-as Irmandades da Fala de celebrar cada ano unha asambreia ou xuntanza xeral pra todas, esténdese tamén a todal-as irmandades galeguistas da nosa terra. E non pode poñerse en duda a conveniencia d'estas asambreias anuás, que non privan de se celebrar outras estraordinarias si por circunstancias especiaes deben acordarse, xa que na marcha normal do galeguismo o mesmo que de toda sociedá ben orgaizada debe pol-o menos facerse un balanco ao ano pra dar conta da actuación do mesmo e siñalar novos puntos de partida pra o seguinte; ademais é ocasión e motivo pra o intercambio de coñecementos persoaes entre os irmaos ou compañeiros da común e santa causa.

Como agora xa se fala da que debe facerse este ano, Vou aquí a decir duas verbas adiantando a miña opinión sobor do particular.

Non cabe dávida que poucos anos faise tan necesario como n-este unha asambreia grande, pois si ben é certo que os acordos tomados na derradeira do pasado Abril feita na Cruña foron de transcendencia pra reorgaización d'uns organismos ateigados pol-os seis anos precedentes de forzosa modorra, non embargantes aínda están por axeitar certos detalles pra o seu doado compimento. Esto e as correntes de gran movimento espritual e político que se senten na nosa terra d'un tempo a esta parte, faise imprescindibel unha amplia e grande preparación e convocatoria pra que se faga, correspondendo ao presente ano 1931, unha tamén xurdia e grande asambreia de Irmandades galeguistas i-entidás galeguizantes.

Os sitios mais indicados ao meu ver pra facer ésta, son: Ourense, Vigo ou Santiago. Ourense xa o tiña merescido o ano derradeiro e compre que

A NOSA TERRA

se lle satisfaga... xa se seguirá logo por Vigo e os demáis pobos, pois pra as irmandades galeguistas o mesmo que pra os bós galegos non debe haber distingos d'un a outro sitio, inda que unha sexa unha capital e outra unha aldea, nin d'unha vila a un povo.

Agora como a min paréceme que se lle debe dar importancia, debendo unha vez tomado o acordo avisar a todalas entidás galeguistas de Hespaña e América, ou mellor dito, de llo pôr en conocemento por si quixeran tomar parte, débese contar con tempo d'abondo. Ademáis a mellor época sería despois de pasadol-os tempos das eleuciós, pra que a política non perturbe a serenidá do espíritu, e, có pensamento posto na esperanza, creio que dronto d'algún tempo estará algo mais despexado o ourizonte da política española.

Por estas razós poida que fora o tempo mais indicado os últimos días do San Martiño ou os primeiros d'outono Si so quixera faguer agora podía ser nos primeiros días de Mayo, que xa non sería tan ben

Ahí queda dita a miña homilde opinión da VII asambreia das Irmandades do que poden ir tomando nota os meus queridos irmans d'Ourense.

LUIS CORTIÑAS

Presidente de Irmandade de Betanzos

11. «VII Asambreia das Irmandades». *A Nosa Terra*, no 282, A Coruña, 1-IV-1931.



6 A NOSA TERRA

O día do Sant-Iago

Este ano, verdadeiro ano santo pórque n-él conquireu o povo español a sua liberdade, débese celebrar o aniversario do noso Sant-Iago d'unha maneira especial, xa que despóis de tantos anos de loita en pró d'un recoñocimento da personalidá da nosa terra, aparecéu un día o seu ceo alumado pra que se poidera leer a verba das nosas arelas: federalismo.

Esta é a verba ¡que nós os galeguístas contribuímos a santificar cos nosos esforzos, i-esta idea o redor da que se xuntaron todal-as forzas izquerdistas da España pra traguer a república concíbense contando con Galicia que mandóu un representante o actual Ministro da Marina—a San Sebastián pra que pactara cos demais líders do republicanismo a forma de goberno que nos había de rexir.

Baixo este suposto erguéu Galicia o seu corpo e coa vista mirando ô frente asistiu o 4 do pasado mes de Junio a Cruña pra estructurar a sua lei costitucional. día inmortal onde Galicia enteira por medio do seus representantes veciños da terra e de fora d'ela fixo un alarde de entusiasta patriotísmo que ficará marcado nos anales da sua hestoria.

O día 25 d'este mes celébrase todol-os anos anos a festa do noso patrón Sant-Iago como día memorabre de Galicia; ¿Non se debe celebrar este ano d'unha maneira especial?. Si, debemos solemnizalo mais que nunca por duas razós: unha por festexar o noso patrón no ano do triunfo; e outra porque é necesario mais que nunca elevar o esprito dos galegos para que sigan adiante na laboura comenzada.

Foi enorme o triunfo da república en España, pero pra que se confirme é necesario que se cumpla o compromiso baixo o que tamén loitamos os galeguístas; e como as debilidades dos homes poden facer presa nos futuros lexisladores e gobernantes da España, é necesario que Galicia pola sua parte os manteña en pé.

Por todo ésto éu quixera—e supoño se fará—que este ano nos xuntaramos non solamente os Irmáns da Fala e demais entidás galeguístas, sinón a maor representazón da nosa terra sin faltar os representantes de Galicia ante as Cortes Constituentes españolas.

LUIS CORTIÑAS

12. «O día de Sant-Iago». *A Nosa Terra*, no 285, A Coruña, 1-VII-1931.



Xa se vai en Galicia pol-o camiño da redención

Especial pra A FOUCE

Cando só éramos en Galicia unhos cantos os que traballábamos pol-a independencia da nosa terra, non se nos atendía nin se nos escoitaba porque se nos tiña por tólos; os gobernantes ou nos perseguían, óu nos poñían a un lado coa consideración que se lles podía ter aos idealistas descarriados, namentras co-a forza do poder se nos caloñaba sin direito a réprica pra nos poñer en frente d'ésa outra xente que chamándose "xente de orde" titulabanse galeguistas, pero "de un galleguismo sano y bien entendido". Así era como se nos facía meter drento da nosa concha aos galeguistas que axuntados co-a liña do ideal formábamos un rosario de persoas contadas: Tamén algunha vez fuxía das nosas fías algún fariseo que se destacaba pra ocupar algún posto óu emprego; e así paseniñamente con unha fé mesiánica illamos algús tólos alimentando no noso corazón o fógo sagrado do ideal; dende América os verdadeiros irmans, os verdadeiros fillos da nosa Terra daban señás d'un sentimento que tanto nos facía vivir; i-entón nós tiñamos que nos combencer de que o noso fin, a solución do noso probrema non era cousa de momento, que como todal-as cousas grandes só con constancia e tenacidá podíase a forza de móito tempo conquerir.

Había que galeguizar a Galicia.

En Cataluña cintileaban os chispazos d'un separatismo templado que politicamente levaba o nome de rexionalismo, o frente do cual aparecía a figura de Cambó que arranxóu unha mallorìa aplastante cando as eleciós do ano 18, pra diputados a cortes; pero era porque Cataluña xa estaba catalanizada namentras que Galicia tiña que loitar por un lado co poderoso caciquismo tan enraizado, e pol-o outro coa iñoranza e a indeferencia das xentes acomodadas aun réxime que os tiña cautivados.

Galicia sempre tivo a sua persoalidá, mais pra desescravizala era necesario, primeiro instruir aos galegos, e despóis conquerir a independencia individual, ou sexa unha emancipación de cibdadán que sóilo con pán bastante — pán pra o corpo e pro espíritu — se podía conquerir. N'esta campaña réxa camiñaron os galeguistas, mais pol'o paraíso da fé que pol-a corredoira do progreso. Os aires d'Irlanda mais que os de Cataluña e mais que nadie os bós emigrados téñen no seu haber o mellor creto da redención. E os galegos d'eiquí, combencidos de que politicamente póuco se podía adiantar, adicáronse a facel-a base do movimento percurando de galeguizar a Galicia.

A primeira xuntanza importante que se fixo foi a de Lugo n-este més d'agosto do ano 1918. Alí consagráronse os nosos alentos, e dende entón pódese decir que se fixo algo: as Irmandades da fála tomaron forza — a de Betanzos que me honro en presidir celebróu aquel ano un importante certamen literario — e os galeguistas todos, dironse o cultivo do periodismo, da literatura, do insiño, e non pouco o da política, cuyo punto principal era a guerra o caciquismo.

Sempre podrei tér a satisfaución de lembrar aquel periodiquiño chamado "Rexurdimento" que faciamos os de Betanzos coa principal axuda de Risco e de Vilar Ponte; mais a dictadura militar que pretendía afogar o noso movimento, foi o millor paréntesis que nos había de abrir o vieiro glorioso a que chegamos.

Xa se fói Galicia galeguizando. Xa os nosos irmans que marcharon pra América adicaronse a algo mais que facer cartos. Xa ten España unha liberdade que nós contribuimos a conquerir... e xa era hora que no parlamento español tivera Galicia unha representación que merecía. A estos témos que mantelos en pé lembrandolles a cotío a sua obriga, e si agora non se arranxa a emancipación de Galicia, continuaremol-a loita paseniña da redención, n-amentral-os emigrados, que tanto valor aportan, contribuirán a predicar pol-o mundo enteiro a grandeza da nosa Terra pol-a que temos que vivir e morrer.

Luis Cortiñas Díaz.

Betanzos, agosto do 1931.

13. «Xa se vai en Galicia pol-o camiño da redención». *A Fouce,* no 40, Bos Aires, 1-X- 1931.



Camiñar do Cangrexo

Especial pra A FOUCE

Decía n-un artigo d'outro número, aquí mesmo, que Galicia xa iba pol-o camiño da redención: En efeuto, a forza d'empuxar, parescía que Galicia apartábase do camiño do Calvario e tomaba o da redención; con esa ilusión aportamos o noso entusiasmo en pró da república os que antes de republicanos fuimos e sentimos o galeguismo; mais esta esperanza que abréu de par en par as suas portas ao triunfal-a república, entróu pol-o camiño dito con páso mais lixeiro que firme.

Non póuco influiron — óu influimos — os nazonalistas de Betanzos e a Cruña, que así como espallábamos por Galicia enteira a necesidade de traguer a república a España, adicámonos logo a defendel-as candidaturas galeguistas, e ao mesmo tempo convocar a asambreia onde se discutise a aprobase o Estatuto da nosa terra.

Todo esto foi a paso retardado. Cataluña decrarábase éla mesma autónoma ao vir a república, n-amentral-os galegos mais pacatos contentábamosnos con as promesas do goberno. N-outras rexiós como Cataluña e Vascongadas saían diputados en maoría rexionalistas, n-amentras os galegos non nos estreviamos a contrarial-as órdes dos de arriba, cuya representación — o ministro Casares Quiroga — tornaba a sua hestoria de republican i-esquencía seu compromiso de galego. Así camiñaba a autonomía de Galicia.

Nada de esto me collía a min de sorpresa; póis n-un mitin republican dado pol-os cruñeses en Betanzos tres meses antes da república (cuyo mitin presidín éu) fixen constar que os galeguistas e republicans íbamos do brazo, incluindo n-éstos a Casares Quiroga e Abad Conde, e n-aqueles a Lugris, Vilar Ponte é outros. Entón Lugris engallolado por Casares Quiroga quixo reitifical-a miña afirmación, e agora él e mail-a realidá dánme a razón: Casaritos é pra nós partida fallida.

O Estatuto galego recibeu un páu dos parlamentarios que con visos de o facer viable reducírono a mínima espresión, e o cangrexo vai ceando atrás hastra correl-o peligro de non chegar a nada, mellor dito, de chegar a se enterrar nos escombros da derrota.

E necesario que reitifiquemos a nosa conducta, que deamos ao traste con Casaritos, cos parlamentarios e c-o desdichado partido da Orga, o faucioso partido da Orga, como lle chamóu Ortega Gasset e así seguiremos cada cual o seu camiño e o seu ideal. Con esta intención formamos o novo partido galeguista i-é d'esperar que o cangrexo inda que sexa paseniño vaya pra diante e non para trás. Con este fin hai que seguir loitando.

Luis Cortiñas Díaz

14. «Camiñar de cangrexo». *A Fouce,* no 44, Bos Aires, 17-I-1932.



De LUIS CORTIÑAS

CASTELAO

COMO VERDADEIRO HOME GRANDE ACRESCENTOU A SUA PERSOALIDADE NO INFORTUNIO

Ningús galego desconfiecía a Castelao que desde fai tantos anos viña sendo o faro guiador de todo sentimento galeguista. Moito hai que decir da sua vida, en Galiza e fora da Terra. Cando máis tempo pase máis se escribirá e se lle confiecerá, coma exempro de bon galego; máis eu agora voume a limitar a pór duas verbas sobor da tomba ainda quente do gran líder; pois desde unha provinza louxe da capital onde están os restos acolle fica relembral-o como se poida, e visitar sempre que se poida a sua tomba como o cipoente da verdadeira Galiza. A tomba de Castelao; o Panteón do Centro Galego da Chacarita é nos tempos que corremos o faro máis grande da verdadeira Galiza.

Castelao uneu aos galegos todos en derredor do gran ideal de "Galiza ceibe"; sin odios nin envexas; sin antihespañolismos; máis ainda, coma bon galego profesou o sacerdocio de xuntar a todol-os galegos no amor santo da nosa tan asoada coma martirizada pátria. Máis si Castelao loitou toda a sua vida por un ideal que comenzamos a padalear nos derradeiros tempos da república hespañola, nada de particular era que sendo él a alma da democracia galega subira ao pináculo de admiración ao por nas mans do Parlamento hespañol o Estatuto político plebiscitado en Galiza. Era a primeira vegada que se falaría de Galiza oficialmente; é decir, a primeira vez que os gobernos da Hespaña terían a Galiza coma máis que o conxunto de catro provincias artificialmente constituidas. Mirar estón a Castelao coma home grande porque representaba indiscutibelmente a toda a nosa pátria en toda a sua inmorrente grandeza, nada ten de extrañar; pero Castelao, agardou de pé até que se pechou pra él, coma pra tantos outros, as fronteiras terrestres do noso fogar. As portas da Galiza do Sant Yago foron fechadas pol-os mouros. Os galegos fomos non vencidos, sinón derrotados. Foi tripada pol-os mouros a terra de Santiago mata-mouros. Nada tiñamos que facer os que estábamos presos e desarmados; a menos ainda os que perseguidos tiñan que buscar asilo noutros países fora da órbita de Franco.

Que fixo Castelao fóra das fronteiras terrestres? Fixonos ver que Galiza non era somentes o anaco de terra dominado pol-os franquistas; que Galiza pode estar en calquer parte onde polda arder o lume santo da irredenta patria; e así, por donde pasóu, tratóu de xungir a todol-os galegos na inmorrente causa do amor a Galiza. E xa non se pode decir galego de esquerdas ou de dereitas. Nin galego d'eso, ou deste outro, porque si os galegos constituímos sempre unha verdadeira familia, nunca millor que despois da guerra 1936-1939.

Castelao véuse a América non a reconstruir a sua vida, sinón a continuar a de sempre; véuse a venerar a Galiza no sitio que fora da pátria máis galegos hai; e desde Bos Aires seguéu irradiando a sua figura o lume que todol-os galegos de América tiñamos e temos que venerar.

Dende entón se preguntaba por Castelao en Galiza en América e en distintas partes da Europa. Podo Castelao facer unha vida máis activa dirixindo a todol-os galegos espallados pol-o mundo; pero a sua saude tampouco lle axudaba moito; e non embargantes traballou tamén en Francia á veira das mais outas personalidades da democracia hespañola.

Para ser bon galego leveu a sua enfermedade con sufrimento calado; era sentimental e o seu espríto estaba por encima das doenzas físicas; así, erguéito sempre, con doxura e con amor ao gran povo galego poido agardar a morte n'ese ambente de apoteolado que os demais debemos imitar.

O Centro Galego de Bos Aires ten na Chacarita o noso Apostol.

que mais froitos traguerá).

¡Ha de dal-os, I-és que veñan
seu nome han de venerar
com-ó do mais grande apóstol
que se deu no noso chan!

Manoel Canosa.

Bos Aires.

15. «Castelao». *A Nosa Terra*, no 475, Bos Aires, 1950.



LAR — REVISTA DEL HOSPITAL GALLEGO

LEMBRANZAS DE CAFE

por *Luis A. Cortiñas*

(Especial para LAR)

Tratar de algo derradeiro no ano 1936 é cousa relembrar cousas históricas. O mundo n'eiros tempos camiña moi lixeiro e os acontecimentos fanse anaco históricos. E Galicia de cotío así tiña grandes acontecimentos, tan grandes como a elaboración do seu Estatuto político.

Eu non vou a tratar acó de sucesos políticos, tirán que cousa o Director d'esta simpática e galega Revista, invitoume a facerlle un artigo, pois estas liñas cousa o máis doado que de momento podo facer: Relembrarei tempos da miña vida cousa da vida da nosa Terra que chorando, cantando ou rindo levaremos con nosco sempre.

Existía na Coruña —o cotío que constiría— un café que lle chamaban "A Terraza" plantado no *reflexo que é o* lagar donde os coruñeses foron vencendo ao mar a forza de terra e pedra que voltaron sobor d'él pra facer no seu lugar os Xardís e a Avenida que circunda o Porto. Digo que tal café está plantado no Reflexo porque tan concreto era nelle aspecto do mirador, todo de madeira, que existía no vecíño porto de Sada; tamén se chamaba Terraza e tamén estaba frente ao porto d'aquela Vila peixeira; os donos trasplantáronna, como si cotío se tratara de casas prefabricadas, pra que mirara o mesmo mar, pero desde a Coruña. Máis tarde construíuse no mesmo sitio un edificio máis grande todo de material. Pois ven, alí íbamos a tomar café —facendo tertulia despois de xantar— miñas cantas persoas ben amantes de Galicia: Luguís Freíre, Antón Vilar Ponte, Victor Casas, Monteria, Cabanillas (fillo)... e algún outro como Cebreiro que os tempos de moza asistiulle a tal tertulia foi pol-o lustro 1928-1931, que era os tempos en que o Galeguismo non podía arrefecer da política máis ain decidirse pol-a Monarquía ou pol-a República, pois o Galeguismo era antes que nada e por encima de todo defensor de Galicia, da súa raza e de todo o grande que pode ter aquel anaco de Ceo cotra restiño asinzosas de España. Estándase ben, parte da España.

Alí vin chorar algunha vegada por Galicia, a Don Manuel Lugris, cousa un neno que chorara pol-a súa nai doente: o gran Don Manuel escribía en verso; pro falaba en prosa e cando se incomodaba berraba máis en prosa. Antón Vilar pídíalle cansar de ser botiranto, pero nunca se cansóu de escribir e falar sempre en defensa de Galicia: vivía pra Galicia. Victor Casas, suave e fino tifa un espírito crítico parello ao do seu gran amigo e, podiamos decir mestre, Vilar Ponte...

Non vou a seguir relembrando persoas e cousas pra non facer moi longo este artigo.

Máis, ¿qué foi d'aquíles grandes amigos e compañeiros?

Os dous primeiramente nomeados morreron moi a tempo: Antón Vilar fíxolo estando no cenío do seu carriño; o corpo d'aquel gran periodista velouse na casa municipal da Praza de María Pita e foi levado en acembrosa manifestación cívica ao corpo santo: era diputado nacional e o Parlamento votou —cróio que foi o primeiro acordo de tal natureza— unha pensión pra a súa familia que quedaba necesitada a que nunca

Don Manuel Lugris sufreu nos derradeiros tempos da súa vida o terror: si querría morrer na súa casa non debía sair d'ela, e dende logo na non podía falar como falou durante setenta anos, sin cantar sin chorar a Galicia. No Outono do 1936 vino un día arrastrando os pes parsimoniosamente, porto da praza de Galicia da súa Coruña; el tamén me vía a mín e sin pararnos, porque non debía-an parrarno, dixonme: Adeus querido Cortiñas. Cróiei que aquel adeus era o último da súa vida e así foi, porque xa non sosegou máis d'il. Había nacido pra falar forte en pro de Galicia e fixoo cando xa non podo seguir esa vida.

Máis o que tivo un fin tan grande cousa o que a súa vida prometía foi Victor Casas. Aquel mozo que non chegaba a cuarenta anos morreu como podo morrer Santiago Apostol, pois vivía cousa un Santo. O seu Vitório deu a súa vida por Galicia.

Dende o ano 1935 non volvín a ver a Victor dasarelle un fin e vida cousa a de Antón Vilar son consciente a ningún, aínda que sei que tiña muller e Fillos. O que si sei é que deixou amigos que non-o varan a esquecer porque pra esquecer-nos d'il habría que esquecer a Nosa Terra.

Podía escribir moito de persoas e cousas que forman un todo inseparabel de Galicia, mais cróio que xa se me vai a cabeza a algo tan metida dentro da Nosa Terra que ben poidera cualquer alleo a os fíos literarios d'esta Revista.

A calquer amigo, periodista galego, poidera descarlle un fin e vida cousa a de Antón Vilar Ponte. Outros (do meu xeito) relembrarán a Casas cousa a un pino —dos nosos— ou algo tan enxebre que se van de Galicia pra que Galicia sexa grande i eterna... mi temos a obriga, os galegos, de falar dos cousas da nosa Terra, na que nacimos e queremos vivir.

16. «Lembranzas de café». *Lar*, revista del Hospital Gallego, no 213. Bos Aires, xullo 1951.

Desde Betanzos

José Luis Lissarrague Leis (Betanzos, 1909-Madrid, 2006) era Coronel de Artillería e sobriño do coronel de Infantería retirado Lisardo Lissarrague Molezún que declarara no consello de guerra de Cortiñas a petición deste. Pasou á situación de retirado o 25-03-1973. (Nota do autor).

[Papel timbrado] Luis Cortiñas-Abogado
14 Julio 62
Sr. Dn.José Luis Lisarrague
MADRID

Estimado Lisarrague: Tu carta recibida con mucho atraso, me dejó, como todo lo que a España se refiere, muy preocupado. Pensé no contestarla y desde luego tengo decidido no escribirte, ni mantener correspondencia contigo para no ahondar mas las diferencias entre nosotros que al fin pertenecemos a antiguas familias del mismo pueblo. La recibí el día antes del 9 de Julio que es cuando aquí se festeja el aniversario de la proclamación de la independencia patria, y ello me hace acordar las proclamas de Franco al iniciarse la rebelión que anunciaba la creación del Imperio Español volviendo a conquistar sus antiguos dominios. Y me pongo a la máquina con el fin de aclarar algo que dejo para el final de esta carta: También lo hago el día de una efemérides el de la proclamación de los derechos del hombre: Libertad, Igualdad, Fraternidad (14 de Julio).

Son los acontecimientos de la vida mas que mis palabras lo que tenga que contrariarte, por eso no puedo creer en tu felicidad, como imposible que lo sea ningún franquista que tenga algo de conciencia. Tengo el Código Penal Español a la vista y observo que Franco y los que conquistaron el poder cometieron los delitos determinados en los arts. 238-239-240-241-242-243 (rebelión) 258-259 y siguientes, y el Cód. de Jus. Militar que te será más fácil consultar dice en su art. 238: los reos de la rebelión militar serán castigados 1.º con la pena de muerte el jefe de la rebelión… etc.

Si la Ley es lo que debe imperar entre los hombres (y no las fieras) y no debo –como hombre de leyes– desesperar de la justicia de los hombres, muy lógico es que mantenga la esperanza de que algún día se establezca la justicia en España; y tengo fe en que Dios me ha de proporcionar la dicha de poder ver esa justicia no en la efigie de los ya muertos como lo efectuaban los Tribunales de la Inquisición sino en el cuerpo vivo del delincuente Franco y muchos de sus secuaces. No deseo venganza contra los que se valieron de ejércitos enemigos para matar españoles, empleando moros, tropas del Tercio, fascistas italianos y nazis alemanes, etc. sino justicia y nada más que justicia. Ese delincuente por la gracia de Dios, perdona, el caudillo por la gracia de Dios deberá ser juzgado antes que muera para bien de España y de la humanidad.

Tengo buena memoria y conocí mejor que tú la España de 1936: si entonces no era todo orden, tenían la obligación las fuerzas armadas de fortalecer a los poderes constituidos y no masacrar al pobre pueblo español y dividir a España y a los españoles para toda la vida. Tengo a la vista un precioso libro que se titula «MISIÓN EN ESPAÑA» escrito por el que fue embajador norteamericano en los años 1933 al 1939 en ese país –Claude G. BOWERS- impreso en México en 1955 se tradujo en muchos idiomas y por lo tanto te será fácil adquirirlo tambien en español; y en el podrás observar la objetividad e imparcialidad de la vida de entonces. Los informes de ese embajador, así como los archivos de la Cancillería de Hitler; las memorias del Conde Ciano; las actas de la Asamblea de la O.N.U. cuando se trató el caso de España; los relatos de un amigo de Hinler [Himmler] que se están publicando; el Ministerio del exterior de Gran Bretaña; y muchas monografías, artículos y libros sobre la España de entonces y de ahora te harían caer la venda de los ojos.

Coincido contigo que aquellos procedimientos no correspondían, pero porque la República no había hecho la revolución que España necesita; porque si hubiera eliminado a militares más ambiciosos que patriotas; a jueces mas anquilosados que humanos… etc. no pasaría lo que pasó y no sería España, la pobre España digna de lástima como lo es por la mayoría del mundo.

Vds. los que viven ahí no saben el concepto que se tiene de la pobre España. Te aconsejaría te entrevistaras con algun embajador o agregado a embajada en el exterior y consiguieras que se franqueara contigo: Nunca la pobre España estuvo tan baja; su historia negra se ennegreció del todo. Franco es el hadmerreir de cualquier mozo de café, y ¡él es el dueño de toda una organización necesaria para un Estado por simple y pobre que sea!

Desde la monarquía se vino consintiendo que muchos militares ignorantes de todo lo que sea política –el arte de gobernar los pueblos– faltaran al respeto a los políticos y a los hombres de leyes y eso era la siembra de la anarquía. El militar ahí como todo español que sale de la escuela primaria sin saber nada de cultura cívica; entra en el bachillerato sin saber lo que es Constitución; administración pública; historia de las Instituciones; nada de Derecho Político… cosas que en estos países algo cultos empiezan a conocerse ya en la Escuela primaria y solo en facultad de Derecho (ya la Universidad) se adquieren conocimientos de lo que constituye la política de los pueblos. Y esto lo digo yo, que lo digo por mi mismo. Pues bien es la palestra pública en donde el político se hace; en cultura y hace hombre de gobierno y no en los cuarteles.

Yo me atrevería a preguntarte ¿que sabes tú de Derecho Político? ¿Que sabes de la Organización del Estado?; seguramente que lo mismo que sabe Franco; y sin embargo te permites desautorizar a los gobiernos que tuvo la República española. Y critican a los

políticos.

Churchill, Roosevel[t], Stalin; Prieto; Largo Caballero y todos esos hombres serían desechados por Vds. los militares españoles; sin embargo Roosvel[t]; Truman: Churchill y otros supieron llevar a sus países a la cúspide del progreso, mientras que el bárbaro Franco no solo destrozó a España, sino que con la ayuda de Vds. la va llevando por la pendiente de la ruina.

Me da ganas de llorar cuando pienso en el atolladero en que está metido nuestro pobre país. Se devolvió TANGER despues de haberlo ocupado; se entregó al Marruecos; secretamente en el Palacio del Pardo se negocia la entrega de Melilla y Ceuta al Estado Marroquí. Cualquier cosa con tal de que Franco se mantenga en el mando… Detrás de mi el diluvio, por [pero] eso si Franco tiene el mérito de conservarse en el poder aun a costa de la patria. Un tiempo fue protegido de Hitler y Mussolini; ahora es coronel de Norteamérica, porque no me negarás que obedece al Estado Mayor yanky mejor que tú al Coronel de tu Regimiento. Y lo mismo Muñoz Grande que está puesto de segundo, por el Almirantazgo británico; ese es el IMPERIO ESPAÑOL.

Rusia no exigió recompensa a Franco por el envío de la brigada azul, porque le conviene tenerlo al frente del estado español. Pudo impedir que entrara España como miembro de la O.N.U. por medio del veto y no lo hizo porque guarda otras esperanzas; por lo menos tendrá en la pobre España un motivo de roce para cualquier día, porque no se si sabes que ZUCOF dijo que la guerra no había sido liquidada, porque «La guerra había empezado en España y en España tendría que terminar», y por el momento siempre puede alegar ante el mundo que Norteamérica no defiende la democracia, cuyo ejemplo lo dá manteniento relaciones con Franco.

Y para no hacerme demasiado largo termino diciéndote que yo me repuse con creces del daño que me hicieron los delincuentes españoles. Salí de ese atrasado país en cuyas cárceles estudié todo lo que pude: varias obras de derecho y varios idiomas; vine a este otro país democrático, rico y culto en donde tuve la mejor acogida; me casé bien; revalidé mi título; desempeñé cátedra y juzgados; y ejerzo la profesión de abogado con éxito profesional y económico pues no falta la casa propia, automovil para mi y para mi hijo; y casa quinta; mientras que tú ahí no te habrás roto la cabeza en estudiar por la forma que veo de discurrir pero tampoco podrás legar a tus hijos la honra de haber cumplido con la Ley y con la humanidad ya que con la Patria te parece que cumplistes a tu manera. Así te contesto a tus requirimientos de que yo no tuve el valor de luchar a favor de los míos; luché y sigo luchando, pero no matando gente, porque no soy traidor ni asesino. Ya sabes mi Teniente Coronel que tú y yo somos distintos y la vida nos fue distanciando más y más hasta no parecernos en nada afortunadamente para mi.

Saludo al Teniente Coronel atentamente pero sin reconocerle ningún servicio (firma ilexível)

VII. Carta a don Delio Panizza

C. del Uruguay 24 de Enero de 1963
Sr. Doctor Delio Panizza
CIUDAD

Distinguido y estimado amigo:

Hemos recibido oportunamente su «Alerta del nuevo año 1963», que tanto mi familia como yo le agradecemos mucho, a la vez que nos complacemos en leerla.

No me atrevo a comentar su poesía porque no soy ducho en la materia, por eso tampoco le adjudico, en esta pequeña carta, el título de Maestro con que suelo distinguirlo, para que no se crea que en esto soy discípulo, sinó solamente admirador como lo soy de Vd. en general. Y de ello creo que he dado pruebas al no disminuir mi admiración en ocasiones que parecía distanciarnos la interpretación de algunos giros de la política; porque en lo que coincidimos enteramente es en el izquierdismo en el que Vd. tan ejemplarmente siempre desplegó bandera y que a mi me acarreó tantos perjuícios en la patria de origen mía. Bajo esa bandera milité en España y seguiré hasta la muerte que varias veces ví muy cerca; y aún vivo con la fé y la esperanza de que la justicia y honradez que a Vd. le animan a mantener esa bandera desplegada nos proporcionen la alegría de llegar a ver un mundo mejor.

Que se conserve muchos años, que si no fuera en el 1963, algún día espero que podré tomar en tan estimada compañía, la copa alegre del triunfo sobre el hisopo, la espada y la mentira.

Esta carta no se la mandé antes porque me dige [sic] que Vd. se había ido a a pasar una temporada de descanso a Mar del Plata con su familia. En este caso esperamos haya disfrutado Vd. y los suyos de un merecido descanso que le deseamos.

Muchas gracias en nombre de esta familia para la suya y Vd. reciba el siempre cordial saludo de su affmo.

VIII. Carta a don Eduardo Martínez Nieto

27 de Abril de 1969
Sr. Dn. Eduardo Martínez Nieto
Teresa Herrera nº 7 y 9
LA CORUÑA

Mi estimado amigo:

Continuamente me acuerdo de algunos buenos amigos de ahí, que todavía conservo, y en especial de Vd. que tan buenas pruebas de caballerosidad me tiene dado, por eso muchas veces deseé escribirle ampliamente; pero el temor de explayarme con la sinceridad propia de mi carácter, hace que me retraiga, ya que las ideas políticas y manera de pensar y sentir de Vd. que siempre fueron distintas de las mías, no pueden recibir con agrado mis espansiones. Sin embargo, la última tarjeta de Vd. felicitándome el nuevo año me impresionó más de lo que Vd. pueda suponerse. Ese buen deseo de que yo «vuelva a España… que ya va siendo hora», lo estimo [como] deseo de que los buenos españoles vuelvan a su patria. Creo no equivocarme interpretando así su frase.

En efecto, no he procurado evadirme de las consecuencias de delito alguno que jamás cometí. Delitos los cometieron los que habiendo jurado lealtad a una Constitución y una bandera, las pisotearon, manchándolas con sangre española, asaltando el poder con ayuda extranjera y masacrando al pobre pueblo español con moros, el Tercio y demás.

Estuve leyendo estos días «ORÍGENES PRÓXIMOS DE LA ESPAÑA ACTUAL» una obra de Ángel Ossorio, editada en Buenos Aires en 1941. Desde Fernando VII, hasta Franco no hay en la historia de España, más que levantamientos militares; pero ninguno

tan dolorosamente funesto como el de 1936. Al final de ese libro Ossorio y Gallardo sigue declarándose monárquivo, sin rey, aunque admirador de la república de 1931, de las históricas Cortes 1931-1933, y de las sinceras elecciones de 1936, en las que el pueblo español dio pruebas de civismo. Si los que gobernaban, como el majadero y desdichado Casaritos, no convenían al país medios había legales para arreglarlo, sin «El glorioso alzamiento» que llevó a conquistar España POR LA GRACIA DE DIOS.

Claro que a mi me gustaría, después de 27 años de ausencia, viajar por el país donde viví mis 40 primeros años, y abrazar a mis ancianas hermanas, sobre todo a la queridísima Carmiña, que es monja en Gandía (Valencia), y va a celebrar sus bodas de oro (50 años) con la Orden de Esclavas del Sagrado Corazón de Jesús, a cuyo noviciado acompañé yo en 1919. Con esta hermana mía es con quien me carteo, recordando lo bien que me ayudó a sobrellevar mis suplicios en las cárceles de Franco. Cuatro años de martirio que me dejaron huellas físicas y psíquicas imposible de olvidar. Todo lo dí y lo doy por bien empleado en aras de mi amor al pobre pueblo español; y en momentos de soledad siento que debí dejar mi vida juntamente con tanto inocente trabajador español fusilado por los franquistas. Ahora lo que me queda es seguir siendo honrado conmigo mismo y morir en exilio, si antes no me toca celebrar el día de la justicia. La harán nuestros hijos o nuestros nietos, que en nuestra generación no la espero. Y a esa hora y a ese día es lo que deben temer muchos que ahí viven. Vd. y yo estamos jubilados.

Vd. sin traicionar a nadie, pudo celebrar el triunfo franquista y sé que a su inteligencia, no escapa la ilegalidad en que vive el país, por eso y por ser un hombre de leyes deseará otro orden de cosas, pero el cambio es lo que no le conviene. Vd. está bien en España y yo más bien o no tan bien debo vivir en esta preciosa república Argentina, en la que me voy envejeciendo y deseo morir. Se reirá Vd. si le digo aquí, en este precioso pueblo, en donde con mi trabajo honrado conseguí una posición económica desahogada, también adquirí ahora, a la vejez, un lugar en el Cementerio para sepultura.

Y ya que me atrevo a hablarle a Vd. de la vida de España, con más interés me atrevo a pedirle las razones que aducen los monárquicos para sostener que el régimen monárquico es lo que conviene a España. Por un hombre que conoce bien a ese país y de leyes como Vd. me gustaría saber sus razonamientos.

No creo que asuste a nadie, ni aún a muchos republicanos, la implantación de una monarquía; pero desearía escuchar con serenidad, las razones para ello. Tengo dos hermanos que son monárquicos. El mayor no me dá más razón que por seguir la tradición de nuestros padres, que eran fervientemente monárquicos; y el otro porque le parece que el pueblo español no está educado para la república. Y a mí ninguna de estas dos razones me convencen. Quisiera que me dijeran algo más (aunque no importe convencer).

Quizá sea acertada una monarquía como transición para que una vez que el pueblo se ejercite politicamente dé su opinión por medio de unas elecciones; pero siempre nos encontraremos en que se prescindirá del pueblo, ya que no creo que el pueblo vea con buenos ojos a quien no conoce. El rey por la gracia de Dios, ya pasó a la historia, y peor si no es por la gracia de Dios, sinó por la gracia de Franco.

Dejando a un lado lo que pasó y lo que está pasando, yo creo sinceramente que el pueblo español tiene derecho a que se le oiga, a tomar parte en el gobierno de su país. Creo que es subestimarlo si no se le cree capacitado para votar a los gobernantes; entonces hay que prescindir del poder delegado de Dios. Debe ser el pueblo el que elija a sus gobernantes. España con la gracia de Dios estuvo siempre peor gobernada que otros

países que no invocan tal gracia divina.
Italia, y Alemania occidental, progresaron más con el régimen democrático que España con Franco, y los países árabes con monarquía.

Que la aristocracia de sangre desee una monarquía, no tiene nada de extraño; es muy lógico que deseen conservar lo que la monarquía les dio. Yo confieso que sería monárquico si tuviera un título nobiliario, o perteneciera a una clase preferida por el Monarca, pero sería por mi conveniencia particular. Pero si deseo el buen gobierno de España debo pensar en la opinión de la mayoría, que es el común de las gentes.

Con la Monarquía se conservó la separación de clases, diferencia que aumentó los odios entre los españoles, alimentó el separatismo de regiones las que para progresar veían su imposibilidad dentro de una España anticuada; a lo que podía añadirse la formación de castas que no querían que se las confundiera con el pueblo menospreciado: El ejército divorciado del pueblo. El profesional antes que nada exhibiendo su título. Dentro de las órdenes religiosas se practica la humildad y la igualdad; pero como Corporación se aproximaban a las clases dominantes. Los jueces y toda la justicia estaban alejadas del pueblo que veían con temor y con recelo.

Sin embargo yo quisiera que se me dijera que ventajas tiene la Monarquía porque no se me oculta que en España existe una corriente monárquica que tendrá sus razones para que exista.

Si Vd., Dn. Eduardo, me contesta a esta carta sé que me ilustrará, y prescindiendo si convence o no convence, por lo menos sabré la opinión de un sector de la España viviente, que yo desde aquí no puedo valorar bien.

Espero, querido amigo, que reciba esta misiva como de un amigo que siendo democrático tiene por obligación respetar y valorar las opiniones de los demás con un abrazo que le envía cariñosamente.

NOTAS

[1] O farmacéutico melidense Antonio Taboada Roca (1899-1978), dedicouse tamén aos estudos históricos, pertenceu ao Seminario de Estudos Galegos e tomou parte na xeira de estudos realizados na súa bisbarra natal recollidos e publicados baixo o título de Terra de Melide. Foi cronista oficial de Melide e correspondente da Real Academia Galega e outras institucións xenealóxicas e heráldica.

[2] Miguel Ángel Ussei nunha colaboración sobre o centenario da vila de Rancul, celebrado en 2003, escribe:
«Cuenta la historia escrita que por el año 1900 ya había gente viviendo en estos lugares, ejemplo, la Barraca del Sr. Dowall, donde se celebraban por entonces las fiestas navideñas de
los lugareños ranculches. Año 1902, don Primo Cortiñas Vidal establece aquí el primer negocio
de ramos generales y poco más adelante llegan otros comerciantes a establecerse, por lo que estos apellidos son los verdaderos pioneros del lugar. (...)».
Explica, a continuación, como pasa a denominarse Villa Jardón, até que un decreto de 1945
recupera o nome orixinario:
«Cuando llega el primer tren, la estación se denomina «Rancul» (carrizo - especie de caña
que crecía en los carrizales). Y allí aparecen en escena los Jardón, Fernando y José María, acaudalados españoles fundadores del Banco Español del Río de La Plata y compran grandes extensiones de campos en el territorio. Una fecha; 10 de agosto de 1903, José María Jardón se presenta en el Ministerio del Interior informando que en tierras de su propiedad había resuelto fundar un pueblo y centro agrícola y que le había dado el nombre de Villa Jardón y es así como
a partir de 1903 comienza el vertiginoso crecimiento de Rancul. (...) Y es así como recordamos
a nombres que; agregados a los antes mencionados, pasamos a recordar a los pioneros, los que hicieron todo o

casi todo lo que había que hacer para el crecimiento del joven pueblo (...)».
E inclúe unha relación de dez nomes que remata precisamente con Ricardo Cortiñas, o sobriño de Primo e irmán maior de Luis. www.arq.com.mx/noticias/Cached_Pages/3101.html (consultada 29-12-2010).
Rancul, pequena localidade e concello na provincia da Pampa, tiña en 2010 unha poboación de 3.322 habitantes. É a localidade natal do internacionalmente célebre cantante Alberto Cortez (1940- 2019)]
Salustiano Minguillón, cuñado de Luis, establecido coa esposa Juana no municipio de Crespo, Entre Ríos, tivo cargos na «Junta de Fomento» da vila de Crespo en dúas ocasións: 1926-1927 e 1935-1937. Un centro comunitario desa vila leva o seu nome.

[3] Leopoldo Pedreira Taibo (A Coruña, 1869-1915), profesor nos institutos da Laguna, Baeza, Cuenca e -dende 1907 ata o seu falecemento- da Coruña foi colaborador de prensa e activista cultural nas localidades polas que pasou, publicou textos de xeografía e outros temas e un libro sobre *El regionalismo en Galicia* (Madrid, 1894), moi crítico e polémico no seu momento. Foi membro correspondente da Real Academia Galega.

[4] X. Torres Regueiro: «A Irmandade da Fala de Betanzos. 1917-1930», en *Anuario Brigantino* 1991, páx. 91-138.

[5] Ramón Piñeiro: «A personalidade política de Fermín Penzol», en *GRIAL* nº 73, páx. 283, Vigo 1981.

[6] «Documentación epistolar», e*n Grial* nº 73, páx.319-320, Vigo 1981.

[7] En 1993 a Asociación Cultural Eira Vella, de Betanzos, realizou unha edición facsimilar de 500 exemplares numerados desta publicación.

[8] De Teixeira de Pascoaes o boletín *Rexurdimento* publicara o ano anterior o poema «Fala do sol» adicado «Aos jovens poetas galegos», acompañado dunha caricatura que lle realizou Álvaro Cebreiro (no 3), así como outros dous poemas seus recollidos de poemarios xa publicados (n.os 5 e 6).

[9]Litografía e imprenta de L. Lorman, A Coruña, 1936.

[10] Manuel Durán García, «prestigioso abogado y político izquierdista» (*El Correo Gallego,* 21-07- 1934), faleceu «inesperadamente» aos 57 anos o 18 de xullo de 1934. O seu bufete era «uno de los más acreditados de Galicia. Acaso, el primero de la Región» (*El Compostelano*, 19-07-1934). Antón Villar Ponte dedicaríalle días despois un amplo e sentido artigo: «Galicia perdió outro eminente hijo suyo» (*El Pueblo Gallego*, 28-07-1934).

[11] Copia da carta facilitada pola súa neta Liliana Cortiñas. Vxse. completa en Apéndices, carta I.

[12] O neuropsiquiatra Ramón Rodríguez Somoza (Vilanova de Lourenzá, 1899-Santiago, 1994) entrara a traballar en Conxo como director do establecemento en 1932 e dirixiuno até a súa xubilación en 1960.
https://dbe.rah.es/biografias/35301/ramon-rodriguez-somoza (consulta 2-05-2022).

[13] Véxase o texto completo da sentenza en Apéndices, A.II.

[14] Sobre este personaxe, véxase: López Torre, Rafael: «Cándido Acuña Blanco, un self made man de Salcedo. Emprendedor incansable y negociante empedernido, hizo fortuna como promotor inmobiliario e industrial vinatero tocado por Baco (I)», *Faro de Vigo*, ed. Arousa, 16-05-2021.
https://www.farodevigo.es/arousa/2021/05/16/candido-acuna-blanco-self-made-51860345.html

Acuña Blanco, impulsor da Festa do Marisco de O Grove, contaba cunha rúa neste concello que lle foi retirada recentemente. Nunha carta, publicada en *Faro de Vigo* o 24 de maio de 2021, o seu fillo José Acuña Sastre preguntábase: «La injusta retirada del nombre de Cándido Acuña del callejero de O Grove, ¿por qué?».

[15] Adolfo Sánchez Díaz rexentou a alcaldía en dous períodos nomeado por Real Orde: do 1 de abril de 1922 ao 8 de xaneiro de 1923; e do 15 de abril de 1930 ao 15 de marzo de 1931. Debeu ser no segundo cando ocorriron os feitos relatados por Luis.

[16] O libro rexistro do presidio (Sierra e Alforja, 2006: CD anexo con documentos) recolle un total de 648 galegos: 267 da provincia de Pontevedra, 189 da provincia da Coruña, 122 da de Ourense e 70 da de Lugo. De Betanzos había outros dous presos, aparte de Cortiñas, cando este ingresa: José Camba Chaves, labrador de 30 anos, e Julio Hermida Estébanez, escrebinte de 18 anos, condenados ambos a 30 anos e ingresados o 11 de marzo de 1937. Este último sería trasladado á cadea de Astorga o 3 de novembro de 1942.

[17] Todas as fontes consultadas coinciden en sinalar a data do 22 de maio de 1938 como o día da fuga. Non é esta a única inexactitude de Cortiñas no seu libro, como xa temos visto.

[18] Texto escrito por María Celia Cortiñas, filla de Leoncio Cortiñas e sobriña de Luis. Facilitado por Liliana Cortiñas, neta deste último. Leva por título «Una familia católica». En realidade, segundo Sierra e Alforja (2007) «solo un 7% de presos eran comunes», que estaban aparte..

[19] Ainda que temos publicado que era natural de Illa Cristina en Huelva (Torres, 2006), por constar así nalgún dos documentos consultados como a súas propias declaracións ante o xuiz, o certo é que as autoridades deste concello andaluz respostan a unha requisitoria que «es completamente desconocido en esta localidad». Pola contra, nunha acta de defunción e noutro documento afírmase que era natural de Medellín (Badaxoz).

[20] «Mi abuela fue la primera escribana mujer de Entre Ríos. Fumaba y manejaba, era muy libre para la época,

por eso era la candidata ideal para mi abuelo.». Comunicación da súa neta Liliana Beatriz.

[21] Carta do 15 de abril de 1956 ao Presidente da Agrupación de Republicanos Españoles de Concepción del Uruguay, procedente do arquivo familiar. Ver Apéndices, Correspondencia ,carta I.

[22] En 2010 a Asociación Cultural Eira Vella, de Betanzos, publicou unha nova edición, en versión galega, que inclúe un «Limiar» (páx. 7-21) da nosa autoría, base da presente traballo. Para a edición galega servímonos dun exemplar que conservaba Tomás López Loureda, fillo do avogado Tomás López da Torre, alcalde de Betanzos en 1936 e fusilado tras consello de guerra sumarísimo. López da Torre e Cortiñas, que eran case da mesma idade, compartiran aprendizaxe avogacil como pasantes do avogado e político liberal Agustín García Sánchez. O propio Tomás fillo contounos como chegou a el este libro clandestino de mans de Carlos Peña, amigo de Luis Cortiñas e o seu inicial avogado defensor no seu xuízo. De feito, o libro ten a seguinte dedicatoria tapada: «Al inolvidable y antiguo amigo / Carlos Peña Rodríguez / principal elemento de esta pequeña / obra que le dedica con cariño / el autor / Luis Cortiñas / C. del Uruguay Enero 1960».

[23] Pablo Schvartzman (1927-2021), periodista, escritor e poeta, fillo dun xudeo masón ucraniano de Kiiv e de nai tamén nativa do antigo imperio ruso. http://www.elmiercolesdigital.com.ar>el-adios-a- pablo-schvatzman/ (consulta: 1-04-2022)]

BIBLIOGRAFÍA

BERAMENDI, Justo G. e NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manuel (1995), *O nacionalismo galego.* Edicións A Nosa Terra, Vigo.
CASTRO, Xavier (1985), *O galeguismo na encrucillada republicana,* vol. I. Publicacións da Deputación de Ourense.
NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manuel (1992), *O galeguismo en América,* 1879-1936. Ediciós do Castro. Historia. Sada, A Coruña.
PIÑEIRO, Ramón (1981), «A personalidade política de Fermín Penzol». *Grial,* nº 73, Vigo, xul-ag-set 1981, pp. 279-288.
SIERRA HOYOS, Félix e ALFORJA, Iñaki (2006), Fuerte de San Cristóbal, 1938. *La gran fuga de las cárceles franquistas.* 2.ª ed. aumentada. Edt. Pamiela, Navarra.
TORRES REGUEIRO, Xesús (1982), «Prensa nacionalista. Rexurdimento», *A Nosa Terra,* nº 201 (24/30-IX-82) e nº202 (1/7-X-82).
TORRES REGUEIRO, Xesús (1985), «A prensa betanceira (III)», *Anuario Brigantino*, nº 8, pp. 77-92, Concello de Betanzos.
TORRES REGUEIRO, Xesús (1991), «A Irmandade da Fala de Betanzos, 1917-1930», *Anuario Brigantino,* nº 14, pp. 91-138, Concello de Betanzos.
TORRES REGUEIRO, Xesús (2004), *A II República nunha vila galega. Betanzos 19211936.* Ediciós do Castro, Sada, 2004. Serie Documentos, nº 187.
TORRES REGUEIRO, Xesús (2006), «1936-1939. As vítimas betanceiras da represión.», *Anuario Brigantino,* nº 29, pp. 273-318, Concello de Betanzos.
TORRÚS, Alejandro (2022), *La gran evasión española.* Ediciones B., Barcelona.
VILANOVA, Alberto (1966a), *Los gallegos en la Argentina.* Tomo II. Buenos Aires.
VV.AA. (1981), *GRIAL, revista galega de cultura,* nº 73, Vigo, xulio-agosto-setembro 1981. Número dedicado a Fermín Penzol.

Arquivos:

Arquivo Tribunal Militar Territorial IV (ATMT IV): sumarios 63/37 e 193/39.
Arquivo Municipal de Betanzos (AMB): c. 242, c. 3373, c. 6149, c. 634
Arquivo Real Academia Galega (ARAG)
Arquivo familia Cortiñas Lema: Fotografías, comunicacións e documentación epistolar (Copias de cartas a Delio Panizza, Antonio Gondell, Eduardo Martínez Nieto, Marcelino Etcheverría e José Luis Lissarrague Leis).

Páxinas web:

Ussei, Miguel Ángel:
in http://www.arq.com.mx/noticias/Cached_Pages/3101.html (consulta: 29-12-2010)
Simón Lorda, David:
https://dbe.rah.es/biografias/35301/ramon-rodriguez-somoza (consulta: 2-05-2022).
https://www.elmiercolesdigital.com.ar>el-adios-a-pablo-schvatzman/ (consulta: 1-04-2022)

Prensa consultada:

Biblioteca Virtual de Prensa Histórica: *El Noroeste, El Orzán, El Ideal Gallego*
Galiciana Dixital: *El Compostelano, La voz de la verdad, El Pueblo Gallego, La Zarpa, El Correo Gallego, El Diario de Galicia, El Correo Gallego*
Arquivo Municipal de Betanzos: Las Mariñas; *Betanzos*, revista del Centro Betanzos de Buenos Aires; *Lar*, revista del Hospital Gallego.
La Voz de Galicia (colección dixitalizada).
Rexurdimento (edición facsimilar, A.C. Eira Vella, 1993).
A Nosa Terra (edición facsimilar, ediciones Edman, 1988).
A Fouce (edición facsimilar, Nova Galicia edicións, 1993).
Arquivo Real Academia Galega (ARAG): *Alborada*, revista de la A.B.C. Hijos del Partido de

Corcubión en Buenos Aires, e *Lar,* revista del Hospital Gallego de Buenos Aires.

Agradecementos: Ao persoal dos arquivos consultados pola súa amabilidade e atención. Á familia Cortiñas Lema e moi especialmente a Liliana Cortiñas.



Escudo da provincia de Entre Ríos (onde Luis Cortiñas viviría 45 anos de exilio) na terraza do Pasatempo de Betanzos dedicada á Arxentina. Foto: Autor.

As obras particulares
no Arquivo municipal de Betanzos (1931-1962)

ÁNGEL ARCAY BARRAL*

Resumo

Breve análise dos 3634 expedientes da serie de obras particulares do Arquivo municipal de Betanzos, datados entre 1931 e 1962, a través dos que poderemos comprender a evolución urbana da cidade, coñecer os proxectos máis destacados do momento e pór en valor un patrimonio arquitectónico que polo contexto da época non sempre é tan valorado como o doutras épocas precedentes.

Abstract

Brief analysis of the 3,634 files from the series of particular works of the Municipal Archive of Betanzos, dated between 1931 and 1962, through which we will be able to understand the urban evolution of the city, learn about the most outstanding projects of the moment and value an architectural heritage that context of the time is not always as valued as that of other previous times.

1.- Introdución

Durante o verán do 2021 tiven a sorte de traballar, grazas á empresa Xercode Media Software S.L., no Arquivo municipal de Betanzos. O obxectivo do traballo era describir parte da serie de obras particulares, unha das máis extensas de todo o fondo documental, e continuar o labor doutros investigadores e investigadoras que xa tiñan estudado, en conxunto ou en detalle, as diferentes licenzas de obras concedidas polo Concello de Betanzos ao longo da súa historia.

Mención especial merece o traballo de Mónica Vázquez Astorga *La arquitectura de los años treinta y cuarenta en Betanzos (A Coruña): Su compromiso con el ideario moderno* publicado nesta revista no ano 2008, que prosegue a estela doutros anteriores, como o asinado por Ignacio Cabano para referirse á arquitectura de González Villar (1985).

Neste caso, o proxecto comezaría coa descrición dos expedientes de 1931 e continuaría cronoloxicamente ata o remate do contrato, chegando no mes de setembro aos rexistros referidos ao ano de 1962, completando un total de 33 unidades de instalación descritas. Mais hai que ter en conta que a propia serie abarca máis de mil unidades de instalación, comezando os expedientes no primeiro cuarto do século XIX e sendo unha serie aínda activa que recibe documentación derivada do traballo diario da Administración municipal.

---

*Ángel Arcay Barral (Betanzos, 1988) é licenciado en Historia pola Universidade de Santiago e mestre en Arquivos pola Universidade do Porto (Portugal). Dende xullo do 2022 ocupa o cargo de director da Biblioteca municipal Castelao de Betanzos, o Arquivo municipal de Betanzos e o Museo das Mariñas. Conta con varios anos de experiencia noutros centros documentais e entre as súas investigacións destacan as obras referidas ao Parque do Pasatempo, á historia local e ao caso das mulleres espontáneas, co que ven de gañar o VI Premio Hume de Investigación.

De primeiras, estes anos de posguerra non parecen os máis prolíficos para sacar adiante grandes obras de arquitectura e seguramente na memoria colectiva das betanceiras e betanceiros non sobresaen demasiados edificios desta época, mais isto seguro que ten relación co estilo arquitectónico que estaba en voga nese momento. Dende os anos vinte existía unha expansión do movemento racionalista, tamén coñecido por movemento moderno noutros países e liderados por iniciativas como a Escola da Bauhaus ou o arquitecto francés Le Corbusier. A diferenza de períodos anteriores, o estilo racionalista busca unhas construcións sinxelas e funcionais, afastadas da excesiva decoración doutras correntes, onde a preponderancia da razón na motivación da construción sería un dos seus piares. Este estilo, e incluso as súas peculiaridades galegas, tiveron gran importancia en cidades como A Coruña e moitos dos arquitectos que alí traballaban exportaron os seus ideais a moitas das obras betanceiras, deixando entre nós un regueiro de pequenas construcións xeométricas, sinxelas e, malia todo, moi chamativas.

Tal e como explican Vázquez Astorga (2008: 356) ou Agrasar (2001), a chegada das vangardas e deste estilo moderno foi máis formal que visual, e débenlle boa parte do traballo a arquitectos que se formaran nas correntes eclécticas e racionalistas do cambio de século mais que rapidamente se incorporaron á linguaxe —moderna como é o caso de Bescansa, Estellés, Rodríguez Losada, Tenreiro ou o propio González Villar—. A chegada da Guerra Civil supón un problema para o avance das obras destes arquitectos vinculados ao movemento moderno e inflúe a nivel xeral no traballo de moitos deles.

Aínda que é moi complexo acoutar unicamente nun estilo ou nunha corrente a todas as obras que se realizan na cidade de Betanzos, é interesante achegarse á contextualización que os teóricos fan sobre as circunstancias desta época, para explicar, por exemplo, que *el lenguaje funcional de la nueva vanguardia europea inició una renovación de la arquitectura gallega, hasta sufrir, como en el resto del panorama nacional, un estancamiento en posguerra. En los años cuarenta se produce una vuelta a una inspiración en los estilos históricos, principalmente en el pasado barroco, buscando una pretendida identidad nacional. Habrá que esperar, en el filo de los sesenta, para que se retome el interrumpido discurso arquitectónico moderno* (Vázquez Astorga, 2008: 357).

Non é o obxectivo deste traballo facer un complexo estudo das circunstancias arquitectónicas que se teñen dado no Betanzos do século XX nin o estudo técnico das diferentes edificacións, como si que teñen feito outros autores, senón que a razón do estudo será presentar as liñas principais da documentación no referido á presenza de arquitectos, á expansión urbana dese momento ou ás motivacións de moitas das obras para poder facilitar, agardamos que nun futuro próximo, a realización de novas investigacións que afonden neste senso.

2.- Os arquitectos

Moitas das liñas que decoren o Betanzos de posguerra virán dadas polo traballo dos arquitectos que proxectaron as súas obras na cidade. Hai que ter en conta que de todos os procedementos que aparecen nos expedientes descritos, a inmensa maioría fan referencia a obras menores, amaños puntuais das casas, peche de leiras ou reparacións de alpendres. En porcentaxe serán moi baixos os exemplos de obra de nova planta que se vaian a

construír neste período, pero seguindo as biografías dos arquitectos que se acheguen a Betanzos poderemos comprender algo máis da tradición construtiva deste tempo.

Os dous arquitectos que máis traballan na cidade durante estes anos son Leoncio Bescansa e Antonio Tenreiro, con case 150 obras cada un deles. A maiores, Peregrín Estellés, man dereita de Tenreiro en boa parte das súas obras, asinou oito proxectos na cidade garela, todos na década dos anos corenta. Tanto Bescansa como Tenreiro son dous exemplos de arquitectos que beben da obra doutros colegas modernistas para acabar engrosando o grupo do eclecticismo e, de forma lóxica, ir evolucionando cara postulados racionalistas.

Leoncio Bescansa Casares proxecta en Betanzos un importante número de vivendas en Infesta ou na Avenida Jesús García Naveira, das que algunhas aínda persisten na actualidade, sobre todo na parte baixa da rúa. Conta tamén con encargos como o de construír unha vivenda de labradores no camiño de carro que vai da Magdalena á fonte da Cangrexeira, para Gumersindo Teijeiro Loureda; asina tamén unha edificación singular da cidade como é a vivenda-oficina de Enrique del Río Carreró na antiga estrada de Herves a Fontán, no chamado Camiño da Estación, ou encárgase da construción, a petición de Andrés Vasco Vázquez, do edificio destinado á industria de serrar madeiras nos xuncais próximos á estación de ferrocarril.

A través deste mapa (fig. 1) poderemos ver como están distribuídas as obras de Leoncio Bescansa nesta época, chamando a atención especialmente o número de obras realizadas en Infesta —e que para o caso consideramos tamén cas de Montellos, Requián, Vila de Suso, Xanrozo e Guiliade— contando un total de 29 intervencións nesta parte do municipio.





Por cantidade, os dous seguintes lugares nos que proxecta máis obras son as rúas do casco histórico e do barrio da Ribeira, con 23 e 22 obras respectivamente, seguidas das 15 obras realizadas na rúa do Valdoncel e as 13 realizadas na praza do Campo e o seu contorno —Avenida Linares Rivas e rúa do Rollo—.

Serán similares os datos de Tenreiro (fig. 2) canto á dispersión das súas obras, chamando a atención especialmente os datos referidos para todo o terreo que ocuparían os lugares de Infesta, Montellos, Requián ou Guiliade, onde supera o medio cento de intervencións, case duplicando os datos de Bescansa. Non hai dúbida de que toda esa zona do municipio acadou neses anos un crecemento e unha urbanización que ata o momento nunca tivera, coa instalación tanto de vivendas como de negocios e, especialmente, de industrias. O único dato no que difiren entre os lugares nos que máis traballan é que Bescansa ten moita máis presenza na rúa do Valdoncel, onde Tenreiro só traballa en catro ocasións.

Hai logo catro arquitectos que non superan a vintena de proxectos —Juan González Cebrián (19), Santiago Rey Pedreira (18), José María Iglesias Atocha (16) e Antonio Vicéns Moltó (14)— que serían os que acadan unhas cotas de representación maior nas porcentaxes de obras particulares no municipio.

Cebrián e Rey asinan na cidade da Coruña varios proxectos conxuntos e non hai dúbida en destacar a Santiago Rey Pedreira como unha das figuras máis destacadas do movemento racionalista na súa época.

De toda esta listaxe hai un dato que non é pouco importante e é que Rey Pedreira,

Tenreiro, Gónzalez Villar, Moltó e Iglesias Atocha foron durante parte da súa traxectoria, arquitectos municipais da cidade da Coruña, o que fala tamén da súa calidade e do seu peso dentro do panorama arquitectónico galego. Pola súa banda, Bescansa foi tamén arquitecto municipal en Lugo e Santiago de Compostela (así como de Córdoba e outras institucións galegas de ámbito provincial ou eclesiástico); Estellés foi o encargado de dirixir as obras do Ministerio de Facenda na Coruña durante máis de tres décadas; Nemesio López encargouse da arquitectura ferrolá durante varios anos e Rodríguez-Losada foi a cabeza visible da arquitectura da Deputación da Coruña durante corenta anos[1].

Arquitecto	Número de proxectos
Leoncio Bescansa	145
Enxeñeiro Escribano Blesa	11
Peregrín Estellés	8
Enxeñeiro Fernández Manso	11
Juan González Cebrián	19
Rafael González Villar	1
José María Iglesias Atocha	16
Nemesio López Rodríguez	13
Manuel Andrés Reboredo López	5
Santiago Rey Pedreira	18
Eduardo Rodríguez Losada	6
Enxeñeiro Agrónomo J. Rodríguez Sardiña	1
Antonio Tenreiro	139
Antonio Vicens Moltó	14

Ao estudo desta realidade arquitectónica betanceira haberá que sumarlle a contribución de varios enxeñeiros que tamén asinan proxectos de construción. Un será o realizado polos enxeñeiros agrónomos Escribano Blesa e Fernández Manso, encargados de construír unha vivenda rural con bodega na finca do Carregal, propiedade de Jesús Carro Becerra, dentro dun programa do Ministerio de Agricultura e do Instituto Nacional de Colonización. Outro proxecto asinado por un enxeñeiro será o que rubrique J. Rodríguez Sardiña para cumprir a vontade de Raúl Fernández Meás, en representación da S.A. Española de Fomento del Lúpulo, para construír o antigo secadoiro de lúpulo na estrada a Madrid.

3.- As localizacións

Seguindo coa división neses grandes grupos que empregamos para os mapas de Bescansa e Tenreiro, podemos dicir que as variables para un resumo xeral das intervencións que houbo en Betanzos neses anos, entre 1931 e 1962, non difire demasiado das localizacións nas que foron contratados eses arquitectos.

Como as propias obras non inclúen unicamente a construción de edificacións de nova planta senón que tamén contempla todo tipo de amaños, é lóxico pensar que habería máis intervencións naqueles barrios máis populosos. A grosso modo, podemos establecer as seguintes porcentaxes:



O lugar que conta con máis intervencións é o propio casco histórico, a antiga cidade amurallada, que acubilla un milleiro de intervencións tanto nas vivendas como nos locais comerciais que abarrotaban as antigas rúas gremiais betanceiras. Destacan exemplos como o asinado por José Granero Lagoa, que solicita autorización para reformar a fachada da casa e construír dous escaparates no número 45 da antiga rúa José Antonio Primo de Rivera, instancia que acompaña dunha fotografía, algo non moi habitual nas solicitudes. Con varias fotografías da Porta do Cristo tamén presenta Francisco Sanmartín Rivas a solicitude para restaurar a casa número 102 da rúa da Ribeira e a propia porta. Outros comercios que fan melloras son a farmacia Couceiro, que en 1941 quere reformar a fachada do depósito farmacéutico ampliando o proxecto formulado por Leoncio Bescansa; o antigo comercio Álvaro Juan, onde o seu propietario presenta varias solicitudes para mellorar o local; ou José Brea Fraga que solicita reformar o posto número 38 do mercado para instalar nel unha carnicería.

O segundo lugar da vila no que se realizan máis intervencións é o barrio da Ribeira, contemplado este como a suma tamén do peirao e a travesía da Mariña, aínda que non chegan a ser medio milleiro de obras, a metade se o comparamos coas rúas da cidade amurallada. Para esta zona, ademais das melloras nas vivendas e construción de varios edificios que aínda se conservan na actualidade, atopamos obras de interese como a

solicitada por Victor García Castiñeiras para que lle concedan un galpón do Matadoiro para instalar unha "máquina universal para el preparado de madera y otros bancos de trabajo" ou o de María Alonso Lorenzo que ten a intención de construír unha fábrica de bloque vibrado nesa mesma zona. No contorno do Matadoiro tamén quererá instalar unha fábrica de elementos de formigón vibrado Enrique del Río Carreró, outra das figuras principais da arquitectura betanceira neste período, por ser o responsable municipal desta cuestión. Haberá tamén tres expedientes da empresa Serrerías del Mandeo S.L, solicitando permisos para construír galpóns ou un garaxe nos xuncais.

E como xa advertimos, o terceiro punto do municipio que máis obras concentra sería o entramado formado polas parroquias de Santiago de Requián e Santo Estevo de Piadela, sumando case trescentas peticións de obras, moitas delas de obra nova, especialmente na zona de Infesta. Nesta zona tamén haberá varias solicitudes para construír almacéns e naves industriais, destinadas á fabricación de viño ou ao serradoiro de madeiras, onde chega a intervir Peregrín Estellés. Entre as obras de menor envergadura gustaríame destacar a solicitada por Antonio Arcay Fernández, o meu bisavó, que en 1944 solicita construír a súa casa no lugar de Montellos, con proxecto de Leoncio Bescansa, e dez anos despois pide permiso para transformar a palleira de madeira por outra de ladrillo que se conservou ata fai uns anos.

Seguindo a orde das intervencións, o barrio que ocupa a cuarta posición desta clasificación sería o do Valdoncel, complementado coas casiñas da Galera e da Feira Nova. Trátase dun barrio que non mudou demasiado a súa fisionomía, máis alá das modificacións producidas pola destrución da antiga Ponte Nova, desaparecendo varios edificios que convivían pegados ao tramo inicial da ponte. Boa parte dos arquitectos mencionados anteriormente traballan neste lugar e destacan obras como as melloras realizadas por Juan Migal Docampo, José López González ou Francisco Porto Porto nas súas bodegas, xa que a zona da Galera aínda conserva na actualidade a súa relevancia dentro do mapa vitivinícola betanceiro coas súas adegas do viño do país.

O quinto lugar é o ocupado por todas as obras que se realizan na praza dos Irmáns García Naveira e o seu contorno máis inmediato, a Avenida Linares Rivas e a rúa do Rollo, da Alhóndiga ou de Arxentina, unha zona que naquel momento aínda non acadara o desenvolvemento urbanístico que ten na actualidade. Nesta zona concéntranse todas as obras en cafeterías que existen nese momento, como a solicitada por Josefa Turrau Bugallo para reformar o café Universal no número 10 da Avenida Linares Rivas; as que pide Francisco Lousa Dapena para mellorar a cafetería do Liceo Recreativo; a de Celestino Luís Crespo para o Bar Cheíño do número 2 da Avenida Linares Rivas ou a de Marcelino Álvarez Dopico para reformar o mostador do quiosco onde está instalado o Bar Maíno. Hai tamén expedientes para obras realizadas en establecementos emblemáticos da cidade e que están situados nos soportais da praza do Campo, como son o Capitol ou o Casanova, ou outros como o Ideal ou o Chirri. Existe tamén unha solicitude acompañada de fotografía presentada por Antonio Blanco Viñas para poder colocar unha vitrina de madeira e cristal, con iluminación fluorescente interna, para expoñer propaganda do cine e fotografía, no ángulo interior dos soportais, aparecendo parte da antiga casa de Águeda García Iribarne, que tamén solicita nun expediente facer o peche da súa finca. Do seu

irmán, de Juan Jesús García Iribarne, existen algunhas solicitudes, como a que rexistra para construír dous miradoiros no alto da casa número 8 da praza dedicada ao seu pai e ao seu tío.

Seguramente un dos expedientes máis senlleiros deste fondo será o que se crea coa solicitude de Agustín Concheiro Golpe en 1946 para contar ca autorización que o levará a construír, baixo o proxecto de Peregrín Estellés, a pista de baile que xestionou na Avenida Linares Rivas, coñecida popularmente como pista Rey Brigo.

Segundo o volume de intervencións realizadas, o seguinte barrio sería o que chamaremos da Ponte Vella, que comprende todo o terreo entre a Ponte Vella e a Igrexa dos Remedios, é dicir, a rúa de Saavedra Meneses, a praza de Enrique IV ou a rúa da Nosa Señora do Camiño, reunindo case duascentas cincuenta obras particulares neste territorio. Antecede na lista ao contorno de Betanzos O Vello (Touriñao, Xerpe, Braxe, etc.) que conta con cen licenzas concedidas menos e nas que predominan sobre todo as peticións para melloras relacionadas cas tarefas agrícolas como poden ser a construción de alpendres ou hórreos, a construción de galiñeiros ou a hixienización e saneamento das casas.

Cuns datos similares atopariamos a todo o conxunto da Cañota, a rúa das Monxas, os Ánxeles ou a Cruz Verde, onde ademais das obras habituais, existen peticións para mellorar o convento, para o cine Capitol e, sobre todo, para mellorar a condución das augas nesa zona.

O seguinte conxunto sería o composto pola Avenida de Castela e a súa baixada ata Roibeira, que malia non chegar ao cento de proxectos si que conta con obras de consideración, como a que xa vimos para construír o secadoiro de lúpulo ou varios amaños no local da Casilla.

Por número de obras o seguinte conxunto será o do barrio das Cascas, onde case todos os encargos son para reformas ou construcións de vivendas, e aparecen tamén solicitudes como a de Avelino Souto Martín para construír un almacén no número 10 da avenida Jesús García Naveira e que remataría instalando o seu negocio ao lado da fonte das Cascas.

Para a avenida dedicada ao filántropo existen unhas setenta obras rexistradas, nas que tamén destacan os proxectos realizados por Juan Jesús García, como a construción do hórreo nas hortas do Frade, na parte posterior do seu garaxe localizado na avenida, así como algunhas melloras para esta instalación que posuía anteriormente o seu tio Jesús García Naveira. Desta época serán tamén varios dos edificios racionalistas da parte alta da rúa, como aínda rezan as datas na súa fachada, xa estudados nesta revista por Mónica Vázquez Astorga (2008).

En cantidades similares á avenida Jesús García Naveira e ao barrio das Cascas estará o da Magdalena, concentrando neste perímetro as construcións realizadas na Avenida da Coruña, na avenida Fraga Iribarne, na Condomiña, na Cangrexeira e na zona da estación do ferrocarril. Neste apartado estarán as propostas realizadas por Andrés Vasco

para a construción e posterior mellora do serradoiro de madeiras, varios expedientes das Industrias Núñez solicitados por José Núñez Lisarrague, entre eles o do peche da finca da súa industria ou a construción dun transformador eléctrico; outra de Antonio Núñez Piroto para ampliar as oficinas do serradoiro mecánico pertencente tamén á familia; ou as de Agustín Núñez Corral para diversas melloras na fábrica.

Nese novo ensanche da Magdalena tamén haberá espazo para novas industrias, como a instalada por Manuel Rey Ruanova, que en 1949 solicita construír un galpón para destinar a taller na rúa da Magdalena, no que gardar os coches que vaia reparar. Outra familia importante neste lugar será a dos De la Fuente Nistal, das que hai memoria de varias solicitudes para mellorar as vivendas familiares na parte traseira do parque municipal.

Entre as obras de menor importancia haberá que destacar os das melloras nas casas, como o que asinou a miña avoa, María López Salorio, en nome do seu pai, Antonio López Taboada, para refacer o piso do balcón da fachada posterior da casa número 8 da rúa da Magdalena. Catro anos antes, en 1941, o meu bisavó tiña solicitado reparar o tellado da súa bodega sita na mesma casa.

Por último, a zona que conte con menos intervencións, será a que combina o lugar das Angustias con Illobre e Castro Pontellas, que non chega ao medio cento de intervencións. Entre as máis curiosas destacan a solicitada por Manuel Lauda Arcay para transformar en cuadras unha bodega do lugar da Torre de Illobre, propiedade da Condesa da Maza.

Lugar	N.º obras
Alhóndiga, Rúa da	18
Ana González, Rúa de	73
As Angustias	3
Ánxeles, Rúa dos	29
Arxentina, Rúa	54
Betanzos O Vello	14
Brabío	11
Braxe	11
Camiño da Estación	1
Campo da Feira	5
Cañota	25
Caraña	82
Casas Novas	14
Casas Vellas, Praza	1

As Cascas	75
Castela, Avenida de	78
Castro de Unta, Rúa	5
Castro Pontellas	32
Castro, Rúa do	4
Cervantes, Rúa de	43
Condomiña	5
Cruz Verde	36
Enrique IV, Praza de	33
Feira Nova	2
Fonte de Unta, Rúa	4
Fraga Iribarne, Avenida	1
Galera, Rúa da	21
Graña	8
Guiliade	51
Illobre	3
Infesta	192
Irmáns García Naveira, Praza	139
Jesús García Naveira, Avda.	69
Lanzós, Rúa de	21
Linares Rivas, Avenida	33
Magdalena	53
Manuel Naveira, Rúa de	28
Mariña, Rúa da	120
Méndez Núñez	71
Montellos	3
Monxas, Rúa das	61
A Nosa Señora do Camiño	48
Nova, Rúa	66
Pardiñas, Rúa de	61
Peirao, Praza	4
Peixaría	23
Ponte Nova	12
Ponte Vella	2
Pozo, Rúa do	4
Primo de Rivera, Rúa de	16
Progreso, Travesías do	33
Quiroga, Rúa de	54
Ribeira	287

Rivalta (Pontellas)	3
Roibeira	4
Roldán, Rúa de	70
Rollo, Rúa do	7
Rúa Mandeo	56
Saavedra Meneses	101
San Francisco	6
Sánchez Bregua	81
Sánchez de Taibo, Rúa de	31
Santa María, Rúa de	69
Santiago, Rúa de	8
Tiobre	10
Torre, Travesía da	27
Touriñao de Abaixo	28
Touriñao de Arriba	7
Travesa, Rúa	219
Valdoncel	224
Viúxe	1
Xanrozo	27
Xeneral Franco, Praza do	17
Xerpe	13

4.- As obras

Como xa avanzamos, non todos os expedientes contemplan a construción de novas vivendas e edificios, nin van acompañados de planos e fotografías que ilustren graficamente as melloras vividas na cidade. A inmensa cantidade dos documentos que forman parte da serie recollen a solicitude e o permiso para realizar obras de menor importancia no interior das vivendas, para ir adaptando as súas casas á modernidade e aos novos hábitos hixiénicos.

Facendo unha busca rápida na base de datos creada podemos atopar que existen máis de douscentos expedientes que reflicten directamente a realización destas obras menores nas casas, seguidos en importancia polas obras de saneamento, xa que a partir do ano 1941 hai un interese especial por mellorar as condicións das casas, dos residuos que xeraban e da acometida das augas. Estes datos terán relación cos case setenta expedientes que hai referidos á acometida de augas das casas, xa sexa a través do entramado municipal ou de pozos que tamén aparecen nas solicitudes. E é que as normas da época comezan a incidir na necesidade desta mellora en todas as residencias, por iso haberá tamén case setenta expedientes que fagan referencia á necesidade de realizar obras para facer chegar a auga potable ás casas.

As construcións de obra nova rexistrada non chega aos douscentos casos, e resultan interesantes tamén os 58 documentos que fan referencia á reconstrución da vivenda.

Non hai que esquecer a tradición agrícola de Betanzos, por iso termos como "finca", "hórreo" ou "alpendre" serán unha constante nas solicitudes presentadas ante o Concello de Betanzos. E pola contra, a tradición gremial, como xa comentamos, aparece recollida no importante número de comercios que solicitan melloras para mostradores, escaparates ou baixos comerciais da vila.

Nas melloras das cociñas, o máis habitual é a instalación das cociñas bilbaínas e só haberá unha petición que exprese directamente a necesidade de instalar unha cociña de gas. Será a presentada por Tomás Pérez do Porto no ano 1960 para a súa casa da rúa do Valdoncel.

Tipo de proxecto	N.º obras
Obras na casa	210
Saneamento	206
Construír unha casa	191
Finca	152
Cociña	141
Reforma	138
Auga potable	103
Bodega	78
Peche	78
Escaparate	69
Acometida	67
Reconstruír a casa	58
Mostrador	51
Alpendre	48
Cuadra	44
Galpón	40
Industria	40
Comercio	29
Cheminea	23
Construír un edificio	21
Demoler	20
Forno	19
Instalar unha cociña bilbaína	17
Reparar a casa	11
Cine	7
Lúpulo	5
Casa de comidas	2
Reconstruír edificio	1

5.- A evolución

Outra variable que pode resultar de interese para analizar este tipo de expedientes é a súa evolución ao longo dos anos, xa que se incrementan parcialmente o número de solicitudes co avance dos tempos. Isto trátase dun dato que hai que coller con certa cautela, xa que o número de expedientes non irá unicamente ligado á prosperidade económica que permita realizar novas obras na cidade, senón que terá que ser entendido xunto á burocratización de moitos trámites ante as autoridades, á realización de melloras no urbanismo local —como a canalización das augas, onde as obras de saneamento iniciadas sobre todo a partir de 1941 marcan un claro auxe das peticións nun ano no que só hai unha ducia de construción de nova planta— ou ás propias circunstancias de cada momento, sendo menor as obras solicitadas nos anos do conflito bélico e nalgúns anos de posguerra en comparación co desenvolvemento económico do franquismo nos anos cincuenta.

A representación visual poderíamos establecela do seguinte xeito, sendo unha evolución practicamente progresiva ao decorrer dos tempos:



6.- Conclusións

En definitiva, os expedientes de obras particulares permiten analizar a evolución practicamente diaria do crecemento da nosa cidade. A través das diferentes peticións dos veciños de Betanzos podemos comprender os cambios nas rúas e a modernización progresiva da nosa arquitectura. Por sorte, esta serie do arquivo municipal está practicamente descrita na súa totalidade, restando a día de hoxe uns poucos expedientes dos anos sesenta sen analizar, polo que resulta unha ferramenta sumamente interesante tanto para a xestión administrativa como para a investigación histórica.



Foto da instancia presentada por Antonio Blanco Viñas solicitando permiso para colocar unha vitrina de madeira e cristal, con iluminación fluorescente, para expoñer propaganda do cine (AMB c.636_01)



Fotografía da fachada que pretendía reformar José Granero Lagoa para construír dous escaparates no número 45 da rúa Travesa (AMB c.642_106)



Fotografía dos escaparates que pretende reformar Luís Sánchez Carro no número 10 da antiga rúa Méndez Núñez (AMB c.641_89)



Plano da instancia presentada polos señores herdeiros de Hijos de A. Núñez solicitando autorización para construír unha casa de cinco plantas nos números 4 e 6 da rúa Sánchez Bregua



Plano do cine que pretendía construir Antonio Blanco Viñas nos números 5A e 5B da rúa dos Anxos (AMB, c.617_01)



Plano do proxecto de Agustín Concheiro Golpe para construír un edificio destinado a pista de baile na Avenida Linares Rivas, con proxecto de Peregrín Estellés (AMB c.623_102)



Plano do proxecto de Raimundo Montes Navaza para construír un cine na praza dos Irmáns García Naveira, con proxecto de Santiago Rey Pedreira (AMB c.3404_01) (1)



Plano do proxecto de Raimundo Montes Navaza para construír un cine na praza dos Irmáns García Naveira, con proxecto de Santiago Rey Pedreira (AMB c.3404_01) (2)



Plano do proxecto de Raimundo Montes Navaza para construír un cine na praza dos Irmáns García Naveira, con proxecto de Santiago Rey Pedreira (AMB c.3404_01) (3)



Plano do proxecto de reconstrución da casa de Dolores Veiga Pandelo en Infesta (AMB c.617_28)



Plano do proxecto presentado por Enrique del Río Carreró para construír unha vivenda-oficina no Camiño da Estación, con proxecto de Leoncio Bescansa Casares (AMB c.627_04)



Plano do proxecto presentado por Antonio Noguerol Otero para construír un edificio na antiga rúa Arxentina, con proxecto do arquitecto Antonio Tenreiro (AMB c.634_41)



Plano do proxecto presentado por Erundino Gallego Toirán para construír un edificio na avenida Jesús García Naveira, con proxecto dos arquitectos Santiago Rey e Juan González Cebrián (AMB c.626_01)



Plano do proxecto de Víctor Díaz Rodríguez para construír un edificio destinado a cine no Picardel AMB c.615_01



Plano do proxecto solicitado por Victor Díaz Rodríguez para construír un edificio destinado a cine no Picardel (AMB c.615_01)



Plano interior do cine que pretendía construir Anotnio Blanco Viñas nos números 5A e 5B da rúa dos Anxos (AMB, c.617_01)



Plano do proxecto presentado por Luís Sevilla González para ampliar o secadoiro de lúpulo, con proxecto de Jacobo Rodríguez Losada (AMB c.630_03)



Plano presentado por D. Rafael Fariña Otero para construír un garaxe na estrada da Coruña a Madrid, con proxecto de Jacobo Rodríguez Losada (AMB c.635_60)



Plano presentado por D. José Veiga Roel solicitando autorización para reconstruír a casa número 2 da rúa Sánchez Bregua, con proxecto de Juan González Cebrián. (AMB c.624_110)



Planos do proxecto de construción da casa de Carmen Santiago Rosendo na rúa das Cascas, proxectado por Antonio Vicens Moltó (AMB c.621_21)



Proxecto da casa de Antonio Sánchez no lugar de Infesta



Proxecto de elevación dun piso á casa sita na Avenida de Linares Rivas propiedade de Andrés Vasco

NOTAS

[1] Por non desviar a atención do lector non entraremos a realizar as análises das biografías particulares de cada arquitecto, mais para ampliar as filiacións institucionais dos diferentes persoeiros, recomendo encarecidamente o proxecto Art-Noveau Coruña, do arquitecto Alberto Fuentes, centrado na difusión do patrimonio arquitectónico da cidade herculina dende as redes sociais.

BIBLIOGRAFÍA

ABELLEIRA, M. (2016). *La arquitectura en Galicia durante la Autarquía: 1939-1953*. Tese de Doutoramento da Universidade da Coruña.

AGRASAR-QUIROGA, F. (1992). "Cubismo y arquitectura racionalista: la vanguardia aceptada", no *Boletín Académico*, n.º 15, pp. 33 - 41.

AGRASAR-QUIROGA, F. (1994). "Rasgos diferenciales del racionalismo gallego: tradición y modernidad", no *Boletín Académico*, n.º 18, pp.12 - 17.

AGRASAR-QUIROGA, F. (2001). *La composición arquitectónica racionalista en Galicia: forma y esencia de la arquitectura gallega en los años treinta.* Tese de Doutoramento na Universidade da Coruña.

BARRECHEGUREN FERNÁNDEZ, J. (2020). *Morriña de Cuba. A Coruña a través de sus palmeras.* Asociación Morriña de Cuba, Vigo.

CABANO VÁZQUEZ, I. (1985). "La arquitectura de Rafael González Villar en Betanzos", en *Anuario Brigantino*, n.º 8, pp.131-144.

FERREIRO DÍAZ, C. (2016). "El hormigón en la arquitectura racionalista coruñesa. Un nuevo material para una nueva forma", en *Tracería: revista de rehabilitación arquitectónica*, n.º 2, pp. 17 - 24.

LOUZAO-MARTÍNEZ, F.-X. (2015). *Historia de la arquitectura en Galicia: del neoclasicismo a la autarquía.* Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións.

RÍO VÁZQUEZ, A. S. (2014). *La recuperación de la modernidad en la arquitectura gallega.* Tese de Doutoramento da Universidade da Coruña.

RÍO VÁZQUEZ, A. S. (ed. lit.) (2021). *La Ciudad Jardín coruñesa: textos para un centenario.* Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións.

VÁZQUEZ ASTORGA, M. (2008). "La arquitectura de los años treinta y cuarenta en Betanzos (A Coruña): su compromiso con el ideario moderno", en *Anuario Brigantino,* n.º 31, pp. 355 - 374.

WALTER MUÑOZ, L. (2012). *Santiago Rey Pedreira: constructor de ideas.* Tese de Doutoramento da Universidade da Coruña.

Actualizando a tradición: uns Xogos Florais do século XXI

PESQUEDELLAS*

Sumario

Os Xogos Florais foron encontros literarios que, no contexto do Rexurdimento, prentendían espallar o sentimento galego. Na cidade de Betanzos celebráronse ata fai relativamente poucos anos e, especialmente os de principios do século XX tiveron moita sona. Conscientes dun panorama lingüistico actual, desalentador para a lingua galega, a Asociación Pesquedellas decidiu retomar esta tradición e renovala.

Abstract

The Floral Games were literary meetings that, in the context of the Resurgence, intended to spread Galician sentiment. In the city of Betanzos they were celebrated until relatively few years ago and, especially those of the beginning of the 20th century, they were very famous. Aware of a current linguistic panorama, discouraging for the Galician language, the Pesquedellas Association decided to resume this tradition and renew it.

1. Introdución e xustificación histórica
2. Actualizando unha tradición
3. Desenvolvemento dos eventos
4. Xogos Florais 0 para a posteridade: un poemario en liña
5. Conclusións

---

* O grupo **Pesquedellas** nace en Betanzos no ano 2019 motivadas por saber máis sobre o folclore e a cultura tradicional galega, formando un proxecto no que a través de entrevistas a persoeiros deste mundo buscan respostar ás súas inquedanzas e compartir reflexións nas redes sociais para aqueles que teñan intereses parecidos ó seu. No ano 2021 constitúese como asociación seguindo coa súa investigación e difusión do patrimonio.

Sara Fraga Pérez é historiadora e xestora do patrimonio pola Universidade de Santiago de Compostela. Adícase á xestión cultural e á difusión do patrimonio, tanto material coma inmaterial.

Noelia Fraga Pérez é estudante de língua e literatura francesa na Universidade de Santiago de Compostela. Extracurricularmente adícase ó estudo e investigación do patrimonio inmaterial galego.

Gala Illanes Illobre é graduada en lingua e literatura galegas e estudante de lingua e literatura alemáns na Universidade de Santiago de Compostela. Asemade, investigadora independente sobre o folclore e o patrimonio inmaterial galego.

Fátima López Freire é educadora e mestra. Traballa activamente na investigación e difusión do folclore e patrimonio inmaterial galego.

1. Introdución e xustificación histórica

A vila de Betanzos foi un lugar sinalado na loita pola lingua galega no pasado con figuras como Antolín Faraldo ou fitos históricos coma o primeiro discurso político en galego, a Irmandade da Fala de Betanzos ou os propios Xogos Florais.

Os Xogos Florais foron encontros literarios nos que diversos autores presentaban obras ou composicións cunha finalidade artística pero tamén con vontade de defender a lingua e a cultura galegas, contribuíndo así ao Rexurdimento das letras galegas. Estes encontros constaban dun concurso literario como actividade principal do que posteriormente se realizaba unha publicación con todos os escritos participantes; mais sabemos que tamén existiron, dentro dos Xogos Florais, concursos de investigación ou de creación pictórica. Nos eventos que rodeaban o festival participaban as Irmandades da Fala e os recén creados Coros Históricos e tamén a Corte do Amor, que hoxe en día evolucionou á raíña das festas de Betanzos e a súa corte.

A vinculación coa lingua e tradición galegas deste evento concorda cos obxectivos que se promulgan dende a Asociación Pesquedellas, polo que resultou especialmente interesante recuperar a tradición dos Xogos Florais no contexto lingüístico actual.

Lamentablemente, na actualidade o uso do galego entre a xuventude é minoritario, así como o consumo de contido artístico en galego, pois en estudos recentes sinálase que máis do 30% da poboación galega de máis de 16 anos considera que o galego se fala pouco ou nada[1] , e que o 40% da mocidade non coñece ningún grupo que cante en galego"[2]. Mais os neofalantes preséntanse como unha esperanza para a lingua, pois, que unha persoa fale en galego, non se debe só a que sexa criada neste idioma, senón tamén a unha escolla persoal que radica no prestixio desta[3].

Polo tanto, decidiuse impulsar unha edición dos Xogos florais renovada, enfocada directamente á xuventude e tentando adaptala á actualidade, promovendo o uso da lingua galega dentro deste grupo de idade. Dun xeito actualizado, uniuse a poesía tradicional, a máis arraigada e lonxeva de Galicia, coas creacións máis vangardistas da xuventude galega. Os eventos deste festival literario tiveron lugar en espazos patrimoniais importantes históricamente para a vida cultural betanceira, dotándoos dun novo significado e de novos usos.

2. Actualizando unha tradición

A recuperación dos Xogos Florais fíxose co feminismo e a cultura popular como conceptos transversais, poñendo o foco na poesía tradicional galega, creada e transmitida polas mulleres do rural galego. Estas mulleres, ademais de transmitir o folclore de xeración en xeración tamén actuaron como o que hoxe entendemos como xestoras culturais, encargándose da organización das foliadas (recadando os cartos, os instrumentos e preparando os espazos necesarios para que tivesen lugar estas festas).

É por isto que a equipa organizadora dos Xogos Florais 0 foi integramente feminina, e o programa do evento contou con actividades nas que se enxalzaba a figura da muller galega. Así mesmo, este evento tivo unha vontade democrática e un espírito de creación colectiva, entendendo a cultura como unha creación bidireccional. Foi por esta razón pola que o concurso literario se realizou cun formato de Slam Poético.

Esta nova disciplina consiste nunha competición escénica na que os poetas só contan con tres minutos para presentar as súas composicións. Asemade, a característica que máis encaixou cos ideais destes novos xogos foi o seu carácter interactivo; é dicir, o público non é pasivo, senón que xoga un papel importante: o de xurado. Este xa non está

composto por e studosos en literatura, senón que o público asistente pode decidir quen é a gañadora, característica que fai que nestes certames xa non sexa suficiente soamente escribir, senón que agora o poeta debe contar tamén cun bo carácter *performativo*.

En particular, nas bases que se crearon para os participantes non se quixo propoñer ningún tema, senón que o máis importante era incluír dentro da composición polo menos unha estrofa que seguise a métrica das coplas tradicionais galegas: catro versos de oito sílabas con rima nos versos pares; un romance.

3. Desenvolvemento dos eventos

Seleccionáronse cinco eventos[4] relacionados coa poesía e a tradición, repatíndose en dúas fins de semana do mes de setembro. Na primeira delas tivo lugar a proxección do documental "Dorothé na Vila" de Olaia Tubío e Alejandro Gándara e un concerto do dúo Casás-Barcia. Non se perdeu ocasión de aproveitar o espectacular Cine Alfonsetti, o máis antigo de España en activo, para a proxección do documental, e o claustro do Museo das Mariñas como emprazamento para o concerto posterior do dúo.

A longametraxe documental recolle as historias que se atopan tras o *Cancioneiro Popular Galego* de Dorothé Schubarth, etnomusicóloga suiza, que recorreu o rural galego dende finais dos 70 ata mediados dos 80 para recoller as melodías tradicionais, compilando unha obra fundamental para tradición oral galega.



Figura 1.

A actuación do dúo Casás-Barcia[5] no claustro do Museo das Mariñas foi idónea para seguir á proxección do documental. Richi Casás comparte un dos testimonios dentro de Dorothé na Vila; el medrou escoitando á súa avoa Rosa e á súa tía avoa Adolfina cantar na casa e tras finar estas dúas, descubriu as gravacións que no seu momento lles fixera Dorothé a estas mulleres tan importantes para el. Xunto co acordeonista Fran Barcia, reinterpretou o repertorio de Cerceda mesturando a tradición e o jazz cun resultado que invita ó baile.



Figura 2.

Ao día seguinte Montse Rivera, compoñente de Leilía, amosou a través do concerto didáctico "Cóntoche un traxe"[6] como hoxe en día o traxe tradicional ten novos significados; xa que, durante os Xogos Florais de 1918 en Betanzos, a raíña das festas e a súa "corte do amor" vestíronse co traxe tradicional como símbolo de patriotismo. Así pois, este espectáculo busca botar a vista atrás de maneira amena para amosar a riqueza da indumentaria galega e recuperar unha riqueza léxica da vida cotiá que se foi perdendo.

A segunda fin de semana foi a que pechou os Xogos Florais 0. Na primeira xornada foi celebrado o I Slam Poetry[7] betanceiro, enmarcado dentro desta festividade e nun emprazamento moi emblemático, o café-bar Lanzós, situado no casco vello e lugar de múltiples concertos que lle trasmiten vida á parte máis histórica da vila. Con este concurso buscouse a participación da xuventude betanceira, non só da man da creación senón tamén como receptora e xurado.



Figura 3.

Para rematar, na última xornada entregáronse os premos ás gañadoras do I Slam Poetry, da man do dúo musical Caamaño e Ameixeiras[8]. Estas rapazas de Oza dos Ríos e Baio respectivamente trouxeron os seus temas vocais do seu novo disco *Aire!*, no que mesturan autoría propia e reinterpretacións de cantares tradicionais. A característica que fixo desta xornada unha celebración especial é que todo o público estivo invitado a vestirse co traxe tradicional galego, facendo honra ao famoso "Domingo das mozas" lucense e poñéndolle un punto final moi festivo para a vila de Betanzos, e dándolle á xornada un carácter revindicativo e enxalzador.



Figura 4.



Figura 5.

4. Xogos Florais 0 para a posteridade: un poemario en liña

A publicación das poesías resultantes dos pasados concursos poéticos foron o testemuño que perdurou desta celebración polo que, tras a realización do I Slam Poetry, decidiuse que unha ocasión así era idónea para continuar a "Escola" que os Xogos Florais deixaron históricamente grazas ás súas publicacións. Da man da deseñadora e ilustradora galega Nébeda, que estivo a cargo do deseño da cartelaría, creouse un poemario en liña con todas as composicións participantes neste encontro e os seus autores.

Asemade, era importante acorde co ideario da equipa que este poemario estivese dispoñible en todo momento para quen quixera consultalo. Por estes motivos esta publicación foi totalmente en liña[9] e de maneira gratuíta para que a cultura estea sempre a disposición do pobo.

5. Conclusións

Dende a Asociación Pesquedellas buscamos coa revitalización dos Xogos Florais non só dotar dunha nova perspectiva á cultura en galego na vila de Betanzos, senón tamén defender a lingua e a cultura galegas dentro do contexto lingüístico actual, dotándoo dun espazo no que poida desenrolarse pouco a pouco entre a mocidade.

Para as membras desta asociación era moi importante poder devolver ao pobo esta tradición literaria que loita en prol do galego e, facendo algunhas adaptacións creouse unha edición dos Xogos Florais renovada e enfocada na mocidade creadora, achegándoa á actualidade e promovendo o uso da lingua galega nas novas xeracións. Desta maneira, os espazos betanceiros patrimoniais víronse ocupados por unha mestura de poesía tradicional galega

e as creacións máis vangardistas da nosa mocidade.
O resultado foi dunha resposta positiva abrumadora, mais sendo conscientes de que inda queda moito traballo por facer e unha rutina que asentar, para que unha festividade tan importante como foron os Xogos Florais na historia tanto de Betanzos como de Galicia, volva a formar parte da tradición da vila brigantina.



Figura 6.

NOTAS

[1] Pardo, M. (2019), *O galego resiste como lingua maioritaria da metade da poboación*, en: https://praza.gal/acontece/o-galego-resiste-como-lingua-maioritaria-da-metade-da-poboacion
[2] Pardo, M. (2021), *Un estudo sobre hábitos musicais advirte que o 40% da rapazada non coñece grupo ningún que cante en galego*, en: https://praza.gal/cultura/un-estudo-sobre-habitos-musicais-advirte-que-o-40-da-rapazada-non-conece-grupo-ningun-que-cante-en-galego
[3] Pérez Pena, M. (2020), *O galego, cada vez menos unha lingua de berce e máis unha lingua de elección*, en: https://praza.gal/cultura/o-galego-cada-vez-menos-unha-lingua-de-berce-e-mais-unha-lingua-de-eleccion
[4] vid. Figura 1
[5] vid. Figura 2
[6] vid. Figura 3
[7] vid. Figura 4
[8] vid. Figura 5
[9] vid. Figura 6 https://issuu.com/pesquedellas/docs/slam



Arume

ACONTECEMENTOS DO ANO

A redacción do *Anuario Brigantino* agradece a colaboración especial para este apartado dos corresponsais locais de *La Voz de Galicia*, *El Ideal Gallego, La Opinión, El Correo Gallego, Betanzos e a súa Comarca, El Metropolitano* e *as Mariñas.*



5 de xaneiro de 2021

Foi suspendida a tradicional cabalgata polas medidas de seguridade pola Covid. Os máis pequenos poideron pedirlles os seus regalos nunha recepción especial dos Reis Magos nas pistas polideportivas cubertas do Carregal.

8 de xaneiro de 2021

O Concello sorteou neste día os premios das Campaña "Merca tan cerca" que poñía en xogo 6.000euros para gastar nos negocios locais á iniciativa promocional que eran 125.



28 de xaneiro de 2021

Desenvolveuse o *Obradoiro de poesía e escrita creativa* por conta da escritora galega Dores Tembrás do colectivo Apiario, organizado polo Concello.

28 de xaneiro-6 de febreiro de 2021

Realizouse ao longo destes días un cribado poblacional por parte do Sergas no polideportivo municipal de Betanzos, que contou cunha participación do 70%, no que os casos detectados foron inferiores ao 1%. O Covid afectou con dureza ao Centro Pai Menni onde morreron nove persoas desde o inicio da pandemia.



Febreiro de 2021

Con motivo das medidas contra a Covid foron suspendidas as feiras do un e dazaseis deste mes así como os actos culturais.

18 de febreiro de 2021

O momento crítico que atravesan os hosteleiros pola epidemia do covid levaou a que se manifestasen polas rúas da cidade baixo a Plataforma *SOS Hostelería de Betanzos,* pedindo medidas de apoio ao sector. Foron varios centos de persoas que contaron co apoio dos partidos políticos municipais, saí como de diversas asociacións.



Arume

22 de febreiro de 2021

Visitou a nosa cidade o conselleiro de cultura Educación e Universidade, Román Rodríguez, que estivo acompañado do Delegado territorial da Xunta na Coruña, Gonzalo Trenor, da alcaldesa, María Barral e varios concelleiros. Visitou as obras de restauración que se realizaron na igrexa de San Francisco, nas que a Xunta investiu 350.000 euros.



Prensa Concello

Febreiro

Ao longo deste mes para conmemorar o aniversario do nacemento de Rosalía de Castro colocáronse algúns dos seus poemas nos balcóns dos principais edificios municipais.

Febreiro de 2021

Executáronse obras para estabilizar o pavillón do Estanque do Retiro no Pasatempo, seguindo as indicacións técnicas do proxecto realizado polos arquitectos Xan Casabella e Xosé Díez.

5 de marzo de 2021

Organizado por Forxa Producción e patrocinado pola Deputación da Coruña tivo lugar no Edificio Liceo a proxección «Da guerra coma arte, a arte en contra da guerra. A guerra e o seu relato na arte contemporanea en Galicia» de Rosario Sarmiento.



6 de marzo de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns do edificio Arquivo celebrouse o espectáculo musical e teatral para nenos e familias «Ris Ras» por conta de Baobab Teatro dentro do programa Sábados Miúdos organizado polo Concello a través da Rede cultural da Deputación da Coruña.

10-11 de marzo de 2021

Organizado polo Concello dentro do programa do Día da Poesía tiveron lugar no colexio do CEIP Francisco Vales Villamarín diversas sesións do recital pedagóxico «Que brille o meu verso» por conta da escritora galega Antía Otero de Apiario.

12 de marzo de 2021

Organizado polo Concello dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña tivo lugar na Aula de Cultura Xulio Cuns o concerto homenaxe no LII aniversario da Coral Polifónica de Betanzos por conta do Quinteto InVento.



13 de marzo de 2021

Dentro do programa Sábados Miúdos, organizado polo Concello a través da Rede Cultural da Deputación da Coruña, celebruse no Edificio Arquivo o contacontos para nenos e familias «O chineiro da tía María» por conta de Antaruxada.

13 de marzo de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «SÓS» interpretada pola compañía Malasombra Producións, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

15 de marzo de 2021

Como peche do proxecto «21 días co galego e +» celebrouse no centro do IES As Mariñas promovido pola Consellería de Cultura e Turismo a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e no que colabora o Concello de Betanzos o espectáculo «Naviza Girl» por conta de Isabel Risco.

17 de marzo de 2021

Dentro do programa do Día da Poesía, organizado polo Concello, celebrouse no do CEIP Francisco Vales Villamarín e no CPR Nosa Señora do Carme «Atocha» diversas sesións do recital pedagóxico «Que brille o me verso» por conta da escritora galega Antía Otero de Apiario.

14 de marzo de 2021

María Filgueiras, do clube Maldita Buena Suerte Caimanes de Betanzos, acadou en Valladolid o subcampionato de España na categoría cadete na modalidade ciclista de XCO.

19 de marzo de 2021

A alcaldesa, María Barral, xunto ao concelleiro Diego Fernández, mantivo neste día unha reunión de coordinación con responsables técnicos de Servizos Sociais, Policía Local, e Protección Civil previa ao peche perimetral decretado pola Xunta ante a situación xerada pola pandemia.

22-26 de marzo de 2021

Dentro do programa Día da Poesía, organizado poolo Concello, desenroláronse nos centros de ensino de secundaria varias sesións da actividade «Visita virtual a unha editorial de poesía: Medulia» con Diana Varela Puñal, así coma os obradoiros de poesía e escrita creativa por conta da escritora galega Dores Tembrás do colectivo *Apiario* e Obradoiro de apoderamento lingüístico por conta de *Rexerando SCG.*





Prensa Concello

23 de marzo de 2021

O betanceiro, Juan María García Otero, fundador da revista R&R e de Restauro, cedeu á Biblioteca Municipal «A. Castelao» 1.560 libros e revistas. A donación foi recibida pola alcaldesa María Barral nun acto celebrado no edificio Arquivo.

24 de marzo de 2021

Dentro do programa *Sábados Míúdos* tivo lugar na Aula de Cultura Xulio Cuns do edificio Arquivo, o espectáculo para nenos e as familias «Rilla rilla na lingua» por conta dogrupo *Xarope Tulú.*



Prensa Concello

26 de marzo de 2021

Carmen Moar recibiu de mans da alcaldesa María Barral o premio Úrsula Meléndez de Texeda, no marco da conmemoración do Día Internacional da Muller, co que se recoñece o labor das persoas que de forma colectiva ou individual, contribuíron a fomentar a igualdade de xénero. «Carmiña» traballou na panadería Moar, ao longo de 63 anos ata o seu peche en decembro de 2020.



La Opinión

26 de marzo de 2021

A Reserva de Biosfera *Mariñas Coruñesas* e *Terras do Mandeo* puxo en marcha unha nova iniciativa turística para os concellos bañados pola ría, coa posta en servizo dun catamarán eléctrico. Foi presentado no porto de Betanzos nun acto no que estiveron presentes o vicepresidente da Reserva e alcalde de Paderne, César Longo; e os alcaldes e alcaldesas de de Bergondo, Alejandra Pérez; de Miño, Manuel Vázquez e de Betanzos, María Barral. Tamén asistiron ao acto Gemma Garrido e Laurent Ogel da empresa A-02 Velas; O enxeñeiro náutico, José Ballester e o técnico da Reserva, Diego López.

27 de marzo de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns do edificio Arquivo, tivo lugar o contacontos para público adulto «Contos de contrabando» por conta de Avelino González. Organizado polo Concello a través do programa Lingua a escena da Rede cultural da Deputación da Coruña.

27 de marzo

Oconcello adheriuse ao apagado de luces «A hora do planeta». Un xesto para concienciar sobre a problemática do cambio climático e a perda de biodiversidade.



Arume

31 de marzo de 2021

A alcaldesa, María Barral e o concelleiro de deportes, Andrés Hermida, recibiron no Edificio Arquivo aos deportistas destacados do ano 2020.

3 de abril de 2021

Celebrouse a "Gymkhana polo casco"unha aventura polo casco histórico de Betanzos para a xente nova entre 12 e 35 anos en grupos de catro e cinco persoas.

3 de abril de 2021

Celebrouse na Aula de Cultura Xulio Cuns a "FestaDaXuventudeBT21"coa participación do *DJ Sebas.*

9 de abril de 2021

No edificio Liceo asinouse un convenio entre a Federación Galega de Baloncesto, representada polo seu presidente, Francisco Martín Micó, o presidente do Clube Santo Domingo de Betanzos, José M. Valeiro e a alcaldesa, María Barral. Betanzos foi o lugar escollido para a celebración do Campionato de España de Clubes en categoría Infantil masculina no mes de xuño.



Prensa Concello



Arume

15 de abril de 2021

A atleta betanceira, Ivana Román foi recibida no concello pola alcaldesa, María Barral e o concelleiro de Deportes, Andrés Hermida, despois de que esta acadara a medalla de plata no campionato de España sub. 23 en lanzamento de xabalina.

17 de abril de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Running (unha suorenta comedia De Ste Xeito)» interpretada pola compañía De Ste Xeito Produccións.Organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

19-23 de abril de 2021

Ao longo destes días desenrolouse nos centros educativos da cidade varios obradoiros organizados polo Concello con motivo do Día Internacional do Libro e da Lectura: «Agromando palabras» por conta do colectivo Apiario; sesións do contacontos «Arredor de Xela. Unha homenaxe á vida e obra de Xela Arias» por conta da narradora Raquel Queizás.



Prensa Concello

24 de abril de 2021

Doce mulleres que abriron os seus negocios no ano 2020 recibiron o recoñecemento do Concello cos distintivos «Muller Emprendedora», coincidindo co mes da muller.



24 de abril de 2021 a 9 de maio de 2021

Desenvolveuse na Aula de Cultura Xulio Cuns o XII Encontro de Teatro Aficionado de Betanzos, organizado pola Agrupación Teatral Mariñán e polo Concello: «A doutora» interpretada pola compañía Teatro do Lecer (A Coruña), «Yerma» pola Compañía de Teatro Noite Bohémia (A Coruña), «A farsa de Maitre Pathelín» polo Grupo de Teatro Tiruleque (O Carballiño), finalizando con «Crime desorganizado» interpretada pola Agrupación Teatral Mariñán (Betanzos).

24 de abril de 2021

No Edificio Arquivo, dentro do programa Sábados Miúdos organizado polo Concello, tivo lugar o contacontos para bebés «Nano canta croac» por conta de Raquel Queizás.

25 de abril de 2021

A alcaldesa. María Barral entregoulle o premio Úrsula Meléndez de Texeda 2020 á Asociación de Loita contra o Cancro de Betanzos, que non poido ser entregada no seu tempo pola declaración de Estado de Alarma. Recolleu o galardón a presidenta da asociación, Miluca Morandeira.



Arume

Abril de 2021

A Xunta de Galicia licitou por por máis de 111.000 euros a redacción do Plan Director para o Parque do Pasatempo ao arquitecto coruñés, Diego Crecente.

Abril de 2021

O artista betanceiro, Diego Salgado estreou o seu primeiro disco: Growing Strong, que puxo dispoñible en todas as plataformas dixitais e foi coproducido pola discográfica ONME Productións.



Prensa Concello

26 de abril de 2021

O resturante Sinuessa e o Bar Galicia recolleron os premios de gañadores da Semana da Tortilla de Betanzos 2020 do xurado e a de votación popular, de mans da alcaldesa, María Barral.

30 de abril de 2021

Desenvolveuse nos centros de ensino da cidade o Obradoiro de apoderamento lingüístico e ferramentas para a activación de falantes por conta de Rexenerando Sociedade Cooperativa Galega, orgganizado polo Concello.

Abril de 2021

A Universidade da Coruña concedeu o Premio de Excelencia Académica 2020-2021 ao estudante betanceiro, Mario Couceiro García, que cursa estudos no Grao de Nanociencia e Nanotecnoloxía.

Maio de 2021

Ao longo deste mes levouse a cabo o programa das Letras organizada polo
Concello, que este ano estivo dedicado a Xela Arias. Para o seu desenvolvemento contouse coa participación de diversas agrupacións culturais betanceiras, da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, ademais das propias institución municipais. Ana María Fraga Rodríguez do Centro Pai Menni, foi a gañadora do concurso de carteis das Letras Galegas.





1 de maio de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns presentouse o libro *El Parque del Pasatiempo* do que son autores Ángel Arcay, Yosune Duo e José Souto. Recóllese no mesmo a historia do parque desde 1893 ata a súa declaración como BIC en 2020. Os autores forman parte da *Asociación Amigas do Parque do Pasatempo* que loitan para a recuperación deste espacio emblemático de Betanzos.

Maio de 2021



Celebrouse no Edificio Arquivo ao longo deste mes o Ciclo de Conferencias do Anuario Brigantino, organizado polo Concello de Betanzos e coordenado por Alfredo Erias. A primeira conferencia foi a titulada «Sempre houbo ricos e pobres: a convivencia da moda parisina das García Naveira cos últimos resquicios do traxe tradicional galego» por conta de Sara Fraga Pérez. A segunda «Que é o Parque do Pasatempo? Arte, capricho e iniciación» por conta de Ángel Arcay Barral «Que é o Parque do Pasatempo? Arte, capricho e iniciación» por conta de Ángel Arcay Barral. A terdeira, O Parque do Pasatempo: unha «finca-museo» por conta de Daniel Lucas Teijeiro Mosquera. A cuarta, «Lolita Díaz Baliño, a ilustradora dos soños» por conta de Rosario Sarmiento Escalona.

7 de maio de 2021

Dentro do programa das Letras Galegas organizado polo Concello tivo lugar no Edificio Arquivo o recital poético e conversa arredor do libro *Xela Arias, palabra á intemperie* por conta das autoras Enma Pedreira e Laura Romero.

Maio de 2021

Ao longo deste mes, dentro do Programa das Letras Galegas, desenroláronse nos centros educativos da cidade obradoiros: «A rebotica dos contos», desenvolvido pola compañía *Xandobela* dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña, «Obradoiro de poesía e escrita creativa» por conta da escritora galega Antía Otero do colectivo Apiario «Obradoiro de apoderamento lingüístico e ferramentas para a activación de falantes» por conta de *Rexenerando Sociedade Cooperativa Galega*. E contacontos «Xela Arias e Liberdade, solidariedade e amor pola lingua» por conta de *Polo Correo do Vento*. O espectáculo «De ti e mailo mundo que apañes» arredor de Xela Arias por conta de *Xarope Tulú*.

10 de maio de 2021

No Edificio Arquivo tivo lugar a exposición «Xela Arias e as palabras» e «Abecedaríome».

14 de maio de 2021

No Cine Alfonsetti tivo lugar a proxección das películas para público adulto «Eroski Paraíso» (Jorge Coira, 2019), dentro da programación *Cine no Alfonsetti*. Este acto estivo incluído dentro do Programa das Letras Galegas organizado polo Concello.

14 de maio de 2021

Tivo lugar o acto de entrega dos premios do XI Concurso de carteis das Letras Galegas, que organizou o Concello de Betanzos dentro do programa das Letras Galegas. A gañadora foi Ana María Fraga Rodríguez do Centro Pai Menni. Tamén gañaron un accesit Paula Blanco Garea do CEIP Francisco Vales Villamarín e Zahira Figueroa Martínez do CPR Nosa Señora do Carme «Atocha».



Arume

15 de maio de 2021

Na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns, tivo lugar o espectáculo de bibliodiscoteca e sesión de música infantil «Picadiscos Marifaltri» dentro do programa *Sábados Miúdos.*

16 de maio de 2021

O padexeiro betanceiro, Carlos Arévalo proclamouse campión do mundo en K4-500 xunto con Craviotto, Cooper e Germade na proba celebrada en Szeged (Hungría).

21 de maio de 2021

Dentro do festival *Elas Son Artistas*, organizado polo Concello, representouse na Aula de Cultura Xulio Cuns a obra teatral «Anatomía dunha serea» interpretada por Iria Pinheiro.

22 de maio de 2021

O musico coruñés Gandy presentou no Edificio Arquivo o cartel do ciclo de concertos e espectáculos que se realizaron no mes de xullo. Contou coa aistencia da alcaldesa, María Barral, así como do apoio do Concello.



La Opinión

25 de maio de 2021

Foi recibido no concello pola alcaldesa, María Barral e o concelleiro de deportes, Andres Hermida o clube de Orientación *O Pasatempo.*

26 de maio de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns representouse a obra O Premio a cargo da compañía *La Quintana.* Foi organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.



Arume

28 de maio de 2021

No Cine Alfonsetti tivo lugar a proxección das películas «Nación» (Margarita Ledo, 2020), dentro da programación *Cine no Alfonsetti.* Organizada polo Concello de Betanzos dentro do Programa das Letras Galegas.



Prensa Concello

28 de maio de 2021

Tivo lugar no Edificio Liceo o acto de entrega dos premios do *X Concurso de creación literaria,* organizado polo Concello de Betanzos dentro do Programa das Letras Galegas, para promover o emprego escrito da lingua galega e fomentar a creación literaria xuvenil. O premio en categoría ESO foi para Alba de Lucía Vázquez Campillos (1o ESO IES As Mariñas co texto «Sen título». Na categoría de Bacharelato e ciclos formativos foi para Clara Blanco Veres (1o Bacharelato IES As Mariñas) co texto «Desterros confinados». En categoría aberta o premio foi para Alba Sánchez Ares.

29 de maio de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «O Premio» interpretada pola compañía *La Quintana.* Organizado polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.
2dexuñode2021a31deagostode2021
O Concello puxo nestes meses un servizo de bus gratuito á praia de Miño.

5 de xuño de 2021

Organizado pola Deputación da Coruña en colaboración co Concello de Betanzos tivo lugar na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns a representación teatral para público familiar «Rosalía, o lugar onde medran as poetas» por conta de *Culturactiva.*

5 de xuño de 2021

Na igrexa de Santa María do Azougue celebrouse un Concerto polo grupo Untía, organizado pola Orquesta Sinfónica de Galicia en colaboración co Concello de Betanzos.

Xuño de 2021

«Pantasma» foi a curtometraxe que se estreou nas redes sociais este mes, da autoría de Fran Vilariño, miñense afincado en Betanzos, na que debutou como guionista, director actoral e actor.



Prensa Concello

6 de xuño de 2021

A alcaldesa, María Barral reuníuse coa directora territorial de telefónica para trasladarlle a necesidade de mellorar a conexión de varias parroquias da zona rural.

7 de xuño de 2021

Presentouse no Edificio Arquivo o Campionato de España de Baloncesto Infantil de Clubes, no que colaborou o clube de baloncesto de Santo Domingo, e no que participaron tamén os concellos de Pontedeume, Abegondo e Miño. Foron recibidos pola alcaldesa, María Barral e o concelleiro de deportes, Andrés Hermida.



Arume

10 de xuño de 2021

No cine Alfonsetti tivo lugar a proxección do documental «Noite irisada» (Bea Vázquez Campaña, 2019), para o alumnado dos IES As Mariñas e Francisco Aguiar. Foi organizado pola Deputación da Coruña coa colaboración do Concello de Betanzos.

10 de xuño de 2021

Na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral «Roupa vella», por conta da *Escola de Teatro Casa Hamlet* baixo a dirección de Santiago Fernández. Organizado por *Casa Hamlet* coa colaboración do Concello de Betanzos.

11 de xuño de 2021

Dentro da programación «Cine no Alfonsetti», organizado polo Concello, tivo lugar a proxección da película «Ons» (Alfonso Zarauza, 2020). Ao remate tivo lugar un coloquio coa presenza do director Alfonso Zarauza e da protagonista Melania Cruz.

12-18 de xuño de 2021

Betanzos foi a sede do Campionato de España de Baloncesto Infantil de Clubes, competición que contou co apoio de Xunta e Deputación, e que reuníu a 32 equipos con 384 deportistas. Os concellos de Pontedeume, Abegondo, Miño acolleron algún dos encontros. O campión foi o Real Madrid Basket.



Arume



Arume



14 de xuño de 2021
Realizouse unha concentración contra a violencia machista diante do Concello, nun acto convocado pola Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP).

17 de xuño de 2021
O concelleiro, Pablo Beade, e os gardas municipais Manuel Seijo e Laura González entregaron os diplomas da campaña de seguridade vial, no que participaron arredor de 400 escolares do Colexio Público Francisco Vales Villamarín.

17 de xuño de 2021
A alcaldesa, María Barral e o concelleiro de deportes, Andrés Hermida recibiron no concello ao futbolista betanceiro, actualmente no Mallorca, Dani Rodríguez.



Arume

19 de xuño de 2021
Dentro do programa Sabados Miúdos, organizado polo Concello, celebrouse na Sala de Usos Múltiples do edificio Arquivo, «danzacontos» para nenos e nenas de ata 6 anos e as familias e «Historias en movemento» por conta de Laura Rey de Xanzá Movemento Ecocreativo.

25 de xuño de 2021
Dentro da programación «Cine no Alfonsetti», organizado polo Concello, tivo lugar a proxección da película «Esquece Monelos» (Ángeles Huerta, 2016).


Arume

26 de xuño de 2021
Celebrouse no Campo da Feira (Bellavista) o III Festival Música Local 15.300 BTZ organizado polo Concello, no que participaron os grupos locais: Duro, Sickepper, Mr. Degrees, Sin City Devils e Radio Infame. Contou coa participación da banda convidada Zenzar.

27 de xuño de 2021
O padexeiro betanceiro, Iván Fernández acadou a medalla de bronce en K4 500 xunto cos seus compañeiros Blai, Lázaro e Xoel, no campionato Europa sub 23 celebrado en Poznan (Polonia).

Xullo de 2021

Ao longo deste mes desenroláronse os concertos e actuacións no Auditorio do Pasatempo, promovidos e organizados polo músico coruñés Francisco Gómez Seijo «Gandy», nos que participaron: Bad Gyal o día 3, Prok o día 10, Leo Harlem o 17, Taburete o 22, M Clan + La Banda del Camión o 24 e Carlos Sadness o día 31.

8 de xullo de 2021

A Asociación de Amigas do Parque do Pasatempo presentou no Edificio Liceo o cuarto número da revista A Casa dos Espellos. No mesmo acto presentouse o número cinco da revista Mazarelos. 10-11 de xullo de 2021

Levouse a cabo nestes días a programación especial Feira Franca Medieval, organizada polo Concello, tiveron lugar diferentes actos no casco histórico da cidade: actuación do malabarista Kote Malabar, do mago Gonzálvez, pasarrúas polo grupo Acibreira e os brinqueiros; concerto de música medieval por conta do grupo Acibreira; representación de entremeses de Miguel de Cervantes por conta do grupo de teatro La Recua. Tamén participaron o Grupo Azougue e a Escola Municipal de Folclore de Betanzos (EMuF).



Prensa Concello

4 de xullo de 2021

Constituíuse oficialmente a Fundación Globo de Betanzos para garantir a continuidade desta tradición, coa primeira xuntanza. O Padroado da Fundación está composto por doce membros presidida pola alcaldesa, María Barral. Forman parte tamén catro concelleiros, o secretario do Concello, tres menbros da amilia Pita, entre eles Emilio e Jaime, e tres colaboradores. A Fundación será a responsable de elaborar, inflar e lanzar o Globo de San Roque cada agosto con ocasión das festas patronais.

16-18 de xullo de 2021

Celebráronse ao longo destes días, dentro do programa de actuacións do Festival BetanJazz+, organizado polo Concello coa colaboración da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC, concertos a cargo dos grupos: La Rúe Band, do grupo Valentín CaamañoQuartet, DixieKings & Paty Lesta.

19 de xullo de 2021

Nos talleres ocupacionais do centro Pai Menni pintáronse á man 1600 bolsas que o Concello repartiu entre os comercios e locais de hostalería. As bolsas foron entregadas á alcaldesa, María Barral, nun acto ao que asistiron a Superiora, Sor Cipri Cía; a directora xerente, Inma Segarra; a psicóloga de Integración Laboral, Pilar Bouza, e Dolores Francisco, unha das usuarias que participou no proceso. O proxecto realizouse dentro do Programa de Inserción Laboral 2021 subvencionado pola Xunta de Galicia.



Arume

23 de xullo de 2021

Tivo lugar no Auditorio do Pasatempo o XXV Festival de Folclore Día de Galicia coa actuación do Grupo Azougue e Xosé Lois Romero & Aliboria. Organizado polo Concello dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña.

24 de xullo de 2021

Celebrouse unha Travesía Náutica entre Betanzos e o Pedrido organizada porla *Asociación de Amigos de los Ríos de Betanzos* (Arbe), *Porta da Vila*, Asociación Deportiva *O Pedrfido*, Clube Náutico *Ría de Betanzos* e o Clube de *Remo Mandeo*. O obxectivo é facer ver as necesidades de mellora da ría.

26 de xullo-11 de agosto de 2021

Celebrouse o programa de Cine na Rúa, coa proxección das películas Aladín (2019), Dumbo (2019), Spider-M: Lejos de casa (2019), «El Rey León» (2019) e «Onward» (2020) nos locais sociais de Guiliade, Angustia, Xanrozo, Matadoiro e ó aire libre no Paseo de Bullas, na explanada de San Martiño, na Praza de Enrique Riego e na de Casa Estrada.

30 de xullo-1 de agosto de 2021

Ao longo destes días celebrouse o VI Festival de Artes Escénicas na Rúa «Vai de rúa», organizado polo Concello coa colaboración da Deputación da Coruña, e con participación de diferentes grupos e compañías: *Pulpiño Viascón* có pasarrúas musical «Organetta», *Teatro ó Cubo* có espectáculo «Ghop!», Marian Ledesma có espectáculo «Música de Contos», *Kote Malabar* có espectáculo «Cirkote», *Laboratorio Escénico Danza* có espectáculo «Canela», *Entremáns* có espectáculo «Amparo», *compañía N+1* có espectáculo «O parrulo feo», *Pakolas* có espectáculo «Ramona Órbita, a dona do tempo», *Peter Punk* có espectáculo «Punkdemia», *Mago Román* có espectáculo «Laberinto de ilusións» e compañía SU.MA. có espectáculo «Ikigai».

3-31 de agosto de 2021

Poido contemplarse na Sala Jesús Núñez do edificio Arquivo a exposición de óleos «Paisaxes imposibles», do artista Jorge Pardo Ruzo.

7 de agosto de 2021

O padexeiro brigantino, Carlos Arévalo acadou a medalla de plata en K4-500 nas olimpiadas de Tokio, xunto con Saúl Craviotto, Macus Cooper e Rodrigo Germade. A medalla sumouse ao diploma olímpico na proba k1-200.



La Opinión





Arume

12 de agosto de 2021

A cidade de Betanzos rendiulle homenaxe ao medallista olímpico Carlos Arévalo. Foi recibido pola alcaldesa, María Barral, a corporación municipal, integrantes do Clube Náutico *Ría de Betanzos* e numeroso público que se congregou na Praza da Constitución.

13 de agosto de 2021

Celebrouse na Praza do Campo o *Concerto Cidade de Betanzos* da Banda Municipal de Música coa actuación de Serafín Zubiri co concerto «Recordando a Nino Bravo».



Arume

pandemia do covid foron suspendidos os actos máis sinalados como o da coronación da raiña, o globo e os Caneiros, limítando os actos festeiros a concertos e pasarrúas. Neste día na Praza do Campo celebrouse un concerto do grupo Metropop.

15 de agosto de 2021

Na Praza do Campo celebrouse o concerto «Historia da Música» por conta do grupo Le Suite Band.

Función do Voto (16 de agosto)

Señor San Roque

É a cuarta vez que estou diante de ti para cumprir co Voto que, ano tras ano, desde hai séculos, o pobo de Betanzos che fai neste día. Con humildade e responsabilidade tráioche o seu agarimo, as súas tristuras, as súas ledicias e as súas aspiracións nun futuro cambiante, sempre cheo de incertezas. Por iso, unha vez máis, pídoche que nos axudes a camiñar xuntos e xuntas pola senda da esperanza.

Como ocorreu en case todo o ano 2020, o planeta enteiro seguiu a sufrir no ano 2021 a pandemia do coronavirus. Despois de decretar confinamentos da poboación e un sinfín de medidas para atallar este mal, logrouse iniciar a campaña de vacinación nos últimos días de 2020 e seguimos con ela en todo o 2021.

Así, pouco a pouco a vida retorna, a luz semella que vence ás tebras. As gañas de vivir, a pesar de todos os temores, fan que de novo as nosas rúas volvan a ter xente, que os proxectos de emprendemento agromen, que de novo volvamos a saír das casas, a camiñar, a vivir en comunidade, a encontraranos.



Arume

Porque se ti serviches en hospitais de apestados, salvando a moitos e moitas deles ata contaxiarte tamén da peste e fuxindo logo a un bosque para non contaxiar a niguén, nós coñecemos innumerables exemplos de profesionais da Sanidade que traballaron ata o esgotamento e mesmo ata a morte por salvar vidas. E á beira deses heroes e herínas, hai tamén persoas case anónimas, traballadores e traballadoras do transporte, da seguridade, da alimentación e de tantas outras acrtividades que fixeron posible a supervivencia e a esperanza de tanta xente, e que hoxe estemos aquí con agarimo e agradecemento diante de ti. Nunca poderemos pagar suficientemente o seu esforzo e o seu sacrificio.

Os tempos son preocupantes, crises de todo tipo que van e que veñen, cambio climático, movementos masivos de xente na procuraa de sobrevivir; episodios de odio polo simple feito de pertencer a outra raza ou ter outra condición sexual; mulleres esclavizadas en prostíbulos ou que nas súas casas son maltratadas e mesmo violentadas ata a morte… Temos que desrterrar todo isto.

A vida ten que ser outra cousa. O respecto, o agarimo e o amor son o único camiño verdadeiro. Axúdanos a conseguilo. Pídoche protección para todas as persoas que sofren inxustizas, sexan homes ou mulleres, especialmente para os máis débiles.

A xúdanos a non perder a nosa humanidade, a que o amor que levamos dentro agrome e venza ao egoismo e a outros males que só nos levan á desesperación. Danos valor para seguir o bo camiño, sigue ao noso pé, guiándonos como un facho de luz na escuridade.

Grazas.

16 de agosto de 2021

Houbo pasarrúas con gaiteiros por diferentes lugares da cidade e pola noite interpretáronse as catro danzas gremiais de Betanzos por conta da Asociación *Xóvenes do Pobo* e do *Grupo Azougue* da Escola Municipal de Folclore.



Arume



Arume

Na Praza do Campo tivo lugar o espectáculo «Paio e o poder da música» por conta de *Uxía Lambona* e a *Banda Molona* que actuaron en sustitución do grupo *Oviravai*, positivos de covid.

20 de agosto de 2021

Na Praza do Campo celebrouse un concerto por conta do grupo *Havana Soul*, dentro da programación da Rede Cultural da Deputación da Coruña e organizado polo Concello.

21 de agosto de 2021

Actuou na Praza do Campo o grupo galego *A Roda.*



Agosto de 2021

O betanceiro José Villarnovo foi nomeado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidades como membro do Consello Económico e Social da Universidade de Compostela, en representación da Confederación de Empresarios de Galicia.

10-28 de setembro de 2021

Desenvolveuse no edificio do Antigo Matadoiro a exposición «E non era ouro» resultado da experiencia de cartografía emocional en Betanzos autoría das Educadoras Sociais Antía Soto e Ara Romero, que contou coa colaboración do Concello.



Arume

10 de setembro de 2021

Un cento de persoas, entre amigos e compañeiros, déronlle un emotivo homenaxe con motivo da súa xubilación, no Pazo de Santa Cruz a Alfredo Erias, director do Anuario Brigantino, do Arquivo e Biblioteca Municipais así como do Museo das Mariñas desde o ano 1983.

18 de setembro de 2021

Dentro do programa *Sábados Miúdos,* organizado polo Concello, celebrouse na Sala de Usos Múltiples do edificio Arquivo o Obradoiro de cantos de berce para nenos e as familias «Prende no colo» por conta de Luis Prego.

18 de setembro de 2021

Dentro do programa *Ler conta moito* da Xunta de Galicia celebrouse na Biblioteca Municipal «Castelao» por conta da compañía *Moc Moc-MeRe Clown,* para nenos «A verdadeira historia de Hamelín».

18-19 de setembro de 2021

Organizado pola Asociación *Pesquedellas*, coa colaboración do Concello, tivo lugar no cine Alfonsetti a proxección do documentral «Dorothé na Vila» e o concerto do dúo *Casas Barcia,* como parte das actividades do proxecto «Unha fala, un cantar. Xogos Florais 0». No claustro de Santo Domingo o espectáculo «Cóntoche un traxe» por conta de Montse Rivera.



22 de setembro de 2021

Dentro dos premios *Pyme 2021* a empresa betanceira *Grelo Comunicaciones S.L.* recibiu unha Mención Especial Reinvención Covid da Cámara de Comercio, Industria, Servicios e Navegación de A Coruña.

24 de setembro de 2021

Celebrouse o XIV Campionato de España de Tortilla de patacas no que participou o restaurador betanceiro, Alberto García, de Mesón O Pote, que chegou á final do concurso.

24 de setembro de 2021

No Edificio Arquivo desenvolveuse o proxecto «Boas Novas no Camiño» dentro do programa O Teu Xacobeo da Xunta de Galicia. Organizado pola Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural (AGPXC) coa colaboración do Concello de Betanzos.

25 de setembro de 2021

Dentro do programa Outono de lecer na Biblioteca da Xunta de Galicia para nenos na Biblioteca Municipal «Castelao» actuou a compañía Teatro Calavera con «Os contos da bruxa Chispum». 26 de setembro de 2021

No Claustro de San Domingos como parte das actividades do proxecto «Unha fala, un cantar. Xogos Florais 0», Organizado pola Asociación Cultural Pesquedellas coa colaboración do Concello tivo lugar o acto de entrega de premios dos Xogos Florais coa actuación musical de Caamaño e Ameixeiras e Día do Ensalzamento do Traxe Galego.

27-29 de setembro de 2021

Con motivo do Día europeo das Linguas nos centros de ensino de secundaria da cidade tivo lugar a conferencia «A lingua galega: unha oportunidade» por conta de Manual Núñez Singala. Setembro de 2021

A Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo foi distinguida co premio Agader pola promoción do rural como destino turístico. O premio foi recollido polo seu presidente, José Antonio Santiso, e polo vicepresidente, César Longo, xunto con representantes das empresas adheridas á marca.

30 de setembro de 2021

Organizado pola Federación Galega de Bandas de Música Populares a Xunta de Galicia e Xacobeo 21-22, celebrouse na Praza Uxío Novoneyra un concerto da Banda de Música de Abegondo.

1 de outubro de 2021

Na igrexa de San Francisco tivo lugar un concerto de música antiga por conta do grupo Egeria, dentro do Programa Circuítos (Música antiga en Betanzos) organizado polo Centro Nacional de Difusión Musical (CNDM) do Instituto Nacional das Artes Escénicas e da Música (INAEM) do Ministerio de Educación Cultura e Deporte coa coprodución da Unidade Pastoral de Betanzos e do Concello.

2 de outubro de 2021

Dentro da campaña «Ler conta moito» da Xunta de Galicia, no programa «Outono de lecer» celebrouse na Biblioteca Municipal «Castelao» unha sesión de contacontos con obradoiro «Os contos da bruxa Chispúm» por conta da compañía Teatro Calabera.

2 de outubro de 2021

Na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns tivo lugar o espectáculo para público familiar «Circo galaico» por conta de Títeres Alakrán. Foi organizado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia a través do programa Falaredes da Rede de dinamización lingüística en colaboración co Concello.



Arume

2-10 de outubro de 2021



Ao longo destes días celebrouse a XI Semana da Tortilla de Betanzos, organizada polo Concello. O premio á mellor tortilla recaeu no Bar Galicia, que tamén foi o gañador da votación popular.

2-3 de outubro de 2021

Dentro do Programa Circuítos (Música antiga en Betanzos) organizado polo Centro Nacional de Difusión Musical (CNDM) do Instituto Nacional das Artes Escénicas e da Música (INAEM) do Ministerio de Educación Cultura e Deporte coa coprodución da Unidade Pastoral de Betanzos e do Concello, celebráronse dous concertos: un na igrexa de Santa María do Azougue de música antiga por conta do grupo Armonía Concertada. Na igrexa de Santiago por conta do grupo *Eloquentia.*

5-29 de outubro de 2021

Na Sala de Exposicións Jesús Núñez do Edificio Arquivo tivo lugar a exposición de fotografía «Betanzos histórico. O comercio tradicional» da que foron autores o alumnado de 3.º de ESO do IES Francisco Aguiar.

6 de outubro de 2021



Presentouse na Aula de Cultura Xulio Cuns o libro titulado *O día que detivemos o tempo*, da autoría de José-Domingo Vales Vía. Na presentación tamén interviron a profesora de Filoloxía Grega da Universidade de Santiago, a betanceira Teresa Amado Rodríguez e o profesor e licenciado en Dereito, Lauro Xosé Pedreira Ares.



Arume

9 de outubro de 2021

Celebrouse no Alfonsetti un acto reivindicando o Camiño Norte orixinal de Vilalba a Betanzos, no que participaron rexidores e representantes dos concellos de Xermade, Guitiriz, Aranga, Monfero, Irixoa, Paderne, Abegondo e Betanzos. Contouse co respaldo da igrexa que estivo representada polo coengo e director da Oficina do Peregrino de Santiago, Segundo Pérez López.

14 de outubro de 2021

O xornalista e escritor brigantino, Xesús Fraga, acadou o Premio Nacional de Narrativa pola súa novela Virtudes (e misterios) da editorial Galaxia. Nela conta as vivencias da súa familia –e as súas propias- marcadas pola emigración en Londres e o seu posterior regreso a Betanzos.



El País





Arume

15 de outubro de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a presentación do Anuario Brigantino de 2020 nº. 43. O acto estivo presidido pola concelleira de cultura, Ana Veiga, coa presencia do director do Anuario, Alfredo Erias. A presentación correu a cargo de Antolín Sánchez Presedo. O acto serviu como un pequeno homenaxe ao director da publicación coa súa inmediata xubilación.

18-29 de outubro de 2021

Na praza dos Irmáns García Naveira tivo lugar unha exposición sobre Ricardo Carvalho Calero, organizada pola Deputación da Coruña en colaboración do Concello de Betanzos.

9 de outubro de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Pura» interpretada pola compañía de teatro *Os Náufragos*, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

20 de outubro de 2021

Os integrantes e directiva do Clube *Caimanes* de Betanzos presentaron no Concello, con presencia da alcaldesa, María Barral e o concelleiro de deportes, Andrés Hermida o *IV CX Cidade de Betanzos* válido para o campionato de Galicia de ciclocros, que se celebrou nas pistas do Carregal.



Arume

21 de outubro de 2021

No Diario Oficial de Galicia deste día foi publicado o Acordo do Pleno do Concello polo que se aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal. Ao longo de dous meses pasou a exposición pública.

23 de outubro de 2021

Dentro do programa *Sábados Miúdos*, organizado polo Concello, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns, *Contacontos Teatral* para nenos e familias «Contos de medo que deixan durmir» por conta de *Caxoto Contacontos.*

27-30 de outubro de 2021

Nos centros de ensino da cidade desenvolvéronse varios obradoiros de calacús e cartonaxe por conta de *Compás Proxectos Socioculturais e Turísticos polo Samaín*, organizados polo Concello.



Arume

28 de outubro de 2021

Foron recibidos no Concello polo concelleiro, Andrés Hermida os participantes na iniciativa *Kilómetros de Investigación*, unha ruta solidaria para apoiar a investigación sobre o Síndrome de Rett.



Arume

3 de novembro de 2021

O concelleiro, Andrés Pandelo xunto co director da Oficina Municipal de Información e Xuventude, José Luis Sobrino, entregaron no concello os diplomas do curso de plataformas elevadoras.

5 de novembro de 2021

Dentro da programación *Cine no Alfonsetti* proxectouse a película «Monster» (Patty Jenkins, 2002).

Novembro de 2021

Comezaron as obras da primeira fase de restauración e conservación do *Estanque do Retiro,* no Parque do Pasatempo, a cargo da empresa *Parteluz Restauración.*



5-27 de novembro de 2021

Na Sala de Exposicións Jesús Núñez do edificio Arquivo tivo lugar a Exposición do I Concurso de Fotografías do Camiño Inglés, organizado pola Asociación de Concellos do Camiño Inglés con motivo da IV edición de «Primavera no Camiño Inglés».

6 de novembro de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Libre coma os paxaros» interpretada pola compañía *Teatro do Atlántico,* organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.



Arume

9 de novembro de 2021

O xornalista e escritor Xesús Fraga, recibiu unha homenaxe da Corporación Municipal, nun acto celebrado no Salón de Plenos que estivo presidido pola Alcaldesa, María Barral, quén lle entregou ao homenaxeado un gravado de Jesús Núñez.

10 de novembro de 2021

Organizado polo Concello realizouse o *Obradoiro de Poesía e Escrita Creativa* pola escritora galega Antía Otero do colectivo Apiario para o alumnado de secundaria do IES As Mariñas.

13 de novembro de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns e dentro dos actos do LIII Festival Santa Cecilia da Coral Polifónica de Betanzos, tivo lugar o concerto «Piazzola» por conta do grupo *Tempo Catro,* dentro do programa da Rede Cultural da Deputación da Coruña e patrocinado polo Concello.

17-19 de novembro de 2021

Organizado polo Concello e dentro do programa Lingua a Escena da Rede cultural da Deputación da Coruña desenvolvéronse varias sesións do contacontos «O xogo de Nano» de *Medrando en galego con Nano* por conta de Raquel Queizás para o alumnado de primaria nos centros de ensinanza da cidade.

19 de novembro de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a actuación da *Orquesta Barroca Vigo 430* co programa G. F. Händel «ALCINA» (selección de arias da ópera), con Eugenia Boix (soprano), Alejandra Balboa (coreografía e danza) baixo a dirección de Pavel Amilcar, dentro da Programación Xacobeo 2021 da Xunta de Galicia e organizado polo Concello.

20 de novembro de 2021

Dentro do programa Sábados miúdos, organizados polo Concello, realizouse na Sala de Usos Múltiples do edificio Arquivo o contacontos «Contos do chupete» por conta de *Migallas Teatro*.

20 de novembro de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «A Lúa vai encuberta» interpretada polas compañías *Incendiaria* e *A Quinta do Cuadrante*, obra gañadora do *II Premio Manuel María de Proxectos Teatrais*. Organizada polo Concello dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña.



Arume

21 de novembro de 2021

Na Igrexa de Santa María do Azougue tivo lugar o Concerto da Ilusión da Banda Municipal de Música de Betanzos. Organizado polo Concello coa colaboración da Asociación de Amigos da Banda. Ingresaron na Banda sete novos integrantes: María Melédrez Rodríguez (clarinete), Marcos Suárez Rivas (tuba), Rocío Abrodos (trompa), Sergio Abrodos Sobrino (saxofón), Diego Caamaño González (trombón), Álvaro Cegade Martínez (trompeta) e Mar Rodríguez (violonchelo).

25 de novembro ded 2021

Betanzos sumouse ás campañas «En Negro contra as violencias» e «De fronte», esta última promovida pola Deputación da Coruña, para conmemorar o Día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres, ás que se sumaron asociacións, colectivos e comerciantes da cidade. Celebrouse na Praza da Constitución unha concentración presidida pola alcaldesa, María Barral.

27 de novembro de 2021

Na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns, realizouse o monólogo «Chistes que foron contos» por conta de Avelino González. Foi organizado polo Concello dentro do programa *Lingua a Escena* da Rede cultural da Deputación da Coruña.

28 de novembro de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns e dentro dos actos do LIII Festival Santa Cecilia, tivo lugar un concerto por conta da Coral Polifónica de Betanzos.



30 de novembro de 2021

A Ferretería Núñez –máis coñecida como «A Cabeza do Cabalo» pechou as súas portas despois de máis de 170 anos de historia.

Foi fundada por Marcial Núñez Taboada en 1849.

Decembro de 2021

No Edificio Arquivo poido contemplarse a exposición dos traballos participantes no Concurso de carteis de Nadal organizado polo Concello. O primeiro premio foi para Gabriel Barreiro Sánchez, de terceiro curso no CEIP Vales Villamarín.

3 de decembro de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns e dentro dos actos do X Memorial Carlos López García-Picos, presentouse a publicación do Cuarteto de cordas nº. 2-A.28 «Homenaje póstumo a Béla Bártok» de Carlos López García-Picos editado pola editorial *Grupo Beroly* co patrocinio do Concello de Betanzos. A continuación tivo lugar un concerto da mesma obra por conta do *Cuarteto Novecento* que estreou o Cuarteto de cordas nº 2-A.28. Este acto estivo encadrado dentro do programa da *Rede Cultural da Deputación da Coruña* e foi organizado polo Concello.



Arume

3-12 de decembro de 2021

Ao longo desdes días desenvolveuse a *X Semana do Pincho*, organizada polo Concello en colaboración cos hostaleiros. O gañador do xurado foi para Vinoteca Versalles co petisco «Lombo outonal». O gañador do voto popular foi para Adega do Pino co seu pincho «Taco italiano».

4 de decembro de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Só» interpretada pola compañía *Xampatito Pato*, no *XIII Ciclo de Teatro en Familia,* organizado polo Concello dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

6 de decembro de 2021

Na igrexa de Santiago realizouse o concerto do Coro Infantil e do Coro de Xovenes da Orquesta Sinfónica de Galicia. O acto foi organizado pola Orquestra Sinfónica de Galicia e a Unidad Pastoral de Betanzos coa colaboración do Concello.

10 de decembro de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Crónica dunha heterosexual insatisfeita» interpretada pola compañía *Verdeveras Expresións Artísticas,* dentro da campaña da Deputación Provincial da Coruña «De fronte á violencia de xénero», contou coa colaboración do Concello.

10 de decembro de 2021

Inaugurouse neste día, na Sala Jesús Núñez do edificio Arquivo, a exposición titulada «Betanzos», da artista María José Domingo.

10 de decembro de 2021

No cine Alfonsetti realizouse a estrea documental «Semente de Berrar: 40 anos de ruído e rúa», para a recuperación da memoria da sociedade galega a través de movementos contraculturais ligados á música e á cultura desde os anos oitenta.

11 de decembro de 2021

O Club de Orientación *O Pasatempo* organizou a sexta proba da Liga Española de Rogaine, especialidade de orientación que transcurriu tamén por varios concellos da comarca e no que participaron 500 corredores.

11 de decembro de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Danzadal» interpretada pola compañía *Exire,* no *XIII Ciclo de Teatro en Familia*, organizado polo Concello dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña.

12 de decembro de 2021

Dentro da programación do cine Alfonsetti, organizada polo Concello, proxectouse a película para público familiar «Santa Claus y Cia» (Alain Chabat, 2017).

13-17 de decembro de 2021

Organizados polo Concello dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña realizáronse ao longo destes días obradoiros e espectáculos para o alumnado dos centros de primaria e de Pai Menni. Participaron nas mesmas *Xandobela* con obradoiros *Cantos e Contos para o tempo de Nadal, Mago David Maestro* co espectáculo de maxia «Soñando desperto», *Mago Rafa* con «A nova maxialidade», Mago Román con «Maxia a esgalla» , Charo Pita coa narración «Contos para dar e tomar» e da *Xanela do Maxín* co «O apalpador e a nena sen medo».



Hontiyuelo. La voz de Galicia

15 de decembro de 2021

O padexeiro betanceiro e medallista olímpico, Carlos Arévalo, recibiu na súa calidade de soldado da Brigada «Galicia» VII (BRILAT), a Cruz do Mérito militar con distintivo branco.

16-17 de decembro de 2021

Celebráronse nos colexios de (Atocha) e no CEIP Francisco Vales Villamarín sendos Plenos Infantís coa presencia da alcaldesa, María Barral.

17 de decembro de 2021



No edificio Arquivo tivo lugar a entrega de premios do Concurso de carteis do Nadal, organizado polo Concello no que resultou ganador Gabriel Barreiro Sánchez alumno de terceiro curso no colexio Francisco Vales Villamarín.

17 de decdembro de 2021

Dentro do programa *Sábados Miúdos,* organizado polo Concello, celebrouse no Edificio Arquivo un concerto por Pablo Díaz «Contando números, cantando cores».

18 de decembro de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Semente. O home que plantaba árbores» interpretada pola compañía *Eme2 emoción&arte*, no XIII Ciclo de *Teatro en Familia* que organiza o Concello dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

19 de decembro de 2021

Dentro da programación Cine Alfonsetti realizouse a proxección da película «Pesadilla antes de Navidad» (Tim Burton, 1993).

Decembro de 2021

A moza betanceira, Clara Blanco, estudante de bacharelato no IES As Mariñas, é unha das voces poéticas elixidas por Carlos da Aira para formar parte da antoloxía da novísima poesía galega titulada 21 poetas do século XXI (Aira Edicións, 2021).

22 de decembro de 2021



La Voz de Galicia

Causou fondo pesar na cidade o falecemento neste día de Vicente de la Fuente 1934-2021), empresario e alcalde de Betanzos entre 1979 a 1983. Impulsor da cultura e da infraestructura cultural da cidade coa creación do Arquivo Municipal, Museo e Biblioteca. Recuperou despois máis de trinta anos a publicación do Anuario Brigantino (do que tamén foi colaborador). No plano urbanístico logrou que Betanzos fose incluída nun dos 100 proxectos europeos des villes pour vivre do Consello de Europa que favoreceu a rehabilitación de numerosas casa do casco histórico. Sempre irá con nós no recordo.

22 de decembro de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tiveron lugar tres sesións do festival de Nadal da Escola de *Danza Danzarte.*

23 de decembro de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Paio e o poder da música» interpretada pola compañía *Oviravai,* no XIII Ciclo de *Teatro en Familia* que organiza o Concello dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.



ENTIDADES CULTURAIS



Fundacion CIEC

Centro Internacional da Estampa Contemporánea



Comunicar ideas e aprendizaxe arredor da Estampa. A Fundación CIEC aúna a contemplación e a formación na Arte Gráfica, para ver e coñecer o que ocorre antes e despóis na creación dunha obra, no traballo dun artista nos cursos e tamén na contemplación de obras de grandes autoras/ es xunto a novos valores da colección, creando un espazo único cun amplo abano de posibilidades. Cursos, talleres, mostras temporais, conferencias, concertos, encontros, visitas didácticas e guiadas, asistencia a feiras de arte ou o Premio Jesús Núñez son algunhas das súas actividades. E todo na súa sede, Casa Núñez, edificio modernista dos anos vinte no casco histórico de Betanzos, antigos grandes almacéns, delegación do Banco de España e chocolatería que hoxe alberga unha escola no baixo andar onde se imparten os cursos, e salas de exposicións, oficina e biblioteca no superior.

O ano comeza e tamén a actividade formativa, cos cursos anuais dentro da programación do Máster da Obra Gráfica que se alonga ata decembro co único parón do verán. Son 4 cursos sobre as 4 grandes técnicas gráficas: litografía, calcografía, serigrafía e xilografía, así coma as súas derivacións e últimas tecnoloxías aplicadas á estampa, que nesta edición foron impartidos por 11 mestras/es e para 45 artistas en formación procedentes de A Coruña, Alacante, Alcalá de Henares, Álava, Barcelona, Bergondo, Bilbao, O Grove, Madrid, Maiorca, Narón, Santiago de Compostela, Sevilla, Valencia, Vitoria, Viveiro e tamén de Besançon, Bos Aires, Bristol, Sao Paulo, Sofía e Querétaro, sempre cumprindo os protocolos oficiais debido á pandemia, con aforos limitados ou restrinxidos horarios.







Programación XVIII Máster da Obra Gráfica.

Xilografía. xaneiro – febreiro. Omar Kessel, Iria do Castelo, Marta Fermín e Javier Albar.

Litografía. marzo – abril. Omar Kessel, María Gamín e Valle Baranda.

Serigrafía. maio – xuño. Héctor Francesch, Mariano Durante, Manolo Silvestre e Alberto Marci.

Xilografía. outubro – decembro. Omar Kessel, Iria do Castelo, Javier Albar e Alejandro Rodríguez León.

O verán é para os Cursos «Gráfica», unha das señas de identidade da entidade que traen e atraen a artistas en formación de todo o mundo. A edición número 37 contou con cinco profesoras/es con cursos monográficos sobre unha técnica gráfica en particular e 72 estudantes procedentes de Barcelona, Bilbao, Cáceres, León, Madrid, Mallorca, Pamplona, Sevilla, Zaragoza ou Portugal, e xa na comunidade galega de Carral, A Coruña Betanzos, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo.

Programación Verán Gráfica

1. Grabado ao Carborundum en gran formato. 19-30 xullo. Prof. David Arteagoitia.
2. Litografía en pedra. 19-30 de xullo. Prof. Omar Kessel.
3. Xilografía Téxtil. 2-13 agosto. Prof. Fernando Evangelio.
4. Fotolito manual no Fotogravado. 213 agosto. Prof. Fátima Conesa.
5. Serigrafía. 16-27 agosto. Prof. Mariano Durante.

Unha colaboración especial coa Área de Casco Histórico do Concello de Betanzos sumou a esta oferta formativa os I Talleres



Cápsula Verán, nados para a formación de novos valores a coñecer estas técnicas e poidan desenvolvelas no futuro en obras e proxectos de seu, e contou do 20 ao 28 de agosto co Curso Augaforte, Augatinta e Punta seca impartido polo artista Javier Jubera, e doce participantes de Betanzos, Cecebre, Madrid e Sevilla.

Esta formación artística made in Galicia ven avalada polos premios e recoñecementos das/dos estudantes que aprenden, crean, experimentan e viven Betanzos unha tempada. Por citar algúns, un primeiro premio e dúas seleccións no Premio Jóvenes Creadores da Calcografía Nacional, unha mención e catro seleccións no Premio Dinastía Vivanco da Rioxa, unha mención de honra e catro selección no Premio Atlante de Ribeira, un primeiro premio no Certame Internacional Carmen Arozena, dúas selección no Premio de Gravado de San Lorenzo del Escorial e un primeiro premio, unha mención e tres seleccións no Premio Jesús Núñez dan proba do alto nivel artístico acadado polo estudantado neste 2021.

Falamos do CIEC, falamos de Betanzos e falamos da cultura de base para achegar a arte gráfica contemporánea ás /aos máis novas/os para coñecer a arte, as/os artistas e as manifestacións artísticas máis actuáis. A colaboración coa Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Madeo co seu programa «Educando na Biosfera» trouxo ao CIEC a estudantes do CEIP Cruz do Sar de Bergondo no mes de maio, participando nos talleres para facer unha pequena estampa acompañados pola artista Marta Cuba. Estudantes do IES Francisco Aguiar tamén participaron nestas xornadas didácticas grazas á colaboración co Concello de Betanzos.

Nun edificio emblemático e con tan boa acústica non podían faltar os concertos. Algún deles improvisados, coma o de Ioan Haffner, violinista francés do Dúo Prisma que ofreceu unha mostra do seu virtuosismo unha mañá de xaneiro mentres traballaban as/os artistas en formación na escola. A programación formativa do XVIII Máster da Obra Gráfica trouxo o 25 de xuño a Kyrill e Noah, con voces e guitarra a unha selección de cancións galegas, rusas e americanas dos anos sesenta e oitenta.





O verán foi para Strange Mystery Flower e o dúo tamén de guitarra formado por Amparo & Roger Arias, cun espectáculo poético e musical multidisciplinar con xoias folk e pop poñendo música e voz a poemas de William Blake e proxección de ilustracións e pinturas emblemáticas deste artista, contando cunha estupenda acollida e esgotando entradas nese 23 de xullo.

Outubro tivo coma protagonista o acto de ingreso de Jesús Núñez coma Académico de Honra da Real Academia Galega de Belas Artes trala proposta das/os membros numerarios Xurxo Lobato, Soledad Penalta e Felipe-Senén López, cunha solemne cerimonia na súa casa natal hoxe sede da Fundación CIEC que él fundou e que preside, á que asistiron máis de cen persoas entre familiares, amigas/os, estudantes, compañeiras/os e representantes da cultura galega e municipais (destacando a presenza de todas/os as/os Alcaldesas/es da cidade dente 1978) en recoñecemento do home que convertiu Betanzos en referente no campo da arte gráfica contemporánea. O peche deste acto foi o concerto de violin e chelo dos músicos e grandes amigos Deborah e Berthold Hamburger con pezas de Bach.

No campo expositivo a Colección do CIEC estivo sempre aberta ao público, contando tamén con mostras temporais coma en xaneiro a Colectiva do Premio Jesús Núñez 2019 coas obras premiadas e seleccionadas que logo itinerou por outras cidades galegas. Coa mostra temporal «Sin Rumbo Fijo. Ensayos de Gráfica Contemporánea» a Fundación voltou á celebración de inauguracións. Coa finalidade de xerar proxectos que promovan novos coñecementos no campo de gravado e da estampa, esta iniciativa cultural itinerante mostra obras de gran formato de artistas internacionais que medra en cada sede expositiva coa incoporporación de obras de artistas do país no que se exhibe. Despois de Polonia, Hungría ou Inglaterra visitou Betanzos nos meses de novembro e decembro, contando con numeroso público e artistas que poideron disfrutar das obras e da charla de Eduardo Lara e Víctor Ríos, que viaxaron dende Praga e México para o evento.

Alejandra Aguilar, Adrián Aja, David Arteagoitia, Marta Barragán, Federica Bau,Itzel Casimiro, David Cuevas,

Mateusz Dabrowski, Juan Escudero, Luisa Estrada, Lenka Falusiova, Adaír García, Myriam Gesalaga, Enrique Guadarrama, Emiliano Guerrero, Mónica Gutiérrez, Eneida Fernández, Víctor Hernández, Matej Hrbek, Adela Kostkanová, Eduardo Lara, Daniel Morales, Martha Muñoz, Jorge Noguez, Francisco Quintanar, Irati Retolaza, Víctor Ríos, América Rodríguez, Gustavo Ruiz, Marija Sibinovic, Manuel Solís, Anlena Vrsanská, Andrzej Weclawski, Omer Zaballa, Kamil Zaleski e Dorota Ziólkowska de México, República Dominicana, Italia, Polonia, República Checa e España mostraron unha selección dos seus traballos que ocuparon todo o primeiro andar da sede do CIEC.

«Drama no Lanzós», «Tuka/Tuka» e «Alumnas/os do CIEC» foron os títulos que o estudantado elixiu para as súas mostras en Betanzos, no Café Lanzós en maio e novembro e no Liceo do Concello en xuño, poñendo en valor a formación e encontros acadados nos cursos cunha selección única de estampas feitas nos talleres.

2021 tamén foi o ano das volta ás feiras presenciais. En outubro a Fundación CIEC participa en Alma Gráfica no Edificio Trascorrales de Oviedo os días 14, 15, 16 e 17 acompañando a 44 creadoras/es seleccionadas/os e contando co Taller Experimental da Habana e La Chicharra e Rumbo Fijo de México como países invitados, outorgando unha residencia artística á mexicana Martha Muñoz. Dentro da ampla programación cultural tivo lugar a mostra «Gravados da Colección Fundación CIEC» no Ilustre Colexido de Avogados de Oviedo onde se puideron contemplar estampas de grandes artistas do campo da Gráfica ao londo de dous meses.

A Fundación tamén voltou ao FIG Bilbao, Festival Internacional de Gravado e Obra sobre Papel, que tivo lugar do 25





ao 28 de novembro, feira que aposta pola difusión e investigación da obra gráfica e que acada xa os dez anos de amplas propostas de galerías españolas xunto a México, EE.UU., Dinamarca, Francia e Lituania, contando con Portugal coma país invitado, e mesas redondas, charlas, catas e talleres que atraen a numeroso público. O CIEC presentou as obras gañadoras do Premio Jesús Núñez e as súas actividades, outorgando tamén dúas axudas á formación a Rita Manrique e David Lopes en colaboración coa ESAD IPLeiria e a Facultade de Belas Artes da Universidade de Porto.







que convoca a Deputación da Coruña en recoñecemento a este artista e ao CIEC, e no que participaron máis de cen artistas internacionais. O Primeiro Premio foi para a litografía «Drama no Polígono» da

grados» de Juan Escudero e as Mencións de Honra para «Ejercicios de estilo» de Claudia Regueiro e «El de los esqueletos» de José López García. As selección foron para Aroa Aranda. David Arteagoitia. Knud Balandis. Magdalena Banás. Ulisses Belz. CeliaBragança. Oksana Budna. Deborah Chapman. Malgorzata Chomicz. Patrycia Chrzanowska. Maria Luisa Estrada Sánchez. Carmen Isasi. Vinicius Libardoni. Francisco López Alonso. Zoran Mishe. Martha Muñoz. Nuria Pena. Alberto Pino. Joan Polo. Irati Retolaza. Víctor Ríos Olmos. Wenceslao Robles Escudero. Mercedes Ruano. Chrystel Savornin. Teresa Yagüe. Marek Zajko.

Pechamos a memoria agradecendo unha vez máis as axudas ao desenvolvemento dos nosos proxectos e actividades. Á Deputación da Coruña, Concello de Betanzos, Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, Consello Social da Universidade da Coruña, Gadis, Lugami Artes Gráficas, Alma Gráfica Oviedo ou o FIG Bilbao, que coas súas colaboracións fan posible





este amplo proxecto artístico; ás/aos musicos que impartiron os fantásticos concertos na sede do CIEC, e por suposto ás/os mestras/es e estudantes que apoian a formación e/ou exposicións temporais e visitantes e público que enchen de vida cada día a Casa Núñez e poñen en valor o patrimonio cultural e humano que aquí hai, en Betanzos, en Galicia.

E máis aínda neste ano no que a Fundación CIEC cumpre 25 anos sendo un referente neste campo a nivel formativo e divulgativo, dende que Lola Galilea e Jesús Núñez apostasen pola continuidade e decidisen crear e establecer o CIEC na Casa Núñez de Betanzos para a formación gráfica nada en 1985 cos Cursos Gráfica, evolucionando con novas opcións e posibilidades ata o que é hoxe, e o que aínda queda. A todas/os, grazas polo apoio, esforzo, traballo, experiencia e creatividade. E a por outros 25.

Porque o único límite posible é o ceo.

A Lola Galilea. In memoriam.

María Pena. Fundación CIEC.

www.fundacionciec.com



ESCOLA MUNICIPAL DE FOLCLORE

No curso 2020-2021, a pesar das medidas que tivemos que adoptar con motivo da pandemia, puidemos iniciar a actividade na Escola Municipal de Folclore (EMuF) de forma presencial, o día 1 de outubro do 2020, mais desde o día 21 de xaneiro a EMuF tivo que seguir impartindo as actividades deste curso de forma telemática ata o 1 de marzo e a partir de aí se retomaron as aulas de forma presencial. A pesar da situación durante o curso a EMuF desenvolveu varias actividades como grupos de aprendizaxe de bailes tradicionais, gaita, percusión (bombo, tamboril, pandeireta, castañolas...), pandereteirascantareiras e agrupacións instrumentais. Desde o mes de outubro do 2020 ata o mes de marzo do 2021 impartíronse aulas todos os luns, mércores, venres, xoves e sábados das semanas lectivas para 250 alumnos e alumnas nas seguintes disciplinas: Grupos de baile tradicional: 80 asistentes Grupos de pandereteiras-cantareiras: 46 asistentes
Grupos de gaita: 42 asistentes
Grupos de percusión tradicional: 20 asistentes
Agrupacións instrumentais: 62 asistentes

Estas actividades docentes foron impartidas por un profesor e dúas profesoras. Ademais da actividade docente e como mostra e estímulo para os seus membros, a EMuF realizou unha serie de actuacións mesmo aínda coa situación de pandemia, e cuxo percorrido detallamos a seguir:
No mes de outubro de 2020 comezou o curso de forma presencial e desenvolveuse con normalidade e seguindo todas as recomendacións sanitarias da pandemia ata xaneiro que se suspenderon de novo pola situación sanitaria e continuaron de forma telemática ata o mes de marzo no que se retomaron.

19 de decembro de 2020

Dentro do XXXVIII programa de festas do Nadal de Aninovo, a Escola Municipal de Folclore organizou un breve concerto



Arume

de panxoliñas. A actividade consistiu nun pasarrúas cos dous puntos de partida, un grupo do alumnado saíu da ponte das Cascas e outro saíu do Centro Cultural San Francisco, sede da Escola Municipal de Folclore. Os dous grupos fixeron un pasarrúas interpretando pezas tradicionais ata chegar ao punto de reunión na Aula de Cultura Xulio Cuns do edificio Arquivo, onde o público agardaba, sempre seguindo os protocolos sanitarios do momento. Este acto só contou co Grupo Azougue e a Agrupación Untia debido á situación sanitaria.

1 de maio do 2021

Cada ano o 1 de maio a EMuF cumpría a tradición de ir cantar Os Maios en Betanzos, mais non foi posible levala a cabo por segundo ano consecutivo de xeito presencial na rúa e celebrouno nas redes sociais con vídeos e fotos de lembranza dos Maios de anos anteriores.

19 e 20 de xuño do 2021

Os días 19 e 20 de xuño de 2021 tivo lugar a clausura das actividades realizadas pola Escola Municipal de Folclore durante o curso 2020-2021. Esta clausura foi en realidade a clausura de dous cursos, xa que o anterior non houbera acto de clausura pola situación de pandemia, ademais desenvolveuse en dous días polas recomendacións sanitarias da pandemia e non puido xuntarse todo o alumnado da escola nun só acto e realizouse por grupos. Na clausura a EMuF festexou o remate do curso con música e baile.

10 de xullo do 2021

O día 10 de xullo a EMuF participou na Feira Franca Medieval e saíu do palco da música en pasarrúas cara á praza da Constitución para actuar ás 19:00 h.

23 de xullo do 2021

O 23 de xullo tivo lugar o XXV Festival folclórico do Día de Galicia que organiza o Concello de Betanzos a través da EMuF no Parque do Pasatempo e que comezou ás 21:00 h. Neste festival participou o Grupo Azougue da EMuF e Xosé Lois Romero e Aliboria.

16 de agosto do 2021

Este ano a festa de San Roque foi diferente pola pandemia mais aínda así a EMuF



participou coa posta en escena das danzas gremiais dos zapateiros, labradores, xastres ou alfaiates e dos mariñeiros ou mareantes. As catro danzas gremiais son danzas antigas que fan de Betanzos a localidade que conserva o maior número delas, o que supón un enorme orgullo porque son un exemplo vivo da riqueza patrimonial etnográfica de Betanzos. As danzas gremiais foron interpretadas pola EMuF e polo grupo Xóvenes do Pobo.

Para finalizar, na memoria deste curso vemos que por segundo ano consecutivo faltan actuacións habituais como o Encontro de Escolas de Música, o Día da Muiñeira de Cee ou Negreira, festas de barrio como a da Magdalena, o Corpus Christi ou a romaría de San Paio, así como a participación en concursos de música e baile e diversas viaxes a festivais; aínda así, a EMuF agarda que algunhas actividades como as da Feira Franca Medieval ou as festas de San Roque e que a situación mellore para poder ir achegándonos á actividade habitual e recuperar a normalidade anterior.

A EMuF é un organismo público que segue a apostar pola cultura e a tradición e deixar pegada na historia de Betanzos.



Arume

CORAL POLIFÓNICA DE BETANZOS

A Coral Polifónica de Betanzos, dende a súa fundación, (marzo de 1969), desenrola dous fins:

1: Cultivo da Música Polifónica en xeral (en especial a música polifónica, popular e tradicional galega), con actuacións, actividades e festivais musicais, ensaios, cursos de formación, en colaboración con FE CO GA (Federación Coral Galega), e a participación de compoñentes da Coral en cursos especiais de música, e intercambios musicais con corais e asociacións culturais.. Polas nosas aldeas buscamos cancións que cantaban e cantan os nosos maiores, para que sexan coñecidas, publicadas e cantadas. Ao respecto da música polifónica galega, hai un grupo de músicos (compositores, directores, profesores, persoas con sólida formación musical), que están a investigar e realizar estudos de música polifónica galega, e facendo, individual e conxuntamente, arranxos de calidade musical, de partituras de melodías galegas, e tamén enriquecendo o noso patrimonio musical, con novas partituras.

2: Organizar actividades musicais, culturais, sociais, tradicionais...

Cada ano, e en cada mes, realizáronse diversas e variadas actividades: Visita e actuación na residencia de maiores. Colaboración nos actos do «Día de Rosalía». Actividades con motivo do Entroido. Actos no aniversario da Coral en marzo, (Exposicións de artesanía galega. Encontros de Corais. Grupos Musicais...). Pregón de Semana Santa e concerto de música sacra. Actuación e participación nos actos da festa do patrón do Centro de Educación Especial «Pai Menni». Concerto e colaboración nos actos do «Día das Letras Galegas». Festa de homenaxe e agradecemento o socio. Xira fluvial a «Os Caneiros». Participación, en agosto, nas festas patronais: concerto «Cidade de Betanzos», (actúan as tres entidades musicais de Betanzos: Agrupación Musical de Pulso e Púa, Banda Municipal e Coral), e Misas Solemnes cantadas pola Coral, o día 15, festividade de Santa María, e o día 16, festividade de San Roque, patrón principal de Betanzos. Misas cantadas na festa da patroa da residencia de maiores, na festividade da Virxe dos Remedios, e na festividade da Virxe do Pilar, patroa da Garda Civil. En novembro, Festival Santa Cecilia (52 edicións): Festa do Magosto, Exposicións, Concertos, Encontro de Corais, Grupos Musicais, Recitais de Poesía e Música, Misa cantada en honor a Santa Cecilia, patroa da Música. Homenaxe a constancia dos compoñentes, etc. Actividades de Nadal: encontro de Corais, visita e actuación no Centro de Educación Especial «Pai Menni», e na Residencia de Maiores. Realízanse viaxes de interese histórico cultural e Intercambios Musicais con corais e asociacións de Galicia, comunidades autónomas e do estranxeiro.

ACTUACIONS E ACTIVIDADES REALIZADAS.

Este ano 2021, seguimos estando confinados pola Pandemia.

Co fin de respectar as normas das autoridades sanitarias para evitar contaxios, evitando lugares cerrados pouco ventilados, lugares concorridos e amontoamentos de contactos próximos, respectando sempre unha distancia superior a 1,5 metros, ademais da hixiene de lavar as mans e o uso da máscara facial, evitando sempre exposicións contraproducentes, optamos por no ter ensaios, nin organizar eventos que sexan motivo de contaxios, e realizar actividades respectando as normas sanitarias.

Actividades diversas:

Fixéronse estudos para mellorar a traxectoria da Coral a nivel musical, organizativo e para a realización de actividades musicais, culturais, sociais, etc.

Repertorio musical:
Fixéronse arranxos de melodías galegas e novas partituras enriquecendo o noso patrimonio musical.
Seguimos buscando polas aldeas (respectando as normas sanitarias) cancións galegas que cantaban os nosos antecesores para enriquecer o noso patrimonio popular galego.
Aproveitamos este tempo para organizar, renovar, mellorar, aumentar o arquivo da Coral con partituras, libros e medios necesarios para a organización das actividades.
Aproveitando os medios das redes sociais, enviáronse partituras e informacións aos compoñentes.
Estamos adquirindo andeis, arquivadores, librarías, carpetas para organizar as partituras e material diverso que se vai adquirindo para realizar a actividade musical, cultural e social.
ACTIVIDADES CONCRETAS:
3 de marzo: Conmemoración do 52 aniversario da Coral: Enviouse a Compoñentes e Socios da Coral información e documentación diversa con todo o relacionado coa Coral. 27 de marzo. Para este día estaba programado o Pregón de Semana Santa e o Concerto de Música Sacra. Como non se pode facer presencial, envíase a Compoñentes e Socios unha sinopse do Pregón que fixo a persoa que o ía a pronunciar.
25 de abril: Silleda. Asemblea Xeral Ordinaria de FE CO GA (Federación Coral Galega). Participan membros Xunta Directiva da Coral, por ser Socio da Federación.
16 de maio: Ourense: Asemblea Xeral Ordinaria de Federación Galega de Casinos e Círculos Culturais. Participan membros da Xunta Directiva da Coral, por ser Socio da federación.
En setembro, como as condicións sanitarias melloraron, empezamos a ensaiar de novo para preparar o 53 Festival Santa Cecilia.
13 de novembro: Aula de Cultura LICEO, Concerto do Grupo «TEMPO CATRO» (Violín, Piano, Acordeón e Contrabaixo). Organizado pola Coral e patrocinado polo Concello de Betanzos.
22 de novembro: Festividade de Santa Cecilia, Patroa da Música. Igrexa de Santo Domingo: Misa Solemne, cantada pola Coral e aplicada polos Compoñentes, Familiares, Socios e colaboradores da Coral falecidos.
28 de novembro: Aula de Cultura LICEO. Concerto da Coral Polifónica de Betanzos. I Parte: A Coral interpretou: La Golondrina. Balaio meu ben. Vela ai vai. Time To Say Goodbye, Viento del norte. II Parte: Poesía de Esther López Castro, en homenaxe a Coral Polifónica de Betanzos. III Parte: A Coral e o público asistente, interpretaron: ¿Que será, será? E Pandeirada.
En decembro, a Coral tiña programado o Concerto de Nadal e visita e actuación no Centro de Educación Especial «Pai Menni», e na Residencia de Maiores, Irmáns García Naveira, pero as condicións sanitarias non eran boas, e non se realizaron actividades.
Tamén estaban programados varios Intercambios Musicais con outras Corais, pero non se realizaron polas condicións sanitarias.

«A Música é o corazón da vida.
Por ela fala o amor; sen ela non hai ben posible,
e con ela todo é fermoso» (Franz Liszt)

AGRUPACIÓN MUSICAL «CARLOS SEIJO»

O ano pasado non houbo saídas nin concertos de ningún tipo debido á pandemia, polo que toda a actividade que se desenvolveu na agrupación foron os ensaios. Cando o aforo non nos permitía

xuntarnos, decidimos facelos online e, cando as medidas foron afrouxando, dividimos o grupo por cordas para non superar os límites de aforo: primeiro ían as primeiras voces, a continuación as segundas, etc.

O director que tiñamos, Alex Millet, veuse obrigado a deixarnos por problemas de horario, polo que tivemos que procurar outra persoa cualificada para substituílo. Carlos Caramés incorporouse como director no mes de outubro.

A mediados de outubro foi tamén cando retomamos as clases despois dun ano enteiro sen actividade deste tipo. Abrimos soamente dez prazas por se houber problemas co aforo, pero finalmente resultou moi ben. Os alumnos das clases deron un pequeno concerto de Nadal para as súas familias no local da agrupación, e vemos o concerto de fin de curso como opción viable se a situación o permite.

2021 foi tamén o último ano de Ana Recio como presidenta da agrupación, xa que na reunión da primeira semana do 2022 realizáronse eleccións e houbo un cambio de directiva, con Mar Nieves asumindo a presidencia.

Foi un ano tranquilo, ben tranquilo, pero esperamos que este ano nos permita retomar, polo menos ata certa medida, a actividade usual.

Mar Nieves

CRUZ VERMELLA BETANZOS

Actividades 2021

Cruz Vermella Betanzos recoge en esta memoria sus datos de 2021. La situación de pandemia continuó dejando huella y ampliando los ámbitos de actuación en salud, sociales y económicos, enfocando a personal y voluntariado de Cruz Roja en cubrir las necesidades básicas, paliar el aislamiento social y la pérdida de empleo y bienestar en pos de los colectivos más vulnerables.

En el campo de los servicios preventivos destacar el apoyo en la campaña de vacunación masiva en Expocoruña casi a diario entre los meses de abril y junio, además de las coberturas de atención sociosanitaria en la Comarca durante todo el año en eventos culturales, sociales y/o deportivos, 64 en total, tales como partidos de fútbol, conciertos, campamentos de salvamento acuático, carreras solidarias, el Campeonato Nacional Infantil de Baloncesto, conciertos de verano en el Pasatiempo, vueltas ciclistas, campeonatos de orientación, dia de la bici o regatas de piragüismo, sobre todo en A Coruña, Abegondo, Bergondo, Irixoa o Miño, entre otros, junto a los traslados de particulares.

En la cada vez más amplia área de intervención social, desde la Oficina se asesora y acompaña en temas de retorno, reagrupación familiar, educación, recursos sanitarios o laborales, destacando la vuelta a las clases de español en abril, llegando a 17 participantes y a los talleres de memoria en octubre con 14 participantes. En el caso de los Mayores, el Proyecto de Teleasistencia Domiciliaria realizó 2.067 llamadas, 31 acompañamientos a gestiones a 11 usuarias/os, y el Programa de Saúde Constante contactó semanalmente con 12 usuarias/os, que se completaron con talleres de memoria, excursiones al Aquarium Finisterrae, encuentros en el Restaurante Casanova y actividades de Alfabetización Digital en Curtis con el programa «Enredando». En números, la teleasistencia móvil para víctimas de violencia de género realizó tareas de seguimiento, y la teleasistencia domiciliaria llegó a 356 usuarias/os de la Comarca. El espacio EBAE de búsqueda de empleo asesoró a 27 personas, y los productos de apoyo como sillas de ruedas, andadores, camas articuladas o grúas llegaron a 6 usuarias/os.

La conocida campaña del Reparto de Alimentos dentro del programa operativo FEAD repartió en marzo, junio, julio, octubre y noviembre 3.639,10; 2.819,16 y 5.008,42 Kgr a 431 personas, a las que además de la entrega se les orientó respecto a recursos sociales, de empleo, sanitarios o educativos, nutrición o dietas equilibradas. El programa Responde nacido para paliar las consecuencias de la situación sanitaria sumó a estas entregas 1.443 prestaciones más a 221 usuarias/os entre alimentos, lotes de productos de higiene, ortopedia, material escolar, ropa, calzado o ayudas económicas, destacando los más de 140 pares de zapatillas donadas por Carrefour o la comida preparada que se comenzó a repartir en octubre gracias a un convenio con Eroski. Las tarjetas para cubrir necesidades básicas, los kits de ahorro energético, los vales para la compra de calzado gracias a la Fundación Vertex y los repartos de mascarillas procedentes del Ministerio de Sanidad llegaron a más de 15 familias de la comarca y siguieron sumando ayudas.

Este año fue también el de la vuelta a la formación presencial por parte del voluntariado, impartiendo cursos y charlas de primeros auxilios en Sobrado dos Monxes y Teixeiro, cursos de manipulación de alimentos en mayo, junio y noviembre en Bergondo, y también ampliando la formación en el campo del socorrismo, primeros auxilios, extranjería, coordinación operativa y comunicaciones, ERBE, prevención y reducción de riesgos en el consumo de drogas, gestión emocional o almacenes en el Centro de Formación de Cruz Roja en A Coruña. Seis voluntarias/os betanceiras/os participaron en julio en el Encuentro Provincial de Voluntariado celebrado en la Finca As Salgueiras.

CRUZ ROJA JUVENTUD

Es el referente del voluntariado en Cruz Roja para colectivos de su edad a través de acciones de carácter preventivo, educativo, participativo y de desarrollo educando en valores.

24 años de Apoyo Escolar dan prueba de este programa dirigido a escolares, familias y escuela con clases lunes, miércoles y jueves en dos turnos a las que asistieron 17 estudiantes con el fin de prestar una atención personalizada para mejorar resultados, motivar, controlar el absentismo escolar y mejorar hábitos de lectura, que se completaron con meriendas saludables y actividades extraescolares como piscina o excursiones como a la Finca O Ventoso en Laracha.

La Campaña de Juguetes es otro de los programas más conocidos y reconocidos de Juventud, a través del que además de recoger juguetes y regalos para las y los más peques se conciencia sobre la desigualdad social, contando con un amplio apoyo de comerciantes y particulares de Betanzos. Cada año supera las expectativas, llegando a 95 niñas/os de Aranga, Betanzos, Bergondo, Coirós, Miño, Monfero, Paderne y Villarmaior. Otras campañas relacionadas son la de Volta ó Cole Solidaria que en septiembre recogió en Carrefour material escolar para 25 niñas/os de la comarca. Otras campañas con las que el voluntariado salió a la calle fueron las de sensibilización sobre la eliminación de la discriminación racial en el IES As Mariñas el 25 de marzo con 32 menores; talleres de Prevención de trastornos en la conducta alimentaria en el IES de Curtis el 19 de abril para 60 estudiantes de 3º y 4º de ESO y en el CEIP San Marcos de Abegondo en junio; sobre anemia falciforme a 15 usuarias/os de Integración; sensibilización sobre violencia de género en el IES As Mariñas de Betanzos a 143 estudiantes en noviembre; consumo responsable en el CEIP Castro Baxoi de Miño a 185

estudantes en diciembre, y también en redes sociales en temas de la LGTBIfobia y la diversidad cultural en el mes de mayo, Salud Mental en julio y Hepatitis en agosto.

Aunque la IV Caminata Solidaria que organiza la institución volvió a ser virtual por la pandemia, con la participación de casi 200 personas, los protocolos oficiales permitieron otras como la proyección del documental «Regueiros» del periodista Antonio Pampliega para el voluntariado en el cine Alfonsetti el 16 de abril que recogía el día a día desde el inicio de la pandemia y el papel de Cruz Roja, y en el que participaron varias/os betanceiras/os. Y otras más tradicionales como el Sorteo del Oro, con 3.436 boletos vendidos o 6.360 en la Lotería de Navidad.

Y todo contando con la ayuda de particulares y empresas como F-40 Bergondo, Club de Piragüismo Ría de Betanzos, Farmacia Leis, Pescadería Celia, Restaurante Casanova, Todo Deporte, CEIP Vales Villamarín, Gadis, Eroski, A Fundación, Club Kwon, Asociación Mirabal, Viacqua, Texas Controis, Fundación Flora, Comunidade de Propietarios del Polígono de Bergondo, DanzArte, Club Ciclista Betanzos, Churrería Betanzos y donaciones anónimas y de particulares que suman, ayudan, aportan y alientan. Porque entre todas/os seguimos con la vista puesta en nuestro objetivo de estar cada vez más cerca de las personas uniendo esfuerzos y transmitiendo nuestro entusiasmo.

Somos Cruz Roja Betanzos.

ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER

2021 ha sido un año marcado por la pandemia derivada del COVID, y sus efectos económicos y sociales. Su impacto ha alcanzado también la lucha contra el cáncer, agravando la vulnerabilidad social y conómica de los enfermos.

Este año, la Asociación Española Contra el Cáncer ha decidido acometer un cambio de imagen, para darle más visibilidad. La Asociación renueva su logotipo, para transmitir una imagen actualizada y más próxima a los jóvenes, lo que debería facilitar el logro de sus objetivos. Entre estos objetivos destaca la dotación a la investigación oncológica de más recursos, y por tanto de una mayor capacidad; y garantizar la igualdad de oportunidades de los pacientes y afectados, para prevenir y enfrentarse a esta enfermedad.

En Betanzos, la AECC ha realizado los siguientes actos y actividades a lo largo de 2021:

- Se ha vuelto a convocar a losciudadanos, con notable éxito, en la cuestación a favor de la Asociación y su labor, el día 1 de noviembre.

-Durante el mes de diciembre, se hanpuesto a la venta participaciones de Lotería de la Navidad, cuyo recargo se destinará íntegramente a la colaboración con los objetivos de la Asociación.

De esta forma, un año más nos gustaría aprovechar la ocasión que nos ofrece el Anuario Brigantino para agradecer la inestimable colaboración de nuestros convecinos.

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE BETANZOS

Por mor da pandemia provocada pola COVID, os actos da Banda Municipal de Música de Betanzos víronse mermados. Malia situación excepcional, a banda tratou de seguir adiante coa celebración de tres concertos, xa que o habitual Concerto Extraordinario de Nadal foi cancelado, así como as festas patronais na honra de San Roque, a Semana Santa e outros eventos.

A pesar de todas as adversidades e co esforzo dos seus músicos e músicas, xunto co seu director Juan Ferrer, e co

apoio da Asociación Amigos da Banda e do Concello de Betanzos, levou a cabo os seguintes concertos:

• 30 de maio de 2021, Concerto de Primavera no Cantón Claudino Pita.

• 13 de agosto de 2021, Concerto Cidade de Betanzos, rendendo tributo a Nino Bravo, acompañando ao músico navarro Serafín Zubiri.

• 21 de maio de 2021, Concerto da Ilusión, no cal sete novos músicos e músicas pasarían a formar parte de Banda Municiapl de Música de Betanzos.

Presentación do Anuario Brigantino 2020

ANTOLÍN SÁNCHEZ PRESEDO*

Señora Alcaldesa en funcións; señoras e señores concelleiros, exalcaldesa e exalcaldes, exconselleiro da Xunta de Galicia, representantes das entidades copatrocinadoras (Abanca e Gadisa), director do Anuario Brigantino, amigas e amigos todos:
Participar neste acto e ter a oportunidade por segunda vez de atoparme na súa compañía é un motivo dobre de satisfacción. Cando, despois de presentar xa o Anuario na que consideraba primeira e última vez, recibín a amable invitación de facelo novamente, comprendín que era un sorriso da vida, que me traía recordos familiares.

Daba a razón ao meu pai que sempre dicía que en Betanzos nunca se toma a última rolda. Todo o máis, a penúltima. Aquí dicir adeus non é poñer punto final. Niso consiste a esperanza que Aristóteles definiu como "o soño do home esperto". En Betanzos non nos resignamos e convertemos as despedidas en invitacións ao reencontro.

A invitación, trece anos despois da primeira, tamén demostraba que o trece pode asociarse a boas noticias. Dá tamén a razón ao meu avó paterno, a quen non coñecín, para quen o trece era o seu número favorito. Celebraba os días trece de cada mes reuníndose cos seus amigos para xantar, e se era martes 13, a xantar e cear. O seu acto máis concluínte foi descansar no número 13, pois esa é a fileira en que se atopan as urnas da familia no cemiterio municipal. Non era inxenuo, pero elixía o lado bo das cousas. En definitivita, era optimista.

A miña familia paterna coñecíase por "os Cordero" debido ao segundo apelido do meu bisavó, Manuel Sánchez Cordero. Non reparara na súa data de defunción ata que Alfredo Erias me enviou unha copia da súa necrolóxica. Sucedeu en 1919, o ano seguinte ao comezo da pandemia que arrasou o mundo á fin da Primeira Guerra Mundial. Foron tempos terribles, máis duros aínda que os actuais. Móvennos a compartir a dor de tantas vítimas, agradecer, poder deixar atrás a crise e apreciar o inicio da recuperación. Tamén a ser conscientes do significado especial deste Anuario, exemplo de resiliencia e volta á normalidade.

A dificultade dos tempos non impediu que o Anuario acuda puntualmente á súa cita como fixo sempre desde o seu cuarto número que inaugura a súa segunda etapa. Os tres primeiros apareceron en 1948, 1949 e 1951 baixo a dirección do inesquecible Francisco Vales Villamarín, sendo alcalde de Betanzos Tomás Dapena. O cuarto, baixo a mesma dirección, houbo de esperar ata 1981, sendo alcalde Vicente de la Fuente, en cuxo mandato se editou tamén o quinto baixo a excepcional dirección conxunta de José Raimundo NúñezVarela e Xosé Antón García-Ledo. A partir de 1983 publícase ininterrompidamente baixo a dirección de Alfredo Erias, a quen nomeei para tal función como Alcalde de Betanzos e que mantivo a confianza dos catro Alcaldes posteriores: Manuel Lagares, María Faraldo, José Ramón Vázquez e María Barral, que preside actualmente a Corporación.

---

*Antolín Sánchez Presedo foi Alcalde de Betanzos (1983-1985), Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas da Xunta de Galicia e europarlamentario galego.

Un ano é unha viaxe sideral que dá para moito; poden comprobalo no Calendario da Igrexa de Santa María. Aínda que non o percibamos, durante a hora que pode durar este acto, percorreremos na órbita solar unha distancia equivalente a dúas veces e media a volta á Terra a unha velocidade próxima aos trinta quilómetros por segundo. Nesta "*patera cósmica"*, que é como o noso querido Francisco Díaz, máis coñecido por "Pachico" -gran dinamizador cultural da nosa cidade nas últimas décadas- chama ao noso planeta, un ano é unha gran viaxe.

Un ano tan extraordinario e dramático como o 2020 coa pandemia do COVID-19 estendéndose por todas as latitudes puxo en evidencia a nosa interdependencia, fraxilidade e capacidade de resposta.

Con este Anuario péchase ademais un ciclo de case catro décadas. Por iso, na primeira parte da miña intervención falarei do seu contido e na segunda, do seu Director neste tempo, Alfredo Erias.

O Anuario Brigantino 2020 é voluminoso e sustancioso. Ten 608 páxinas e dúas decenas de excelentes traballos. Os oito primeiros, no apartado de Historia, e os doce restantes, no de Arte, Literatura e Antropoloxía. A misteriosa fotografía de Betsabé na súa cuberta é unha invitación a descubrir os achados que hoxe ofrecen os seu autores, e a fotografía da contracuberta é unha homenaxe, personificada no lembrado Xulio Cuns, a todos os colaboradores do Anuario ao longo do tempo.

As dúas primeiras páxinas reproducen as evocativas versións pictóricas que Alfredo Erias fai da famosa estela de Crecente na que se representa unha familia "céltica supertamárica" e a emperatriz romana Valeria Messalina, un recordatorio do autor a dous compoñentes da nosa historia.Tamén é un xesto feminista e un chisco á nosa alcaldesa.



A continuación farei unha breve referencia ao seu contido, autor por autor.

O **saúdo da alcaldesa María Barral** sintetiza o tráxico ano da pandemia, agradece o esforzo dos que nos coidaron e facilitaron a vida e rende tributo a Alfredo Erias polo seu labor nas últimas catro décadas.

No primeiro traballo, o **Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos** atopa e estuda 47 novos paneis con gravados rupestres no concello de Vilarmaior coas primeiras representacións de armas e animais. Eu anímoos a concertar con Alberto López Fernández, que nos acompaña, unha visita nocturna. Descubrirán que os petroglifos, como as estrelas, vense mellor pola noite. E saírán convencidos de que Vilarmaior é o campo de estrelas da comarca betanceira.

Os arqueólogos **Víctor Tomás Botella e Xosé Ramón Casal** publican os primeiros achados do edificio nº 8 da rúa do Castro. Alí detéctase un treito do foxo defensivo do Castro de Unta (o "Brigantium") e atópanse materiais de cerámica e pedra de muiño que están hoxe no Museo das Mariñas.



O catedrático de Historia Antigua da Universidad de Alicante, **Juan Manuel Abascal**, publica "***Miliarios romanos de la provincia de Pontevedra (Hispania citerior)***". O miliario era a columna que os romanos colocaban nas súas calzadas cada mil pasos("*milia passuum*", de aí deriva a palabra "*milla*"). A súa identificación forma parte do catálogo epigráfico da Galicia romana que impulsa a Fundación Luis Monteagudo con sede en Betanzos.

Fernando Alonso Romero, catedrático ad honorem da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela publica o traballo ***"El Lobishome o Vakner del "límite de la tierra y el mar""*** onde estuda este ser tan temido do imaxinario. No latín clásico dise "*homo homini lupus*" e non serei eu quen negue que a besta estea totalmente erradicada da nosa natureza.

O **Colectivo a Rula** publica o traballo "***Os montes de interese patrimonial e ambiental: atrancos e tendencias na súa ordenación multifuncional"***. Os montes ocupan dous terzos do noso territorio. Hai que darlle a benvida a este traballo que busca a conservación dos valores naturais e patrimoniais dos montes de Galicia

Luis Alonso Álvarez, catedrático de Historia económica da Universidade da Coruña, publica o traballo ***"Camiños sobor do mar: A Casa da Contratación da Coruña e as expedicións ás illas da Especiaría, 1525-1564"***. Así como Sevilla tiña o monopolio do comercio con América, a Casa de Contratación da Coruña xogou un importante papel nas viaxes de exploración ás Illas da Especiaría (Molucas, pertencentes na actualidade a Indonesia). A Coruña é o tradicional porto exterior de Betanzos e con esta espléndida investigación o Anuario súmase á conmemoración do 500 aniversario da histórica expedición de Magallanes (1519-1522) que culminou Juan Sebastián Elcano e foi o comenzo da globalización.

Xavier Brisset Martín publica o traballo ***"Prófugos betanceiros (1900-1930): masiva migración de adolescentes fuxindo da guerra"*** . Entre 1900 a 1930 máis da metade dos mozos betanceiros (unha taxa que triplica a media española) foron declarados prófugos polo concello ao non presentarse ao acto de clasificación e sorteo da súa quinta. A procura de saídas e a nefasta política militarista, que permitía a exoneración dos fillos dos ricos e que levou ao movemento "ou todos ou ningún", poden explicalo. O meu avó materno emigrou de adolescente a Cuba e volveu para facer o servizo militar na Mariña; se tivese sido destinado ao Exército de Terra hoxe poderían desfrutar con outro presentador.

Margarita Sáenz de la Calzada, autora dun libro sobre a Residencia de Estudiantes e compoñente do padroado da Fundación Jiménez-Cossío, escribe o traballo titulado, ***"La Institución Libre de Enseñanza y la quinta de San Fiz de Vixoi"*** na que pon de relevo a frutífera actividade reformadora da Institución Libre de Enseñanza en Galicia co protagonismo de Giner de los Ríos e Manuel Bartolomé Cossío. A educación segue a ser clave. Os meus amigos do ensino, José Manuel Montero e Secundino Fernández, din con retranca que *"quen crea que a educación é cara, que probe coa ignorancia"*; e, xa metidos en fariña, aclaran que *"son necesarios máis recursos, pero tamén usalos ben"*. A Institución Libre de Enseñanza é unha fonte de inspiración.

O apartado de "Arte, Literatura, Antropoloxía, …" inaugúrase por **Ramón Yzquierdo Perrín**, catedrático de Historia da Arte da Universidade da Coruña, que publica *"Iconografía del banquete: su presencia en la arquitectura de Galicia del último tercio del siglo XI a 1300"*, estudando este tipo de representacións baseadas en textos bíblicos. Como comentario lateral, na primeira representación icónica da Última Cea no Museo

de David en Xerusalén, Xesús non aparece no centro da mesa senón nunha esquina en actitude de servizo cara aos apóstolos.



Alfredo Erias Martínez, que xa descubrira a existencia do ciclo escultórico de David e Betsabé na Porta Norte da catedral de Santiago, amplía esta visión a Toulouse, onde estaba o taller nos arredores do 1100, no traballo ***"O ciclo escultórico de David e Betsabé en Toulouse e en Santiago de Compostela"***. O traballo sobre a figura de David, que inspirou a Leonard Cohen o seu "Aleluia" ten moi espectaculares debuxos arqueolóxicos, na meirande parte feitos durante o tempo da concentración do COVID-19.

Francisco Singul, xefe de área da Cultura Xacobea do Plan Xacobeo da Xunta de Galicia publica ***"Triumphalis imago sancti Michaelis archangeli. El relieve de san Miguel venciendo al demonio del Museo das Mariñas de Betanzos"***, espectacular talla en madeira de finais do século XVII ou primeiras décadas do XVIII, orixinaria probablemente da igrexa de Santa María do Azougue de Betanzos onde estaba a confraría de San Miguel do gremio de mareantes. Foi doada ó Museo das Mariñas polo fillo predilecto de Betanzos Jesús Núñez, gran artista e flamante académico, que coa súa Fundación CIEC converteu a nosa cidade nunha capital internacional das artes plásticas e que pretende que o siga sendo confiando o seu patrimonio artístico ao noso pobo.

A continuación **Felipe Debasa** e **Roberto Reigosa**, investigadores de Mondoñedo, publican ***"Relojes, relojeros y estatus social"***, centrándose nun grupo de fabricantes reloxeiros do noroeste de España. Os reloxeiros foron os tecnólogos da revolución científica. Este traballo pode estimular a súa curiosidade por visitar a maquinaria do reloxio da torre municipal que está no Museo das Mariñas.

Clodio González Pérez, académico da Real Academia Galega, publica "***As carballeiras de Santiago de Compostela"***, a cidade galega con máis bosques de carballos adicados a parques públicos. Esas carballeiras acolleron a Valle Inclán, inspiraron a Rosalía e gardan vivo o espírito fraterno e igualitario do banquete de Conxo, berce do galeguismo. Seguramente gustaralle ao autor saber que o Anuario se presenta no edificio que está xunto a unha impropiamente chamada Alameda porque, desde a remodelación feita polo meu amigo o alcalde Manuel Lagares en colaboración coa COTOP cando eu era conselleiro, é realmente unha carballeira.

Un pouco nesta liña, **Ángel Arcay, José Ángel Paz e Daniel Lucas Teijeiro** publican ***"O arquivo verde: Inventario das árbores históricas de Betanzos"***, documentando árbores singulares e contextualizándoas como elementos vertebradores do urbanismo. Acollemos

esta contribución moi positivamente como símbolo dos novos tempos. Hai anos un arquivo verde podería ser causa de escándalo polas connotacións da palabra "verde". Hoxe encaixa no concepto de sostibilidade, baseado na reconciliación coa natureza, que inclúe protexer os seus bens senlleiros.



Antolín Faraldo Asorey. Foto do Fondo Vales Villamarín que aparece, como homenaxe, na cuberta do *Anuario Brigantino 2020*. AMB.

O decano dos alcaldes de Betanzos, o meu amigo **Vicente de la Fuente García,** presenta ***"Las últimas donaciones de los Hermanos García Naveira"***, dándonos novas perspectivas da inxente labor destes benfeitores, poñendo o acento na súa filantropía, caridade e relixiosidade. Magnífico recordatorio para preservar e actualizar o seu legado.

Aproveito para deixar constancia de que como alcalde iniciei o expediente de extinción das Fundacións que promoveron, xunto con outras que estaban abandonadas, para que o seu patrimonio ficase no Concello de Betanzos. Miguel Martínez Losada, conselleiro de Traballo e Benestar Social resolveuno favorablemente coa impecable asistencia técnica dun funcionario interino que se chamaba Alberto Núñez Feijoo.

Morto Don Juan, non se podía pedir á súa familia manter o Pasatempo. Non obstante non houbo ningunha iniciativa ata 1984. Naquel ano, coa inestimable axuda do meu entrañable amigo Jaime Lafora (descendente da familia García Naveira, firmemente comprometido en preservar o Pasatempo para os betanceiros), iniciei como alcalde a adquisición das propiedades, que culminou dous anos despois o alcalde Manuel Lagares. O Concello convocou entón un Concurso de Ideas cuxo equipo gañador contemplaba tres grandes liñas de actuación: *"conservar, recuperar e crear"*. O seu proxecto executouse mediante Convenio polo que a Consellería da que eu era titular subvencionaba con 376

millóns de pesetas ao Concello. Isto foi o primeiro investimento dende que se concluíu o Pasatempo en 1914. Dende entón escribiuse moito pero non se investiu nada apreciable. Agardo que a declaración do Pasatempo como ben de interese cultural, a adxudicación do investimento de 485.000 euros para a primeira fase da restauración do estanque do Retiro e un ambicioso Plan Director lancen un novo ciclo virtuoso no Pasatempo que se estenda a todo o legado dos irmáns García Naveira.



O polifacético Xulio Cuns Lousa, tantos anos secretario do Anuario Brigantino, que aparece, como homenaxe, na cuberta do *Anuario Brigantino 2020.* AMB.

Ángel Núñez Sobrino publica ***"Los Sobrino: datos, noticias, producciones y aportaciones (siglos XIX y XX)"***, que é unha variada e suxestiva miscelánea familiar entre cuxos temas está o Catálogo de 1928 coa miniatura de Antolín Faraldo, que figura na solapa da portada.

A colaboración de **Carlos Gegúndez López** titulada ***"A arte de Lourido: os trazos da súa inspiración e o ronsel de Castelao",*** rescata a vida e obra dun artista galego e prematuramente desaparecido, Manuel Fernández Lourido, e a súa relación con Castelao. Castelao mantivo unha relación especial con Betanzos, en particular co Centro Betanzos de Bos Aires, que doou ao Concello o busto que hai no Museo das Mariñas.

O prolífico investigador betanceiro, **Xesús Torres Regueiro** obséquianos cun novo traballo. ***"As xiras por Galiza do Teatro dei Piccoli e as crónicas galegas de Renzo Massarani"***, arredor das representacións na nosa terra entre 1924 e 1957 que deron lugar a crónicas de viaxe do seu director de orquestra, publicadas primeiro na prensa italiana e logo na galega. O artista convértese en espectador, ratificando os versos de Antonio Machado *"el ojo que ves/ no es ojo porque tu lo veas/ es ojo porque te ve".*

Pola súa parte, **Isabel Rey Samartim** reivindica a guitarra galega, poñendo o foco en Betanzos a través do traballo titulado, ***"Guitarristas de Betanços: Breve história da guitarra brigantina"***. Gerardo Diego dixo, "la guitarra es un pozo con viento en lugar de agua". A miña vibración é que, paradoxalmente, esta colaboración non a levará o vento.

Por último, **Alfredo Erias, José Mª Veiga e Ermita Rodríguez** presentan outro arquivo betanceiro salvado e organizado, o ***"Arquivo da "Empresa de conducción de Sales do Alfolí de Betanzos, de D. Manuel Martínez Vega e sucesores, no Arquivo Municipal de Betanzos"*** con documentos que van de 1722 a 1885. Trátase do pai dos famosos irmáns Martínez Santiso e documenta moi ben unha empresa importante da cidade, cunha gran área de influencia.

E remata o Anuario coa memoria das entidades culturais e cos acontecementos dun ano moi marcado polo COVID 19. Non obstante, o 13 de febreiro de 2020, Betanzos converteuse na capital mundial da música; a conmemoración do 800 aniversario do traslado de Betanzos ao Castro de Untia clausurouse cun concerto do magnífico barítono italiano Leo Nucci na Igrexa conventual de San Francisco. A súa actuación foi posible pola mediación do noso arcipreste Santiago Pérez e a predisposición xenerosa do artista, que renunciou a calquera tipo de honorarios e pediu, como única recompensa, á alcaldesa, poder compartir tres tortillas de Betanzos en torno a unha mesa. Se o noso arcipreste insiste en conseguir un órgano para Santo Domingo, cumprirase o dito popular de que *"non hai dous sen tres"* e Nucci regresará a Betanzos.

Falando de prognósticos, non dubido que o o Anuario 2021 recollerá que onte se concedeu o Premio Nacional de Narrativa ao noso conveciño Xesús Fraga pola sua marabillosa obra *"Virtudes (e misterios)"*; parabéns ao autor e á súa familia por esta noticia que enche de orgullo a todo Betanzos.

O protagonista hoxe é Alfredo Erias. Se o Anuario fose un territorio, o continente sería obra de Alfredo e unha parte significativa do seu contido. É o autor de traballos e de ilustracións, e ademais maquetador e Director. Nesta ocasión ademais porque se xubila como funcionario municipal e pecha a súa etapa como director do Museo das Mariñas, do Arquivo e Biblioteca municipais e do Anuario. Faino con naturalidade porque concibe o servizo público como unha carreira de relevos. Pode xubilarse ademais no auténtico sentido da palabra: coa satisfacción do deber cumprido, o orgullo de ter acrecentado o patrimonio cultural de Betanzos e a convicción de que tamén se pode servir aos demais desde a sociedade civil.

A súa traxectoria é limpa e coherente. Segue recoñecéndose naquel neno nado en Presedo no seo dunha familia modesta que parecía non telo fácil. Con todo, como xa advertiu o recentemente desaparecido Caballero Bonald, "*quien convive con árboles pacta con semidioses invencibles, nadie podría usurparle nunca esa heredad"*.

Aquela contorna e a música do seu pai afinaron o seu oído e a súa intelixencia. Pronto constatou que *"fai máis ruído unha árbore que cae que un bosque que crece"*. Como Wagner e Pondal, soubo que os murmurios do bosque, os cantos dos paxaros e o vento nas ramas poden converterse en linguaxe cósmica ou poética. Que a natureza, esa casa encantada, pode degradarse e tamén chegar a ser arte.

No camiño cara ao sublime, a artesanía podía ser o primeiro paso. Aos doce anos púxose a traballar como aprendiz de carpinteiro. Como "non hai mal que por ben non veña", un accidente laboral devolveuno á escola e á adolescencia, unha etapa da vida que, naquel tempo, pugnaba por abrirse paso entre a nenez e a vida adulta.

O *homo faber* volvía á *faber hominis*. En Betanzos, con quince anos e compañeiros de dez, este fillo de zapateiro púxose as botas de sete leguas para facer dous cursos nun e obter as máximas cualificacións no bacharelato. A continuación licénciase en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago cun brillante expediente académico. Desde entón

nunca deixou de estudar e de investigar.

Cando Alfredo gañou limpamente e por méritos propios a súa oposición como arquiveiro bibliotecario de Betanzos en 1981, durante o mandato de Vicente de la Fuente, era o único arquiveiro con praza en propiedade en Galicia. Aquela primeira Corporación democrática considerou que unha cidade, na que se proxectou albergar o Arquivo do Antigo Reno de Galicia, debía con carácter urxente poñer fin á deterioración do seu patrimonio documental. Desde o século XIX sufrira a invasión francesa, o abandono oficial e o espolio de desaprensivos.

Hoxe é un Arquivo seguro, ordenado e accesible. A formidable tarefa realizada serviu de modelo e referencia para a organización de 52 arquivos municipais en Galicia nos que Alfredo Erias realizou tarefas de coordinación.

O Arquivo viuse enriquecido cos arquivos do Hospital de San Antonio, as Irmandades da Fala, Vales Villamarín e numerosas entidades e particulares da cidade. Betanzos pode presumir dunha Hemeroteca virtual que recolle toda a prensa histórica do municipio. O Arquivo conseguiu fotos, partituras e multitude de soportes con información local de interese. O éxito alcanzado é o mellor acicate para non retroceder na reintegración e captación de fondos.

A solvencia e fiabilidade do Arquivo e da Corporación brigantina foron un imán para obter doazóns e depósitos excepcionais. Mención especial merece o fondo Alvajar, no que a amizade e confianza con Alfredo Erias foron clave para conseguir o seu legado único, no que destacan os Arquivos da Delegación do Consello de Galicia para Europa e o Arquivo do Goberno da Segunda República no exilio. Así se converteu o noso Arquivo en punto de encontro de tódalas Españas.



Na sociedade dixital segue sendo válida a definición de biblioteca do escritor arxentino Borges, citando a Emerson, como *"gabinete mágico en el que están encantados los mejores espíritus de la humanidad, estos espíritus hechizados despiertan de su encantamiento cuando un lector los abre*". A lectura proporciona gozo e coñecemento; posibilita a comunicación con outros tempos; quizais por iso Javier Cercas dedica só dúas palabras para quen non a practica: *"sentido pésame"*.

A actual Biblioteca non ten nada que ver coa destartalada, desorganizada e solitaria que se atopou no baixo do Edificio de Orfas. Nestes anos, e singularmente desde o seu novo emprazamento no Convento de Santo Domingo durante o mandato de Manuel Lagares, converteuse nun concorrido centro de estudo no que escritores e lectores falan sen ruído. Unha conversación a ritmo rápido porque as palabras adoitan lerse a máis velocidade do que se pronuncian. Conta ademais cunha Biblioteca virtual de libros antigos e de autoría ou temática betanceira. A revalorización da Biblioteca mereceu que o Concello estea a promover unha ambiciosa ampliación e actualización.

Se alguén dubida da importancia dos Museos lembraríalle a frase atribuída a Manuel Azaña. "*el Museo del Prado es más importante para España que la Monarquía y la República juntas"*.

A transformación do Museo das Mariñas durante a dirección de Alfredo Erias foi xigantesca. Máis alá dun enfoque etnográfico, a variedade e calidade de coleccións e elementos incorporados durante a dirección de Alfredo, ata superar as 4.300 pezas, foron converténdoo nun auténtico Museo de Museos.

O escritor e premio Nóbel turco Orhan Pamuk di que *"os museos de verdade son sitios nos que o tempo se transforma en espazo"*. O crecemento do Museo das Mariñas foi tan espectacular que non é desatinado pensar en novos proxectos e novos espazos.

O Apostolado da escola de Rubens, as aras romanas, a colección Seoane, os traxes galegos do desaparecido Ballet Galego "Rey de Viana" ou doados por particulares, as bandeiras das Irmandades da Fala e do Goberno da Segunda República no exilio, o busto de Castelao que reproduce a súa máscara funeraria, a colección Cossío ou o legado das Escolas García Irmáns teñen entidade museística propia.

A imprenta, o cinematógrafo, as pezas de reloxería, o lagar, o alambique e ferramentas de oficios poderían dar brillo a proxectos temáticos.

O Museo ten unha excelente web que, como é habitual nos traballos de Alfredo, conta con fotos e ilustracións da súa autoría. É un froito maduro, portador de novas sementes e potencialidades.

Este Anuario pecha un longo e frutífero ciclo baixo a dirección de Alfredo Erias. Moitas grazas, Alfredo, por estes 38 Anuarios. Por alargar a memoria da nosa cidade, de Galicia e da nosa Euro-rexión. Por formar un batallón de 500 investigadores e ensaístas que defenden as nosas vidas da ignorancia e do esquecemento. Por darlle ao noso Anuario un formato moderno e unha edición esmerada, por facelo accesible a todos desde 2008, sendo alcaldesa María Faraldo, a través das redes e por convertelo na publicación máis importante da súa clase.

O Anuario é a gran avenida cultural de Betanzos. Alfredo sempre abriu as súas páxinas a quen tivese algo valioso que achegar. A inquisición, o sectarismo e a censura sempre alegan causas nobres como a relixión, a política ou a lingua e buscan permanentemente novas roupaxes para eliminar as liberdades dos demais, como a "linguaxe politicamente correcta". Alfredo identificou os novos rostros dos vellos males. O Anuario é un exemplo de pluralismo e non un coto privado.



Bandeira do **goberno republicano español no exilio** (París). Foi doada, xunto cun arquivo excepcional, por **Javier Alvajar López**. Este arquivo pode consultarse e baixarse libremente na web: <http://archivomunicipal.betanzos.net/>

Á dereita, bandeira da ***Irmandade da Fala de Betanzos*** (1917-18), probablemente deseñada por **Camilo Díaz Baliño**. É a única que se conserva en Galicia dese movemento reivindicativo que produciu a revista ***Rexurdimento*** e o libro dos ***Xogos Froraes de Betanzos*** (1918), antecedente do ***Anuario Brigantino***.

Busto de **Daniel Rodríguez Castelao** (1886-1950), escritor, debuxante, pintor e político republicano (deputado galeguista independente nas Cortes Constituintes da Segunda República, 1931). Participou na constitución do *Partido Galeguista*. Morreu exiliado en Bos Aires.

Busto doado polo Centro Betanzos de Bos Aires.

A Biblioteca, o Arquivo e o Museo son fontes que inspiran e animan moitos traballos do Anuario. Este efecto sinérxico dá máis forza e profundidade á acción cultural. Este era o meu propósito cando, como Alcalde de Betanzos, deseñei o organigrama que se mantivo ata a actualidade e promovín a rehabilitación do Convento de Santo Domingo, realizada na súa maior parte e completada polo alcalde Manuel Lagares. O compromiso das sucesivas Corporacións permitiron obter resultados moi positivos. Os novos tempos requirirán un gran salto cara adiante, ampliando obxectivos, escenarios e medios; espero que se realicen plenamente.

Ao culminar esta etapa é preciso agradecer a enorme contribución que todos os traballadores, bolseiros e colaboradores prestaron. Ante a imposibilidade de citalos a todos, quixera simbolizalos en José María Veiga, a persoa máis próxima a Alfredo Erias nestes anos.

Hai dúas facetas de Alfredo Erias a subliñar. A súa condición de artista e intelectual non se limita aos traballos que figuran nas nosas institucións. Ambas están interrelacionadas.

A arte é unha manifestación elevada de humanidade. A poesía sánscrita dicía que *"ver é pensar"*. Non só ve o ollo, hai que cultivar a mirada, pensar para ver. Octavio Paz dicía: *"una tía me enseñó a ver con los ojos cerrados"*. Como os mestres, Alfredo mantivo viva a curiosidade, esperta a atención e aberto o seu espírito.

É un artista polifacético (debuxante, fotógrafo, pintor e historiador), renacentista. O debuxante arqueolóxico máis prolífico de Galicia e o pintor de series tan destacadas como *" Xente no Camiño"* ou *"Miradas do Imperio Romano"*, aínda descoñece o destino de boa parte da súa obra.

Só é intelectual o librepensador. Keynes dicía que *"é máis fácil adoptar as novas ideas que abandonar as vellas"* porque o intelectual necesita coraxe. Alfredo é un espírito independente que non gusta de dogmas, clichés ou consignas. Prefire evidencias, argumentos e preguntas. Sabe que a ciencia avanza e o coñecememto ten límites. Foi construíndo o seu propio mundo, sempre en actualización e revisión. Este animador cultural e publicista é autor dunha prolífica obra que lle abriu as portas de prestixiosas revistas e eminentes asociacións, fundacións e academias.

Esta vez o Anuario ten un colofón distinto. Na penúltima páxina hai un documento datado o pasado 15 de xullo e asinado polo director da Oficina do Peregrino, don Segundo Leonardo Pérez López, en resposta a unha petición de Alfredo Erias, como coordinador do Grupo de Amigos do Camiño Norte Orixinal (tramo Vilalba-Betanzos) no que se di que "*conforme á documentación presentada e o correspondente estudo histórico, non cabe dúbida que este traxecto forma parte do antigo Camiño Norte a Santiago de Compostela. Por isto, aos peregrinos que percorran este tramo e que cumpran as condicións acostumadas e establecidas pola Oficina de Acollida ao Peregrino concederáselles a Compostela como testemuño da súa peregrinación o Sepulcro do Apostolo Santiago*".

Betanzos volve á súa condición de encrucillada histórica, punto de unión centenario de roteiros europeos e centro de novos encontros e iniciativas. Recobrar a memoria é, como dicía Carlos Fuentes, dispoñer do *"nombre del pasado"* e esas palabras son, como sostén Joan Manuel Serrat, *"la llave del futuro"*.

Sen memoria non hai coñecemento nin innovación. Por iso Francis Bacon dicía que *"aprender é lembrar"* e Alvaro Cunqueiro, que como bo currante non cría na inspiración nin nas musas, pero si na memoria, concibía a imaxinación como *"unha memoria deformante"*.



Por esa vida dedicada á memoria restauradora e creadora, parafraseando a Unamuno, Alfredo venceu e convenceu. Betanzos situouse como unha capital cultural de Galicia e ninguén discute a súa flamante contribución a este logro.

Hai tres figuras que o representan literaria, histórica e mitoloxicamente.

Literariamente, o fillo do músico, como o frautista de Hamelin, vaise coa música a outra parte e libra ao seu pobo da epidemia que padecía.

Historicamente, rememora ao xeneral Décimo Xuño Bruto, que cruzou o río do esquecemento e chamou desde a outra beira aos seus soldados polo seu nome, convidándoos a entrar en Galicia sen perder a memoria.

Mitoloxicamente, que tamén é poeticamente, hai que partir do nome Alfredo, que che puxo o teu padriño e co que te sentes moi identificado. A súa raíz "elf" denota unha figura élfica. Os elfos son seres poderosos de aspecto humano que se caracterizan polo culto aos antepasados e a protección da natureza. Despois de verte abrazar árbores, encaixa.

Os elfos das sagas de Tolkien e Rowling, atópanse en Shakespeare e proceden das vellas tradicións xermánicas e nórdicas. Son alleos á nosa cultura? Menéndez Pidal observou que o verso 2695 do Cantar de Mio Cid menciona a figura enigmática dunha elfa cuxa fonte sitúa na mitoloxía popular do norte da península. Elfo aparece tamén nos dicionarios da Real Academia Española e da Real Academia Galega. É coherente coa tradición do Reino Suevo de Galicia, o primeiro de Europa, e coa localización de Alfredo no mundo celta.

Había que dilucidar se Alfredo tiña, como os elfos, as orellas afiadas. Aínda que desde a infancia afinara o oído, pero había que verificar se a súa agudeza era extraordinaria.

O Himno Galego dá a clave para comprobalo. Trátase de oir o *"que din os rumorosos"* e non dar a *"esquecemento da inxuria o rudo encono"*. En definitiva, escoitar e entender a voz suave, melodiosa e profunda da Nosa Terra ao longo do tempo e dala a coñecer de forma permanente. A isto é ao que se dedicou sempre Alfredo.

De aí a súa figura élfica dos elfos galegos, *"bos e xenerosos"*, características que se lle poden atribuír por dúas razóns máis.

A súa magna tese doutoral, Iconografía de las tres iglesias góticas de Betanzos, e os seus maiores esforzos como historiador e artista dedícaos a Fernán Pérez de Andrade *"O Bo"*. Este apelativo pode estenderse a Alfredo cunha interpretación inversa da sentenza popular do verso 20 do Cantar de Mio Cid: *"Dios, qué buen vasallo si oviese buen señor"*.

Betanzos é a sede do arciprestado de Xanrozo. Este topónimo describe o espírito do noso pobo. Como indica o meu bo amigo e crego Manuel Ares, que sabe latín, nalgún documento antigo escribíase Genrozo, que procede de Xeneroso. Na última reforma administrativa eclesial Presedo pasa a formar parte de Xanrozo. En fin, nihil obstat para encadrar a Alfredo na familia élfica brigantina.

Non hai que ter medo a envellecer. A sabiduría popular di que para facer un bo caldo bótase man dunha galiña vella. As cepas vellas son as que dan o mellor viño. As obras mestras son xeralmente froito da experiencia. Ademais, os elfos son lonxevos e os espíritos do aire inmortais.

Tes sorte. Hai uns días, reflexionando sobre o teu papel na Fundación de quen foi o teu mentor, mestre e amigo, Luis Monteagudo, dicías: *"teño tantos proxectos que necesitaría catro vidas para realizalos"*. Pareceume o mellor esconxuro contra a clásica maldición xaponesa: *"que se cumpran todos os teus desexos"*.

Na última páxina do Anuario, Alfredo despídese cunha pintura súa na que semella identificarse cun peregrino que albisca o incerto futuro mentres aos seus pés aparece unha praia na que escribe *"Gracias Betanzos"*. Como dixen na homenaxe que se che tributou o mes pasado, o noso pobo responde como o equipo de fútbol da cidade en que naceron os Beatles, que lembra os seus heroes cando entran ou saen do campo: *"nunca camiñarás só"*. Ou sexa, estamos contigo.

Finalizo lembrando que cada ano suceden cousas marabillosas. Galileo Galilei dicía: *"o sol arredor do cal viran tantos planetas… non se esquece de madurar un acio de uvas"*. Desexo sinceramente que nesta nova órbita desta capital ártabra, gótica e modernista do Antigo Reino de Galicia, maduren tamén os seus proxectos e os seus froitos porten a semente de novas aspiracións. Que o sol siga brillando e poidamos atoparnos de novo na presentación do Anuario Brigantino 2021.

De hoxe nun ano!



Presentación do anuario brigantino 2020: palabras de despedida do seu director (15 de outubro de 2021)

ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ*

Sra. alcaldesa en funcións, demais membros da Corporación municipal, autoridades, exalcalde e amigo Antolín Sánchez Presedo, amigas e amigos:

Ante todo estou moi agradecido pola vosa presencia neste acto, que é unha mostra do voso apoio ó *Anuario Brigantino*, pero tamén de agarimo a tódolos que estamos levando a cabo este gran proxecto betanceiro e galego que se iniciou no 1948 co seu creador don **Francisco Vales Villamarín** que desta maneira facía renacer o espírito da **Irmandade da Fala de Betanzos** da que fora presidente no 1918, ano en que organizou uns Xogos Froraes que se conteñen nun libro que é certamente o xermolo do *Anuario Brigantino*. Debemos respectar sempre a figura de don Francisco porque fixo algo moi difícil naquel tempo e fíxoo con poucos apoios e cunha tecnoloxía moi primitiva. Daquela non había ordenadores, nin impresoras, nin fotocopiadoras, nin móbiles, nin se mandaban e-mails a velocidades lumínicas, nin se podía maquetar como hoxe o facemos tranquilamente cun ordenador portátil en calquera parte. Era un mundo máis complicado e lento. E aínda así el puxo a semente. Seguiu o *Anuario* no 1949 e no 1951, logo parou 30 anos e renaceu co alcalde **Vicente de la Fuente**, axudado e inspirado polo seu irmán **Santiago**, no 1981, con don Francisco aínda á súa fronte. Daquela don Francisco era xa moi vello, pero arredor do seu mito o concello volveu sementar cultura, creándose o Arquivo Municipal, levantándose de novo a Biblioteca e facendo renacer o *Anuario Brigantino*. Desde ese ano xa saíu ininterrompidamente ata hoxe, de maneira que esa segunda etapa cumpre agora coa presentación deste *Anuario Brigantino* 2020, 40 anos.

A roda da vida xira sen parar e para min hoxe é o momento en que me toca despedirme de todos vós como funcionario en activo deste querido concello de Betanzos, que foi a miña casa nos últimos 40 anos. Despídome como arquiveiro, como bibliotecario, como director do Museo das Mariñas e tamén como director do *Anuario Brigantino*. O motivo é simplemente que me xubilo. De feito, xa estou xubilado desde o 30 de setembro.

Entrei neste concello o 12 de xaneiro de 1981 e estiven nesa primeira etapa contratado ata o 31 de decembro de 1982. Nesa etapa salvouse o que aínda se podía salvar do Arquivo Municipal, poñéndose as bases da súa reconstrución; e botou a andar de novo a Biblioteca. Logo fixen o servicio militar en Colmenar Viejo, logo na Brunete (no Goloso, cerca de Madrid) e, finalmente, en Capitanía na Coruña a onde me trouxo o meu querido amigo, que nunca esquecerei, o capitán **Ignacio Novoa Cisneros** que faleceu non hai moito. E, a partir do 1 de maio de 1983, volvín coa praza en propiedade de arquiveiro-bibliotecario, praza que creara o alcalde Vicente de la Fuente, daquela pertencente á UCD. Pero houbo unhas eleccións e nese momento gobernaba o PSOE, co alcalde **Antolín Sánchez Presedo** á fronte da Corporación.

---

* **Alfredo Erias Martínez** foi director do Anuario Brigantino desde o correspondente a 1983 ata o de 2020, sendo 38 os números ininterrompidos que dirixiu.













Debeu ser nos primeiros días de 1984 cando Antolín me chamou á alcaldía e me dixo que pensaba adscribir o Museo das Mariñas ó servicio de Arquivo e Biblioteca e nomearme en consecuencia director del e tamén do *Anuario Brigantino*. Sen tempo para dubidar, díxenlle que si e aí empezou unha nova e longa etapa para as institucións e para min.

Por iso lle agradezo moito que estea hoxe aquí, posto que considero que ó ser el o que iniciou este círculo, debe agora pechalo. Ademais, sempre sentín o seu apoio e para min foi moi importante e, mesmo ó principio, fundamental. Pensen que cando me nomeou non sabía se eu ía estar á altura ou non.

Ademais, a oposición, que lexitimamente tiña outro candidato, estivo en contra co argumento de que eu era militante do PSOE, cousa que non era verdade (eu, seguindo as ensinanzas de meu pai, nunca tiven carnet de ningún partido nin xoguei a ser político), e, aínda que non transcendeu, no propio PSOE había algún concelleiro que non lle parecía eu a persoa máis axeitada. Total, que a nivel político tiña o apoio seguro de Antolín e iso era o único que eu tiña claro. A partir daí, dirixín o *Anuario* de 1983, cun facsímil de *El Censor*, o primeiro periódico que se conserva e que xurdira 100 anos antes, no 1883, e a oposición non tivo argumentos para dicir que había manipulacións políticas na revista, pero si dixo que era demasiado cara e, como consecuencia, os seguintes números saíron máis delgados, pero saíron.

E iso é algo que considero debe ter presente o director ou directora que me suceda: non é importante que o *Anuario* saia con máis ou menos páxinas, e con máis ou menos exemplares da imprenta; o importante é que saia tódolos anos e a ser posible puntualmente.

Como sabedes, Antolín foise pronto para Santiago como deputado, logo formaría parte dun goberno da Xunta, máis tarde sería europarlamentario, etc. e en Betanzos quedou o Alcalde **Manolo Lagares**, que estivo nada menos que 21 anos (eu cóntoos polos *Anuarios* que presidiu), tendo en boa parte deles como delegado de Cultura a **Francisco Díaz Pereira**, **Pachico**, e para min as cousas estabilizáronse. Os que se opuxeran a min empezaron a aparecer pronto na presentación dos *Anuarios* e o número de páxinas foi engordando pouco a pouco ata parar nas 600. Logo chegou a alcaldesa **Mari Faraldo**, do Partido Popular, coa que presentamos a web da revista, a primeira web en Galicia dunha revista semellante e que daría ó *Anuario* unha presenza mundial. E todo seguiu o seu camiño con









Ramón García Vázquez e agora con **María Barral Varela**.

O *Anuario* é un arma cultural de primeira magnitude que axuda moito á dinámica das demais institucións; por iso espero que quen gañe a oposición a director do Arquivo, da Biblioteca e do Museo das Mariñas sexa quen dirixa tamén o *Anuario Brigantino*. É o máis lóxico.





Estou moi agradecido a tódolos alcaldes e a tódalas alcaldesas dos últimos 38 anos por manterme á fronte do *Anuario Brigantino*. É certo que supón moito traballo e moita responsabilidade, pero tamén permite unha relación estreita co mellor da intelixencia de Galicia no campo das Humanidades e iso non ten precio.

Desde logo é una grandísima honra ter sido director desta revista durante tantos anos e iso levareino sempre con orgullo.

Teño dito noutras ocasións, e hoxe pensando en quen me suceda debo repetilo, que ningún alcalde ou concelleiro me dixo nunca o que tiña que facer no *Anuario Brigantino* e daquela eu tiven que infundirlle unha filosofía que se foi facendo clara ó pouco tempo, e esta é a seguinte:

-O *Anuario* é, por riba de todo unha revista de investigación académica que debe procurar sempre un nivel universitario.

-O seu ámbito de actuación é fundamentalmente Galicia, podendo abarcar o norte de Portugal e puntualmente máis aló. A idea é convertir Betanzos nunha capital cultural de Galicia que dalgunha maneira recorde que foi antes unha capital política e administrativa, como capital de provincia, durante séculos.

-No *Anuario Brigantino* os autores teñen liberdade en canto ó emprego das tres linguas do noso entorno cultural: o galego, o español e o portugués. Esta liberdade é un dos aspectos que máis fortaleceron á revista e que na miña opinión habería que preservar no nome da Liberdade con maiúscula, porque calquera outra opción, por ben intencionada que fora, non deixaría de ser unha imposición totalitaria.


ANUARIO BRIGANTINO
1989 nº 12
1990 nº 13
1991 nº 14
1993 nº 16
1995 nº 18
1999 nº 22
2000 nº 23
2001 Nº 24
2002 nº 25
2004 Nº 27


ANUARIO BRIGANTINO
2005 Nº 28
ANUARIO BRIGANTINO
2006 Nº 29
ANUARIO BRIGANTINO
2007 Nº 30
ANUARIO BRIGANTINO
ANUARIO BRIGANTINO
ANUARIO BRIGANTINO
ANUARIO BRIGANTINO
2011 Nº 34
ANUARIO BRIGANTINO
2012 Nº 35
ANUARIO BRIGANTINO
2013 Nº 36
ANUARIO BRIGANTINO
2014 Nº 37
ANUARIO BRIGANTINO
2015 Nº 38
ANUARIO BRIGANTINO
2016 Nº 39
ANUARIO BRIGANTINO
2017 Nº 40
ANUARIO BRIGANTINO
2018 Nº 41
ANUARIO BRIGANTINO
2019 Nº 42
ANUARIO BRIGANTINO
2020 Nº 43

Como vos podedes imaxinar, durante estes últimos meses dábame voltas a cabeza pensando que dicirvos hoxe.

Pensei, por exemplo, que como os verdadeiros protagonistas do *Anuario* son os autores, unha maneira de facelos presentes a todos era simplemente dicir o seu nome, pero son moitos (eu contei 484 desde 1948 ata hoxe) e, decididamente, desbotei a idea. Porque ademais, tédelos todos á man accedendo á web do *Anuario* e ó portal Dialnet.

Pensei tamén que podería ser interesante contar a ilusión e o entusiasmo xeneralizado que se vivía en Betanzos e en todas partes naqueles anos de principios do novo réxime democrático e descentralizado, no chamado estado das autonomías, entre finais dos anos 70 e principios dos 80 do século XX. Podería, seguía a pensar eu, comparar ese tempo co que hoxe vivimos. Pero tamén desbotei facelo, porque caería fatalmente nun discurso melancólico ó relatar o que semella ser o final daquel réxime, sen que se albisque unha saída ilusionante por ningures.

Aínda pensei outra cousa: facer para todos vós un informe de como están hoxe as institucións que dirixín durante os últimos 40 anos, pero tampouco me pareceu unha boa idea, porque podería verse como un relato de autocomplacencia e porque, en todo caso, a realidade visible, a boa, a regular e a mala, pode entreverse bastante ben nas propias webs desas institucións.

https://anuariobrigantino.betanzos.net/
http://archivomunicipal.betanzos.net/
http://hemeroteca.betanzos.net/
http://museodasmarinas.betanzos.net/
http://anuariobrigantino.betanzos.net/Biblioteca.htm

Por conseguinte, só me queda agradecer a tódalas persoas que me axudaron, desde as distintas corporacións municipais ata o subdirector **José María Veiga**, compañeiro e amigo fiel, o meu brazo dereito; ós secretarios **Xulio Cuns** (xa desaparecido) e a **Alberto López**, amigos os dous de verdade, e ós numerosos colaboradores técnicos que figuran nas primeiras páxinas dos distintos números da revista e que personalizo na miña compañeira de traballo Ermita Rodríguez que é un apoio fundamental para moitos dos traballos que facemos nas institucións e de feito asina con José María e comigo un traballo arquivístico neste Anuario, relativo ó arquivo da «Empresa de conducción de Sales» de D. Manuel Martínez Vega do Alfolí que se desenrola entre 1828 e 1885 e que ten, por exemplo, 8.602 cartas recibidas. E agradecemento tamén para **Pilar Vázquez Ares** polo seu esforzado e positivo traballo na Biblioteca Municipal.

Non me quero esquecer da **Imprenta Lugami**, que é un orgullo para Betanzos e que vin desenrolarse de maneira espléndida durante todos estes anos, desde unha empresa tecnicamente case decimonónica a outra punteira en Galicia. Noraboa para o seu director, **Jesús Ares** e para a familia e traballadores. Con todos eles, en maior ou menor medida, tamén tiven relación estreita durante estes 38 anos. Debemos seguir apoiando esa empresa betanciera exemplar.

E, fundamentalmente, teño moito que agradecer ós autores dos traballos de investigación. Entre todos enchemos as páxinas dos últimos 38 números do *Anuario Brigantino*, revista que favoreceu tamén a existencia en Betanzos dun grupo de investigadores locais que nos están a dar gratas sorpresas.

Estar 38 anos como director ininterrompidamente desta revista de investigación é motivo dunha gran honra para min, pero tamén hai que ter en conta que é moito tempo. Por iso creo que haberá, seguro, persoas máis novas, con capacidade técnica e con ilusión suficiente como para darlle ó *Anuario Brigantino*, ó Arquivo, á Biblioteca e ó Museo, unha nova etapa florecente. Teño plena confianza niso.

Nunca pensei que na miña despedida pasaran tantas cousas e ademais boas.

Para empezar, un grupo de amigos con **Vicente de la Fuente**, **Luis Sande**, **Juan Suárez**, **Eduardo Fuentes** e **Carlos Pereira** á cabeza, pero con outros á súa beira como **Antolín Sánchez Presedo** e **Juan María García Otero**, organizáronme unha homenaxe incrible no Pazo de Leis de Santa Cruz de Mondoi (10-09-2021) que nin eu nin a miña familia poderemos esquecer nin agradecer suficientemente nunca. Moitísimas gracias a todos os que organizaron iso e a tódolos participantes nesa celebración.

Pero ademais pasaron outras cousas. Por exemplo, o feito de que a partir dun traballo que fixemos José María Veiga, Juan Sobrino e máis eu, documentando amplamente o tramo Vilalba-Betanzos como integrante do Camiño Norte orixinal, xurde en Betanzos un grupo de xente que efectivamente reivindicaba que a ese tramo se lle dese a consideración de camiño xacobeo que en xustiza lle pertence. Antolín tivo niso un papel moi importante e xuntos, con outros amigos, fixemos ese camiño desde Vilalba a Betanzos os días 23, 24, 25 e 26 de xuño deste 2021. Pero a cousa non quedou aí, porque encargado eu de facer unha xestión coa catedral, para sorpresa de todos, o delegado de peregrinacións, **don Segundo Leonardo Pérez López**, anterior deán e delegado de peregrinacións, no nome do Cabido catedralicio mandounos un documento dicindo que **«conforme á documentación presentada e o correspondente estudo histórico, non cabe dúbida que este traxecto formaba parte do antigo Camiño Norte a Santiago de Compostela»** e **«Por elo, ós peregrinos que recorran este tramo e que cumplan as condicións acostumadas... concederáselles a Compostela...»** A partir daí o concello de Betanzos o pasado día 9 de outubro reuniu no Cine Alfonsetti a tódolos alcaldes e alcaldesas dese tramo de camiño e a todos nos pareceu que aquilo era o punto de non retorno para que ese camiño se puxera en pé como camiño xacobeo, con tódalas implicacións que iso pode supoñer para tódolos concellos que atravesa.

Que un traballo do *Anuario Brigantino* poida cambiar a vida de moitas familias entre a Terra Cha e as Mariñas de Betanzos é algo que nin nos nosos mellores soños pensabamos os autores daquel traballo que poidera suceder.

Tamén nos últimos tempos tivo lugar a doación á Biblioteca Municipal da Biblioteca persoal de **Juan María García Otero**, un conxunto valioso e voluminoso de libros que enriquece o noso patrimonio bibliográfico, ó vir da persoa que creou as revistas *Restauración y Rehabilitación* e tamén *Restauro*.

E cando xa me estaba indo, a miña amiga de tantos anos, **Mercedes Morandeira (e familia)**, presente sempre na presentación do *Anuario Brigantino* coa súa irmá **Mari Carmen,** á que recordo con moito agarimo e que faleceu estes días, emprazoume para doar ó Arquivo Municipal o seu impresionante arquivo fotográfico sobre Betanzos, xuntado con mimo durante toda a súa vida.

En fin, semella que os asuntos das institucións tiran de min cara atrás, pero para as institucións eu xa vou sendo pasado e así debe ser. As institucións teñen moito que medrar e a min sempre me quedará o orgullo de haber estado nelas nos tempos primeiros, neses nos que se poñen os cimentos sobre os que outros construirán.

Non teño a máis mínima intención de estorbar en nada a quen me suceda. Simplemente, cando, despois da anunciada oposición, saibamos quen é esa persoa, quero que saiba desde agora que me poño á súa disposición para que o paso dunha etapa á outra sexa o máis doado posible. Dareille traballos que quedaron sen publicar para que os considere, amosareille como o facía eu por se lle serve de algo, facilitareille tamén o contacto con numerosos investigadores, direille como facía e como mantiña as páxinas web, tanto do *Anuario* como das demais institucións, e mesmo lle darei alternativas para dirixir sen maquetar, porque un bo director ou unha boa directora non ten porque maquetar a revista. E, a partir daí, será obviamente esa persoa a que marcará o rumbo que mellor considere e todos nós debemos apoiala.

MOITÍSIMAS GRACIAS!
MOITA SAÚDE PARA TODOS!
LONGA VIDA Ó ANUARIO BRIGANTINO!



Arume

Homenaxe a Alfredo Erias

(Pazo de Santa Cruz de Mondoi, 10-9-2021): intervencións

REDACCIÓN DO ANUARIO BRIGANTINO

Palabras de Vicente de la Fuente



Vicente de la Fuente. Foto: Arume.

Querido Alfredo, estimada alcaldesa, ex alcaldes de Betanzos, amigos todos. Estamos hoy aquí para celebrar con nuestro amigo y ArchiveroBibliotecario, su pase del mundo del trabajo al de su jubilación, después de su exitosa vida laboral que se puede constatar por su trabajo muy bien hecho.

Creo que debemos congratularnos de la gran decisión tomada en su día relativa a la creación de esta plaza de ArchiveroBibliotecario, con el fin de potenciar un Betanzos Cultural, que forma parte de nuestra propia identidad; por eso, ya en el acuerdo plenario del 31 de julio de 1981, fechade aprobación de las bases del



Alfredo Erias entrega a Vicente de la Fuente un retrato de seu irmán, Santiago. Foto: Arume.



Portada do programa, realizada por Xoán Andrade Vidal.

concurso-oposición, se estableció la obligatoriedad de residencia en nuestra ciudad.

Napoleón Bonaparte, antes de la batalla definitiva de la campaña de Egipto, arengó a sus tropas con la célebre frase de: "¡Soldados! ¡Desde lo alto de esas Pirámides, cuarenta siglos os contemplan!" Hoy podemos decir también con propiedad que: "Cuarenta años contemplan a Alfredo" porque son los que median desde su primer trabajo para nuestro Ayuntamiento en enero de 1981 hasta el día de hoy.

Será el 26 de abril de 1983, cuando es nombrado Archivero-Bibliotecario en virtud de concurso-oposición libre, plaza única cubierta en su momento en Galicia, por lo que fue una decisión pionera. El 13 de enero del siguiente año fue nombrado también Director de nuestro Museo das Mariñas, asumiendo así las instituciones que conforman el "Centro Cultural Santo Domingo".

En un acto cultural, aquí en Betanzos, de no hace muchos años, el propio Alfredo quiso dar a conocer las raíces de cómo fue el primer contacto que le llevaría a la contratación de su primer trabajo en nuestro Ayuntamiento, diciendo: "Debió de ser un día cualquiera del invierno de 1979-80 cuando, al anochecer, apareció por mi casa de Presedo (Abegondo), entonces taberna, mi amigo Eduardo Fuentes, acompañado de un hombre alto, de traje oscuro, camisa gris, alzacuellos, gruesas gafas y amplia sonrisa". Era mi hermano Santiago.

Alfredo se encontró con un Archivo pendiente de organizar, aunque con fondos importantes. Una Biblioteca normal a nivel de los tiempos, y que hoy es un centro de estudio para nuestra población escolar, así como lugar idóneo para los investigadores.

Un Museo recién inaugurado con gran ilusión, pionero en su género en Galicia y con ganas de llegar a ser lo que hoy tenemos, gracias a Alfredo. Un Anuario Brigantino recién recuperado después de treinta años de desierto, con dos ediciones en el comienzo de su segunda etapa y que en este mes será presentado el número cuarenta y tres, publicación modélica y del mayor reconocimiento gracias a la labor de Alfredo.

El fruto de este logro cultural se debió a una programación estudiada y realizada gracias a un grupo de jóvenes entusiastas hace cuarenta años, conformando el Grupo Untia, ya que sin ellos no hubiese sido posible.

Alfredo, con tesón y bien hacer, ha sabido engrandecer el logro cultural en su triple actividad, teniendo como meta que nuestra ciudad llegase a ser un gran polo de Cultura como capital histórica, pues, como decía el filósofo George Santayana, «Aquellos que no recuerdan el pasado, están condenados a repetirlo» y, al tiempo que se origina sin duda un



Intervención de Eduardo José Fuentes Abeledo. Foto: Arume.

desarrollo cultural, se produce un desarrollo económico en nuestra ciudad, camino que estamos obligados a incrementar sin escatimar medios, pues será nuestro mejor futuro en base a nuestro mejor pasado.

Querido Doctor Alfredo Erias, maestro: Gracias y FELIZ JUBILACIÓN, pues ahora, al final de este tu fructífero recorrido, podemos decir con plenitud que **"los hombres pasan pero las obras permanecen".**

Palabras de Eduardo José Fuentes Abeledo

BOAS NOITES, autoridades, amigos e amigas de Alfredo Erias.

O meu agradecemento, e o dos demáis membros da Comisión Organizadora, a todos vós, e tamén a aqueles que non están presentes pero manifestaron o seu desexo de participar nesta homenaxe.

Expresareime en primeiro lugar como AMIGO e, máis adiante, como membro fundador do GRUPO UNTIA.

Por iso, Alfredo, quero lembrar algunhas vivencias que coñezo da túa traxectoria, merecente dunha homenaxe como a que nos convoca hoxe aquí.

Recupero elementos do que coñezo da túa historia persoal que coincide, nalgúns aspectos, coa colectiva da xeración á que pertences.

Esa historia que fundamenta a construción do presente e serve para proxectar o futuro.

Cando NENO, Alfredo, que FUTURO che esperaba?

Pepe Abeal, poeta e profesor de Latín, un bo amigo común, escribía no libro conmemorativo do 50 Aniversario do Instituto Francisco Aguiar de Betanzos, nos que os tres estudamos e nos coñecemos:

> *"Hai cousas que nos ocorren para as que non atopamos explicación, para min unha delas foi a de ir estudar o Bacharelato, xa que non estaba explícita en nada do que me rodeaba"* (Abeal, 2002, p. 27).



Alfredo Erias na escola de Presedo o 25 de novembro de 1960. Foto: Axilda.

Pepe, nacido coma ti, Alfredo, nunha pequena aldea da comarca betanceira, comezou ben cedo a expresarse coa palabra escrita e, grazas a ti, como tantos outros escritores, artistas e investigadores, publicou varios traballos no Anuario Brigantino e, no seu caso, foi dando a coñecer un mundo persoal e íntimo preñado tamén de referencias á fermosa comarca mariñana, como sucedeu con tantos outros autores nesa publicación á que tanto debemos, desde que a creara D. Francisco Vales Villamarín nos anos 40 do pasado século e ti dirixes con suma dedicación e competencia.

Cando neno, Alfredo, inclinácheste primeiro polo debuxo e a pintura, tamén para sacar de ti o que levabas dentro. Fuches, como Pepe Abeal e tantos compañeiros do Instituto, un meniño de aldea, de Presedo, nas terras de Abegondo, ese Presedo que agora tanto tentas proxectar, como se merece, no Camiño das Estrelas.

Eras un neno que calzaba zocos de madeira, como ti mesmo comentas nun emotivo relato autobiográfico.

Un neno que saíu da escola aos doce anos para traballar como aprendiz de carpinteiro de obras durante dous anos, e sen cobrar un peso!!!

Pero un día, mancácheste nunha perna cun machado e pasaches un tempo na taberna e taller de zapateiro da familia, ese espazo onde comezaches a expresarte como artista, aproveitando os cartóns de tabaco. Facías, sobre todo, retratos dos clientes. Persoas que por alí pasaban para tomar unhas cuncas e conversar, comezaron a apreciar as túas cualidades artísticas, e insistiron en recomendar que foras ao Instituto para estudar. Gañaches unha beca e tiraches por outro camiño, preferiches os libros, estudaches duro e empezaches a coñecer un mundo diferente na vila e no Instituto de Betanzos aos 15 anos. Non parabas de obter *Matrículas de Honor*.

Pasaches, Alfredo, de aprendiz de carpinteiro de obras a estudante brillante, con beca que mantiveches tamén nos estudos universitarios. En Betanzos, comezaches ben pronto a mostrar a túa valía, tamén no mundo artístico, e a facer amigos. Non debe estrañar que nunha entrevista, que eu mesmo che fixen en Agosto de 1977, publicada no xornal El *Ideal Gallego*, con motivo da túa primeira exposición de debuxo e pintura no antigo Hospital de San Antonio, co patrocinio da Asociación Cultural Betanceira, declararas:

"En Betanzos fixen o Bacharelato, teño amigos e síntome como na casa"



O vicerreitor da Univ. de Santiago, don Manuel Lucas Álvarez, entrega a Alfredo Erias un feixe de *Matrículas de Honor* na inauguración do curso 1969-70 do Instituo Francisco Aguiar,no Cine Capitol de Betanzos.

Ese ano xa estabas estudando segundo curso na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela e dicías que para ti a arte era:

"unha maneira de expresar, de comunicar, a miña personalidade",

pero tamén engadías que a creación musical che permitía compartir ese mundo interior no que bulían tantas cousas, e reclamabas poder compartir con outros as túas inquedanzas. Sempre o mesmo anhelo de expresarte a través da arte, de explorar camiños novos, de investigar en campos diversos e de compartir os achados.

En Presedo non había ninguén que debuxase nin cousa parecida. Coa música algo puideches herdar de teu pai que tocaba a trompeta, e aprender da sensibilidade e tenrura da túa nai.

O teu triángulo máxico, Alfredo: Presedo, Betanzos e Santiago de Compostela. Un triángulo para ollar o mundo, facerse preguntas, exploralo, tentar comprendelo e expresalo por diversos medios. Ti mesmo comentabas naquela entrevista de 1977:

"Penso que o home é todo ser capaz de plantexarse a si mesmo como problema, é dicir, capaz de preguntarse quen é, e por que, a onde vai e por que".

Lembro as horas que compartimos en Betanzos, no Centro Parroquial, ou en Santiago con encontros nos que falabamos do divino e do humano. Recordo aquelas discusións sobre obras de Bertrand Russell, de Leibniz, ou as análises sobre a historia económica do mundo nos manuais que estudabas e que facían tambalear algunhas das ideas previas que tiñamos por aquela época. Tamén lembro partidos de baloncesto e fútbol, e algunhas festas para divertirnos e abrirnos a novas experiencias.



Eran xa tempos de CAMBIOS importantes no país en moi diversas dimensións, e a CULTURA debería ocupar un lugar relevante. Así o pensabamos, Alfredo.

Coa herdanza, entre outros, de D. Paco Vales, e a sagacidade, competencia e capacidade organizativa de Santiago de la Fuente, puidemos colaborar, xunto con outros compañeiros, entre eles Xosé Raimundo Núñez, Xoán Andrade, Xosé Antón García Ledo e Antonio Río, para impulsar a cultura en Betanzos a través do Grupo Untia, para tentar recuperar, recompilar, preservar e difundir o extraordinario patrimonio histórico e artístico da vila. Como dicía Brais da Bouza, os betanceiros debemos ser:

"conscientes do noso pasado, do que temos, do que tivemos, das posibilidades que hai de lle quitar bo froito ao que gardamos na casa" (Bouza, 1981, p. 116).

Cando remataches a carreira de Historia, volviches a Presedo, con dúbidas sobre os pasos a seguir para continuar progresando na túa formación e gañar en autonomía.

Coas iniciativas no marco do Grupo Untia e algunhas lúcidas propostas desde o Goberno Municipal naqueles anos, aínda no proceso de progresivo asentamento de cambios iniciados na transición democrática, ideáronse proxectos de longo prazo, tan necesarios para logros de calado para o ben común, e ti comezaches a túa andaina como responsable do Arquivo, da Biblioteca, do Museo das Mariñas e do Anuario Brigantino.

O teu labor fixo posible que eses proxectos ilusionantes se plasmasen na realidade. Calquera que visite o Museo poderá dar boa fe do que digo paseando polas salas nas que se percibe con nitidez a túa pegada, e o intento de poñer en valor o que alí se conserva como cando declarabas nunha entrevista publicada no xornal *El Ideal Gallego* no 2016 que: "a única imaxe dun líder burgués da época irmandiña está en Betanzos". Un elemento máis para impulsar a Feira Franca Medieval Betanceira, como tentas noutros traballos nos que te refires, por exemplo, ao único calendario agrícola medieval completo de Galicia que se atopa na fermosa igrexa de Santa María do Azougue.

O mesmo podemos dicir do Arquivo Municipal nun traballo en harmonía co teu compañeiro, Xosé María Veiga Ferreira, un exemplo de bo facer con visión de futuro, e que é referencia para outros moitos arquivos desta índole, tras un inmenso traballo do equipo baixo a túa dirección.

Pero a túa implicación co desenvolvemento cultural e a dinamización neste eido non remata con estas iniciativas.

Pódense citar outras moitas ben valiosas. Entre elas, o impulso á Biblioteca Municipal, e todo o extraordinario traballo realizado coa publicación do Anuario Brigantino, os Ciclos de Conferencias Anuais, as colaboracións de variada índole con institucións e entidades betanceiras e doutros moitos lugares, a colaboración para a edición da Guía Didáctica

sobre a igrexa conventual de San Francisco que realizamos Mercedes González Sanmamede e eu mesmo, ou a monumental e fermosísima aportación, produto da túa Tese Doutoral, Sobresaínte *cun Laude* por unanimidade na USC, que leva por título, *Iconografía de las tres iglesias góticas de Betanzos*. Unha rigorosa investigación que deixa ben claro o lugar que ocupa Betanzos como CAPITAL DO GÓTICO GALEGO.



Intervención de Carlos Pereira Martínez. Arume.

A túa aportación foi, e segue a ser, fundamental, en liña con aquel proxecto cheo de ilusión que impulsou o Grupo Untia e que, como toda obra humana, tivo luces e sombras na súa traxectoria, pero a realidade das aportacións ben se pode comprobar, e os desexos de traballar polo ben común, e de gozar da concordia e a colaboración están, mesmo esta noite, aquí, neste mesmo acto, ben presentes.

Estou convencido de que, pese á túa xubilación oficial, vas seguir traballando, propoñendo novos proxectos, recuperando outros moitos que saíron do teu caletre e que non se puideron realizar aínda totalmente (como resucitar, e poñer en valor o Camiño Xacobeo de Vilalba a Betanzos), pero que, de seguro, co apoio dos que estamos aquí, e doutros que non puideron asistir esta noite, se farán realidade para o progreso da comunidade en Presedo, en Betanzos, en Galicia e no mundo.

Nun día de festa e goce, como o de hoxe, podería dicir como os nosos antepasados betanceiros, "que suba o pan e baixe a caña"!, pero quero exclamar, con XÚBILO DE *IUBILATIO*, con alegría:

QUE SOE A FERMOSA MÚSICA MEDIEVAL EN HONOR DE ALFREDO ERIAS MARTINEZ ! GRAZAS, AMIGO ALFREDO, GRAZAS, AMIGOS E AMIGAS.

Palabras de Carlos Pereira Martínez

Boa tarde, amigos e amigas. Como un dos membros do Comité Organizador quero darlles a benvida a este acto de homenaxe ao noso querido amigo Alfredo Erias Martínez. Grazas pola súa asistencia.

Darei comezo á miña intervención coa lectura dunha carta-tarxeta, datada en Betanzos o 4-VIII-1992:

Amigo Xoán Carlos:
Tampouco este ano poidemos publicarche o traballo. Independentemente do fondo, no que non entramos, tódolos que o vimos considerámolo escuro formalmente. Mesmo, segundo os que máis saben disto por aquí, parece que o galego, reintegrado ou non, non é moi axeitado.





Web do Arquivo Municipal de Betanzos, creada por Alfredo Erias, o mesmo que a do Anuario Brigantino, Hemeroteca e Museo das Mariñas.

En fin, que a pesar do traballo que nos deu, estes detalles tenden a facer que quede sen publicar dun ano para outro e, polo tanto, mándocho. Ti verás.
Un cordial saúdo.
Alfredo Erias

Con esta tarxeta, viña o convite para asistir á presentación do no 14 de *Anuario Brigantino*, correspondente ao ano 1991.

Dado que na carta indícase, de maneira indirecta, que xa non se puidera publicar non só neste *Anuario*, senón no anterior, e que no texto do artigo que Alfredo me devolve eu asino como estudante de 5o de Historia, como sexa que rematei a carreira en xuño de 1991 debín coñecer a Alfredo antes desa data, probablemente a finais de 1990 ou comezos do 91. É posible que fose a través de Xosé Cardeso Liñares como o, coñecín. Non estou seguro.[1] Mais transcorreron, pois, tres décadas dende entón.

Hei de confesar que o texto daquela tarxeta (logo, analizado con calma, tiña o seu fundamento) non me sentara moi ben. Para que nos imos enganar. Sen embargo, -o que son as cousas-, tres décadas despois diríxome a vostedes formando parte da Comisión organizadora desta homenaxe. Porque pasada aquela "cura de humildade inicial", o certo é que, lonxe de quererlle facer vudú ao noso amigo, xa no *Anuario* de 1995 publiquei un artigo sobre "A encomenda de Betanzos da Orde do Temple", ao que seguirían outros 20, e aínda puideron ser algúns máis. Así mesmo, no do ano 2005 Alfredo incluíunos, a min e a Suso Torres, no Comité Científico da revista.

A nosa relación podía ter sido simplemente puntual, mais, pouco a pouco, Alfredo foise convertindo nun dos meus mellores amigos, cunha amizade que non dubido en

[1] Logo de finalizada esta intervención, confirmoume Xesús Torres Regueiro que fora el -non Xosé Cardeso- quen lle pasara o meu artigo a Alfredo Erias.



cualificar de fraternal e importante na miña vida e da miña familia. No decorrer dos anos fumos compartindo múltiples eventos históricos, artísticos, literarios e familiares. Puido favorecer esta relación quizais a circunstancia de traballarmos os dous en concellos, e estarmos fóra do ámbito universitario. Puido ser, tamén, que ambos os dous procedemos de familias traballadoras de oficios manuais ou domésticos.

Pola miña amizade con Erias, chegou a relación coa xente de Betanzos. Convidado por el ou a través del, na cidade teño impartido relatorios, participado en exposicións, pronunciado o pregón da III Feira Franca Medieval, ou presentado o *Anuario Brigantino*. Por Alfredo, teño tamén a Betanzos no meu corazón e na miña memoria vital. El tamén ten participado en numerosas actividades e iniciativas en Culleredo.

Estamos aquí hoxe, convocados para homenaxear a Alfredo. Mais…, por que o facemos? Xa os compañeiros que me precederon no uso da palabra esbozaron o labor intenso de Alfredo nos últimos 40 anos. Pola miña parte, quixera facer algunhas anotacións complementarias ao respecto.

Transcendente foi a organización da Biblioteca Municipal e, sobre todo, do Arquivo Municipal de Betanzos, coa axuda inestimable do tamén querido amigo Xosé María Veiga, recuperando igualmente fondos doutras entidades brigantinas que ben poderían terse perdido para sempre, ou de particulares: nestes, quero mencionar expresamente o denominado Fondo Alvajar, porque acolle moita documentación orixinal do goberno republicano no exilio que só se pode consultar en Betanzos ou nunha institución madrileña.

Ademais da organización dos fondos, é moi relevante o proceso de dixitalización dos mesmos, e que boa parte deles poida ser consultado e descargado na rede, o mesmo que a prensa histórica de Betanzos ou os números do *Anuario*. Esto fai que a historia de Betanzos estea ao alcance de calquera persoa en calquera parte do mundo. Esa foi sempre a aposta de Erias, abrir todo á cidadanía.

Respecto do *Anuario Brigantino,* Alfredo véno dirixindo dende o nº 6, correspondente ao ano 1983. En breve, presentarase o nº 42. Son, polo tanto, 38 os Anuarios dirixidos por el, coa axuda inestimable, neste e en tantos traballos, de Xosé María Veiga. E teñen colaborado na publicación, dende a súa fundación, 473 persoas. Neste sentido, como salientei o ano no que me tocou presentalo, é unha revista con moita máis entidade que

outras editadas en vilas ou cidades das características de Betanzos e que contan, mesmo, con Centros de Estudo e Investigación, como serían Benavente, Astorga ou Ciudad Rodrigo. Mesmo nada ten que envexar a revistas científicas universitarias.

O *Anuario*, como xa se indicou, está dixitalizado e a disposición de todo o mundo na rede, e figura en importantes bases de datos científicas.

Paréceme relevante salientar que esta publicación está aberta a traballos sobre calquera época histórica e ámbito territorial, non ao de Betanzos exclusivamente, o que a fai aínda máis universal.

Por outra parte, está o seu labor como director do Museo das Mariñas. Sobre este asunto, simplemente direi que, agás en cidades de certa entidade, non é doado encontrar un museo tan completo como o de Betanzos.

Como historiador, Alfredo ten publicado importantes traballos de diversas épocas históricas: por citar só algúns, destacaría os da Xente da Baixa Idade Media, o da caza mítica do xabarín ou o estudo sobre o *green man*. Mais o exemplo rotundo do seu rigor científico e mesmo artístico sería o extraordinario libro sobre as igrexas góticas de Betanzos, que recolle a súa laureada tese de doutoramento.

Ten igualmente Alfredo unha longa traxectoria artística.

Como debuxante, especializado no tema arqueolóxico, é do mellor que deu Galicia: un exemplo serían as súas carpetas de debuxos (os Músicos do Pórtico da Gloria, os Cabaleiros…), moitos deles convertidos en gravados.

Como pintor, aínda que ten abordado diversas temáticas, destacaría as que vencellan o seu labor artístico co histórico: as series *As praias da Memoria*, *Xente no Camiño* ou, a máis recente, *Miradas do Imperio*, coa representación de emperadores e emperatrices de Roma.

É é xusto lembrar tamén agora a súa participación no Grupo Crise.

Cofundador de Briga Edicións, con María Teresa Garea, compañeira na vida e en tantas iniciativas, nesta editorial, ademais das citadas carpetas de debuxos e a súa citada tese, viron a luz publicacións moi interesantes: entre elas, pola súa importancia para Betanzos, destacaría a compilación da obra completa de Francisco Vales Villamarín preparada polo propio Alfredo. Nesta editorial viu a luz o libro que Ana Romero Masiá e máis eu fixemos sobre o Centro de Estudos Sociais Germinal da Coruña.

En Briga Edicións, como no Anuario e en tantas e tantas publicacións editadas polo Concello de Betanzos, brilla tamén o seu exquisito gusto como maquetador.

E, aínda nos quedaría ese extraordinario proxecto que é o Mesón Museo Xente no Camiño, na súa aldea natal, Presedo, que vencella historia, arte e gastronomía. Oxalá poidan verse cumpridas todas as ilusións postas nel.

Finalizo xa, reiterándolles o noso agradecemento pola súa marabillosa resposta á chamada desta homenaxe.

Quero dicirlle así mesmo aos seus fillos que poden estar moi orgullosos do seu pai, como el o está deles.

Quero transmitirlle o noso cariño a María Teresa, sen cuxa colaboración e mesmo impulso non se explicarían moitas das cousas das que temos falado.

Por último, quero lembrar a dous entrañables amigos de Alfredo, don Luis Monteagudo e Tino Poza: se vivisen, estarían hoxe felices de compartir con nós esta celebración da amizade. Quizais o fagan dende algún rincón do Universo.

Moitas grazas.







Música medieval do grupo «La Xácara». Fotos: Arume.

Palabras de Alfredo Erias Martínez



Hai algúns anos, fixéronlle unha homenaxe a don Luis Monteagudo no Museo do Pobo Galego. Eu cheguei alí e don Luis non aparecía. Ó pouco tempo chamoume Fernando Alonso Romero dicíndome que non había maneira de sacar a don Luis da casa, Que fora alí a ver se eu o conseguía. Belvís non está moi lonxe e cando abrín a porta alí estaba don Luis rodeado por uns amigos, sentado nunha silla e moi enfurruñado.

-Qué pasa don Luis?

-A Fulano de tal le hicieron un homenaje y al mes murió. A zutano le hicieron otro homenaje y a las dos semanas murió. Y a mengano le hicieron otro y al día siguiente murió. Y NO VOY, NO VOY Y NO VOY!

Como aquelo parecía unha perrencha dun neno pequeno (xa sabedes que os sabios son moi nenos), actuei de pai autoritario e funcionou:

-Veña don Luis, espabile que xa é tarde! Estano esperando tódolos amigos no Museo e non lles vai facer este feo.

-Bueno (dime el), *también habrá algún enemigo.*

-Haberá home haberá, pero ande para diante e déixese de tonterías.

Total, que espabilou, quedou encantado da homenaxe e, o máis importante de todo, non morreu, polo menos non morreu daquela: tardaría uns cantos anos.

***

GRACIAS A TODOS!

MOITÍSIMAS GRACIAS POR ACOMPAÑARME NUN DÍA TAN ESPECIAL!

GRACIAS á alcaldesa María Barral por presidir esta celebración.

GRACIAS a tódolos alcaldes e alcaldesas que están aquí e que me acompañaron durante estes 40 anos. Todos teñen unha parte moi importante nesta homenaxe, porque foi baixo o seu paraugas como traballamos os meus compañeiros e máis eu nas institucións culturais de Betanzos. Vicente de la Fuente García, Antolín Sánchez Presedo, Manolo Lagares Pérez, María Faraldo Botana, Ramón García Vázquez e María Barral Varela son os responsables últimos do que se fixo no Arquivo, na Biblioteca, no Museo e no Anuario Brigantino.

GRACIAS TAMÉN ó alcalde de ABEGONDO, José Antonio Santiso Miramontes. Seu pai aprendeu a zapateiro co meu na Estación do Norte e as dúas familias tiveron sempre unha relación de amizade.

GRACIAS MOI ESPECIAIS ós organizadores que con tanta ilusión e tanto traballo conseguiron isto. Non poderei esquecelo nunca.

Vicente de la Fuente, o alcalde co que entrei no concello.

Luis Sande, que está a recuperar a viticultura en grado de excelencia en Betanzos.





Antonio Erias Vales e María Martínez Veiga, pais de Alfredo.

Juan Suárez, o meu médico e un verdadeiro humanista.

Eduardo Fuentes, vello amigo desde o Instituto Laboral, compañeiro do Grupo Untia, profesor da Univ. de Santiago e colaborador do *Anuario Brigantino*. Moi agradecido polas túas palabras garimosas, amigo Eduardo! Carlos Pereira, outro vello amigo, sabio de Culleredo, historiador, poeta, artista, membro do Comité Científico do *Anuario Brigantino* e autor de moitos traballos no mesmo, compañeiro de tantas mostras á beira do sempre recordado Celestino Poza. Moi agradecido tamén polas túas palabras, amigo Carlos! Sabes máis de min que eu mesmo!

Arredor deles sei que andivo tamén o meu amigo, Juan María García Otero con quen colaborei na revista *Restauro*. Gracias amigo Juan! E Xoán Andrade, tamén compañeiro do Grupo Untia, un marabilloso artista e colaborador do Anuario Brigantino, que me fixo ese extraordinario retrato que aparece na portada do programa. *Gracias* amigo Xoán! E gracias a tódolos amigos e amigas que non podendo estar se fixeron presentes.



Non me podo esquecer do espectacular grupo de música antiga LA XÁCARA que elevou este acto a unha categoría especial. Felicidades pola vosa excelencia! Moi agradecido e que teñades toda a sorte que merecedes!

Pero o máis sorprendente é a cantidade de amigos que nun día coma hoxe estades aquí. Non hai palabras suficientes para dicirvos o moi agradecido que estou. Hoxe síntome arroupado polo voso cariño e espero que dalgunha maneira volo poida devolver.

E logo están os meus compañeiros e amigos nas institucións culturais de Betanzos ós que, nun día coma hoxe, teño que agradecer e recoñecer todo o seu traballo. Eles son (además do resto dos compañeiros do concello): José María Veiga, Pilar Vázquez e Ermita Rodríguez. Eles foron parte da miña familia durante estes 40 anos e en todo o que se fixo teñen un papel moi importante. A eles teño que engadir a Alberto López, secretario do *Anuario Brigatino* e da Fundación Monteagudo. El é parte tamén da familia.

En fin, non pararía de dar *gracias* se penso en tódolos colaboradores do Anuario, en toda a xente que aportou documentos, libros, pezas para o Museo. E mesmo, noutras actividades miñas, en toda a xente que me axudou, como o caso de Daniel Manso, fiel amigo das terras do Deza. Logo están as máis de cen mostras de pintura, debuxo e gravado nas que me apoiaron poetas como Xulio Valcárcel, Juan Carlos Mestre, Diana Varela Puñal, Álvarez Cácamo, Miguelanxo Fernán Vello, Carlos Pereira, Olga Patiño e outros, coa súa presenza e cos seus poemas...

Nesta faceta expositiva teño que dicir que se produciu en min unha especie de explosión cando coñecín á miña muller, **Teresa Garea**, a finais de 1996. Despois de anos volvín expoñer en 1997 e xa non parei. Está claro que ela tamén forma parte moi importante da miña vida, non só a nivel familiar, senón tamén profesional ó crearme o ambiente favorable para que eu me pasase horas e horas pintando ou debuxando. Encántalle acompañarme nas exposicións e quizais un dos momentos que recordo con máis cariño foi precisamente o da reclusión do Covid, porque mentres eu debuxaba para o meu último traballo de investigación, ela facía vestidos para as monequiñas que lle daría á súa netiña que estaba a punto de nacer. Está claro que en toda esta aventura dos últimos 40 anos a **miña familia** foi a que máis sufriu por estar eu embebido en tantas cousas. Non me quedaba tempo para nada e aínda me parece incrible que chegara a ter 3 fillos estupendos (Felipe, Alberto e Pablo) e unha preciosa netiña, Isabel, que agora, con 4 anos, debe estar a punto de levantarse en Kioto, Xapón.

Xa vos podedes imaxinar que en realidade esta homenaxe que se focaliza en min e que agradezo enormemente, habería que repartila entre toda esta xente. En todo caso, tamén se podería e se debería ver como a homenaxe a unha labor cultural do concello de Betanzos durante os últimos 40 anos.

***

Presedo en 1954, como toda a Galicia rural, vivía case no Neolítico. Digamos con máis precisión, na Idade do Ferro.

Nacín ás cinco da tarde do 29 de maio de 1954 como se nacía daquela nas aldeas, sen médico nin nada extraordinario. A miña mamá deu a luz coa axuda da Señora María, muller do mestre de Leiro, don Antonio Pernas, avós do actual médico de Betanzos, Antonio Asensi. Ó parecer non respiraba, así que me colleron polas pernas, puxéronme coa cabeza cara abaixo e aplicáronme o método de rigor: déronme a primeira azouta importante no cu. Naturalmente empecei a berrar a todo pulmón e aquí estou.

A miña familia era moi humilde, pero cando tiña uns seis anos máis ou menos tiven a sensación moi gratificante de que eramos ricos. Ricos, si, porque na eira había unha meda

de trigo que a min me parecía bastante grande e outra de centeo algo máis pequena. Logo, na casa tiñamos unha prancha eléctrica, un radio transistor e un reló despertador. Que máis se podía pedir?

Por aquel tempo, a miña máxima aspiración na vida era ser revisor de autobús, porque había un, chamado Jorge, nos autobuses do Gilsanz, que era todo un espectáculo de presencia e autoridade cando, despois de meter a todo o mundo dentro ou enriba do vehículo (galiñas e porcos incluidos), coa porta a punto de pechala, dicía, VÁMONOS! E ían todos cara a Betanzos, lugar soñado, mítico na cabeza daquel neno de Presedo que era eu. Como me gustaba o olor a gasoil!, o olor da aventura!



Alfredo Erias (1955),
un neno de Presedo con zocos.

***

Chegados a este punto vouvos contar unha das moitas versións dun conto oriental e logo direivos por que.

Un príncipe decidiu coñecer o seu territorio e visitou campos e vilas por todas partes. Nunha das vilas quedou asombrado pola imaxe dun pobre miserable que pedía limosna na esquina dunha rúa. Daquela o príncipe mandou a un servo que lle dera unha limosna e, sen que se dese conta o pobre, lle metera unha esmeralda no peto. Así ocorreu e o príncipe e o seu séquito emprenderon a marcha.

Anos despois, aquel príncipe volveu pasar polo mesmo lugar e sorprendeuse ó ver o mesmo pobre coas mesmas pintas miserables no mesmo lugar. Daquela faloulle directamente: Pero, vostede que fai aí? Son un pobre, señor, funo toda a vida. Pero, e a esmeralda? Que esmeralda, señor? A que che puxen no teu peto a primeira vez que pasei por aquí. Daquela o home, confundido, mirou nos petos e, efectivamente, atopou a esmeralda e díxolle ó príncipe: Señor, nunca xamais se me houbera ocorrido que eu tiña un tesouro, por iso nunca o busquei.

O que nos di este conto é que todos, absolutamente todos nós, temos un tesouro agochado. O problema está en que a maioría nin o buscamos nin o atopamos. E o tesouro é iso que facemos ben de maneira natural, que mesmo nos divirte e que nos faría feliz a nós e ós nosos, se se convertera na nosa profesión. Pero cantas persoas fan o que lles gusta? Probablemente moi poucas. Diranche: non estudies esa carreira porque ten pouco futuro. Fai o que fai teu pai, porque xa tes moito andado, etc.

Outro problema é saber cal é o teu teosuro de verdade, cal é esa profesión para a que realmente es bo de maneira natural. Porque esa elección é moi difícil e require información.



Familia e traballadores da empresa de autobuses «Vda. de Gilsanz».
Xentileza de don Julio Gilsanz.

Non é suficiente iso que che poden dicir de que sigas o teu corazón, porque un corazón sen información sabe deus a onde te pode levar. Aquí, naturalmente, entran as institucións educativas e os bos mestres, os bos de verdade. Porque o mestre debería ser unha figura esencial no sistema e falta moito para que así sexa, empezando pola súa formación e pola súa consideración institucional e social. O mestre ten que saber mostrarlles moitos camiños ós alumnos e logo darlles confianza neles mesmos para atreverse. Darlles tamén armas intelectuais e sociais para percorrer o mundo nas mellores condicións. E para que logo, se caen, se se equivocan, que poidan estar preparados para levantarse inmediatamente e probar outro camiño. O malo non é equivocarse, o malo é non atreverse. Por riba de todo o mestre debe querer ós seus alumnos, querelos, porque así daralles moito mellor a autoconfianza que necesitan para enfrontarse á vida, para atreverse. Porque unha persoa con autoconfianza e ilusión é imbatible.

Pero daquela, por qué o fillo do zapateiro de Presedo, no concello de Abegondo, que son eu, poido atopar o seu tesouro, o seu camiño, ese que o absorbeu durante 40 anos? Asegúrovos que ese é un misterio tamén para min, porque me sinto como se alguén houbera movido uns fios invisibles, máxicos, en momentos clave da miña vida para que non me desviase.

Empecei naquela escola marabillosa de Presedo ós cinco anos, coa moi boa mestra dona Generosa Brea Real, onde os rapaces ían e viñan andando mesmo de parroquias lonxanas; logo subiamos ás árbores por froita, segundo a época do ano e, por riba de todo,



Un día de primeiras comunións en Presedo. No centro, a mestra dona Generosa Brea Real e o sacerdote don Manuel Mallo Mallo (década dos 60 do século XX).

xogabamos moitísimo, ás cousas máis inverosímiles: ás agachadas, ás apilladas, mesmo aínda á billarda e, naturalmente, ó fútbol. Nada que ver con esa especie de campos de concentración actuais (xa sei que esaxero) que desapegan ós nenos da súa casa e do mundo cultural das aldeas. É lóxico que logo queden desertas!

A primeira gran lección da escola deuma a miña mamá, María, que, con todo o amor do mundo, e axudada dun carabulliño, repasaba comigo as leccións tódolos días pola mañá, antes de saír da casa, para que fose ben na escola desde o principio. Teño que dicir que ela naquel tempo non sabía sumar. A sumar ensineille eu uns sete anos despois cando puxemos a taberna. O caso é que na escola fun ben e meus pais, e iso é importante para a autoconfianza dun neno, estaban moi orgullosos. Eramos unha familia humilde, era verdade, pero o neno era dos mellores da escola e iso poñíoos moi contentos. Hoxe gustaríame pensar que estudei moito toda a miña vida para que eles estiveran orgullosos e foran felices.

Un dos primeiros recordos relacionado coa autoconfianza foi o seguinte:

-Don Antonio, mire que debuxo fixo o rapaz (léase *rapás*). Díxolle meu pai a don Antonio Pernas, o citado mestre de Leiro. Recórdoo perfectamente: era unha maceira con mazás debuxada cun *pizarrillo* nunha pizarra da escola (por certo, segundo o dicionario pódese dicir pizarrillo, pero non pizarra; no seu lugar diráse «lousa»!, en fin). Nada do outro mundo, pero don Antonio doulle moita importancia e animoume a seguir. O caso é que aquelas palabras daquel home de prestixio moi probablemente me deron a autoconfianza suficiente para non abandonar nunca xamais o debuxo.



Alfredo, Abeal, Leis, Ferreño, Vázquez Lorenzo e Maceiras, amigos e alumnos do Instituto de Betanzos (marzo, 1972).

Máis tarde, cando tiña uns 12 anos, abrimos a taberna e ese foi o lugar das miñas continuas exposicións de debuxos feitos sobre cartóns de tabaco e coa anilina negra e vermella da zapatería de meu pai. Recordo que os comerciais de Betanzos que viñan pola taberna dicían que era unha pena que eu non estudase.

Pero todo iso aínda non chegaba para alumarme o camiño e ós 12 anos saín da escola para traballar de carpinteiro dous anos. Dada a miña condición social, era moi lóxica a elección. Por fortuna metín unha macheta nunha perna a tempo e iso cambioume a vida. Púxenme a estudar de novo, gañei unha beca e entrei no marabilloso Instituto Laboral de Betanzos. Alí, seguindo a primeira ensinanza de miña nai, estudei moito. Aínda que quede mal dicilo, sacaba as mellores notas do Instituto, aprobei os dous primeiros anos xuntos, o que creou un certo mito arredor de min, e estudaba sen parar, aproveitando que coas mozas non me ía moi ben, posto que a elas non lles gustaban nin lles gustan os *chapós*, palabra moi despectiva que, a falta doutra cousa, eu levaba con orgullo. Recordo con cariño e gratitude moitos profesores daquel Instituto e algúns amigos daquel tempo que aínda o siguen a ser.

O seguinte acto máxico tivo lugar a finais do bacharelato. Estaba facendo na taberna o meu primeiro óleo e apareceu andando pola porta nada máis e nada menos que don Luis Monteagudo, daquela director do Museo Arqueolóxico da Coruña e máis tarde profesor meu na Universidade de Santiago. Falamos de moitas cousas; el quería chegar ó coto de San Xoán de Medela, porque entendía que alí tiña que haber mámoas; eu ensineille o castro de Leiro e recordo un consello del con respecto ó debuxo e á pintura: *COPIA DEL NATURAL!* E daquela empecei a facer retratos á xente que viña pola taberna. E a xente empezou a dicir que se parecían ós retratados e iso estimuloume máis para seguir.

Probablemente entrei na Facultade de Xeografía e Historia por don Luis. Alí seguín estudando todo o que puiden, seguín levando boas notas e por conseguinte seguín mantendo a beca, que era esencial. Don Luis ensinoume os segredos do debuxo arqueolóxico e puntualmente debuxei para o Museo do Pobo Galego e para o Departamento de Arqueoloxía. Recordo que mesmo ó final da carreira, en 1980, fun con ese departamento, protexido polo catedrático José María Luzón, admirador de don Luis e máis tarde director do Museo Arqueolóxico Nacional e do Museo do Prado, como debuxante un mes á Serra do Caurel. Foi unha experiencia extraordinaria.

Parecería lóxico que rematase por ser arqueólogo, pero aquel departamento, dirixido por don Carlos Alonso del Real, era demasiado caótico para o meu gusto e especialiceime finalmente no departamento de Historia Moderna, que era o máis prestixioso de España naquel tempo, e que dirixía don Antonio Eiras Roel coas técnicas máis modernas, derivadas da francesa *École des Annales*.



Luis Monteagudo García arredor de 1980. Foto: Alfredo Erias.

Sería xa de volta en Betanzos, e moitos anos máis tarde, cando fixen os cursos de doutoramento en Historia Contemporánea, por influencia do catedrático Xosé Ramón Barreiro Fernández e, aínda despois, cando finalmente fixen a tese de doutoramento en Arte Medieval que resultou ser o que máis me gustaba, levado en boa maneira polo debuxo arqueolóxico e polo feito de estar na capital do gótico galego, que era e é Betanzos.

Pero antes de todo iso aínda recordo outro acto máxico e decisivo: estaba no último curso da Universidade (1979-80) e apareceu ó noitecer pola casa de Presedo, Eduardo Fuentes acompañado por un tipo alto e con alzacuellos que resultou ser Santiago de la Fuente. Aquel xesuíta, irmán de Vicente, alcalde de Betanzos naquela hora, estaba tomando o pulso á realidade cultural de Betanzos e da comarca e quería saber con que persoas se podía contar. O caso é que mantivemos a relación ininterrumpidamente desde aquela e un día Vicente propúxome contratarme para salvar e organizar o Arquivo Municipal e para poñer en pé a Biblioteca. Como eu tiña a cabeza na universidade, entrei sen demasiado entusiasmo. Pero todo cambiou inmediatamente o día que cheguei ás antigas Escolas de San Francisco, un edificio ruinoso, e vin no piso de madeira, con buratos perigosos sobre os que había que tirar táboas, e con puntales que aguantaban do tellado a punto de caerse, aquela morea de papeis espallados caoticamente, os máis antigos (iso saberíoo despois) do Arquivo Municipal. Pois ben, en vez de deprimirme, ilusioneime e propúxenme crear unha institución que se poidera chamar con rigor Arquivo Municipal de Betanzos. Sería, moi probablemente, a meta principal da miña vida profesional. E, aínda que soamente fose por iso, creo que estes 40 anos xa valeron a pena, porque non só foi o Arquivo Municipal senon moitos outros da cidade e de fóra os que se salvaron e organizaron...

Aqueles dous primeiros anos, 1981 e 1982 foron incribles, pero tiven que irme facer a mili a Colmenar Viejo e ó Goloso, cerca de Madrid, na Brunete.

Nese tempo, Vicente de la Fuente sacou a concurso-oposición a praza de arquiveirobibliotecario e, despois de andar polos labirintos da mili cun voluminoso saco

de libros ó lombo, presenteime e gañeina. Empecei a traballar a media xornada, porque seguía na mili, o 1 de maio de 1983 e, por outra parte, houbera eleccións e o novo alcalde era Antolín Sánchez Presedo.

Antolín, a principios de 1984 engadiu ás miñas responsabilidades a de director do Museo das Mariñas e do Anuario Brigantino e o resto xa o coñecedes e, polo tanto, non vos vou falar do que fixemos ou deixamos de facer no Arquivo, na Biblioteca, no Museo e no Anuario Brigantino, porque son institucións todas elas moi abertas en Internet.

***

Cando a principios de 1984 me tiña que responsabilizar de tantas cousas, traía un bagaxe de estudios, si, pero tamén outro tipo de bagaxe. Eu nunca deixei de ser o fillo do zapateiro de Presedo (que era tamén trompetista; de feito rematou tocando na Banda de Música de Betanzos cando meus pais, xa vellos, viñeron vivir á rúa de San Francisco). Eu traía na cabeza algo que me acompañou sempre: os códigos de conduta da aldea e de meus pais, sobre todo de meu pai, quizais porque vira máis mundo e sabía mellor o que era a vida. Un deses códigos consistía en ser home de palabra. Cando meu pai se refería a alguén e engadía que non te podías fiar del poque era un bailanacriba, estaba claro que non era home nin era nada. Tamén me insistía en que nunca xogara a cartos (porque coñecía xente que se arruinara así) nin fora a casas de mulleres, porque algún compañeiro músico morrera de sífilis.

Como sabía que eu era máis ben rebelde, sempre que ía á escola, primeiro, e ó Instituto e á Universidade despois, me dicía: non lle contestes ós profesores. E esa idea metida a lume no meu cerebro tenme axudado moito, porque andando polo mundo a prudencia é sempre boa compañeira.

E como a familia sufrira por temas políticos, outra idea permanente foi a de que non me metera en política, cousa que cumprín e creo que me axudou a manter unha liña de independencia nas institucións que dirixín en Betanzos.

E recordo os contos que se contaban na nosa lareira, tales como os da Santa Compaña que te deixaban acaneando de medo.

Outra idea era que respectase ós vellos e en Presedo había dúas pobres de solemnidade chamadas Carmen de Claudino e Avelina que tódolos rapaces as martirizaban, sobre todo a Avelina que se volvía tola. Todos menos eu, claro, que quedaba illado, lonxe. Naturalmente, esas mulleres queríanme moito e de feito a Carmen fíxenlle varios retratos e mesmo un de grandes dimensións.

Porque hai que dicir que a aldea, herdeira de costumes ancestrais, tamén ten esta parte escura. Aínda recordo as últimas pelexas a navallazos nos bailes e os contos dos vellos sobre as proezas da súa mocidade, como cando viñan dos bailes e lle poñían o carro no tellado a algún veciño ou o cravaban coa cabezalla para baixo na horta.

O caso é que o respecto ós vellos acompañoume toda a vida e sempre me entendín ben con eles, especialmente se eran sabios, como foi o caso, en Betanzos, de don Francisco Vales Villamarín que nos últimos anos da súa vida e, en boa maneira, polo traballo de Santiago e Vicente de la Fuente, se converteu nun mito sobre o que construir o futuro cultural que hoxe temos. Recordo que, en tempos de Vicente de la Fuente, se me encargou organizarlle a mostra polo seu 90 cumpreanos. Aquilo foi o xermolo do futuro Museo das Mariñas. E recordo tamén que case tódolos días ó saír pola tarde da Biblioteca, ía á súa casa e con frecuencia tiña que levantarlle o ánimo, porque ós seus 90 anos tendía a



Arume

deprimirse. Así que eu faláballe dalgunha investigación que el podía facer e daba gusto ver como, de pronto, se lle iluminaba a cara. Logo, a súa fiel e moi agarimosa criada, María, facía unha tortilla, e cuns vasos de viño de Betanzos a vida sorríanos de novo. Mesmo nestas andanzas lle fixen varios retratos. Que quede moi claro, agora que me vou, que sempre estiven moi orgulloso de herdar de don Francisco o Anuario Brigantino e a el e ós seus fillos a cidade de Betanzos debe estarlles sempre agradecida polo seu legado intelectual, documental e bibliográfico.

Logo, claro, volvendo ós códigos da aldea, habíoos verdadeiramente curiosos. Unha vez, sendo moi neno, ía enriba dun carro de vacas con meus pais cara ó Fondo de Leiro e, de súpeto, pasou algo que nos deixou parados e dubidosos: unha bandada de corvos atravesou o ceo por riba de nós gorxeando a todo gorxear e a dúbida estaba en se pasaran da dereita para a esquerda ou da esquerda para a dereita, porque diso dependía se seguiamos para diante ou regresabamos para a casa. Dubidamos un tempo; os augures que entendían destas cousas non andaban por alí e, finalmente, meu pai decidiu seguir. Por sorte non pasou nada malo.

Algo parecido descubrín cando me decatei que algúns bichos eran sagrados na aldea, sen máis explicación. Sagrados e punto. E curiosamente descubrino no Instituto de Betanzos. Recordo que, estando na clase de Literatura da profesora Kati, de pronto unha rapaza empezou a berrar toda alporizada: *Profesora, profesora hay un grillo en clase!* Kati, que era moi boa persoa, pero que adoitaba ter uns xestos, digamos, imperativos, inmediatamente sentenciou: MATADLO! E nese momento levanteime como por resorte en defensa do griliño, porque xamais na aldea se mata un grilo. Nunca. Kati daquela cortoume e dixo: *Bueno, bueno, bueno, echadlo fuera!* Aí rematou o asunto, pero a min ensinoume moito aquel inesperado acontecemento.

Un dos códigos que meu pai me deu para axudarme na vida, aínda que hoxe pareza políticamente incorrecto (porque hoxe é incorrecta calquera cousa, a verdade), foi este: neno, apártate dos tontos que ademais son malas persoas!

Ben, o caso é que, ó longo da miña vida ou estiven só ou con xente que tiña algo interesante que dicir. Por algunha razón xunteime sempre a persoas intelixentes (que non

teñen necesariamente que ver con ter estudado; de feito tamén atopei moitos tontos con estudos). O caso é que todo isto axudoume á hora de facer o Anuario Brigantino.

Resumindo: todo aquelo que parecía un gran problema e unha dificultade foi o que me trouxo ata aquí, foi o que me axudou a espabilar, a medrar e a atopar, en definitva, o meu camiño, a facer unha obra e, o que é máis importante, a axudar a moitas persoas a facer a súa, tendo como tiven nas miñas mans unhas institucións marabillosas, nunha cidade, Betanzos, que hoxe espero que se recoñeza como unha das capitais culturais de Galicia.

Betanzos aínda ten moito que dicir e estes 40 anos quero velos como unha introdución a un futuro esplendoroso no que a nosa cidade amose ó mundo (a través dos milleiros de visitantes, especialmente peregrinos que veñen e virán) o mellor da nosa Galicia universal.

Moitos rapaces dos nosos días, que se criaron sen valorar as cousas, que o tiveron todo por nada, en realidade faltoulles ese plus de dificultades que se precisan para facerse adultos de verdade. Os rapaces precisan retos e os pais, con todo o amor do mundo, estamos empeñados en non querer que sufran coma nós. Pois como adoita dicir o meu fillo Alberto (que entre paréntese direivos que, ademais de ser enxeñeiro de edificación, fala francés, inglés e alemán), non hai gloria sen sufrimento.

E para rematar vouvos contar agora unha última anécdota curiosa: **o día que me perdín en Betanzos.** Tería 3 ou 4 anos, era o Día do San Roque, viñera con meus pais a Betanzos á festa á casa de miña avoa Isabel, na Fonte de Unta, e non tiña ollos suficientes para ver tantas marabillas: as danzas (acórdome de ver bailar ó Cueiro), os xigantes e cabezudos, os escaparates, postos de mil cousas pola rúa e xente por todas partes. De súpeto, horror! Non vexo a miña mamá e empezo a berrar por ela a pleno pulmón. MAMÁAAA, MAMÁAAA...! Arredor de min fíxose un círculo de persoas que me miraban como se eu fose un bicho raro. Ó pouco tempo, que para min foi unha eternidade, apareceu correndo a miña mamá e agarreime a ela con forza, logo entramos na Cabeza do Cabalo e alí un home preguntoume: e logo que pasou oh? E eu díxenlle: **e que non sabía o camiño.**

FOI UN HONOR INMENSO, INCRIBLE!
MONTÍSIMAS *GRACIAS*!



Arume

Teresa Garea
e Alfredo Erias.



Arume

Palabras de María Barral Varela, alcaldesa de Betanzos

Moi boa noite a todos e a todas. Querido Alfredo, exalcaldes de Betanzos, alcalde de Abegondo, comité organizador, amigos e amigas:

Cando se participa nunha homenaxe como esta por xubilación, habitualmente é doado falar do homenaxeado, porque ó longo da súa vida se dedicou a algo en concreto e dedicou a súa vida, a súa alma a levalo a cabo. Comprenderedes que no caso de Alfredo é moi difícil nunha intervención breve recoller todo o que significou e significa para un concello como o de Betanzos cando ó longo de corenta anos se dedicou a tocar tantos e tantos paus: director do Museo das Mariñas, director do Anuario Brigantino, director do Arquivo e da Biblioteca Municipais e ademais pintor, ilustrador, historiador, etc., pero, sobre todo, i é algo que eu quero recalcar, porque de todas esas facetas xa falaron todos, sobre todo persoa, e vou empezar por isto porque me parece o máis importante. Porque de Alfredo, a súa xenerosidade, a súa fidelidade ó Concello e ó servicio público, a súa preocupación demostrada ó longo de tantos e tantos anos, este, escoitádeme ben, este é o seu maior legado e sei que é moito dicir, pero este, asegúrovos, é o seu maior legado e conseguiuno a base de estar sempre, sempre, que o Concello o necesitou, de notar a súa presenza cando as cousas non ían ben e de pasar desapercibido cando todo estaba amañado.

Alfredo será sempre lembrado no Concello pola súa dedicación incansable a Betanzos, por poñer orde ó pasado do noso municipio, da nosa cidade, que se di moi rápido, por tratar de buscar explicacións sobre a nosa orixe, nun Betanzos cheo de historia e dunha historia que marca e debe marcar o noso futuro, por poñer en valor pezas que a moitos e moitas nos pasarían desapercibidas para un Museo que creceu exponencialmente estes anos xunto a el e que hoxe se queda pequeno por mor dese traballo incansable de Alfredo na procura de tesouros, tesouros que hoxe, en gran medida grazas a el, están expostos para quen os queiran visitar, por recopilar traballos científicos e técnicos e resumir a actualidade betanceira nun Anuario Brigantino que hoxe en día é un referente como publicación científica.

Alfredo foi e é, aínda é, ese funcionario que vive permanentemente entre nós, presente, aínda que permaneza encerrado longas etapas no seu despacho do complexo cultural de

Santo Domingo, cun traballo, o seu, dende hai anos, transversal, e do que dependen e parten moitas cuestións que incumben a todos os departamentos municipais. Alfredo é tamén ese traballador que despois de anos e anos de servizo ó Concello, segue tendo a pacencia precisa de saber esperar ese momento oportuno para chamar á porta e seguir mellorando polo ben de Betanzos a Biblioteca, o Museo, facer algunha mostra ou algunha publicación, ou algunha conferencia, etc. Ese traballo que todos e todas coñecedes. É unha parte fundamental na cultura de Betanzos, no seu pasado, no seu presente e estou segura que no seu futuro.



María Barral Varela, alcaldesa de Betanzos. Foto: Arume.

Remato con tres mensaxes. Grazas Alfredo no nome desta Corporación, creo que podo dicir no nome de todas as que nos precederon, no nome do Concello e dos betanceiros e betanceiras, polo teu traballo e dedicación, por todo o que fixeches por Betanzos ó longo dunha vida dedicada ó estudo da nosa historia, como dicía, que debe marcar o noso futuro.

Compráceme e celebro pensar que eses fíos invisibles dos que falache no teu discurso te levasen ata o Concello de Betanzos e que atoparas ese tesouro que é o que ti sabías facer de forma natural, porque de verdade o que resultou ser foi un tesouro para o Concello de Betanzos.

Grazas e deséxoche de corazón que esta nova etapa que vas comenzar nuns días a disfrutes plenamente con saúde, coa túa xente, e desde logo espero que continúes a vir polo Concello onde seguro que te botaremos moitísimo de menos.
Grazas!



Intervención de Antolín Sánchez Presedo. Foto: Arume.



Arume



Alfredo entrega a Juan Ma García Otero a revista *Restauro* encuadernada.



eresa Garea reivindicou a obra pictórica de Alfredo

Arume



José Mª Veiga Alberto López Teresa Garea Alfredo Erias Ermita Rodríguez

Arume



Arume

Os 3 fillos de Alfredo interviñeron: Felipe (con Julie e Isabel) desde Kioto; Alberto (con Ana) e Pablo, no acto. Así mesmo, a familia arxentina tamén mandou unha nota de adhesión e agarimo.



Arume

Intervención do alcalde de Abegondo, José Antonio Santiso Miramontes.



Arume

Esta homenaxe, na que tanto empeño puxo Vicente de la Fuente, foi o escenario da súa última intervención pública, posto que, pouco despois, o 22 de decembro deste 2021, faleceu na súa casa de Betanzos, rodeado pola súa familia.
O seu papel como alcalde de Betanzos (26-09-1979 / 23-05-1983), especialmente no ámbito cultural, será inesquecible.

NORMAS DE PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS DO ANUARIO BRIGANTINO

Tema

O *Anuario Brigantino* é una revista de investigación nos campos da Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Historia da Literatura e Antropoloxía, podendo admitir excepcional- mente outros, segundo o criterio do Comité Científico. O ámbito de investigación primará o marco xeográfico de Betanzos e a súa comarca, sendo extensible ao resto de Galicia. Está editada polo Concello de Betanzos e a súa periodicidade é anual.

Orixinais

Os orixinais deberán ser inéditos. Oportunamente e diante de traballos de especial interese, o Comité Científico poderá contemplar a publicación de traducións, a reedición de traballos raros e/ou antigos, así como edicións corrixidas e/ou aumentadas de traballos publicados fóra da revista.

Formato, lingua e soporte

Os traballos deben enviarse por correo electrónico a anuariobrigantino@betanzos.net. Os textos remitiránse en galego, castelán, portugués ou inglés en calqueira programa de procesador de textos (Word, Open Office e similares) e as fotos en formato JPEG ou TIFF.

Extensión e ilustracións

Unha vez maquetado co estilo propio do *Anuario Brigantino*, aconséllase que o traballo non supere as 25 páxinas, se ben o Comité Científico poderá establecer as excepcións que considere oportunas.

Autor-Autores

Engadirase unha nota biográfica do autor ou autores, que non exceda as 5 liñas maquetadas. Dita nota debe incluír o correo electrónico, a institución onde presten os seus servizos e a labor que desempeñan.

Sumario e *Abstract*

Os orixinais deberán acompañarse dun sumario ou resumo na lingua do traballo e outro (abstract) en inglés, que non deben exceder, cada un, das 10 liñas maquetadas. Ademais haberá que escoller cinco palabras clave que definan o contido do traballo e presentalas no idioma orixinal do traballo e na súa traducción ao inglés.

Texto

Empregarase a cursiva para aquelas palabras que se utilicen como denominacións técnicas ou sexan alleas á lingua na que se redacta o orixinal.

Utilizaranse as comiñas « ... » para as citas textuais breves (inferiores a 50 palabras); as demais irán en parágrafo á parte e sangradas na marxe esquerda sen entrecomiñar. As comiñas simples '' resérvanse para conter significados. As supresións de texto nas citas indicaranse mediante tres puntos entre corchetes [...]. As intervencións do autor nas citas tamén se farán entre corchetes.

Citas bibliográficas

Citas parentéticas complementarias da bibliografía final.

No texto, entre paréntese, sitúase o apelido (ou apelidos, se se considera) do autor ou autores, con minúscula e sen a inicial do nome propio, seguido por coma, espacio e ano de publicación.

Se é preciso, despois de dous puntos, iría o número de páxina (se se sinala a primeira e a última, sepáranse por un guión). Se se trata dunha obra en varios volumes, antepoñerase o número do que corresponda ó da páxina, separados por coma. Se o envío non é a unha páxina senón a unha columna, un documento, etc. incluirase antes da cifra a abreviatura correspondente.

Exemplos: (Miguez, 2000), (García Bellido, 1943: 21), (Pastoureau, 1988: 261-316), (Meijide, 1988: doc. 2, 38).

Cando no mesmo ano hai dúas ou máis publicacións dun mesmo autor ás que hai que referirse, colócase detrás do ano unha letra para identificalas: (Monteagudo, 2000a). Cando se inclúe o nome do autor no texto, entre paréntese ponse só o ano e, se procede, as páxinas. Exemplo: Como indicou Barreiro Fernández (1984: 51)...

Se hai máis dun autor, inclúense todos ata tres, separados por comas, e se hai máis ponse só o primeiro seguido de et al.

Notas ó pé

As notas ao pé aparecerán ao final do texto e non conterán referencias bibliográficas, xa que estas deberan aparecer dentro do propio texto e colocadas entre parénteses. As notas ao pé servirán unicamente para desenvolver de forma somera algunha idea ou aportación que non vaia aparecer no texto do artigo.

Empregaranse as notas ao pé para citar as obras literarias antigas, as notas ao pé e os recursos electrónicos:

Recursos e edicións dixitais

Indicarase a dirección web e a data de consulta entre corchetes.

RICCIONI, Stefano (2008): «Épiconographie de l'art roman en France et en Italie (Bourgogne/Latium). L'art médiéval en tant que discours visuel et la naissance d'un nouveau langage», Bulletin du Centre d'Études Médiévales d'Auxerre, no 12 [http://cem.revues.org/index7132.html. Consulta de 10- 10-2008].

Notas de prensa

Poderán ir como nota ao pé indicando o título da publicación, a data de publicación, o número do exemplar e as páxinas. En caso de contar un título a nota ou a imaxe empregada, deberá ser escrito en cursiva.

Obras literarias antigas

Acolleranse ás referencias abreviadas de uso común, precedidas do nome do autor en maiúscula e do título da obra: SAN ISIDORO, Etimologías, II, 3, 5, entendéndose libro II, capítulo 3, sección 5. No caso de utilizar edicións modernas das mesmas, seguirase o formato da norma antecedente. Os textos bíblicos serán citados así: Éxodo 5, 1-2; Apocalipsis 12, 7. Pódense tamén utilizar as abreviaturas convencionais dos libros: Ex. 5, 1-2; Ap. 12, 7.

Bibliografía final

Monografías e obras colectivas

APELIDO(S), Nome completo (ano): Título en cursiva. Editorial, lugar de edición, [vol./tomo]. De existir varios autores, cada nome e apelido(s) se separarán por punto e coma.

BARNAY, Sylvie (1999): Le ciel sur la terre. Les apparitions de la Vierge au Moyen Âge. Éditions du Cerf, París.

Se se trata dunha obra colectiva citada na súa integridade, indicarase «ed./dir./coord.» entre o nome do compilador e o ano de edición.

CARRERO, Eduardo; RICO, Daniel (eds.) (2004): Catedral y ciudad medieval en la Península Ibérica. Nausícaä, Murcia.

Artigos de revistas

APELIDO(S), Nome completo (ano): «Título». Nome da revista en cursiva, vol./tomo, no, páxinas. YARZA LUACES, Joaquín (1974): «Iconografía de la Crucifixión en la miniatura española, siglos X al XII». Archivo Español de Arte, t. XLVII, no 185, pp. 13-38.

Capítulos de libros e contribucións en actas de congresos

APELIDO(S), Nome completo (ano): «Título». En: APELIDO(S), Nome completo (ed./dir./coord.): Título do libro ou volume de actas en cursiva. Editorial, Lugar de edición, [vol./tomo], páxinas. KENAANKEDAR, Nurith (1974): «The Impact of Eleanor of Aquitaine on the Visual Arts in France». En: AURELL, Martin (dir.): Culture Politique des Plantagenêt. Université de Poitiers-Centre d'Études Supérieures de Civilisation Médievale, Poitiers, pp. 39-60.

Se o autor do capítulo coincide co autor do libro, non se reitera o nome, dándose por sobreentendido. SAUERLANDER, Willibald (1974): «Über die Komposition des Weltgerichts-Tympanons in Autun». En: Romanesque Art. Problems and Monuments. The Pindar Press, Londres, vol. I, pp. 223-267.

Catálogos de exposicións

Título da exposición en cursiva (ano), catálogo da exposición (Lugar, ano). Editorial, Lugar de edición. The Year 1200. A Centennial Exhibition at The Metropolitan Museum of Art (1970), catálogo da exposición (Nueva York, 1970). The Metropolitan Museum of Art, Nueva York.

No caso de citar unha contribución concreta dentro dun catálogo, proceder segundo a norma precedente incluindo os datos precisos da exposición de acordo coa presente norma. CUADRADO, Marta (2001): «Vírgenes abrideras». En: Maravillas de la España Medieval. Tesoro sagrado y monarquía, catálogo da exposición (León, 2000-2001). Junta de Castilla y León, vol. I, pp. 439-442.

Teses doutorais e memorias de investigación inéditas
APELIDO(S), Nome completo (ano): Título da tese en cursiva. Tese doctoral/memoria de investigación inédita, Universidade/centro de investigación.
PÉREZ HIGUERA, María Teresa (1974): Escultura gótica toledana. La catedral de Toledo (siglos XIII- XIV). Tesis doctoral inédita, Universidad Complutense de Madrid.

Edicións de fontes e obras literarias
NOME E APELIDO(S) (ano): Título en cursiva. Edición de APELIDOS, Nome (ano da edición moderna): Título da edición en cursiva. Editorial, Lugar de edición, [volume/tomo].
JOHANNES GERSON (1363-1429): Opera Omnia. Edición de DU PIN, Louis Ellies (1987): Johannes Gerson. Opera Omnia. George Olms Verlag, Hildesheim, vol. III.
Se non se pode precisar a data exacta da fonte orixinal, indicarase o século, e se tampouco fose posible indicar isto, deixarase en branco indicando ó final a data da edición moderna.

Ilustracións
As imaxes incluídas serán fotografías ou deseños libres de dereitos. En caso de reproducir imaxes xa publicadas, deberá citarse debidamente a fonte orixinal. No caso de imaxes tomadas de Internet, especificarase a dirección web e a data de captura. En todo caso, o autor do traballo será o responsable de calquera posible vulneración de dereitos. O envío das imaxes debe facerse en formato JPG ou TIFF, cunha calidade mínima que permita a súa edición e maquetación. De non ser así, poderá ser descartada. De existir un lugar determinado dentro do texto para a colocación das imaxes, debe ser indicado cunha numeración correlativa (Imaxe 1, Imaxe 2, etc.) para facilitar o traballo de edición posterior. Cada foto deberá ir acompañada dun texto para o pé de foto no que se citará a información do seguinte xeito: APELIDOS, Nome (Ano). Título ou descrición da fotografía en cursiva. Medidas, fondo.
Fig. 14. FERRER (ca.1890). Vendedoras na rúa da Porta da Vila. Arquivo Municipal de Betanzos.
Se se trata da reprodución dalgunha obra de arte o sistema será similar:
APELIDOS, Nome (Ano). Título da obra en cursiva. Material e medidas se se coñecen. Fondo do que procede.
Fig. 15. LÓPEZ CRESPO, J. (1903). José Ildefonso Portal Montenegro. Museo das Mariñas.

Dereitos
Os autores serán sempre os responsables legais dos seus textos. Non se poderá esixir ningún tipo de remuneración económica nin a publicación do traballo supón ningún tipo de relación contractual co Concello de Betanzos.

Revisión
Será decisión do Comité Científico a publicación definitiva de cada traballo, tratando sempre de corrixir xunto co autor todos aqueles erros que sexan advertidos.
Os artigos de investigación estarán avaliados por dous expertos no tema, revisando o traballo de forma anónima seguindo o sistema de doble cego e emitindo un informe no que se valorará a pertinencia da súa publicación.
A revista comprométese a adoptar unha decisión sobre a publicación de orixinais nun prazo de seis meses, reservándose o dereito de publicación nun prazo de dous anos, dependendo sempre das necesidades da revista.
O *Anuario Brigantino* contactará cos avaliadores aos que lles remitirá unha copia do texto sen indicio directo da identidade do autor e un modelo de informe no que se poida avaliar o contido do artigo, os aspectos formais, a calidade do texto, a clasificación tipolóxica no que deberemos encadralo e un veredicto no que se aconselle ou non a súa publicación ou a súa corrección. Estes datos poden ser enviados ao autor, tamén de forma anónima para o seu coñecemento e para favorecer as eventuais modificacións.

Corrección
Casa dos Espellos conta cun Comité de Redacción que revisará todos os textos e poderá propoñer modificacións nos mesmos aos autores, que disporán dun prazo máximo de dúas semanas para solventar os erros indicados. Non se permitirán cambios sustanciais do texto entregado.



ESTE ANUARIO BRIGANTINO 2021, N.º 44
REMATOUSE DE IMPRENTAR
NO PRELO DE LUGAMI EN
BETANZOS EN
DECEMBRO
DE 2022